CEIP DE BUEU

# O CANDIL

Febreiro 2001 Nº 24








# 100 ANOS DE ENTROIDO EN BUEU

O Entroido de Bueu, festeiro e buleiro, atópase na tradición dos vascalleiros e "mascaritas" que ó longo dos tempos percorrían canexas e corredoiras. A tradición do Entroido oficial estaba representado nos bailes do Casino e Sociedade Recreativa, máis tarde acompañados polas grandes veladas da Sala Paraíso; nas rúas, dun xeito populista como hoxe o coñecemos, xurdiu na década dos oitenta.

Para desvelar un pouco máis este mundo trouleiro e criticón achegámonos cun novo número da revista O Candil. Queremos que moitas das pezas que andaban dispersadas polas mans das xentes preocupadas por gardar os aconteceres do seu pobo vexan a luz xuntas e nos permita ser completadas ó longo dos anos. Está entre as nosas intencións que, a través das letras e costumes do Entroido, coñezamos un pouco máis a historia do noso contorno.

Dadas as dificultades que tivemos no manexo da información é posible que falte algunhas comparsa ou alguén que pode ser representativo do Entroido en Bueu. De ser así pregamos nos desculpen e nolo fagan saber que en futuras edicións emendaremos os erros.

Coma sempre estamos a débito cos amigos que nos brindan de xeito desinteresado as súas experiencias e os seus "papeis"; a todos eles o noso recoñecemento e gratitude; aínda que son moitos os que de forma directa ou indirecta nos axudaron quixera, co permiso dos non citados, nomear a . José Mª Estevez, José Seijas, Manuel Aldao, José Manuel Dopazo, Luís Ríos, Francisco Agulla, Carmen González, Álvaro Agulla, José Manuel López, Manuel Omil, Antonio Pereira, Celso Dopazo, MªCarmen Estévez, Belarmino, Chapela, José Ramón, Lito, Eladio, etc.

***"Sociedade transgredida pola festa:***
***canta e minte con voz de mascarada***
***en días que gadañas o poder***
***e a utopía en ti se manifesta".***

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás

Colaboran: Equipo de Normalización Lingüística
Benito Fernández Alonso
X. Manuel Cerviño, Xosé L. Fdez. Aldegunde

Patrocina: Dirección Xeral de Política Lingüística

Dep. Legal: PO-2-96

ISSN : 1137-1994

# Pequena historia do Entroido

O Entroido ou Antroido é unha festa popular que dende a antigüidade serve como esquecemento do cru inverno e de entrada (*introito*) alegre á primavera. Dependendo dos acontecementos astronómicos coincide cos meses de febreiro ou marzo.

A orixe destas festas non está moi clara máis os etnógrafos, en base ás semellanzas con outras, fana coincidir como vestixio de certas celebracións pagás da prehistoria, as Saturnais, Calendas de xaneiro-marzo, de Carene, etc. dos romanos ou as Dionisíacas dos gregos. Pero a pegada do Entroido que hoxe coñecemos tena desde a Idade Media, pese o seu contido pagán, nos rituais cristiás. Non hai dúbida que co cristianismo o entroido evolucionou cara a darlle un sentido máis crítico: os señores, os caciques, ós políticos,... que fixo que estes foran uns días onde a transgresión da realidade é consubstancial coa festa. As licencias do Entroido serven como válvula de escape das frustracións e tensións sociais que ata non hai moito mirábase como unha liberación e preparación para un tempo de penitencia e oración: a Coresma. O rol ou papel que cada participante no entroido toma é único, aínda estando inmerso nun conxunto máis amplo, pois a interpretación dende o caparuza que representa o disfrace é espontánea, adaptándose en cada momento ós interlocutores ou situación concreta. A mesma voz enmascárase para axeitarse á personaxe que se parodia.

É a partir do século XVIII cando comeza o Entroido a estar influído polos "Carnavais" das colonias de Sudamérica ou de cidades andaluzas como Cádiz. Os elementos imitados son os bailes de disfraces, os desfiles polas rúas, as comparsas,... As murgas e comparsas son as que lle poñen voz ó Entroido letras críticas coa realidade son espalladas polas súas gorxas infatigables na compaña de ritmos desenfadados.

A pesares de todo aínda quedan lugares na xeografía galega onde a tradición mantense viva como os "peliqueiros e cigarróns" de Laza e Verín; os "xenerais" da zona de Boqueixón, Vedra, A Estrada, etc.; as "pantallas" de Xinzo de Limia; os "foliós" de Viana do Bolo, as "madamas" e os "galáns" de San Adrián de Cobres (Vilaboa) e tantas outras.

# *O enterro da sardiña, do Paxaro de Mal Agoiro...*

Para finaliza-lo Entroido en case que tódolos pobos o Mércores de Cinza celébrase, na costa, o Enterro da Sardiña, e nos pobos do interior o do Momo; mais nas capitais e pobos máis grandes adoitan ter ó longo do tempo outros nomes coma o loro Rovachol en Pontevedra, Mexillón en Aldán, etc... En Bueu, xa desde o ano 1898, hai constancia do «enterro da sardiña», que rematou co responso fronte a praia de Pescadoira.

Do «enterro da sardiña» de 1910 temos coñecemento dalgún dos seus compoñentes como José García Parada[1], José López Díaz, etc,. así como da descrición da comitiva: Pola noite saíu, percorrendo o pobo, o cortexo fúnebre no que ía o cadaleito da «sardiña» nunha grande carroza flanqueada por persoas con fachos. Chegado á Praia baixaron á defunta nunha «paviola» ata a pira funeraria onde deron solemne lectura o seu Testamento e demais letanías:

Fray xurelo está de luto
la sardina se murió
quedan unas cuantas xoubas
para nuestra salvación.
Al llegar a los infiernos
la recibirán muy bien
y con garfios bien calientes
le achicharrarán la piel.
Los chillidos que allí dé
se oirán aquí en Bueu
y todas las viejas chochas
llorarán juntas por él.
Pobrecito ratoncito
que triste suerte llevó
gori, gori, gori, gori
a enterrarla y se acabó.
La sardina ya está muerta
la vamos a a enterrar hoy
la llevarán los demonios
transfigurada en ratón.

Dende o ano 1987 a celebración remate das festas, o domingo de Piñata, faise co Enterro do Paxaro de Mal Agoiro actividade organizada pola asociación de comerciantes de Bueu ACIBU[2].




Os "enterros" teñen en común que é un desfile a modo de procesión-cortexo fúnebre-festeiro onde a burla e a crítica político-relixiosa faise dono das rúas. No caso concreto de Bueu é máis un desfile á "brasileira" onde diversas comparsas, charangas, "mascaritas" e grupos engalanados exhiben as súas músicas, letras, bailes e disfraces. Pechando este longo desfile aparece a figura do Paxaro do Mal Agoiro na compaña das choronas e toda a parafernalia oficial do Enterro.

Ó remate do desfile é onde, co sermón, previo á queima do Paxaro, se recupera a esencia da tradición coa lectura das letanías ou do testamento do Paxaro.

---

[1] Irmán de Agustín, que ese ano sería alcalde de Bueu. El mesmo foi alcalde nos anos 1918-20

[2] Sinala-la maxistral os magnídicas ilustracións e viñetas de Isidro Cortizo del Río.

Exemplo dun cartel anunciador do Enterro do Paxaro de Mal Agoiro.



No noso Colexio ó longo dos anos noventa recuperáramos estes actos onde publicamente se facía, no patio escolar, un xuízo público ó Polbo Vascalleiro parte do cal, a modo de exemplo, reproducimos a continuación:

XUÍZO do POLBO VASCALLEIRO - 95

Rapaces e rapazas, mestres e mestras, tódolos os aquí presentes, envoltos neste ambiente de troula e vascalleiros, monicreques e antroidos. Nesta mañá de febreiro, de Antroidada e choqueleo, de dille que dille, de mira que mira, de tanto me dá, de tanto me ten, estamos aquí para face-lo último xuízo ó Antroido, que este ano volveu á vida en forma de polbo.

Outro ano máis vimos a troulear nesta festa argalleira e rebuldeira, onde as máis aqueladas enseñoritadas, enchen o bandullo. O Polbo Vascalleiro chega bendicido e recuperado pola súa peregrinase a que foi condenado para a súa reciclaxe, e chega aquelado e ben aqueloutrado, preparado para outro como era de saber.

Fillos todos deste pobo, ante vós tendes a este suculento molusco víctima das máis aqueloutradas inxustizas e calumnias das bocas dos homes, macicado por uns para comida dos outros, para pracer das feiras e tamén das nosas festas.

Polbo envexado, escorregadizo e malpocado, desfeito en anacos para os bandullos das empanadas e demais buratos, manxar de "madrileños", estranxeiros e turistas, negociado e cobizado polos xaponeses.

Polbo enmeigado, polbo famento, pan dos pobres no seu tempo.

Polbo naseiro, con moito sentimento e para honra-lo teu sufrimento imos proceder ó teu xusto xuízo e condenamento.

1º... Acusámoste Antroido ruín polos aprobados que non vin.

(Coro) - CULPABLE

2º... Acusamos a este polbo ruín e vascalleiro, das guerras e discordias no mundo enteiro.

(Coro) - CULPABLE

3º... Acusámoste Antroido esfameado de que quen non estudiou vai de lado.

(Coro) - CULPABLE

4º... Acusámoste dos nosos angurentos problemas, por ter clase todo o día en lugar de ter tódolos días informática.

(Coro) - CULPABLE

5º.. Acusámoste, polbo noxento, de non ter xornada continuada e de ter que ir todos á escola a bota-la sonada.

(Coro) - CULPABLE

6º.. Acusamos a este Antroido vascallo, de non ter excursións todo o ano e dos apuros que temos pasado.

(Coro) - CULPABLE

7º.. Acusámoste Antroido polbeiro de non ter rematado o paseo da Banda do Río enteiro

(Coro) - CULPABLE

8º.. Acusámoste Antroido esfameado, por sermos uns incomprendidos dos mestres e de todo ser vivo.

(Coro) - CULPABLE

9º.. Acusámoste por enriba de todo de se-lo culpable de tanta argalla e diversión que chega a espouta-lo corazón.

(Coro) - CULPABLE

10º.. Acusámoste polbo brincadeiro e riseiro de sére-lo causante do desinterese gobernamental por non velar pola Paz Mundial...

(e así ata 16 letanías)

Este ilustre xurado vistos e comprobados tódolos cargos vertidos contra este Antroido Vascalleiro, unha vez examinados con todo rigor procede a efectua-lo condenamento.

XUÍZ..... ¿Que lle facemos a este polbo, pai dos nosos males? ¿Que lle facemos a este troulan e vascalleiro que nos tocou por Antroido?

ALUMNOS TODOS..... ¡Condenémolo - condenémolo!

XUÍZ..... Condenamos aquí e agora, tendo a este público por testemuña das nosas fazañas, a que este POLBO VASCALLEIRO sexa RECICLADO e así o ano vindeiro non veñas con estes fumes e poidas se-la fada do colexio enteiro.

¡RECICLAXE XA!

PREGÓN DO POLBO VASCALLEIRO



Benqueridos compañeiros, benqueridos e ben amados todos, rapaces e rapaciñas, mimiños e meniñas, benquerida rapazada:

Neste ambiente de aquelada e aqueloutrada foliada, onde o rebulir de todos nós faise sentir nestes días bandullentos de filloas e orellas, de chulas e torradas.

Sabendo colle-lo camiño da ledicia e da paz como DIVERSIÓN invitámosvos á troula, ó xoldra e á farándula, neste patio para a ocasión, e todos xuntos en boa disposición con carautas, antefaces, vasoiras, diaños, fadas, dráculas, damas, piratas, meigas, curuxas e bruxas, macacos e monicreques.

Con estas e con outras e coas de máis alá e coas de acolá.

Damos xa comezo a esta función que vos brindamos, tan desexada polos nenos algareiros e polo Polbo Vascalleiro.

Queda pois, pois non faltaría máis, inaugurada e bendicida e permitida a Antroidada 95, deste colexio.

¡VIVA A FESTA! ¡VIVA O ANTROIDO!

**PECHE**

E xa por este ano damos remate a esta festa de troulada, tan aquelada e tan sonada e non menos esperada, pois chegamos así ó final da troula, de festa e algarabía. E en espera de que un ano máis servise para sermos todos máis felices e solidarios e para que as risas chegasen de orella a orella e para saber compartir a amizade neste ambiente de choqueleo, de dille que dille, de tanto me dá, de tanto me ten esquecéndonos dos nosos malos pesares notas-exames-noivos-mestres-berros.

Pregámosvos que saibades levar sempre no voso corazón a alegría e nos beizos un sorriso para contribuír a mellora-la paz e a fomenta-la harmonía.

Que o vindeiro ano volvades a estar neste patio coas vosas trouladas tan aqueladas.

¡GRACIAS E QUE VIVA A TROULA!

¡QUE VIVA O ENTROIDO!

# *Un século de Entroido na vila de Bueu*

As referencias anteriores o século XX son a penas dúas pinceladas que D. José Mª Estevez menciona no seu libro 'Recoñecer Bueu' e que resume en cita-la comparsa "**LOS CRITICONES**". Característica da mencionada comparsa cítase que estaba composta por homes casados. Coma director tiña ó Sr. Corbal, natural de Marín e entre os compoñentes estaban: Juan García, xastre das Meáns; Juan Cerviño, soldador e alguacil; Manuel Santos Varela "Charreche"; José Gutiérrez, Agustín Gelpí, soldador; Salvador Gelpí.... A música pertencía á opereta «Agua, azucarillos y aguardiente». No mesmo libro móstrase un fragmento da letriña:

«Mucha atención señores, que va a empezar
somos todos muy viejos para cantar
la letrilla es tan mala, válgame Dios,
aquí nadie se entiende, menos la voz.
Andamos de parranda Los Criticones
por ver a las muchachas a los balcones
y hallar sus ojuelos tan retrecheros
a la luz de los candiles y los mecheros...
Se ha recibido de la Marina
por Real Orden para esta villa
un Manicomio piensan fundar
si esto es cierto, qué bien está.
Hay aquí un alumbrado
qué deslumbra al que lo vé
unas fuentes que en vez de agua
pues dan colonia, ron y café».

ANO 1900

Dúas son as referencias ó Entroido en Bueu do ano 1900 saídas na prensa provincial: Unha falando dunha comparsa infantil dirixida polo músico Miguel Paratcha e outra a da preparación da comparsa "**LA JUVENTUD DE BUEU**" que dirixía José Estevez (da Graña) que lle puxo música á letra do mestre Ramón Bares Fariña. Tamén se fai unha breve descrición dos traxes que lucirán ("de paxes da época de Felipe V") así como o xastre que os confeccionou (Remigio Gómez, da cidade de Vigo).




**Comparsa "La Juventud de Bueu"**

ANO 1904

É neste ano cando na prensa local "La Voz de Bueu" (28-2-1904 páx. 2) se fai referencia a unha das comparsas que saíron nese entroido, concretamente de «**LOS VIZCAÍNOS**» de Beluso, que tiñan coma presidente a Pedro Pastoriza e estaba dirixida por José Costas "Bichoco". Ó remate da Coresma seguían como rondalla baixo a dirección do mestre Alejandro Carballo. Hai constancia de que celebraron un baile de Pascua baixo a presidencia de Ifigenia Davila. Dos cincuenta compoñentes dos que hai constancia son Prisciliano Piñeiro e á bandurra: Gumersindo Meira Galup, Juan Davila e Manuel Pastoriza; laúde Camilo Davila; guitarras: A. Davila Pastoriza, Manuel Fariña e Antonio Davila.

As rúas de Bueu e Vigo, pois alí acudiron todas, enchéronse cos sons doutras dúas comparsas: **LOS ARAGONESES** e **LOS JUGLARES**.

Son **LOS ARAGONESES** os que máis transcenderon pois a súa presidenta era a mestra Matilde Bares Giráldez e non só coidaban a estética da vestimenta ou da letra, senón que tiñan unhas voces depuradas xa que aínda que os ensaiaba a diario Francisco Paz (mecánico de Massó), era o Sr. señor Cetina, director da banda do Reximento de Murcia en Vigo, a sazón, autor de la música, o que os perfilaba e dirixía.



**Los Aragoneses coa súa presidenta, Matilde Bares, baixo a bandeira, bordada en ouro, que ela mesmo lle regalara.**

Parte das súas letras recollidas por José Mª Estévez:

«Venimos, niñas, desde Aragón
para ofreceros el corazón
a los impulsos de la pasión
te doy mi vida, te doy mi amor
y mortifico mi corazón
a los impulsos de la pasión
os ofrecemos el corazón
La Pilarica nos dijo
que era la mujer gallega
salada como el arenque
y dulce como la crema».

No salón O Paraíso, da Graña, José Estevez ensaiou á numerosa comparsa (eran máis de medio cento) **LOS JUGLARES** das que se recolleitou a seguinte estrofa:



«Al partir en la lancha pescado
de tu amor el recuerdo no más
da valor a tu amante que adora
si la tormenta nos alcanza
esperemos la bonanza
playa hermosa y encantadora
al contemplar tu belleza
la madre naturaleza
parece que dice: amas
por eso lindas buenensas
hoy estos carnavales disfrazados de juglares
os brinda amor un juglar».

Desconocemos o nome da murga pero si nos quedou a letra (e música) do seu director, Pepe Estévez, que cantaban na "Taberna da Charanguiña" (Logo de Pancho) da Graña:

Tenemos aquí en la Graña
un lavadero especial,
tiene techo alumbrado
y calefacción central.
Como la luz ya no alumbra
cierta joven confundió,
los calzoncillos del novio
que para casa llevó.
Estribillo
Que triste mique juque juque
juque juqueje
este es el baile chipé que se
baila superior.

Tenemos en la Graña un
Paraiso ideal
como en una gran ciudad,
allí corre por el suelo
el jerez y el coñac.
También tiene bailarina
que se llama la "Lulú",
y también tiene su novio
que es el señor Clarifú.

Ou esta outra

¿Cando salimos de Meiro
no era ningún gato en fol
riquitrin, bicos e abrazos
e Choniño co farol?
¡Isto non pasa na Graña,
nin tampouco na Pedreira,
pásalle a xente da Broca
amiga da Pisalleira!
(Broca=Parafuses)

**ANO 1905 - 1912**

As referencias que do Entroido en Bueu, e das súas comparsas, que ó longo destes sete anos temos circunscríbense a algúns números soltos, ou referencias, do xornal La Voz de Bueu e ás notas tomadas por D. José Mª Estevez.

No 1905, catro son as comparsas que saíron por Bueu e a veciña parroquia de Beluso:

**LOS TRES CIEGOS**, formada por tres mozos moi coñecidos que imitando ós cegos que con coplas ían polos pobos, ó mercado ou ás romarías, explicando noticias case que sempre luctuosas.



**LOS TROVADORES**, de Beluso. Moitos dos seus compoñentes pertencían o ano anterior á comparsa "Los vizcainos"; de director continuaba Pedro Pastoriza, aínda que ás veces ensaiábaos José Estevez, da Graña.

**LOS CUATRO CONCERTISTAS,**. Comparsa composta por guitarras e bandurras.

Descríbese que no mesmo día que saíron houbo un coche que paseou a un grupo de mascaras polas rúas do Príncipe e Praia (actual Montero Ríos), tirando confeti e serpentinas.

Nese mesmo ano un grupo, dirixido por Enrique Paz, chamouse **LOS GUARDIAS MUNICIPALES**. Mencionase que o local de ensaios, sito na praia, pertencía a Antonio Domínguez e que deron un baile no mesmo local.

**LOS GITANOS**, comparsa que saíu en 1906. Seguramente é o mesmo coro que, dirixido po José Estevez, saíu polas rúas tal como menciona La Voz de Bueu do día 25 de febreiro dese ano.

Xa no 1907 aparecen **LOS ESPECIALISTAS** con cancións dedicadas a unha moza recen chegada da Arxentina a pasar unha tempada co seu tío Miguel Nogueira Fraguas[3] que estaba casado en segundas nupcias con Manuela López Miranda. Sinalar que Francisco Nogueira, irmán de Miguel, legará os bens que posuía en Bueu e 30.000 pesos arxentinos máis (2.250.000 ptas da época) para fundar unha Escola de Artes e Oficios, coa condición de que esta levara o nome da súa nai. Por diversos motivos só se mercou para tal fin a finca 'Nespereira', no Ramal dos Galos, onde está emprazada a casa de Cultura e parque, e da escola nunca máis se soubo.

[3] Alcalde de Bueu nos períodos 1894-1895, 1897-1902, 1912-1914 e 1920-1923.

Desde 1908 a 1912 hai constancia de murgas e comparsas pero non dos seus nomes nin das súas letras, coa excepción de"Los Profetas". É José Mª Estevez quen no seu libro "Reconocer Bueu" apunta algúns aspectos relacionados con estas:

"1908.—Murga con coplas censurando a actuación dunha persoa que chegara a Bueu, formando aquí familia. E apareceu outra máis «meténdose» con certo señor que viñera a exercer algún cargo. (¿Algún cobrador de arbitrios municipais?).

1911.—Unha comparsa-murga, na que na letras das coplas facíase alusión ó proceder dun capataz conserveiro, que maltratara de obra ó soldador Juan Cestay.

Según nos han enterado
a un obrero soldador
un imbécil encargado
de obra lo maltrató
Sería muy conveniente
dar alguna corrección
por acto tan insolente
y falta de educación.
Tenemos hoy la ocasión
para decir la verdad
presentando a un gran señor
ante la gran sociedad.
Si esto ahora se consiente
otra vez lo hará peor.

1912. **LOS PROFETAS**, unha boa agrupación organizada pola Sociedade Recreo de Artesáns e é lástima no posuír as súas coplas, pois temos entendido que foi un bo conxunto. Saíu outras nesta data, pero non sabemos o seu nome. Soamente algo do que cantaban:

«Muy alegres y contentos damos mil gracias a Dios
porque se va el señorito, destinado a Badajoz
con nombramiento de alcalde y médico militar.
Y será gobernador en aquella capital.
Así lo dice el mentecato, con los colitos del priorato
Qué será el pobre, válgame Dios, un limpiabotas en Badajoz...»

ANO 1913

A mellor maneira de describi-lo Entroido no 1913 é a través da prensa de época que, cal "notarios do momento", transcriben a realidade diaria co filtro dos sentimentos e da pluma con tinta un pouco recargada para o pragmatismo actual.

Polo que a descrición das comparsas "**LOS DE ANTES**" que preparaba Miguel Paratcha e "**LA BANDA ESPAÑOLA**" poderedes seguila ó través do EL ADELANTO nos seu nº14 do 9 de febreiro de 1913 que textualmente, aínda que traducido ó galego, di:

"*O ENTROIDO EN BUEU*

*Ninguén sería capaz de asegurar, nin a apostar un céntimo se atrevería, que despois dun sábado turbulento completamente desbrido, frío tristón chuvioso, de pleno vendaval, de inverno cru, viría un domingo primaveral case de verán, claro, de luz refulxente de sol, brindando ó pracer e á ledicia, deixouno aproveitar un pouco do que queda destas festas de carnestolendas, que paulatinamente van languidecendo.*

*Sempre cremos que as comparsas que con tanta ansia como gusto e entusiasmo ensaiaban e se preparaban para saír á rúa, terían que deixar a súa xentileza, o seu garbo, a súa gracia e o seu donaire para mellor ocasión... para outro ano, pero a Natureza voluble, caprichosa, tornada como melindrosa gacela, deu de súpeto un cambio e de chorosa, húmida, necia pegañosa e estoxadiza, volvese alegre xuvenil, risoña, pracenteira e con esa transformación trouxo a ledicia e o contento ás simpáticas comparsas que de gozo brincan.*

***"LOS DE ANTES"***

*O domingo cedo vimos pasa-la comparsa de Bueu chamada "LOS DE ANTES" , que sen formación, en grupos dirixíanse á casa do seu presidente honorario o noso querido amigo D. Ventura García, a busca-la súa bandeira e saír a saudar autoridades e pobo.*

*Obsequioumos na súa casa o noso amigo con xerez e doces e dirixiulles frases de alento para dar inicio á xornada, a súa vez os comparsistas obsequiárona o seu presidente coas súas fermosas cancións, e xa na rúa, ergueita a bandeira azul e rosa, emblema apropiado do amor e celos, que en fermosa barcarola dedican ás belas buenenses, lánzase arrogante ó continente, dominadora a mirada, á conquista, dando principio á súa* tournée*, dirixíndose ó son de fermosos pasodobres a saudar ás autoridades.*

*Recibiunos no Concello o concelleiro D. Ventura García que, por delegación actuaba de alcalde, saudándoos en nome da corporación facéndolles entrega de 25 pesetas en nome da mesma, despois de canta-la comparsa todo o seu repertorio.*

*Foron seguidamente á Axudantía e cantaron diante da administración do noso Xornal, atención que se agradece. Non somos críticos musicais e só dicimos que toda a música foi do noso agrado, merecendo entusiastas aplausos o noso bo amigo o Sr. Paratcha polo seu gusto e demais condicións artísticas. En canto á letra, ten as súas picardías, porque senón non tería gracia e di moitas verdades para os que queiran comprendédelas. Entresacamos algunhas estrofas das de máis enxunlla (sen traducilas):*

En el nuevo presupuesto
Los arbitrios municipales
Está muy cara la tarifa
De las plazas y rodajes
Que los pobres marineros
Hoy tenemos que pagar
Dos pesetas por barril
De raba para pescar.
-----
Dicen que en este pueblo
Se va hacer una alameda
A la orilla del mar
Por el medio de la arena.
-----
Hay un señor en el pueblo
Que tiene interés verdad
Que la comparsa no salga
A la calle en carnaval.
-----
Déjese usted de esas cosas
No forme usted ilusiones
Porque tiene en su cabeza
Muchísimos gorriones.
-----
Aquí estamos Los de antes
Muy cansados de pedir
Un muelle para Bueu
Sin poderlo conseguir.
-----
Marín ten obras de puerto
Sanxexo vaille igualando
Moaña e Cangas tamén
Bueu atrás vay quedando.

*Pola tarde estivo esta comparsa no Liceo-Casino onde cantou todo o repertorio sendo moi aplaudidos e agasallados pola xunta, que obsequiounos con doces e xerez e un donativo de 20 pesetas, ademais o presidente do Liceo dedicoulles unhas frases de alento, simpatía e cariño felicitándolles pola elección de presidente honorario e desexándolles moitos triunfos e bolsa repleta.*

*Despois estiveron no Recreo Artístico, dedicando o resto da tarde a saudar a caracterizados veciños, recollendo aplausos en tódalas partes.*

*Pola noite a comparsa dividiuse en dúas para asistir por metade ós dou bailes que pola súa conta se celebran un en Pescadoira e outro na Graña, que estiveron moi concorridos e remataron arredor das dúas. Á comparsa acompañábaa unha sección de música moi afinada e que compartía os aplausos ós cantores prodigados e que tocou nos bailes.*

*O luns saíu a comparsa para Marín nun vaporciño e o martes volveu a percorrer este pobo e a fermosa parroquia de Beluso á que aínda non habían ido.*

*Ós aplausos da multitude XUNTAMOS ós nosos sinceros e que con gusto tributamos á comparsa Los de antes.*

***"La Banda Española"***

*Outra comparsa nobilísima Foi a de "**La Banda Española**", organizada na próxima parroquia de Beluso.*

*Formaban esta agrupación moi ben presentada, varios xoves da pintoresca parroquia veciña, dirixidos polo noso estimado amigo D. Francisco Paz Ramos.*

*O seu disfrace compoñíase dunha artística combinación de cores da nosa bandeira.*

*Precedidos por unha afinada orquestra e levando ó fronte unha fermosa bandeira de seda, primorosamente pintada, regalo da súa belísima presidenta a simpática Srta. Marina Davila, recorreu nas primeiras horas da tarde do domingo as nosas rúas.*

*Saudou primeiramente ás autoridades, ó EL ADELANTO e as sociedades de recreo, e en tódolos sitios foi esplendidamente agasallada. Cantou con admirable afinación as bonitas pezas do seu repertorio, agradando sobremaneira as intencionadas e alusivas composicións.*

*Nós agradecemos tamén as cariñosas frases de afecto que ó xornal dedicaron.*

*O luns deixaron oír a súa música alegre e retozona na parroquia de Aldán, regresando ó serán moi satisfeitos da súa excursión e durante a mañá do martes solazaron ós veciños saudándolles cos seus alegres cantos.*

*Polo serán de novo tivemos a satisfacción de oílos en Bueu, cautivandonos a súa afinación sen que se notase en eles desmaio nin cansazo, que sería moi natural despois destes días que deberon ser de verdadeira proba para estes animosos xoves, a quen alentamos que non desmaien no seus entusiasmos e poidamos aplaudilos novamente en anos sucesivos.*

*Felicitámoslles igualmente polo bo acerto que demostraron ó elixir como Presidenta á bela Srta. de Davila, xusta e merecida distinción que nos compracemos en recoñecer, aínda a cambio de ferir a súa modestia. Dadas a súas relevantes dotes e as belas calidades que a adornan, foi un verdadeiro acerto a súa elección, pois sóbranlle merecementos para que desde o elevado sitial recibise tódalas homenaxes das que foi obxecto.*

*Nas primeiras horas da mañá do domingo, ó organizarse a comparsa, foron á casa da presidenta a recoller o prezado trofeo e lle fixeron obxecto dunha cariñosa ovación e cantaron un precioso valse dedicado a ela.*

*En breves e galanas frases o Director fixo a presentación de toda a comparsa, entregándolle un elegante e valioso tarxetón co valse que acababan de cantar e unha expresiva dedicatoria firmada por tódolos xoves e pechado nun artístico marco, en testemuño de gratitude.*

*Adiantouse a xentil presidenta a darlles a belísima bandeira, dirixíndolles a palabra en estes termos:*

*"Ó entregarvos a gloriosa ensina, símbolo da Patria amada que a todos nos acolle, como venerada nai, debo manifestarvos que baixo ela debédevos todos agruparvos sen abandonala nunca, ela presidirá os vosos actos, guiará os vosos pasos e fará que retornedes satisfeitos. Este é o meu desexo fervente.*

*Douvos a máis expresivas gracias polo inmerecido honor que me dispensastes ó facerme a vosa Presidenta. Esta distinción que repito, non merezo, agradezcovola en canto vale e me obriga a desexarvos tódalas felicidades que eu ansío para min e estou segura que a vosa organización e a vosas delicadas estrofas cantadas con exquisito gusto e admirable afinación faranvos recoller loureiros mil nas vosas excursións e teredes un lugar preferente en tódolos sitios, acredor os vosos merecementos.*

*Estes son os meus anhelos e fago votos para que meus vaticinios se cumpran e ó voso regreso xa me daredes conta de se os meus desexos se cumpriron.*

*Non ben houbo rematado, atronadores aplausos premiaron esta saudación e os vivas se sucederon durante longo rato á Presidenta e á comparsa.*

*Seguidamente foron esplendidamente obsequiados os animosos xoves da comparsa con pastas e licores.*

*O luns e martes foron sempre a primeira hora a saudar á Presidenta, cambiándose breves palabras de saudación. O martes xa de regreso de Bueu, por última vez foron a cantar e darlle conta á súa Presidenta das laudatorias frases recollidas nas súas excursións, merecendo especial atención a entusiasta acollida que o Liceo Casino lles fixo e a alocución con que o Presidente de dita Sociedade lles animou con frases cariñosas. "A vos numerosa e vistosa comparsa- lles dixo- merece os nosos plácets e eloxios polo seu gusto e afinación exquisitos, os desexamos e non dubidamos pasearedes victoriosos a vosa fermosa bandeira, divirtíndovos e facendo gran caudal, e cando cheguedes ó termo feliz da excursión, ó dar cona dela á vosa xentil Presidenta, poidades decirlle con orgullo que ela foi a Fada da vosa fortuna.*

*Cambiáronse os últimos saúdos de despedida, que por falta de espacio omitimos, retirándose cada cal os seus cuarteis.*

*A bandeira quedará como prezado trofeo, adornando o elegante salón da sociedade, onde se celebraron os bailes.*

*Como ten moita miga, damos a continuación algunhas estrofas das que cantaron:*

Al extremo de una calle
la más central de esta villa
hay una hermosa columna
toda de hierro fundida.

Es tan fuerte y elegante
que más de cuatro infelices
contra ella muchas veces
se dejaron las narices.

---------

Se hizo un famoso proyecto
para hacer una alameda
con deliciosos jardines
rodeados de palmeras.

Quiera Dios que se ralice
y no sea un sueño más
como las obras de puerto
que aun están por empezar.

---------

Adelante las reformas
que el pueblo desea tanto
adelante todo aquello
que signifique adelanto.

Y adelante los que escriben
el periódico local
que adelantando se avanza
hacia la prosperidad.

ANO 1916

Dos anos 1914-15 non atopamos referencias dos seus Entroidos. Mais será o 1916 o primeiro ano do que temos referencia de, alomenos, tódalas letras impresas dunha comparsa. A comparsa chamábase **LOS ESPÍAS NOCTURNOS**.

Nota: Transcribímo-la letra tal cal está no díptico respectando ata as faltas ortográficas.

## *Pasacalle*

Somos espías nocturnos
Y todo la noché andamos
Dé espionaje en el pueblo
Muchos casos observamos.

En el día de San Blas
O sea el 3 de febrero
Reunidos varios amigos
Para la fiesta salieron

A eso del anochecer
Ya verán lo que pasó
Tomaron la gran *pastilla*
Con flores de jericó

Son de título académico
Y *nobleza* aparecida
Son los que pasan por santo
Con sus faltas cometidas.

Otro día por la tarde
Los amigos se juntaron
Tomaron la carretera
Hacia Beluso marcharon.


Los espías nocturnos
DE BUEU
CARNANAL DE 1916
Imp. El Pueblo, Pontevedra.

El Kai deser recibía
Como nuevo ciudadano
¡Pasen!, Pasen...les decía
A un palacio conquistado.

Vino el glorioso alcohol
Y olvidando las penas
Entre chiquita y chiquita
Tragaban las Magdalenas.

El enxebre que Morrazo
Anunció la otra semana
Debe gastar Antoniño
Para amigos de más fam...

Después de la comida
Y el estómago obligar
Se tomaron un café
De guardia municipal.

De modo que en este pueblo
No se oculta caso alguno
Que todo lo espiamos
Estos espías nocturnos.

## *Danza*

Señores boy a decirles
Escuchen con atención
Lo que pasa en este pueblo
Con un viejo cimarrón.
Pero quien es no lo digo
Si no me castigará
Muchas veces se castiga
Al que dice la verdad

Pues este viejo
Berán señores
Con una niña
Tomó amores
Es muy hermosa
Y buen corazón
Viva la niña
Y el cimarrón

Una noche por la calle
Hiban los dos paseando
El viejo y la chiquilla
En conversación hablan
Este viejo cimarrón
A un truco le convida
La chica sin precaución
Le aceptaba la partida

Ella dijo truco
El vamos a un quiero.
Y de este modo
Continua el juego
Ella cantó flor
Atención a esto
El le cantó á ella
Contra flor el resto

## Guajira

Una paloma Viuda
Anda buscando pichón
Otra soltera le ayuda
A lograr su intención
Desde que quedó viuda
Esa infame palomita
Ha sido siempre muy pura
Pila de agua bendita

Infiel paloma
Sin corazón
Deja glotona
Ese pichón
Siempre has de tener
Gustos muy raros
De pretender
Pichones casados

La palomita soltera
Vecina de la viuda
Muy bonita y mensajera
Por cierto morrocotuda
Todo lo que se le antoja
No se le ponga presto
El pichón que la enamora
Tenga cuidado con esto

Esta palomita
Es muy caprichosa
Se pone a enojadita
Por pequeña cosa
Cuando tiene cima
Se pone á llorar
No sale en tres días
De su palomar.

## Muiñeira

A noite de San Xuan
Un belliño labrador
Corría á paso de cán
á casa do seu amor

Con un-as chanquiñas novas
Feitas de pau de amieiro
Corría a darlle parola
A Mariquiña ó larpeiro

Habre á porta Mariquiña
anda axiña é de contado
Ar negado sea ó demo
Os besche ven apurado.

Dame un vica Mariquiña.
Dame tamén un abrazo
Arre xuncras (hay) Farruco
Baya os votache un trago.

Boleino do bó
Do que asenta ó peito
Que levanta os mortos
E ponos dereitos

Eche un-a pinguiña
Que arde nun candil
Vevende un chanqueiro
Bay un á dormir

Ven Mariquiña
Meu repoliño
Dame un abrazo
E mais un viquiño

Mira Farruco
Bouche á decir
Fora millor
Que vaeas dormir.

Deste mesmo ano de 1916 temos, gracias ó compañeiro José Estévez Porto, copia das letras da comparsa **LA JUVENTUD OBRERA DE BELUSO**

### *Pasodoble*

La juventud obrera
Su libertad
Proclama por doquier
Con equidad
Pues su más tierno anhelo
Es la igualdad
Cubierta con el velo
De la fraternidad.
Y rotas las cadenas
De nuestra esclavitud
Y libre ya de penas
Triunfa la virtud
Solo el trabajo honrado
Será nuestro ideal
El vicio desterrado
Causa de todo mal.

### *Mazurka*

Ven mujer encantadora
Ven hacia mí
Mi alma suspira y llora
Solo por ti.
Muéstrame tu faz risueña
Ángel de amor
Que eres de mi alma dueña
Mística flor.
Mujer hermosa
Acepta mi amor
Y serás reina
De mi corazón.
Que soy sincero
Cual trabajador
Y por ti siento
Ardiente pasión.

### *Tango*

Alegrarse gentes
Que el Ayuntamiento
De plazas y fuentes
Nos quiere dotar.
Hermosos jardines
Preciosos paseos
Sociedades cultas
Vamos a alcanzar.
Y para colmo
De construcción
Se harán diques
Como en Tolón.
Donde los barcos
Al fondear
Tengan mil muelles
Para atracar.
Y del tranvía
La construcción
Tendremos pronto
Una estación.
También las calles
Van arreglar
Pues todas ellas
Van adoquinar.
Se hará una lonja
Descomunal
Cuyo progreso
No tenga igual.
Desde esta villa
Hasta París
No habrá distancia
Más que de un tris.
Hasta Beluso
Podrá Gozar
De un alumbrado
Muy regular.
Y de una laza
Le van a dotar
Que sus ediles
Son de alabar.

### *Wals*

Nuestra misión es tan solo
Señor Alcalde Mayor
Aunque con pena y con dolo
Rogar a vos un favor
Que pongan en esta villa
Lo que es cosa natural
Y que por su ausencia brilla
La guardia municipal.
Además es preciso saber
Si Bueu es un pueblo o fangal
Pues cualquiera puede conocer
Que sus calles se encuentran muy
/ mal.

Los caminos vecinales
Es necesario arreglar
Que parecen barrizales
Propios para cabalgar.
Vergüenza del siglo veinte
Cumple el dinero gastar
Y que tranquila la gente
Pueda feliz transitar.
Por lo visto las fuentes aquí
Es un lujo muy descomunal
Que ni una se ve ¡Ay de mí!
La indolencia es aquí general.

### *Jota*

Que viva la jota
Que los corazones
Llena de alegría
Y de tierno amor
Y cuando la cantan
Los trabajadores
Olvidan sus penas
Y toman valor.
Por una mirada
De una mujer
Suelen muchos hombres
Su alma perder.
Que no se resiste
Su mágico ardor
Cuando las mujeres
Miran con rubor.

1ª

Mujer si a bailar te invita
Un obrero seductor
Aunque no gaste levita
Bailar con el es honor.

2ª

Ya que es tiempo de placeres
El tiempo de carnaval
A divertirse mujeres
A gozar que es natural.

3ª

Es una rosa tu boca
De fragante y suave olor
Tenemos un ansia loca
De darte un beso de amor.


CARNAVAL DE 1916
La Juventud Obrera de Beluso

ANOS 1917-1919

No 1917 soamente atopamos mencionada unha premonitoria estrofa da morte (ocorrida semanas despois) de Fernando Rúa “Xanicas”:

Xanica morre de fame
porque non hai caldeirada
con sete tazas de caldo
non necesita tallada.
Máis ó probe de Fernando
regaláronlle un gabán
pra que non morra o probiño
con este frío que fai.

Do 1918 coñécese como comparsa “**LOS INVASORES**”, que con róldalla de guitarras e bandurras, estaba dirixida polo Sr. Tenreiro, de Cangas. Como o seu presidente era Gaspar Massó deixáballes para ensaiar o antigo “Almacén de Piñeiro” (nese momento propiedade da familia Massó). Celebraron un baile no “Almacén de Pais” (na praia da Banda do Río).

Por doquier van los Invasores
su bandera de paz y amor
es su lema el ser conquistadores
que jamás les ciega el furor.
Un amor, un amor ciego y consciente
un amor, un amor, lleno de pasión
a tus pies hoy lo rinden dulcemente
a tus pies llenos de ilusión

*Un valse...*

Dime, mujer, si tu tienes corazón
saber querer, lleno de gracia y pasión
que el Invasor
hoy sus armas al blandir
sólo de amor tiernamente ha de rendir.

*Canción da danza:*

Buscando guerra
guerra de amores
los Invasores
aquí al llegar
en lucha fiera
conquistadores
de tus amores
han de quedar.
Dime, mujer seductora
si te atreves a luchar
con el hombre que te adora
en combate singular.

No 1919 os mesmos compoñentes da comparsa Los Invasores, pasáronse a chamar “**LOS MARINOS**”, pois tiñan en común que case todos eran mozos mariñeiros:

Hoy llegamos los Marinos
muy cansados de luchar
con las imponentes olas
de ese embravecido mar
y rendido de fatiga
venimos a descansar
y gozar con elegía
los días de Carnaval...
Una noche tuve un sueño
que en tus brazos me dormía
yo era tu dulce dueño
y tu era la prenda mía.
Cuando del sueño despierto
al ver que solo me hallaba
comprendí que no era cietro
y que el sueño me engañaba
por fin el sueño no me engañó...

ANOS 1920-1922 recollemos de Jose Mª E. tres comparsas:

**LOS AMERICANOS**, do Enleito que os dirixía o mestre Jesús Bernárdez:

Después de larga ausencia
de América al llegar
nuestro pueblo encontramos
igual que un muladar
signo muy elocuente
por falta de instrucción
por eso aquí la gente
no tiene corazón.

**A GUSTO DE TODOS**, de Beluso:

Somos a gusto de todos
en tiempos de Carnaval
no se extrañen, pues señores
que digamos la verdad...

**MURGA**, de Bueu que facendo referencia a que un empregado regalaba ás súas amizades cousas da tenda (un bazar-ferraxería da rúa do Príncipe) dicían:

Dame unas botinas, Pepe
el número treinta y nueve
sino le digo a tu amo
lo que en su casa sucede
cuando iban a la Mina
todas iban dando voces
y al pobre del muchacho
lo engañaban con filloses
con muchísima razón
porque era dependiente
de la mina de Macón...

**Ano 1922**

# OS LABRADORES

## PASA

Somos labradores
vinos d'o Japón
de podarlle as viñas
o señor Nipón.

Vimos asustados
d-o que pasa alá
e algún larpeiro
queixase d-acá.

Ali xa miramos
facer eleucions,
pagar o reparto
y-as contribucions.

Redimir os foros,
urbana pagar...
e votar a un burro
para concexal.

D-o Japón a Rusia
fomos a podar
n-a Rusia miramos
¡que atrocidá!

A xente de fame
nas ruas xa cai
e esto e o que Lenine
ali foi pousar.

Os pais asta os fillos
cómenos por pan
pois mirade a fame
que poden pasar.

Pois nos os diremos
con toda a razón
debemos de abrirlle
una suscrición.

CORO

Pois cando eiquí chegamos
quedamos asustados
o ver tantaa melloras
¡xa vamos progresando!
a Lonxa xa está feita
o muelle x-o farán
o telefono chega
trenvias xa vendrán.

## FIGO

De podar e enxertar
vimos cansados
de botar as cebolas
grelos yos navos.
por algún de nosoutros
han d' votar
para que o fagamos
von concexal.

Ay que ven
vamos a estar
si nese concello
chegamos a entrar
xa veredes xa veredes
o que vamos dar.

Primeiro o que faremos
e un presupuesto
de vinte e dous serenos
e os barrendeiros.
recargar os consumos
e contribucions
para poder manter
tantos lambons.

(Ay que ven etc.)

Arreglaros as fontes
eso enseguida,
faceros o mercado
todos los días,
comercios e tabernas
o domingo cerrar,
agora o café
non lle tocar.

(Ay que ven etc.)

Arregliño de ruas
as que queirades
para pasear os bois
e mais os que non seades,
os bloques que na praza
estorbando están
para a praza de abastos
xa chegarán.

(Ay que ven etc.)

Tamen os traeremos
un gran reloj
para eurriba do Concello
no habrá mellor,
dará todas as horas
par' as oir
os de Meira, os de Ceia
e os de aquí.

(Ay que ven etc.)

## ANÓS

El Cine que hay aquí.
¡que barbaridad!.....
da unas pocas sesiones
en el mes nada más...
el resto lo echamos
papando brebas
pues nosotros pondremos
donde el tiempo pasar.

Café concierto habrá
¡qué especialidad!.....
baile de Piricón
por un patacón...
tertulia y bufete
si lo precisa V...
reservados bonitos
para tomar un té

Paseo e iluminación
con toda perfección...
las chicas qne alli vayan
gastarán larga saya...
a cuerpo y escotadas
también podrán entrar...
porque muchos nos piden
bailar un cakeval.

BUEU, CARNAVAL DE 1922.

Imp. de la Vda. de Landín.

ANO 1924

Son as primeiras letriñas do Gran MANDUCA (Emiliano Rosales Barca[1]) para unha das moitas comparsas e murgas nas que participou, dirixiu ou compuso letra e música.

**LOS POLÍTICOS CESANTES**

Ya cesantes por España caminamos
Y odiados por toda la nación
De nuestra madre política olvidados
De nosotros no hay quien tenga compasión.
Fracasamos siendo todos liberales
Democráticos, conservadores también
Republicanos radicales no existen
Regionalistas, socialistas no se ven.
Por Dios, por Dios
Déjanos vivir en paz
Por favor, por favor
No nos hagáis sufrir más.
Todos de brazo unidos y en cadena
Encacicados por toda la nación
Despreciábamos del pueblo todas quejas
Para nosotros ya no puede haber perdón
Hoy el fuero del cacique ya no existe
De esa plaga se libro el pueblo español
Nos olvidan en esta situación tan triste
De nosotros no hay quien tenga compasión
Por Dios, por Dios etc...
Destituidos por un horado gobierno
Hay veinte años que debían gobernar
Y esa crisis que hoy el pueblo está sufriendo
Causante de ella somos nosotros nada más.
Fuimos malos, estamos arrepentidos
Y si llegamos otra vez a gobernar
Os pagaremos con creces lo perdido
Pero ya el pueblo no se deja engañar.
Por Dios, por Dios etc, etc.
Hoy el gobierno está muy bien apoyado
De todo honrado ciudadano español
Mientras nosotros quedamos desprestigiados
Hasta de todos que le hicimos gran favor.
Los industriales ya nos niegan su apoyo
Nuestros caciques, no nos quieren ayudar
Y hoy que saben que fuimos muy buenos pollos
Nos recetan la esquela R.I.P.
Por dios, por Dios etc., etc.
Fuimos muy cabezotas
Eso que es verdad
Muy torpes, muy idiotas
Por no saber gobernar.
Llevados de egoísmo
Hay que barbaridad
Perdonad nuestras faltas
Perdonad, perdonad.
Fuimos todos causantes
De desfaicas la nación
Hoy un gobierno honrado
Salva la situación
Y los viejos caciques
Cuidado deben llevar
Sino cualquier día
Sus astucias van pagar
Para bien de nuestra patria
Al poder no nos echar
Entraría el favoritismo
Caciques existirán.
Ayuntamientos desfalcados
Esta es la pura verdad
Y nosotros responsables
De tanta malversidad
El pueblo se quejaba vemos que tenía razón
De calles, fuentes y plazas
Que en verlas da compasión.
Y nuestros representantes
Se fijan nada mas
Habiendo elecciones
Nuestra jefatura echar.
La nueva corporación
Hoy en el ayuntamiento hay
Tenga mucho cuidado
No se deje engañar.
Las leyes municipales
Es un deber cumplir ya
Olvidar aquel antaño
De rencores nada más.
Al nuevo ayuntamiento
Le pedimos por favor
Que haga un presupuesto
Para comprar un relloj.
De toda esta provincia es la única esta villa
En Bueu nunca se sabe
A que hora se transita.
Pues en la casa consistorial
Ya tiene el sitio de colocar
Allí en el frente un buen reloj
Que oirá la población.
Allí en la banda del río
Una fuente hace milagros
No nos quiere dar más agua
Que tres meses en todo el año.
Por mucho que la arreglen
Siempre tiene el mismo mal
Los caños siempre se atascan

[1] Emiliano Rosales Barca “Manduca”, casado con Emilia Davila da que tivo tres fillos Emiliano, José e Amparo. Era natural de Cantodarea (Marín) e instalouse en Bueu (na Banda do Río) cun “Muíño de Fariña”, entre 1918 e 1920.

Con la basura que hay.
Viva este pueblo con sus campiñas
Y sus simpáticas y bellas niñas
Vivan las fuentes en ruinas
Están derramando agua sin fin.
A las chicas invitamos
A que laven sin reparo
En este lindo lavadero
Que no vale ni un chavo.
En el rústico pilón
Serpentea juguetona
Cubierta de purpurina
La ropa cuando se moja
El lavadero es muy hermoso
El arquitecto más famoso
A las molduras nadie envidie
Son de igual que en Melide.
Nadie quiere recordarse
O lo echan en olvido
Lo que hizo el temporal
Aquí en la banda del río.
Muchas casas se inundaron
De agua, arenas y mariscos
Muchos vecinos nadaron
Dentro de sus domicilios.
Tengan piedad de este pueblo,
Los concejales que hicieron nuevos;
Los anteriores no se acordaron
O si quisieron nos les dejaron.
Si no tratan de arreglar
El puente que es inservible
Tendremos que atravesar
Por medio de un sumergible.
La calle está destrozada
El puente en ruinas,
El caño de desahogo
Se atasca todos los días
Esperemos que las calles
Se les haga un buen reparo
Vemos ya que en todas ellas
No se puede dar un paso.
El mercado cuando llueve
No se puede transitar
Y en el frente de la lonja
Todo parece un corral
De Petis hasta Penedo
Toda la calle es un charco
Es parecido a un lago
Para bañarse los patos.
Gracias tenemos cuidado
Si llueve al atravesar
Al momento desnudarnos
Para poder nadar.

Letra de E.R.B

Música de E.R. y R.C

ANO 1925

Co nome de LOS LIMPIABOTAS de Bueu, sería a segunda da comparsas ensaiada por Manduca. Estas dúas letriñas foron recollidas anos despois (1992) por unha comparsa que levou o mesmo nome.

## Los limpiabotas 1ª

Los limpiabotas que llegamos
A este pueblo a visitar
Grandes locales para instalarnos,
Buenos salones para limpiar.
Gastamos cremas de varias clases,
Nuestros cepillo buen brillo dan
Y nuestra tinta nunca marchita,
Trae el zapato niña y verás.
Viendo los comestibles
Que cada vez van más caros,
Hemos pues acordado
En Bueu instalarnos,
Auque muchos nos dicen
Que los tranchos también
Que andan por las nubes
¿qué vamos a comer?
Con esta crisis que el pueblo sufre
Que no se gana ni un real
Pasa mas hambre el pobre obrero
Que hayan pasado Eva y Adán.
Arroz y azúcar están muy caros,
Las habichuelas caras están
Maíz y trigo no decir nada,
Tranchos y chinchos de eso no hablar.
De carne no hablemnos,
De bacalao tampoco,
Los huevos por las nubes,
El aceite asombroso,
Las gallinas y pollos
No se pueden comprar
Hasta la propia leche
Muy mala y cara está.
Nos dice el clero que no les llega
El sueldo que tiene para comer,
Sin tener hijos ni tener suegra,
Ni tener mujer que mantener.

Pero no cuentan de extraordinario
Que a ese sueldo hay que agregar
Misas, entierros y los bautizos,
Hasta nos cobran por descansar.
Mientras que el obrero
Sin tener sueldo fijo
Tiene que mantener
Suegra, mujer e hijos
Y por si acaso un día
Viene una enfermedad
Tiene que ir a morirse
A un santo hospital.

## Los limpiabotas 2ª

Siempre a buscar trabajo
Acostumbramos pasar,
Balies, cafés, paseos
Para las botas limpiar.
Varias chicas nos dicen
Con buena o mala intención
Óigame usted limpiabotas
Límpieme usted por favor.
Ay, ay le cuesta a usted dos reales,
Ay, ay no sean tan informales.
Niña de ojos azules
No digas eso por Dios,
Ponga usted aquí el zapato
Aunque nos ve el traje
Sucio y roto, no despreciar,
Niña de ojos azules
Los limpiabotas sabemos amar.
Niña no nos desprecies
Con tu mirada y tu desdén.
Nuestros limpios corazones
Niña aun saben querer.
Ay, ay, no eches esas miradas
Ay, ay, comprometemos palabra.
Somos muchachos decentes,
Eso no hay que dudar.
El cepillo da la vuelta,
El betún se acabará.
En varias fuentes vemos
Con gran asquerosidad
Que varios ciudadanos
En los pilones suelen fregar
Ollas, tarteras, platos
Trapos muy sucios y algo más,
Hasta limpian el pescado
Y lavan el orinal.
Ay, ay, después dicen que se arreglen,
Ay, ay, en Bueu todas las fuentes,
Lo que debían señores
Una gran multa llevar
Para que más no volviesen
En los pilones a lavar.

## A Galerna

Recuerden señores cuando la galerna
Que fue imposible ir a salvar
Las embarcaciones se van al garete
Y contra la playa se van a estrellar.
Aun no conforme ese monstruo hambriento
Que a tantas víctimas llegó a tragar,
Descarga su furia en un mar impotente
Y hasta las casas las quiso llevar.
Tragó el faro del Cabezo
Y varias embarcaciones.
Destruye cuanto encuentra,
Entra en las habitaciones.
Flotan camas y valijas,
Eso fue una atrocidad.
Hasta un quiosco y un hórreo
También lo quiso llevar.
El pueblo se queja de ese hermoso muelle,
Dice que le estorba ahí donde está
Pues cuando fue puesta la primera piedra
Ya iba afectada de una enfermedad.
Pues fue engendrada en tuberculosis,
Apendicitis, catarro bronquial
Y al mismo tiempo le dio parálisis
Hasta sin cabeza ha nacido ya.
Que le pongan la cabeza
Que eso es la más principal,
Que le pongan los dos brazos
Que buena falta le hará
Uno tirando al oeste,
Al este el otro irá,
Así las embarcaciones
Abrigadas quedarán.

Bueu ten clima pra enfermos
do oso e do corazón
isto é como un Sanatorio
pra nosa Corporación.

Sempre atacados de reuma
iso sí que é verdá
por iso a nosa receta
é de larga enfermedá.

ESTRIBILLO

Din que eiquí non se fai nada
en algo non nos queixemos
si viramo-la cabeza
outros xa fixeron menos.

Algo teñen que ir facendo
non todos van ser chupóns
un pouco de propaganda
que chegan as eleccións.

ESTRIBILLO

"**AS PIRILLEIRAS**", 1983.

## O pagarote

Na nosa Banda do Río posee
co novo alcantarillado
non nos poñemos de acordo-si que é
pois resulta un pouco caro.

Do que cobran cada metro pois é
nada queren rebaixar
e con razón, vamos falar
que todo son caralladas
cando temos que pagar.

ESTRIBILLO

*¡Ai! D. Xosé, D. Xosé, D. Xosé*
*¡Ai! D. Xosé xa nos coxea dun pé.*
*¿Por qué será?*
*qué será, qué será?*
*que ben andaba*
*e atacoulle a enfermedá.*

Os Pirilleiras pensamos pois é
que eisí non pode quedar
que cando chove un pouquiño si que é
o charco parece o mar.

Algúns dos coches que pasan-pois é
teñen medo de abollar
anque se foda o veciño-si que é
pisan forza pra pasar.

ESTRIBILLO

## A alameda

«Os Pirilleiras
sempre salimos
por estas fechas
do Carnaval.

E criticamos
certas reformas
unhas ben feitas
e outras mal.

ESTRIBILLO

*Esa praia que temos ehí*
*parte dela pra facer pipí*
*aparellos non ten a secar*
*e aínda din, que inda están a pagar.*
*Esa Alameda, esa Alameda*
*quedará moi bonita*
*cerca da area.*
*Esa Alameda, falla facía*
*e podía ir avante*
*si hai axuda da Cofradía.*

Obras do Porto
fai o Rei Momo
e non se sabe
por que razón.
Según informe
do noso asenté
anda no medio
algún chupón.

ESTRIBILLO

## O naranjito

Vaia ano que tuveron
eiquí os nosos mariñeiros
os gastos lles aumentaron
e os bolsillos van valdeiros.

Nin sardiña nin cabala
nin faneca nin fodón
e o final pra rematala
de ameixa nin quixón.

ESTRIBILLO

*Xa está feita*
*xa temos de que falar*
*co cambio na Axudantía*
*xa non se pode ir o mar.*

Os mariñeiros no muelle
sin saber a donde ir
mais negocio praos de sempre
o do alcrique e o do barril.

Van ter que usar os barcos
pra paseos po-la ría
soio e poñerlle uns bancos
e a baixa na Cofradía.

ESTRIBILLO

A Xunta pasou de todo
e de Madrí nin falar.
Bueu soio está no mapa
pra vir a veranear.

Pirilleiras deste ano
tamén queremos quiñón
pero primeiro pedimos
que lles busquen solución.

ESTRIBILLO

"**AS PIRILLEIRAS**", 1984.

## O presente

Agora no Axuntamento
según oímos falar
coa máquina Refrei
todo é coser e cantar.

Que turulurulu
que turulurulu.

Todos traballan contentos
así é como debe ser
como póuco van facendo
sempre teñen que facer.

Que turulurulu...

O novo alcantarillado
ten un xeito de gaiola
a Rúa Montero Ríos
ten unha perneira sola.
Que turulurulu...

ESTRIBILLO

A este noso director
isto caille de caixón
como xa vai tendo reuma
regalámoslle un bastón.
Fixémosile este regalo
porque da moi ben a nota
que nadie vais a pensar
que é pra facerlle a pelota.

Que turulurulu...

En Bueu o aparcamento
está moi ben ordenado
cada un fai o que quere
e o que lle sai
do carallo.

Que turulurulu...

O corpo de vixiancia
estache moi ocupado
tomándoche algún changeiro
no guateque dos parados.

Que turulurulu

Anque a Alameda dos Galos
(parque dos probes)
ten un xeito de finura
xa a teñen abandonada
e falta a casa da cultura.
Que turulurulu...

ESTRIBILLO

Que turulurulu...

## O panterlo

Vai pra cinco anos
que ternos na area
ese relicario
que ao velo da pena.

Peligran rapaces
que alí van xogar
parece un museu
na beira do mar.

Pois millor sería
que o amurallaran
e o blanquearan
cun pouco de cal
pra cando chegaran
aquí forasteiros
que lles parecera
Parque Nacional.

ESTRIBILLO

ERA BO DE ARRANXAR
ESA PRAIA SERA UNHA ALEGRIA
PRA PODER OLLAR BEN
OS BARQUIÑOS QUE VAN POLA
RIA.

E TAMEN POR QUE NON
A ALAMEDA XEITOSA ESTARZA
NON MIRAR NEN CHEIRAR
ALI XUNTA TANTA PORQUERIA.

A pista que temos
na banda do Río
pra certos pequenos
é un gran peligro:
non hai ningunha valla
no lado do mar,
algún pequerrecho
pódese matar,

Xa ten alumbrado
pra xogar de noite
pero vestuarios
non queren poñer

a xente de fora
si se quer lavar
teñen que tirarse
de cabeza ao mar.
ESTRIBILLO

## A nosa industria

Dos bares que hai en Bueu,
non nos vamos a olvidar
vale industria nos caeu,
polos can deben de andar.

Pra todos os gustos hai
tamén pra todas as caras,
pra entrega de bastóns
e outras pelotilladas.

ESTRIBILLO

Vale bicoca que tiñan,
o Honk-Kong e o de enfrente
co monopolio montado (BIS)
sempre atestados de xente.

Se uns chinchos queres comer
á Viuda vamos agora
sempre hai viño prá beber,
anque sexa de Zamora.

No Beni non sei que pasa,
non se cabe últimamente,
de solteiros e casados,
a barra está chea sempre.

ESTRIBILLO

Non sei se serán as herbas
ou culpa do garrafón
pero na .disco. os colegas
sempre teñen baballón.

Como os taxistas non tiñan
onda botar a partida
puxeron unha mesiña
alí en plena avenida.

ESTRIBILLO

## A liada

Nós somos ecoloxistas
e pacifistas tamén
queremos unha armonía
pos de líos xa está ben.

Os ríos contaminados
envenenado o mar
os montes xa están queimados,
nen un páxaro queda xa.

ESTRIBILLO

Ai! Felipiño, sácanos xa
que as Pirilleiras da OTAN
non queren oír falar.

Eses misiles canto mal fan
as centrales nucleares
e os bidóns van polo mar.

Este Reagan é un peligro
quixo mosquear a Andropov
e como escomence a festa,
aquí non queda nen Dios.

Ensaiaron esa bomba
atómica en Xapón
a ver onde botan esta
fermosura de neutróns.

ESTRIBILLO

Non queremos mais misiles
nen caretas antigás
que se deixen xa de hostias
e que loiten pola paz.

Nós fixemos ün cohete
para poder aliñar
e en Marte facer o Antroido
pra non deixar de cantar.

ESTRIBILLO

## A Xuntiña

Cetro anos Xuntos levan
cos problemas aínda ahí
nin che falan o galego
xa parecen de Madrid

ESTRIBILLO

MALA CHISPA TE COMA
MALA CHISPA TE DE
MALO RATO TE PARTA, UI AP
que mais e o que menos
xa se puso como un boi
comen de balde e dormen
no palacio de Raxoi

ESTRIBILLO

As rias van prao carajo
todo e contaminación
xa non queda un saramajo
e non buscan solución

ESTRIBILLO

Outro conto son os cartos
que che meten nas patetas
e non saen de homenaxes
festexos e comedelas

ESTRIBILLO

Xa vai cheirando a chamusco
iso da reconversión
e se non que llo pregunten
a Vulcano e a Ascón

ESTRIBILLO

En Bueu coa Axudantía
e a nova corporación
nos van deixar san cadela
e non mazan co bastón

ESTRIBILLO

# "AS PIRILLEIRAS", 1985.

## Paro e baixas

Este ano Os Pirilleiras
como está aumentando o paro
aumentámos a plantilla
pra que algúns teñan traballo.
E si o paro non se para
nin atopan un atallo
pra poder ser Pirilleira...
vai a mandar un carallo.
Estribillo
Os Pirillas que están xubilados
quedan retirados
polo Cai naval.
O batuta
que temos no medio
consigueu a baixa...
internacional.
Mentras poida
e de pé se agante
sin ningún trasplante
non pensa marchar.
El espera
pras Bodas de Plata
que pouco ile falta...
poider celebrar.
Enfermos hainos con sorte
gordeiros e bó color
si algún día non traballan
e pra ir ó Inspector.
Pra chegar a esa bicoca
non hai que saber de pluma
ser un bó recomendado...
e queixarse da columna.
Estribillo
Eisí nos roda o seguro
entre pillos e alcahuetes
uns que padecen da asma
outros por ter diabetis.
Nos que sempre traballamos
cada ano unha semana
vamos pedir unha baixa...
por padecer da almurrana.
Estribillo
Este noso Director
o chamado Gran Silvino
ben merece un homenaxe
por ser mais duro cao pino.
E mentras teña correa
e a roupa non lle caia
e poida coa batuta...
isto pra agora non falla.

## O trasplante

Fracasóunos o trasplante
do xeitoso e manso pino
fallaron os ciruxanos
doutor -H- e doutor ¡NO!.
Atrasouso o enfermeiro
polo visto e bó rapaz
como veu con tanta presa
deixou as barbas atrás.
Estribillo
Houbo sí
Pisco o la Vis tamén
con bistec da xartén
e algún carolino...
Pra pagar
estamos todos eiquí
e hai xente que di
que caímos dun pino...
Pois costou
abrir o socavón
cobrando a comisión
casi medio millón.
Nin con remedios caseiros
nin tirantes pra amarralo
cando chegou dona Hortensia
mandou o pino o carallo.
Fallaron as amarrallas
foi moi forte o temporal
quedóu o Parque dos Galos
sin acabar de adornar.

## Queixas e cousas

Van facendo aceiras novas
no barrio Banda do Río
ben caras hai que pagalas
pra iso están algúns vecinos.
Porque oes que temos na Xunta
nin puto caso nos fan
siguen chupando do voto
por ser un vello refrán.
Estribillo
E no urbanismo
e mais nas alturas
algúns dos mais pillos




fan mil diabluras.
E cousa de amigo
na Corporación...
Nin con democracia
tamos solución.
Na nosa Corporación
que nos temos nesta Vila
Algúns fan como aquel loro
que tiña dona Camila.
Soio poñer un pé dentro
venlle as ganas de picar
van a roer cacahuetes
e poderse aproveitar.
Estribillo
Falando da Sanidade
eche cousa de paciencia
que hasta nin siquera temos
unha Clinica de urxencia.
Cando hai un accidente
chegue vivo ou chegue morto
eilí non se atopa nada
nin vento pra darlle un soplo.
Estribillo
Neses nosos mercadiños
que temos nos luns e xoves
hai mulleres apretadas
por non fregarse cos homes.
E con tanto tenderete
sitio pra todos non hai
rellenar detrás da Lonxa
erache un sitio ideal.

---

## A hixiene

Sitios hai que parecen pocilgas
unha delas parte da estacada
aquel vello noso Cementerio
e o esqueleto que temos na praia.
E das rúas que están proxectadas
prao urbanismo que falta en Bueu.
Todas elas están esquencidas
vai pra trinta anos ningunha se abreu.
Estribillo
Noso Bueu
dormido estás
no urbanismo
vas moito atrás.
Noso Bueu
desperta xá
pra algo facer
neste teu chan.
Certa rúa que temos no plano
xa sufreu o Concello de guerra
e en vez de quedar ben dereita
quedarache como unha culebra.
Nas Lagoas que faltan facían
proxectadas están duas ou tres
esperemos que cheguen os cartos
que van a mandarnos os do Corte
Inglés.
Estribillo
Esta auga que estamos bebendo
nesta Vila e todos os días
se non ponen a depuradora
esperamos certas cagarrías.
Unhas veces venche como o leite
outras salche como Nescafé
non esperen a que pase nada
pra que toda xente se teña de pé.
Estribillo
Hai quen dí que pra o 87
imos ser gobernados por Fraga
os enfermos e vellos contentos
para que siga facéndolles a paga.
O asunto é enterrar ao difunto
e que naide fale de pagar
que non suban tampouco os impostos
e que naide-pense na máis que en
cobrar.




Aparece este ano de 1985 outra das grandes comparsas dos últimos anos: "**OS MULOS**". O seu primeiro director foi Pepe da Blanca; e desde 1990 diríxea Manuel González "Purrro". Como eles mesmo comentaron na prensa co motivo do seu decimo quinto aniversario, o seu nome ven da traducción ó galego de "Les Mules", un grupo que formaron na súa xuventude catro dos membros da comparsa. A semente desta comparsa está nas "Pirilleiras" (na que se iniciaran algúns dos compoñentes). Facer notar que desde a súa fundación e ó longo de bastantes anos esta comparsa tiña un elemento moi especial "Rambo", a súa mascota canina, que era disfrazo de xeito igual que o resto dos membros da comparsa.

## Os Mulos

A nos chámannos os mulos
pois damos muitas patadas
sí a algún lle doi algunha
que non faga trapalladas.
Comemos como o que somos
gustánnos as caralladas
regadas con un bó viño
e algunhas caldeiradas.
*Estribillo*
*Pois nos gusta saborear os bós licores*
*igual de blanco que de un bó tinto*
*e alí donde se colgue un loureiro*
*estamos todos, hasta os enfermos.*
Xuntámonos catro amigos
para pasar unha broma
e criticar un pouquiño
e si pica que se joda.
Non sabemos muito a letra
pois no tempo de ensayar
estuvemos goldrechando
e a salabardear.
*Estribillo*
*Pois nos gusta saborear os bós licores*
*igual de blanco que un bó tinto*
*e alí donde se colgue un loureiro*
*estamos todos, hasta os enfermos.*
Aquí nestes carnavales
nos querémoslle decir
que si non hay un bó viño
temos que a outro sitio ir.
Nos traemos o permiso
para pasar esta farra
e vender catro letrillas
para facer unha papada.

Estribillo e acabouse

## O Pino

Había un pino en Bueu
na Rúa Baixada o Porto
ese pino xa morreu
provocáronlle un aborto.
Hay con esa xente, hay con esa xente.
Tamén queda na historia
o pino manso que era
amarrárono con cordas
e descubríronlle os pes.
Hay o pobre pino, hay o pobre pino.
*Estribillo*
*Pra ver si votaba alas*
*por milagro deses tres*
*o pino quedou sin elas*
*a Corporación tamén.*
*Xa soñaban co invento*
*pra podelo trasladar*
*pero apuróuselle o vento*
*e traballo aforrou xa.*

Esta xente que nos temos
todos eles de corbata
sempre nos meten en gastos
porque eles no nos pagan.
Hay con esa xente, hay con esa xente.
Tiñan un buraco feito
ala na Plaza dos Galos
esperando polo morto:
que eles pensaban levalo
Hay o pobre pino, hay o pobre pino.
*Estribillo*
*Nos a todo isto damos*
*gracias o ciclón Hortensia*
*que por vir con tanta forza*
*aforrou muitas pesetas.*
*Con estas bromas pesadas*
*gastaron cartos en bruto*
*que boa falta facían*
*pra empezar o Instituto.*

## As Rúas

Aquí chegamos c noso orgulloso pueblo
coas súas rúas de moita embergadura
xa non podemos ir tomarnos os chiquitos
que non ganamos para as nosas molladuras
Qué bén esta esa Rúa de Vincenti
dicen que era unha calle principal
nestes momentos xa parece pista
desas que usan polos montes forestal.

Estribillo
Qué ben están os nosos axentes
xa teñen coche con florescentes
son verdadeiros lobos de mar
non queda sitio sin vixiar. (bis)

Xa non falemos da calle Montero Ríos
cos seus buracos, remendos en general
pois polo medio arreglárona un pouquiño
e polos lados sigue feita un carnaval.
En esa pista que temos en esa Calle
os forasteiros cando veñen a xogar
sempre preguntan dónde quedan ésas duchas
e mais un váter por si algún quere cagar.

*Estribillo*
*Qué den están os nosos Axentes*
*xa teñen coche con florescentes*
*son verdadeiros lobos de mar*
*non queda sitio sin vixiar.*

*Bis.*

## O Viño

Salen os Mulos a rúa
para avisar a toda xente
que non beban Albariño, carallo
que che contamina o vientre.
Os taberneiros que temos
todos che dín que é da cepa
e mais os Mulos decimos, carallo
todos teñen muita jeta.

*Estribillo*
*Ahí che vai o taberneiro*
*ahí cho vay todo contento*
*pensando cos que están*
*dentro tragan o medicamento* *Bis*
Tamén o bó Tinta Femia
xa o aprenderon a facer
e van engañando a xente, carallo
que non saben que beber.
Os taberneiros de Bueu,
Cela, Meiro, e A Portela
traen borro de Cambados
e mezclánno co de Cela.
*Estribillo*
*Ahí che vay o taberneiro*
*ahí cho vay todo contento*
*pensando cos que están dentro*
*tragan o medicamento.*
*Bis*

“**AS PIRILLEIRAS**”, Banda do Río – 1986

### « *O IVA* »

Como estamos no tempo
do Carnaval
vai inchando o imposto
municipal
Pagaremos o IVA
sin quedar ún
porque estamos xa no
mercado común
ESTRIBILLO
Aumentaron os impostos
hasta pra os mortos
cousas do IVA
Tendeiros e taberneiros
son os primeiros
cobrando o IVA
Chamaron a ún pra pagalo
manda carallo
disque non IVA
enterros e funerais
son especiais
pagando o IVA
Esta praia que temos
na ourilla mar
ten un xeito
de Cabo Cañaveral
Demoleuse o Spunik
hasta a mitá
quedou a plataforma
pra aterrizar

Esta casa Correos
que hai en Bueu
está pagando o IVA
dende que naceu
ben podían facer
unha nova xa
pois parece a bodega
da Soledad

### «*Vamos indo* »

Vimos eiqui as Pirilleiras
para ollar certas maneiras
como arranchan a Vila
Xa non temos mais atascos
cando veñan chubascos
coa nova alcantarilla
ESTRIBILLO
Hai que ben traballa
este nos alcalde
e inda hai quen di
que o fai de balde .
Que ben vai quedar
a Montero Rios
dende Pescadoira
a Banda do Río.
Cando esté ben acabada
toda ben enchupada
vai dar gusto mirala
Esta nosa boa avenida
será unha maravilla




o poder paseala.
Vamos a ser os millorciños
en rúas e camiños
neste noso Morrazo
Todo marcha ben controlado
políticos pro lado
si non dan un sablazo.
Falta fai o que están facendo
que con tanto remendo
non salimos do allo
Todos con moita propaganda
Bueu sempre na varanda
tamén manda carallo

---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

### « *A Rexunta* »

A Xunta de Santiago
xuntalos traballo dou
dos peores temos a Albores
dos que non sirven Rosón.

Como todo é podriqueira
non se podía escoller
todos levan bo camiño
o camiño de lamber

ESTRIBILLO

*A nosa Xunta*
*a nosa Xunta*
*van pro enterro*
*coa difunta*
*Temos as Rocas*
*tamén hai Laxes*
*algo de Bloque*
*pra que non rache*

Probes de nos os Galegos
somos sempre marxinados
no mar na terra e no campo
sempre mui mal gobernados

Siguen chupando do voto
con ideas de Landrú
queren estar no poleiro
soio pra encher o cú

Os que gobernan
a nosa Terra
xa son cáns vellos
de profesión
Coas queimadas
de Manoliño
subeu a caña
de garrafón

### « *A Hixiene* »

O noso parque dos galos
a vecés fai de hospital
Cando vai a sanidade
eilí a vacunar os cans

Vamos a darlle unha queixa
o noso alcalde don Lino
que non mande eili mais cans
a mexarlle o pé do piño

ESTRIBILLO

Señor alcalde por favor
elí non é pra vacunar
que hai rapaces
que van a xogar

En Bueu debía haber
tamén algunha perrera
Cans que mexan nos balcóns
outros cagan nas aceras

Si as cadelas é no tempo
de disfrutar dos placeres
andan de día e de noite
a facer os seus deberes

Aquel vello cementerio
debía ser demolido
Xa nos parece a Moncloa
con tanto bicho escondido

Uns din que é do Municipio
outros dín do obispado
Nos decimos de quen sexa
debe de ser desmantelado.

**"OS MULOS"** Bueu – 1986.

## Os Euromulos

Somos os Mulos do ano 86
saludando a vostedes
dándolle os parabéns.

Cambiamos de albarda
e de atriles vellos
agora xa nos chaman
Os Mulos europeos.

Pero non hai día
que non nos joda o IVA
con gran indigestión
e muita cagarria.

O novo imposto do Mercado Común
vainos a dar a todos
un pouco po lo cú.

ESTRIBILLO

Fora a OTAN, Narciso
menos IVA, Solchaga
nos Os Mulos
pedimos paz pra bailar o cha cha
cha,(bis)
os camións volcaios Miterrand.
O presi Don Felipe
ten muita amistad
con rusos e con chinos
tamén con Reagán.
O Ministro Ordóñez
aprende a espiclingar
pra ver si os ingleses
nos deixan Gibraltar.
Pero non hai día
en que a policía
xunto con Barrionuevo
non teña que alambrar,
o terrorismo, en ese País Vasco
xa nos da muito asco
e ten que rematar.

ESTRIBILLO

## Casos do Pobo

Bueu que bonito eres
estás todo levantado
esperamos que te rreglen
antes de que acabe o ano.
Temos en Bueu unha calle
Que preciosa quedaría
si lle puxeran paseo
desde Pitís o Penedo.

ESTRIBILLO

Temos nos aquí uns rapaces
que son dignos de admirar
que van a un baixo alquilado
para poder entrenar.
Pero nos mirando isto
Con muitísima razón
temos que exixir do Xefe
que lle faga o Pabellón.
Si isto se leva a cabo
sería a solución
pra que os rapáces do Pobo
foran sempre a millor.
Tainén en Pazos Fontenla
temos uns grans buracóns
que cando chove un pouquiño
mollamos hasta os melóns.

ESTRIBILLO

Os que usan esas pistas
para xogar o balón
cando caen catro gotas
móllanse hasta os collóns.
Por eso eles che piden
Con muitísima razón
que se faga canto antes o
dichoso Pabellón. (Bis)

## A Tripulación

Chegaron os carnavales
Deste ano oitenta e seis
e que Os Mulos falen algo
pra picar algún peis.
Pedímoslle o pobo enteiro
que abran ben os bugallos
para decirlle a esos listos
que non nos tiren os cartos.

ESTRIBILLO

Tamén-os hai do ribeiro
A algúns bós do País
e sabemos de un en Cela
con muita cara e naris. (bis)
Tamén o patrón de pesca
xa resultou un fracaso
pois permite que esos lorchos
estírenche muito o cazo. (bis)
Hai outros con muíto estudio
E con bastante cultura
foron facer o enlousado alá
no adro do cura.
Non estamos nos de
acordo con esta corporación
que neste choyo mal feito
gastaron cinco millóns.

ESTRIBILLO

Qué pasa con eses parques
Que temos en este pobo
e non queren rematalos
non lles sale do carallo.
Cos cartiños mal gastados
tiñan que estar acabados
eses xardíns que non temos
e o Instituto empezado.
ESTRIBILLO

## Os pedichóns

En este pobo señores (bis)
todos somos educados
por non pedir non pedimos
hasta o que é necesario.

ESTRIBILLO

Por exemplo nós queremos
que alí na Casa do Mar
teñamos un cirujano
por si hai enfermedad.

Muitas veces pola noite
cántas voltas hai que dar
co enfermo o lombo (bis)
casi para palmar.

Queremos un instituto (bis)
pra xuventude estudiar
si non ten que desplazarse en
autobús, e pagar.
ESTRIBILLO
Como todos somos bós
e non se fai un follón
quitáron-nos o Cuartel.
e toda a guarnición
agora xa fai i de asilo
a nos parécenos ben
anque por agora
solo haxa cama
para dous ou tres. (bis)
Esa canexa Dos Galos (bis)
quere unha reparación
pois non está adecuada
pos que van con cagallón.
ESTRIBILLO
Facer un tanque de augas
E unha ecesidad
pos veciños do Outeiro
Egipto e Cividad.
Pois cando chega o vran
solo están surtidos
as casas do Centro (bis)
e os Jodechinchos.

"**AS PIRILLEIRAS**", Banda do Río – 1987




## O Atraso

Cando chega o carnaval
nestas vilas mariñeiras
nunca nos pode fallar
o humor das pirilleiras

Tamen queremos lembrarnos
Sin nada de disimulos
Dos que tamén son da Vila
E levan de nome Os Mulos.

ESTRIBILLO

Este ano chegamos
Co gran director
Que con tanta neve
Pusose mellor
Ten un tratamento
De viño con mel
A ver si pro ano
Contamos con él

(BIS)

Din que hai novos presupostos
Pro deporte e para cultura
e hai máis de trinta anos
que non se abre unha rúa.

Xa estamos acostumbrados
A non ter máis que remendos
enconichan por un lado
dimpois todos son feldrechos

ESTRIBILLO

Falando da vixilancia
certas horas da semán
non se atopa un vixilante
anque o busques con imán.

Pedimos os concellais
que aumenten a plantilla
para que vixilen de noite
e que durman po lo día

ESTRIBILLO

## O Muro

Ese muro que fixeron
Quedou da man de maestres
O que non deben quedarse
Sonche certos excalestres
O que non deben quedarse
Sonche certos excalestres.
Que xeitoso quedaría
Chegar o muro hasta o muelle
Pero os que temos na Xunta
Xa se lles furou o fuelle
Pero os que temos na Xunta
Xa se lle furou o fuelle

ESTRIBILLO

*Vaia cajallón*
*Vaia cajallón*
*Todas vilas medran*
*Esta nosa non.*
*(BIS)*

Das vilas que ten Morrazo
somos a máis atrasada
porque os que mandan na nosa
moito din e non fan nada

O luns cando hai máis enfermos
alí na casa do mare
temos un médico solo
os outros van traballare
temos un médico solo
os outros van traballare.

ESTRIBILLO

Ese cementerio vello
procuraren adecentalo
se non pro ano que venhe
volveremos a falalo
se non pro ano que venhe
volveremos a falalo.
Das aceras que fixeron
algúns xa nada debemos
os que máis deben pagare
eses inda xa veremos
os que máis deben pagare
eses inda xa veremos

ESTRIBILLO

*Vaia cajallón*
*vaia cajallón*
*de que o paguen uns*
*e os outros non.*
*(BIS)*

## O Follón

Os pirilleiras salimos
cando nos chega o carnaval
nos conselleiros non somos
por iso vimos a criticar.
Ese noso Manoliño
feiticeiro das queimadas
xa tirou con toalla
por non-ollar cousas claras.

ESTRIBILLOS

E agora entre raposos
Fan o follón con avalancha
En ves de salir Miñón
Saleulle a Fraga no cú unha mancha.
Andan todos revirados
Porque non pensan máis que en chupar
A conta dos parroquianos
Solo che pensan en gobernar
Nesta nosa boa vila
Sobran as cousas que hai que pedir
Non temos un Conselleiro
Que se lle poda iscar de eiqui
E nos servicios da vila
Xa non teñen marxinados
Non temos electricistas
Non hai civiles nin hai xuzgados

ESTRIBILLO

Vannos a chupar o leite
Os do mercado ese común
E se nos chupan os ovos
Van a deixarnos xa sin ningún.
E do Peñón no nos queren
Dar tansiquera nin unha astilla
Solo falta que nos leven
Illas Canarias.Ceuta e Melilla
Solo falta que nos leven
Illas Canarias, Ceutas e Mellilla

## O Meu Povo

O meu povo querido
moito vas a chorar
por todas esas cousas
que che están a negar.

Somos a cenicenta
desde noso morrazo
cando todos van en popa
nos vamos pro carallo.

estribillo

Señores concellais
fágannos un favor
non vale o "capitán"
tírenno a estribor
queremos un instituto
para os filos estudiar
que se non día a día
vánsenos a emporrar.

Da casa da Cultura
algo hay que falar
aproban segunda fase
¿a primeira onde está?

Queren sanear Beluso
cun proxecto inviable
lástima de millóns
para algúns comer de balde.
ESTRIBILLO
Non sabemos que pensan
con eses nove millóns
veremos máis adiante
cando haixa eleccións.

Pedímoslle o povo
non se deixe engañar
mire ben a quen escolles
para poder millorar.

ESTRIBILLO

**"OS MULOS"** Bueu – 1987.

## *A nova Plaga*

Cando acabarán as guerras
e algún día temos Paz
que se retiren os contras
e terminen o de Irak.
Alfonsín coas Malvinas
quere volver as andadas
pero a Tacher que e nerviosa
vólvese unha abella Maia.

ESTRIBILLO

Ahí ven Gorbachov
o de Chernovil
ahí che ven o Rigan
o do Irangate
ven Gadafi o terrorista
temos de amigo a Fidel.
Sonche todos eles chulos
andan xogando co Mundo
e agora por Melilla
ven o tolo de Dudú.
Haber cando se retiran
ou si non que lles entre o Sida
e si esto non lles chega
vaian tomar polo cú.

ESTRIBILLO

En España co da OTAN
pasa o mismo que co aborto
bases dentro bases fora
todo depende do morto.
Contentos os de Felipe
vai morrendo a dereita
suba o Iva veñan viaxes
eles ven que se aproveitan.

ESTRIBILLO

Siguen apresando barcos
os ingleses e franceses
o desquite os marroquis
e a chupa os portugueses.
Os da Xunta non lles vai
cos problemiñas dos peixes
bastante teñen coas crises
que fan dimitir a feixes.

ESTRIBILLO FINAL

## *Os novos problemas do Pobo*

Dos desagües empezamos a falar
contentos os jodechinchos estarán
en Loureiro tan de moda que agora está
e as rapetas solo merda pescarán
Aquel tempo da toxina xa. pasou
vaia perda no marisco e mexilón
ata a Xunta americanos contratou
co inverno o mar volveu a súa razón.

ESTRIBILLO

Supermercados, cafeterías
novos negocios e mais tabernas onde picar
inda co albariño sexa de Raxó
din que está feito coas uvas de Masó.
Non hai roubos nin drogados nin follóns
na plaza xa non fai falla nin guardián
agora queiman aparellos e casino light
pensan que a parabólica recollerá.
Xa nos fixeron no centro un panteón
e os do precinto azul teñen un parón
os outros Bancos no pobo pasaron o ano
quen non pudo foi o Hispano Americano.

ESTRIBILLO

O da gorra cos galóns quixos atar
pero os cans xa se volveron a soltar
e que fora o patrón según nos din
un vendedor que che temos e de Marín.
Non che hai xuzgado para discutir
nin onde chamar a nosa Guardia Civil
e si cerran as conservas nin traballar
nin tampouco onde nos ir a cagar.

ESTRIBILLO E FINAL

## *Os Mulos*

Somos Os Mulos os que quedamos
imos de farra
de vez en cando.
Fora Caciques
fora pamplinas
somos mui serios
con disciplina.
Onde se encontran
e un festival.

ESTRIBILLO

Temos humor e alegría
sin ter instrumentos para acompañar
chega o seu director
a caixa de mistos, e a taza na mán.
E unha peña de amigos
que non temos grandes pretensións
un bó viño e uns alcriques
pra poñerlle nota a unha canción.
Hainos das altas, tamén das baixas
ata tenor
hai de coral,tamén de comparsa,
e de afición.

ESTRIBILLO FINAL

## *Novas promesas*

Que lindo está este Pobo
alá na Banda do Río
con esa fase empezada
dese paseo mariño.
Que no se remate ahí
é o que todos dexamos
de facer unha alameda
é a ilusión que tiñamos.
Haiche cousas en proxecto
Instituto e Pabellón.
dicen que si non están feitos
a culpa é da oposición.
A cando as frores de Maio
promete o de sanidade
que che teremos urxencias
na no Casa do Mar.
Tamén o campo de fútbol
quérenno levar aló
a un lugar que é mui lonxe
chamado o Castrillón.
Os que deron esa idea
son de cabeza mui dura
queren facer outro camping
como o de Chans e o de Udra.
Eses chaléts que están feitos
en Portomaior e Agrelo
naceulle unha filla parba
que é o que está en Covelo.
Din que ocupan todo o muelle
os barcos do mexilón
pois que o fagan máis grande
que é o que pide o Patrón.

## *Cousas de abordo*

Temos nós un bó Alcalde
que non e como Jomeini
a todo che di que sí
e despois fai o que quere.
Creemos non e pra tanto
estamos na dedocracia
non lle vais a pasar
O Lino o mismo que a Fraga.

*ESTRIBILLO*

Nos pensamos que eses
non teñen razón
pois confunden a él
coa tripulación.
Xa debían estar
eles no poder
e deixarse un pouquiño
de tanto joder.

Fáltalle autoridade
di Alianza Popular
debía de ser mais duro
non deixarse mangonear.
O Bloque e o PESOE
son algo desconfiados
non renuncian a pensar
que che ha.i un infiltrado.

ESTRIBILLO

Nos creemos que hai
algún concellal
que récolle galóns
mais co Capitán.
Sonche tipos de obras
en plan informal
e aos probes iñorantes
estiralle a man.
Para Xunio virá outro
este din que caducou
coméronlle tanto o coco
os tipos que el mandou.
Esperemos que o que veña
faga as cousas millor
meta caña as chulerías
e non queira toleiróns.

ESTRIBILLO

Nos sabemos que hai
algún concellal
virará a chaqueta
alá polo vran.
De dereitas a izquierdas
que cambio darán
fará outro a inversa
solo pa chupar.

Músicos de Ourella
OS MULOS BUEU CARNAVAL 1.987




## *A vida segue igual... pero peor*

*Música: Pa la Gomera*

ESTRIBILLO
Disque xa se vai (bis)
o Alcalde afora,
disque se vai (bis)
pra buscar millora.
Pra buscar millora (3 veces)
disque xa se vai (bis)
o alcalde afora.
No noso pobo de Bueu
xa temo-la solución,
o Instituto nas Lagoas
e tamén o Pabelón.
Outras cousas nesta vila
brilan pola súa ausencia
como o Paseo da Praia
e o Servicio de Urxencias.
*ESTRIBILLO*
Tampouco temos no pobo,
e isto xa é unha locura,
¿cando van rematar
esa Casa da Cultura?
Como costou tantos cartos
buscaron a solución,
de apretarno-las costelas
pagando a contribución.
*ESTRIBILLO*
A corporación que temos
sonche listos de carallo,
como iles sobran os cartos
tírannos no enlousado.
Nese dichoso enlousado
deixaron un resaltiño,
pra que as vellas ó ir a misa
se esparren de fuciños.
*ESTRIBILLO*
Nunca se mirou señores,
unha cousa semellante,
que o noso aparellador
non entenda de rasante.
O Bloque e os socialistas
convocaron moitos plenos,
mais non iles fixeron caso,
todo marchou por "correos"
ESTRIBILLO
Pras vindeiras eleccións
xa volverán a ladrar,
facendo moitas promesas,
pra que vaiamos votare.
E a nos "As Pirilleiras"
xa no nos van enganar,
pois marchamos pra Cangas,
e con Pena imos quedare.
ESTRIBILLO

## *Moito por facer*

*Música: Ellos las prefieren gordas*

Temos un pobo moi bonito
moito hay que que facere
que non está feitiño, Lino
rúas, camiños e aceiras
non chega o presuposto
pra comer as vieiras, eiras.
Xa nos meteron en un saco
coa contribución
que temos que pagare, are
hubo un canciño que dixo
hay que pagar
e non bufar.
*ESTRIBILLO*
Eses teñen moita moita cara
non saben gobernare
solo pensan en papare, papans, papans
Todos, todos eles son moi cucos
en lugar de traballare
dedicanse atracare, ladróns, ladróns
Xa non teremos Instituto
tampouco Pabellón
hasto ano dous mil, mil
Bloque, Pesoe e Alianza
en vez de traballare
dedicanse a farsa, arsa.
Vamos a ter quir a fichare
alcalde a Madrid
pra ver de progresare, are
fagan favor os señores
poñanse andar
e traballar.
*ESTRIBILLO*
Esa rexunta que nos temos
eche unha institución
de todos os galegos, egos
Rivas, Mariñas e Fernando
odéronlle-o pastel
a o señor Gerardo, ardo
antes nunca fixeron nada
vamos a ver cos novos
se sigue a carallada, ada
pois como sigan na mesma
xa podense ir rasca-lo cú.
**ESTRIBILLO**

## *Vamos pra tras*

*Música: Mami Panchita*

Nesta Vila medieval
que pasará
quedase atrás
co carnaval
nos queremos pola andar
co as cancións
pra iso vimos
criticar.
*ESTRIBILLO*
Dicen que Fraga
está disposto
fichar na Xunta
con moito soldo.
Unha queixa imos-lle dar
a noso alcalde
pola Rúa do Norte
dende a Graña a Pitis
o alumbrado non se deixa
ver eilí.
ESTRIBILLO
Temos na Xunta
moitos chupóns
na nosa vila
moitos ladróns.
O goberno de Nación
vainos queimar
e hipotecar
hasta os collóns
no nos deixan respirar
con tanto imposto
onde iremos a parar.
ESTRIBILLO
Na nosa Xunta
xai un follón
coa Aluminia
e o Casón.
Nesta Vila encontrarás
moitos furanchos
que che venden augarrás.
Os que entren a probar
salen penecas
e os portales
non verán.
ESTRIBILLO
Miren señores
Non tomen viño
Da cagarría
Ese Alvariño.

Dese mesmo anode 1988, No que "**AS PIRILLEIRAS**" lle renderon unha homenaxe o seu carismático director Silvino, é esta outra letriña:

## A bicoca do albariño

*Música: Bailaches Carolina*

Agora en Bueu señores,
no nos podemos queixare
porque xa sobran furanchos
onde ir a remollare.
O albariño está de moda
isto xa manda carallo
so con colgar un loureiro
a xente xa está no allo.

**ESTRIBILLO**

Isto de abrir furanchos
xa e un bicocón,
que ata venderon viño
algúns da construcción.
O molla-lo peteiro
algún que bó está
o cabo dalgún tempo
van correndo a cagar.
Isto vai mandar carallo
pra podelo endereitare
con tanto furancho aberto
non nos vamos a safare.
Todos xuntos en tertulia
o viño peganlle duro
e cando marchan pra casa
van dereitos contra os muros.

**ESTRIBILLO**

Disque van abillar outro
pero ainda non e para gora
porque o resto que lle falta
vanno traer de Zamora.
Agora o albariño
tópase en calquer esquina
pero tes que ir armado
cunha caixa de aspirinas.

*ESTRIBILLO FINAL*

Isto de abrir furanchos
xa e un bicocón
que ata venderon viño
algúns da construcción.
O molla-lo peteiro
algún que bó está
o cabo dalgún tempo
van correndo a cagar
van correndo a cagar
van correndo a cagar
o molla-lo peteiro
algún que bó está.




## O noso porto

Os anos van pasando
e as promesas vanse olvidando
os nosos mariñeiros van engadando
con chapuzas de vez en cando
O porto xa e pequeño
e siguenno achicando
co famoso relleno
e ainda encima un espantallo
din que vale ese enxendxo
noventa kilos, manda carallo
din que vale ese enxendro
noventa kilos, manda carallo
Como farán agora
pra ter no muelle o barco amarrado
algún de madrugada o ir pro mar
estará varado
Daba groria de velo
de Petis o Penedo
pero cos rascacielos que ali fixeron
quedamos cegos
e despois das casetas
que sigan indo ata o aserradero
e despois das casetas
que sigan indo-ata o aserradero
Os anos van pasando
e as promesas vanse olvidando
e na Casado Mar das urxencias
era pra Mayo do ano pasado.
O que foi Sanitario
deulle a lengua de abondo
no poleiro e segundo
pero él aspira o primeiro posto
non mais sangue a recado
haberá Ambulancia, manda carallo
non mais sangue a recado
haberá Ambulancia, manda oarallo.
Como están de contentos
si a Cofradía vai millorando
tenche seis empleados e algún de viaxe
pra ir meditando.
Xa non vixila tanto
a Zodia non ten uso
vanlle facer o enterro nesa capilla
Praia Beluso
e as vaquitas a Ría
que xa hai pariente na axudantia
e as vaquitas a Ría
que xa hai pariente na Axudantía

“**OS MULOS”** Bueu – 1988 (Continuación).

## Os da bordo

Vaya polvo nos votaron
con esa Contribución
os cartiños nos pagamos
pro ano hai devolución.
O noso alcalde señores
tiña un mando a distancia
daba as notas por correos
este sempre se retrasa.
ESTRIBILLO
Quixéronlle dar
polo mostrador
meten no xuzgado,
meten no xuzgado
algún do follón.
Os Concellales que temos
sonche dignos de admirar
nos plenos estan calados
cando debían fular.
E si líes preguntan algo
non sabían contestar
o faltarlle o Capitán
todos a deriva van.
ESTRIBILLO
Tendes que saber
levar o timón
pra que non vos pase, pra que non vos pase
como o do CASON.
A que temos de Cultura
*porsupuesto* e de Cela
*realmente* nos dixeron
non che ten nin puta idea.
Tamén temos un ferreiro
e non e o da costera
e o encargado do enchufe
do alumbrado tipo pera
ESTRIBILLO
Temos un muy fiel
experto en construcción
el non sabe nada nin de Instituto
nin de Pabellón.
O de Tráfico, hai que listo,
non topou donde aparcar
en dirección prohibida
había un corvo a asexar.
Este sacoulle unha foto
o chulo do concellal
pola escaleira abaixo
quixo a mirinda tirar.
ESTRIBILLO
Este preguntou
de forma informal
tes algún problema, tes algún problema
de tipo sexual.
O noso xefe Colombo
con nombre orietal
fixo el de burro taxi
cando foi do temporal.
collía o chuculeiro
algún da terceira edad
mentras na outra acera
vixiaba o manda mais.
ESTRIBILLO
*Haber si se fai*
*algo para Abril*
*poñan vos desagües, poñan vos desagües*
*pra non atuir.*
*Haber si se fui*
*algo para Abril*
*e que sean anchos*
*haber si se cola*
*algún galopín.*

## Os jetas

Mirar con que jeta nos teñen engañadiños
facendo -reunións non lles caen os anillos
entre ese Rigan e o Gorbachov
fan o que queren dé Moscú a New York
Estamos cheos, tantos follóns
e de misiles, ata os collóns
os do Golfo Pérsico e Esquipulas Dos.
Mirar como se insultan e din que son enemigos
en aquela reunión casi chegan os bíquiños'
queremos paz e que non corra o sangue
haber si o consiguen ese Ruso e o Ianqui.
O mundo está como unha - cesta
Pinochet está mal da-testa
Alfonsín aguantará
Fidel unha medalla
Ortega ten a contra en Nicaragua.
0 mundo está feito unha-Braga
como a de Susana Estrada
furada a Bolsa está
o Dólar fixo agua
Os tiburóns cos filipinos Maja

Bota wisky Rígan para o personal
vamos darlle moita marcha
haber si nos deixan coa nuclear
e co proxecto Galaxia.

A Xunta está como unha cesta
arquitecto e o de Pesca
de gando e Mosquera
non teñen nin idea
Marruecos manda os barcos pa Terra.
A Xunta está feita unha vaga
Alúmina estuvo parada
Astano en folga está
Ascón non solucionan
eles sempre están de comilonas.
bota wisky Laxe para celebrar
esa fusión con Barreiro
andades o rolo como eses bidóns
que cairon do Casón. (bis).

*** *** ****** *** ****** *** ***

## Mulada 88

Este ano OS MULOS salimos
un pouco apagadiños, pois fáltanos Piño
pero a Peña, seguirnos sendo os mismos
solo que non ternos, a caixa dos mistos.
O Maestro estache no carro
está recuperando pra dirixir po ano
e nos temos que deixar os furanchos
pois o albariño, tennos escarallados.

*ESTRIBILLO*

E coa Comunidad
vamos de mal en peor
pois cortáronnos o leite
jodéronnos o millor.
Bótanos fora Hassan
mándanos salir do mar
teremos que ir algún día
a Borrallido a pescar.

Este pobo de Bueu hoxe en día
con tanto armador, que ven estaría
si sacaran, algún para obreiro
e que deran postos, ainda de chaboleiro.
Comerciantes e os Industriales
fixeron no pobo unha Asociación
que terminen ese Partenón
e así poidan ter nel a reunión.
*ESTRIBILLO*
A coller posto de alcalde
hubo algún que aspirou
e como no consiguiu
metéusenos no futból.
Húboche follóns nos plenos
polo da Contribución
e algún por darlle a lengua
vaiche ir o cagarrón (bis).

## Corrupción

O LA LA, Hay que pobo mais orixinal
O LA LA, Este pobo sempre vai pra trás.
Xa fai catro anos, que se queren lucir
eran independientes, e o mando sisí
A pandilla que vivía, das súas profesións
na bicoca se meteron, de cada casa o mi!lor
No baile Pirigallo, un desfile miraron
e pra estar a moda, a chaqueta cambiaron
Algún do cazo, tuvo que marchar
porque para alianza era moi popular
O LA LA, Que pandilla mais orixinal
O LA LA, Que teatro na Consistorial
Os pais polos chavales, preocupados están
en ese bar da esquina, que pintadas fan
Un tío cabecilla, ten por profesión
a corrupción en Miami, surte droga e inyección
Os practicantes, competencia lles fan
con clínicas nas Rúas, ou en calquer Bar
Si algún colega, se encontrara mal
a diario no centro, un galeno está
O LA LA, Que pasota mais orixinal
O LA LA, Tanto porro van alucinar
Non se dorme de noite, xunto o Panteón
con tanto gamberro, e tanto cagallón
Si a garda nocturna, non pon solución
vamos coller as mantas, ir po Partenón
Hai porno pos nenos, na Televisión
Sabrina enseña as tetas, Butragueño os collóns
O LA LA, Que xentiña mais orixinal
O LA LA, Este mundo eche un carnaval.

## "OS DOS CONTIÑOS" Bueu – 1988




### Caimos na tetación

*(Acción de sair unha teta)*

Saíra no Un, Dous, Tres
e a partir de aquel día
xa todo mundo decía
a ver si, sae outra vez.

Quedamos coas ganas
de volver a ve-la,
pois xa parecía
unha taramela.

Pero pra mirar
inda houho que esperar (BIS)
algunhas semanas.

En fin de ano esta vez
xa estábamos avisados
e cos vídeospreparados
para pode-la grabar.

Mentras as domingas
que non se paraban,
a todos as mingas
se lles levantaban.

E como ó cantar
non deixaba de saltar (BIS)
salulle unha teta.

E si por casualidad
non estabas moi atento
non deixes de estar contento
que votan repetición.

En cámara lenta
pra que te des cuenta,
do momento xusto
cando sae a teta.

E tanto saltou
que unha teta lle escapou (BIS)
menuda tetaza.

Despóis da repetición
pasaron cousas moi raras
xa se miraba nas caras
querían comer melón.

Non foi bruxería
foiche da emoción,
estaba moi claro tiña
explicación.

En vez de turrón
algún quería melón(BIS)
dos que ten Sabrina.
CACHO DE MELONS

### As tres plagas

Anda o Clero preocupado
pola saude dos feles
alguns Víspos recomendan
que se forrasen as peles.

Dinno na televisión
pra traballar no buraco
debes ser moi precavido
tes que torrar o aparato.

Cando vaias a unha praia
mira ben quen tes o lado
que non che pique un mosquito
na puntiña do carallo.

Decían desde Madrid
o Casón non é un foguete
non hai porque terlle medo
a un barquiño de xoguete.

Eses señores da Xunta
usan bo desodorante
así non lles cheira a merla
que sempre levan colgante.

Non queremos máis Casons
que a merda xa se XUNTA"
que "VIDON" o que se pegan
os que se sentan na Xunta.

Eses carallos dos paisas
polo cu nos queren dar
parece que nos joderon
xa no nos deixan pescar.

Mandaron todos os barcos
a descansar para casa
e mentras eles tranquilos
vendendo fombra barata.

E hora de preguntarnos
Ese tíos de que van
que vaian venderlle fombras

o seu colega Hassan.

### Rúa Melancolia

Os nosos galos, os nosos galos
xa deixaron de cantar
con tanta xente, con tanta xente
debéronse de asustar.
*ESTRIBILLO*

O noso ramal dos galos
eche o centro da movida
baixas sereno da casa
levas cagallón pra riba.

E a Casa da Cultura
que parece o partenón
non te vaias confundir
cando subas cagallón.
*ESTRIBILLO*
O da Casa da Cultura
estivo mol ben pensado
xa non tes que ir a praia
pra votar un bo síscallo.

E sí estas na discoteca
e se che pon duro o nabo
vas a Casa da Cultura
que che queda alí o lado.

*ESTRIBILLO*
Si cerran a discoteca
a cousa vai ser jodida
a ver onde ostia atopamos
outra rúa da movida.

Si a xente sigue empeñada
non temos máis solución
que marcharnos deste pobo
e irnos pra emigración.

ESTRIBILLO

### Non hai duas sin tres" (chaquetas)

Noso alcalde ChichoLINO
parece un camaleón
sempre cambia de chaqueta
no tempo das votacións.

Como fai a *Chicholina*
pra poñer máis emoción
vaínos enseñar a teta
nas vindeiras eleccións.

ChichoLINO
este pobo estaba mal
e ainda por enriba
ti o escarallaches máis.

*ESTRIBILLO*

Esta vez cambiou de barco
coa mesma tripulación
fixeron moi boa marea
sacaron moi bo quiñón.

Quitáronnos un Cordeiro
puxéronnos un León
cambiaron os animais
pra non chamar a atención
*ESTRIBILLO*
O aprendiz de Suárez
ten un amigo pin-pin
manéxano como queren
vota sempre o que lle din.

Ese tío non se entera
debe ser algo lambón
quería dar caramelos
no pleno do pabellón.

*ESTRIBILLO*
E o da contribución
foi feito con mala fe
cobraban por un cortello
como si fose un chalé

A xente que ten cortellos
moíto lle toca sufrir
si pagaban cen pesetas
teñen que pagar cen mil.

ESTRIBILLO
Alguén puso nunha carta
que gastaba algún millón
pra empezar un instituto
e tamén un pabellón.

Nos estivemos buscando
e non os pudemos topar
por iso che preguntamos
onde carallo están.

*ESTRIBILLO*

### Chinito eu; chinito ti

Hai un ganster en Buen
famoso por seu estilo,
tenche o nome de un mes
e tamén cara de chino.

Chamámoslle o rei da rúa
e ten moita pantomima
cando se planta no cruce
parece unha bailarina.

Si che puso unha multa
e non queres pagar
ti non te preocupes
que o podes remediar,
con el has de falar
con el has de falar
levarlle un bo regalo
e echa dé quitar.

Gostalle un montón a fruta
vai sempre po-lo mercado
tenche mais cara
que espalda leva todo regalado.

Con semellante maestro
non nos podemos queixar
si os demáis uniformados
nunca fan por traballar.

E si algún domingo
ti telos que chamar
tu non te preocupes
non tes porque buscar
pódelos atopar
pódelos atopar
mirando o futbito
algún sempre ha de estar
mirando o futbito
en vez de traballar.

"**A VASOIRA METÁLICA"** Bueu – 1988. Seu director era Jorge Fiel.

## BUEU

Vou, vou, vou

Bueu, Bueu, Bueu

Sen, sen, sen
Sen PABELLON
e sen CINE tamén

CASA DA
CULTURA sen
sen, sen rematar

E calquera
é máis ca nos
a onde imos ir
e calquera
e máis ca nos
i Manolo
noso alcalde...

Bueu, Bueu, Bueu
sen ESCOLA DE MUSICA

Bueu, Bueu, Bueu
moita CONTRIBUCION

Desde Bueu ata Ardan
non hai por onde andar
o mesmo pasa en Beluso
todo é similar




## HISTORIA INTERMINABLE

Metálica é a Vasoira
do Antroido 88
xa os tempos son pasados
de agachar e calar moito

**Estribillo**

Vasoira, Vasoira
Queremos vasoirar
os que con moito morro
nos están a engañar

Esa historia do Instituto
eche un conto para nenos
ainda que somos novos
nen de vellos veremos

Cando saiamos da escola
¿onde imos a estudar?
A Cangas ou a Marin
daquí aiche que emigrar

Disque queren os maiores
que nos guste a lectura
¿que carallo imos a leer?
nen hai casa da cultura

Sen pabellón de deportes
éche unha rapañota
¿ónde imos a xogare
sen mollarnolas pelotas?

Pra Bandeira de Traineiras
prometeron un millón
O da promesa non estaba
o outro dixo que non

O Alcalde lle pedimos
que nos bote unha man
os que hoxe somos nanos
homes somos do mañan

## MACHITO EL CHE

Pois si señores
esta é a verdá
Hubo un señor
sentado no poltrón
¿Inteligente, desperto?, pillín
Que rindeu contas os do manbalón

¿Quén é. quén é?
Non cho vou a decir

¿Quén é, quén é?
Non me fagas reir

Machito el Che
Chámanlle o señor
Machito el Che
un vulgar fantasmón
Machito el Che
denuncia sen perdón
Machito el Che
Tenche gran invención

Machito el Che
Eche o do Pabellón
Machito el Che
da colaboración
Machito el Che
o da Contribución
Machito el Che
Quedouse sin poltron



## A NOSOS PAIS

Non canta no mar ninguén
Por iso o meu barco canta
Canta o estrolo tamén
cas gaviotas non espanta

Non hai canto tan fermoso
fino como un asubio
anque a palada saudosa
faise no vran ou con frio

I o meu remo e cerna dura
sábese carballo e freixo
que fermosa a sua feitura
que ó mar sabe darlle beizos

Os peixes vanse aledando
por onde o meu barco pasa
navega que navegando
traime a colleita pra casa

Viviños e coleando
levanos a nosa Lonxa
dende que a están gobernando
xa nos parece outra cousa

## "**AS PIRILLEIRAS**" – 1989:




## *Academia*

*Música Vals - Calexón de Tabarés*

Chegamos os Pirilleiras
en tempos de Carnaval
pra cantar e alegrar
as xentes de este lugar.

Somos a fror de Bueu
que nunca marchita está
e por nos a propia Eva
sempre, sempre pecará.
*ESTRIBILLO*
Temos na Consistorial
os músicos de Nunú
todos que van a tocar
soio e pra enche lo cú.

Eche a Consistorial
un barquiño sin timón
nos pensamos que a culpa
tena o noso patrón.
*ESTROFA*
Prometerón Intituto
e tamén o Pabellón
non temos nin os terreos
pra facer un cajarrón.

Pedimos pra nosa Vila
milloras e rúas novas
fai falla xá que urbanicen
eses llanos das Lagoas.
*ESTRIBILLO*
*ESTROFA*
Ora e que despertemos
e en algo properar
e poder a o noso pobo
a outras vilas comparar.

Certas cousas que se fan
cortanse po la mitad
con remendos e chapuzas
a nosa vila eisi está.

## *A enfermedad*

Música. Salud, Dinero y Amor

San Bueisiño querido
patrón desta enfermedad
temos o que merecemos
cheos de reumas andamos xá.

Unha das reumas peores
ainda na Consistorial
aquela xa non ten cura
que xa non poden obrar
*ESTRIBILLO*
Esta enfermedad
eche do peroné
cando gobernaba
cando gobernaba
o señor Xosé.

Esta enfermedad
saleunos do Cun-Fú
todos que a teñen
todos que a teñen
e de enche-lo cú.
*ESTROFA*
O mundo vai cambeando
cada uno o seu capricho
ai mociñós con pendentes
e outros gastan carrapicho.

Mulleres con calzoncillos
e moitas con pantalóns
as que teñen máis empeine
hasta parecen collóns.
*ESTRIBILLO*
*ESTROFA*
Tamén enfermos che andan
os da Internacional
Ugete e Socialistas
co paro non paran xá.

Ugete pide milloras
o Soe nin caso lles fai
e pra que isto se arregle
As urnas xa falarán
*ESTRIBILLO*

## *A_Maestranza*

*Música: Pasodoble "MANOLETE"*

O Axuntamento da Vila
tan xeito de Maestranza
aprendices de torero
que van soio a encher a panza.

Algún mete a banderilla
do direito pro revés
campeando o temporal
e asunto e cobra-lo mes.
*ESTRIBILLO*
Manolete, Manolete
si non sabes gobernar
a que te metes.

Manolote, Manolete
sempre estas arrodeado
de alcagüetes.

Manolete, Manolete
estas levando o noso barco
pra o garete.

Manolete, Manolete
por favor non chupes máis
de este chupete.
*ESTROFA*
Eiquí nesta nosa Vila
na limpeza damos
pena no paseo OurilÍamar
so ai Bombos e Cadeas.

Xa estaba ven adornado
co cortello que tiñamos
agora pra máis carallo
quedamos encadenados.
*ESTRIBILLO*
*ESTROFA*
Que fará O'Manoliño
con Orella e con Mancha
Pois co Fernández Albor vai
facer unha queimada

Este noso Manoliño
quere ser o Gorbachof
pra facer a Perestroica
Hai que contar con Raxoy.
*ESTRIBILLO*

## *Los Palomos*

*Música: "PALOMA BLANCA"*

Fraga fichou a Orella
farto de tanto lacón
pra chupar de esa leite
no Goberno da Nación.

Defenestrounos a Mancha
tamén ao señor Albor
quere facer a Queimada
alias señor Zapatóns.
*ESTRIBILLO*
Tamén temos os da Xunta
vaya listos que che son
compran traxes e zapatos
pagan todo do caixón
todo por chupar
e mal gobernar.
*ESTROFA*
Os conselleiros que temos
non cho fan ala mol mal
pois o millor que aprenderon.
foi cobrar e papar.

Este noso Manoliño
presidente quere ser
gobernar a nosa Xunta
pra leite chuparnos ven.
*ESTRIBILLO*
Guerra mandou a Felipe
a falar con Comisións
non me fagades máis lios
catro centos mil millóns
que xa saliran da Contribución

Patronal e Sindicatos
xá non queren negociar
estan chupando da folga
dalgún teto hai que mamar

Os da Coalición Galega
danse ostias sin parar
todos queren o chupete
esa piña vay rachar.
*ESTRIBILLO*
Gobernar de cara Europa
quere facer a Unión
hai que facer o posible
de gobernar a Nación
pensamos que así
nos irá millor
pensamos que así
nos irá millor.



# OS MULOS

músicos
de orella

CARNAVAL, 89

## O mercante

Estache todo Bueu en loita
menos o Alcalde e Corporación
pois cando o Pobo se manifesta
quedan na casa rascando os melóns.
Sonche coitados non dan a cara
e solo sirven pa presumir
non saben éles que o Pobo tenos
por uns fantoches e figuróns.

*Don Lino - Correos*
*Forestal - León*
*Ferreiro - La Torre*
*Loira - Fiel e Freire*
*non seades lambóns.*

E de cultura non saben nada
e non fan nada por aprender
e nos deportes son como Auita
fan maratóns cando naide os vé.

Hai concellales moi coitadiños
pois non che teñen moita maldad
e cando o xefe aproba algo
non saben levantar a mán.
*Estribillo*
Ese de Obras e Urbanismo
que nos pensamos non é tan fiel
din que se aproveita do cargo
e mira o ben solo po cú dél.
Cando fan plenos eche de risa
miren vostedes un concellal
cambia de gafas de vez en cando
e naquel block qué carallo fai.
*Estribillo*
E tamén algo nós falaremos
de eses grupos da oposición
non pensen éles que son millores
que os que están na corporación.
Ese que temos do CDS
que vota sempre con abstención
xoga a pelota cos da poltrona
e un chupótero do futból.
*Estribillo*
Miren vostedes Mirinda e Cuervo
que gana teñen de ser mandóns
eles os dous xunto con Ermelo
abúrrense a pedir dimisións.
Xosé e mais cuco que puta bella
o de Beluso e un faime rir
o dos bisóns e como Anguita
e o Iglesias foi de pimpín.

Trapalladas do Concello
Desde que hay contratistas
que van o Axuntamento
e na man levan éles o metro.
E na baixáda o Porto
tiraron unha liña
pra baixo Graña
pa arriba Fariña.
No cementerio bello
van facer un museo
pra aquelas ratas do matadeiro.
*Estribillo*
Xa non queremos nin pensar
das Lagoas qué farán
as alforxas encherán.
Xa o de Agrelo feito está
crucigrama pra acertar
por dónde as rúas irán.
Temos a Rúa Nova
e a dous carallos
cambia a rasante a Fonte dos Galos.
Os que a proxectaron
non poden ser de aquí
parece feita con berbiquí.
Vai mal o noso equipo
con Gil y Gil empeora
fanno sudar a él jota a jota.
Hai pistas por Cela a montóns
tinta femia e mais lacóns
qué cultura demostrou.
Hay de Beluso tubo a Sar
alumbrado de neón
e mexo polo Peón.
Según dónde aparquedes
chama a grúa Sefer
según sea éla ou sean éles.
As rúas pos talleres
e no Penedo tedes
un varadeiro como en Placeres.
E si o noso segundo
collera a Alcaldía
faría de Bueu unha porquería.
Xa o exemplo se mirou
cando a manifestación
ACIBU fixo a reunión.
E logo fixeron festón
con mais bombo que en Hawai
cando fan viño español.

## Mulada "89"

Dicen que este ano Os Mulos chimpún
rite Taberneiro saca pan e viño pón cara
de bó salimos muy empeñados, chimpún
porque temos local novo, chimpún
e pra os ensaios, feito en horas extras,
traballo nos deu
non pase como en Loureiro, chimpún.
Donde Os Mulos actuaron, chimpún non
deron as gracias e ata cobraron a
consumición
sería porque bailaron, chimpún.
Por donde empezaremos
pagando os clavos que nos metemos
os bloques e cemento
e o fregadeiro ainda son de Alfredo.
A madeira do piso dun bateeiro e do
aserradeiro
si nos pilla o ferreiro
da chiminea cainos o pelo.
Vale máis un traxe a pufo que os abrigos e
as bragas que a Miró e Conselleiros
luciron con moita cara.
Lévame nun barco mariñeiro, mariñeiro
lévame ata o medio, dende alí quero mirar
si e pra Alameda, ese relleno, ese relleno
ou pra que aterricen os da Escola Naval.
Alá porra, porra SISI
tes moito galopín
que por non traballar
collen posto de edil
e a xentiña da praia
ten que aprender a escalar
as cadenas e a báscula
pra poder ver ó mar.
Agora visten de marino
os axentes coa gorra,
Agora visten de marino
os homes de Hill Street
e o Capitán Furilo.
Xa verás, xa verás
que paseo tan lindo pola orilla mar
e frores pra cheirar, e bancos pra sentar
e na pista de abaixo cair un rapaz.
RIAU: RIAU, RIAU, RIAU; VIVA O .HUMOR

**"OS MULOS"** Bueu – 1989 (Continuación).

## *O que pasa en Bueu*

O que pasa aquí en Bueu
quixera sabelo eu
todos que entran no Axuntamento
que eu sepa ata agora
ningún se perdeu.
O que temos neste Pobo
e o que merecemos ter
si hai burros no Axuntamento
e porque votamos
partidos de A Pé.
Xa temos un Instituto, multi uso,
multi uso e tamén un Pabellón, nos collóns,
nos collóns. vai ti a saber que pasa, e unha guasa,
e unha guasa sábeo a Corporación, que trampóns, que trampóns.
Que compraron os terrenos,si lle deran, si lle deran
feito estaría nun ano, polo ano, polo ano
culpa ó millo e culpa á herba
mais pra diante será no nabo.
Co da manifestación
de emoción,chorou SISI
dixo que él mismo iba a dar clases
na capela vella
que hai en Petís.
O que pasa que cultura
ven pouca che deben ter
invitaron o burro on pleno
pra que lle enseñara
a algúns E. X. B.
Xa temos Garda Nocturna, nunha urna, nunha urna
tutelo e calefacción, pro follón, pro follón
por si se aburren de noite, habrá lote, habrá lote
puxeron unha televisión, e un colchón, e un colchón.
Tamén no Casino teñen, xa veredes, xa veredes
a nova Pilar Miró, si señor, si señor
e como asesor do taco
un da fábrica Massó.
Nas festas de San Martiño
decían os rapaciños
si non temos no Pobo os cochitos
quén tería a culpa non dar os permisos.
Menos mal que co incendio
xa tuveron distracción
mirando pos caldeiros da auga
como traballaba a Corporación.



**OS MULOS**
músicos
de orella

CARNAVAL, 89

## *Así anda Bueu*

Pro ano noventa e dous
seremos moi europeos
iremos vendendo fombras
por Berlín e por Burdeos.
O diñeiro non importa
o tren novo por España
a Galicia non lle toca
sigue co das castañas.
Teño un permiso, coño, todos al suelo
agora co fillo cura, bou tranquilo po cielo.
Vaia un parón co da folga xeral
a taza no furancho pola porta de atrás.
Si Fraga colle o mandato
o carallo mais de catro

Fora coches e queridas
e tamén traxes de rabo.
Eu prefiero que non mande
a Laxe e o Presedo
pra Porriño o matadeiro
como irá o Barreiro.
Teño un chalet casi pra rematar
San Cayetano Vence en San Vicente do Mar.
Temos muller nesa Garda Civil
Xuraron coa regla de luchar o morir.
Boyer estaba a soñar
Isabel quedou preñada
despertouno un da UGT
dándolle unha bofetada.
Nos estamos moi contentos
co PSOE no goberno
enche o bolsillo dos grandes
encolle o dos pequenos.
Teño un avión, Jeta pon batallón
paso das caravanas, si me sal dos collóns.
Teño millóns, Felipe so dirás
un negocio Redondo, sin parte a Nicolás.
Escapando da prisión
artista e Ruiz Mateos
dixo que iba a mexar
pero desapareceu.
Agora vai disfrazarse
de abellón mister
picarlle a Guerra na lengua
nos ovos a Boyer.
Teño algún millón
e fago salchichón
pa salir do secuestro
pagouse un montón.
Rigan non colleu
o Bus a Nueva York
solo pedimos paz
con Gadafi e Gorvachof.

Neste ano de 1989 aparece polas rúas de Beluso unha comparsa de xente xove, cunha "marcha" tremenda. O seu promotor foi Juan Martínez Estevez e o seu director Manuel Angel Soliño Pousada, Os instrumentos que utilizan son: Acordeón, guitarra, tambor, bombo, platillos e gaita.

Para escollé-las músicas para as letriñas parten das aportadas, en cintas, polos compoñentes das cales elixen algunhas que polo seu ritmo e viveza lles guste máis; mais prefiren as populares por ser máis sinxelas e estar acostumados a cantalas.

As letras aportana os compoñentes da comparsa traendo estrofas soltas en cuartetos, a partir de aí unha comisión encargase de axeitalas á música elixida.

A forma de ingresar e a propósta dalgun membro do grupo e posterior aceptación do resto dos compoñentes (sen protocolo algún).

Ensaian no Colexio de Beluso que colabora no Entroido de forma altruísta e dando todo tipo de facilidades. A partir do mes de decembro, data da primeira reunión, é cando se comeza a traballas mas letras, música e elección do traxe e abaloirios.




**Os Peneques 89**

## Penequestroika xeral

### Estribillo

Miña Xunta galega
¿Quén levou os millóns?
0 Barreiro Tragaperras
o Laxe non ten collóns

0 Fraga que non fuma,
vais carallo levou:
el quería gobernar
cunha mancha no pulmón.

Ande moi preocupado
coa mosca detrás da orella
vai facer unha quimada
e poñer unha querella.

Esa Pilar Miró
tenche mozos cantos quere;
iso é dende que usa
as braguitas de Loeve.

Estribillo.......

Perestrika para todos
é o que dita Corbachof.
O Fidel se fai o xordo
vena caña negra e ron:

0 Reagan de despedida,
xa chegou o outroBush.
Agoró sóbralle tempo
pra poder rasca-lo cu

A este noso Ruiz Mateos
non lle gaste o caldeiro
pois é un especialista
nesas fugas de diñeiro

Estribillo.

A Boyer e máis a china
van ter un bebé.
Van metelo nunha cuna,
vanlle facer un chalé.

Dazaseis cuartos de baño
e ningún leva bidé.
0.chan. e de porcelana
e tamén salón de té,
Estribillo ......

O Felipe preocupado
polo folga xeral,
vaia polvo lle meteu
o raío do Nicolás.

O Alfonsiño non se cola
case lle dan un hostión
vai de chulo polo vida
e volveu en avión

*Estribillo ...*

## Alma de touciño

Era un alcalde de pedra
que vivía en Pontevedra,
Lino, lino, carolino
no cerebro tes touciño
Xa estamos hasta as collóns
deste cheira do Peón,
non queramos máis ladillas.
Queremos alcantarillas.

Estribillo

*De Pontevedra non eres*
*Pero a Bueu non lle queres*
*Se vas a ser un bandallo*
*Lino vai ó carallo.*

0 pleno foi divertido
Lino estaba distraído
0 orador non foi moi cruel
tiña a labia *no* papel.
Non queremos prostituto
veña xa o instituto.
Xa está ben de socavóns
Cabeciña de melón

Estribillo

Houbo manifestación.
co raio do pabellón
un cacho dun mamelón
quixo facer un galpón.

Xa empezou a guerra fría,
protestou a cofradía
por toda esa chatarra
que está na praia aboiada.
A praia era do pobo
e agora é duns poucos

Estribillo

Xa temos novo teniente,
xa se marchou o de Oriente,
novos mozos fluorescentes
que polo noite se encenden
Báñate en tuia nudista
desnuda naturalista,
*se* queres teta dourada
xa non tes que ir a Barra.
Todo dios vai dando tambos,
é unha praia de dous rombos
Xa se fixo un monumento
con moito medicamento
0 ce cique era *un* galeno
que non che venda veneno.
0 do lixo é de parranda,
pola noite de varanda,
entre bidón e bidón
xa colleu o cagallón
Estribillo

"**OS PENEQUES"** Beluso – 1989 (Continuación).

## Homenaxe

Canten os Peneques
pola libertad
que nesta non é criticar
que a nosa xentiña
que ten humildad
queremos homenaxear.

Cantan Os Peneques
que che é Carnaval
que fagan o pobo escoitar
que canten por esas
que teñen bondad,
en elas está a verda.

Eu canto por Juan Santos no seu andar
co gabán e a rama de arcolito na man.
Nel todo era sabiduría e amista.
Na historia de Bueu quedará.

Eu canto por Salvador que é bo
rapaz,
aparéceche dando voltas detrás.
El soio pensa os coches multar.
Agradéceche o pitillo para fumar.

Eu canto por Pelélico sen maldad,
pola clásica forma de saudar.
El sempre quiso ter sin molestsar
un pitillo na orella e outro na man.
*Estribillo*
Eu canto por Carina tamén nomear,
á probe moito a fixeron rabear.
O ceo xa moi ben gañado terá;
irache xunto con San Pedro da man.

Eu canto porque o noso futbol vai mal,
faltiña nótase quen de moral.
Daquela saían sempre a rachar,
se a Ratiña estaba na banda a
animar.

Eu canto porque o Ranito nos da
as primeiras novas moi de mañán.
Eu canto porque a Xestido lle vai
bortar fogos ou levar a Cruz na man.
*Estribillo*

## Beluso Cha,Cha,Cha

Cegamos a contar penas
de todos ben conocidas:
no noso pobo Beluso
xa as temos ben sufridas
O Alcalde Freire Lino
eche fino como un allo
deixa para Bueu todo o bo
manda os demáis o carallo.
E de Beluso e Cela calan
deixando ir para diante.
¿Quén lle meta mano a ese?
¡Éche patrón da mercante!
Estribillo
Xa chegou a hora
de facerlle ver
que nesta miseria
non imos morrer.
Eche o do alcantarillado
un problema singular
agora que está acabado
auga non deixan botare.
Xeitoso é o alumbrado
pola Rúanova abaixo
cando lles peta se encenden,
cando non está apagado.
Chega a hora de pagare
bendita contribución
vaite preparando,Pepe,
vanche chupara un collón.
Estribillo
Ainda por se fora pouco
de chinos nos queren dar
si te-lo alcantwarillado
pagar como solo urbán.
No colexio de Beluso
non caben máis estudiantes
xa están pensando os maestros
meter nenos nos estantes.
Xa canta o coro de Igrexa
co seu ritmo acompasado,
cando un está empezando
otro xa ten rematado.
Estribillo
A mentira non é pecado
eche un novo mandamento
para facer chalés na praia
don Andrés quitou o invento.
Meténdolles gato por lebre
no Axuntamento os letrados
aprobáronlle a licencia
sin ter os metros cuadrados
ben certo é que en Bueu
haiche moi bos sabedores
máis certo é que en Beluso
de entre os bos os mellores.

## Lobos de mar

Xa fai un tempo que neste pobo
pegou a fiebre de ser patrón
agora temos unha epidemia
a mayoría faise armador:
Son case todos da misma peña
pero distinto é o pabellón
bandeira inglesa ou panameña,
ou marroquís por obligación.

Estribillo
Vaia armador, vaia patrón,
falan da malla, da tajabana e do millón
Con forza dez podrán pescar
Saia o peixe malo ou avería no
cigüeñal.

Hai maquinistas e panadaeiros,
de aotobuses e mexilçon,
o da cerveza e algún taxista;
haichos pequenos e4 de acordeón.
Hai un banquiro patrón de terra
sempre pendente da comisión;
viaxa a Canarias ou Mauritania
con dietas pagas i en avión .

Estribillo

Hai quen non fala e ten dous barcos
non e de Marín nin é patrón;
decía que a quilla é feita de canas
e de acacia che resoltou.
Algún co achaque, cando hai descarga,
de vixiar e traer quiñón,
botan un bingo ou limpian fondos;
non levan carjas ni para un queixón.
Estribillo
Cheos de ciumes os mariñeiros,
vaquita e can van facer fusión;
e poida ser tamén unaha axencia
de Venezuela e do Con-Kong.

E nos pedimos que teñan sorte,
que dean vida e gasto en Bueu,
un superporto e algunha plaza,
para chaboleiro aquí estou eu.

Estribillo

"**AS PIRILLEIRAS**" - 1990

## *Un canto a "Sisi"*

*Temos en Bueu señores*
*Corporación moi barata*
*con un Alcalde o frente*
*máis parbo que unha patata*
*Chámase Alcalde emigrante*
*porque non vive eiquí*
*si lle consultas por algo*
*non che dí máis que "SISI"*
*ESTRIBILLO:*
*Analicen señores de este pobo*
*para que nos queremos un Alcalde tan bobo*
*arrodeado de uns cantos LULUS*
*que en vez de Concellais*
*parecen LAMBECUS.*
*Viveche en Pontevedra*
*que e de máis categoría*
*pa che poder presumir*
*que e xefe de unha Alcaldía.*
*Quería chegar a xunta*
*esa cabeza cuadrada*
*e por culpa de Barreiro*
*saeulle a porca capada.*
(ESTRIBILLO)
*Non se preocupa do Pobo*
*sin das carencias que ten*
*vivindo en Pontevedra*
*pa el xa todo está ben.*
*Non lle fai falla Instituto*
*sin necesita mercado*
*porque o Rivas Fontán*
*tenllo xa solucionado.*
(ESTRIBILLO)
*Coruñés horrorizado*
*escribe en Faro de Vigo*
*realcen esa Vila*
*pidevolo un amigo.*
*Deanlle pico e pala*
*a toda a Corporación*
*polo menos que traballen*
*nas obras do Pabellón.*




ESTRIBILLO

## *A auga*

*Imos a talar señores (bis)*
*do que pasou este an*
*o a xente manifestaba alá na fonte do Cano*
*alá na Ponte do Cano*
*e máis na fonte do Cura*
*a xente vociferaba isto e unha tomadura*
ESTRIBILLO:
*Dimite Ferreiro non fagas máis mal*
*que vas a fodernos sin auga nutro vrán*
*sin auga nutro vrán, sin auga nutro vrán*
*dimite Ferreiro non fagas máis mal*

*O responsable de augas (bis)*
*que non enchía barreños*
*disolle a un paxariño o auga e pra os madrileños.*
*A Ramorta e o Valado*
*e tamén a Carrasqueira*
*pagaron igual que sempre*
*sin chegar unha pingueira.*

(ESTRIBILLO)
*Algúns concellais que ternos (bis)*
*gordos que unha monada*
*andan a pillar no muelle pa foder a caldeirada.*
*Cando hai Manifestación*
*onde está esa pandilla*
*meten o rabo entre as pernas salgan das alcantarillas*
(ESTRIBILLO)
*O Concellais de Cultura (bis)*
*tuvo unha idea brillante*
*entregar tantos diplomas a xente tan elegante.*
*No día das Letras Galegas*
*foi pra sair de apuros*
*o que ustedes demostraron*
*que son auténticos burros.*
*Déronlle un Diploma a un Crego*
*e a nos danos a risa*
*a labor a fai en Cangas*
*en Bueu fainos a misa*
(ESTRIBILLO)

## *Pois senón vaiase*

*Dende agora que xa ternos Diputado*
*xa teremos que pedirlle algo pra Vila*
*pois que cumpla as promesas que nos fixo*
*e se deixe de facer coma a galiña*
*pois queremos solucións peste Concello*
*e a ver cando miramos algo feito*
ESTRIBILLO
*Pois se-non señor Lino xa verá*
*como a xente pedirá*
*que se vaia a cagar*
*Va-ia-se, señor Feire por favor*
*queremos outro Alcalde*
*a ver si o fai mellor.*
*Xa que ternos peste Pobo cousas boas*
*nos votámos-che de falta nutras moitas*
*o Instituto e Pabellón que prometeron*
*pois queremos esas obras ve-las feitas*
*nos que estamos moi cansados de problemas*
*e pedimos que nos fagan esas cousas.*
ESTRIBILLO
*Nos pedimos que esa Praia tan fermosa*
*que lle quiten ese morto que hai no medio*
*e que fagan alí unha alameda*
*pro recreo dos vellos e máis nenos*
*non e cousa imposible o que pedimos*
*esa Praia ten que estar como un espello.*
ESTRIBILLO
*O entrar no Axuntamento pola*
*porta mira ben a oficiña a túa esquerda*
*non te fies nin descoides nin un pelo*
*son capaces de foderche hasta a chaqueta*
*pasanche ó cobro recibos catro veces*
*teñenos como borregos e toletes.*
ESTRIBILLO

"**AS PIRILLEIRAS**" – 1990:

## *Problemas de sempre*

*Na nosa Banda do Río*
*temos problemas con os chubascos*
*póis cando chove un pouquiño*
*chegan as camas hasta o fallado.*
*Ese problema do ovispo*
*non ten arreglo se non se quere*
*hai que anchear ese río*
*darlle máis cauce pra cando medre*
ESTRIBILLO:
*Manoliño, Manoliño*
*faga vostede o favor*
*antes e a nosa vila*
*despois a Diputación*
*Este pobo esta morto*
*Non digas si-si, non-non*
*Neste noso Consistorio*
*os concelleiros pasan de todo*
*todos moven os peteiros*
*e non fan nada por este pobo*
*Xa se arrimou a Cuíña*
*o poso Alcalce que non e tonto*
*vai a buscar as perriñas*
*con que pagare o Instituto*
(ESTRIBILLO)
*Debe de ser un bo leite*
*o desa vaca raza Frisona*
*buscan o teto máis gordo*
*aunque o pobo poso se foda*
*Vaia bicoca vecinos*
*teñen uns cantos dos concellaes*
*cobran soldos do Concello*
*e non perdoan os Estatales*
. (ESTRIBILLO)

## *Vamos chupar*

*Tenos a Fraga na Xunta*
*xa nos cheira a difunta*
*por mandar un xubilado*
*mioto camiño anduveron*
*pra coller ese poleiro*
*por encher as faldriqueiras*
*Victorino e máis Cuíña*
*xa saliron da morriña*
*van a cobrar do Estado*
*meterannos máis impostos*
*pra pagar esas queimadas*
*mandaranos pro carallo.*
ESTRIBILLO:
*O Presidente, Manolo Fraga*
*hay moitos anos que buscaba esa vaca*
*xa topou esa bicoca*
*moi preto da sua casa*
*agora na xunta Manolo vai chupar*
*agora na Xunta Manolo vai chupar.*
*Alcaldes que ficharon*
*queren chupar dese teto*
*se non cambian de zamarra*
*nos pensamos que os caudillos*
*teñen ganas de ser algo*
*poden resultar Barreiros*
*xa chamou a dous cañeiros*
*contratou a mil gaiteiro*
*pra facer a carallada*
*os cañeiros moi contentos*
*faran caña a destajo*
*sin pagar ni un pataco*
(ESTRIBILLO)
*Montounos a Foleada*
*na praza do Obradoiro*
*e choraba o cocodrilo*
*eses millóns que gastaron*
*nas papadas que comeron*
*salirán dos vosos osos*
*armadores y empresarios*
*estanche todos contentos*
*daranlles cheques en blanco*
*esa Xunta xa veremos*
*pensan facer un enterro*
*coa mitade dos galegos.*

(ESTRIBILLO)

"**OS MULOS**" – 1990:




## *Cousas da democracia*

Con tantas votacións
estamos entrenados
votando por correos somos
mui avanzados.

Votaron mais persoas
das que estaban censadas
pois din que hata o fixeron
algunhas enterradas.

*Don Manuel amañounos*
*o asunto da caña*
*e como iba a facer él*
*ese home sin queimada.*

*Ponerse a trabajar*
*olvidóuselle a fala*
*uámoslle a perdoar a él (bis)*
*millor vanlle as papadas.*

*Os socialistas sonche*
*todos mui fieles, todos mui*
*natos*
*fan compra de solares*
*e logo póñenos mais baratos.*

Xa din os andaluces
que ben che viven eses irmáns
mentras Alfonso esté en Madrid
Juan fai negocio aquí.
Hai que aforrar nos dín
a Chavarri de exemplo
por non gastar en bragas
enseñounos ó merlo.
Deben aforrar eles
viven como varóns
pois con tantos impostos
déixanos sin calzóns.

*Estribillo*

En qué abandono están
eses homes do mar
encóntranse en peligro e
naide os vai salvar.

A nosa Armada dixo
non temos combustible
e a xente comentaba, xa *(bis)*
todo iso para que sirve.

Antes de retirarse
Laxe e pandilla deron permiso
para montar emisoras
e outros chanchullos os seus
amigos.

E Fraga o enterarse
alí deu orden rápidamente
retiren os permisos, Xa
a ésa xente.

Eu quero todo iso
para miña xente.

"**OS MULOS**" – 1990

## As nosas queixas

Chegaron os temporales
e hubo inundacións
algúns dín xa non hai máis
pois teñen a solución.

Pola rúa Rosalía
o Río vai a baixar
para que a Banda do Río
non se volva a inundar.

Esperemos pro ano
arreglen atraída
pois non vaia a pasar
como a outra sequía.

Co reparto da auga
qué fixeron señores
é sempre pros mismos *(bis)*
e outros as fontes.

*Estribillo*
*Xa temos a don Sisí*
*sentadiño en Ponteuedra*
*comentan os Diputados*
*quen mandou esta lumbrera.*

*Gastaron millóns*
*na Casa do Mar*
*pero esas urxencias*
*haber dónde están.*

*Culpa don Sisi*
*outros jota jota*
*pero nos sabemos (bis)*
*que algúns fan as botas.*

Vamos a ver si nos fan
ese famoso paseo
pero xa nos fan dudar
temos viruta no pleno.

Díxonos: "estades locos
o noso edil do ferro
cando salimos a rúa
pro Instituto dos nenos.

Fomos caminando
xuntos polas rúas
a muller do Xefe
dixo "caraduras".

E logo máis tarde
foi o mandamais
e felicitounos *(bis)*
por non facer máis.

## Mulada 90

Somos OS MULOS do ano 90
e como sempre por Carnaval
para decir cousas que fan no Pobo
e a ninguén lle pareza mal.

Si naide sae e non hai nada
a xente vaise a disgustar
pois todos nós saímos con ganas
e algo temos que criticar.

*Criticar, murmurar*
*o mismo tempo para informar*
*que o Instituto e Pabellón*
*por fin están en construcción.*
*(bis)*

No vran teremos auga de abondo
para os madrileños e algúns máis
e os do Enleito e Carrasqueira
que vaian eles beber o mar.

Tamén pedimos se faga logo
ese paseo da veiramar
limpiar a merda que sae a praia
e que a xente poida nadar.

*Estribillo (bis)*

Por esas rúas do noso Bueu
van os veciños mui asustados
queren cruzar e non lles da tempo
culpa dos locos que van lanzados.

O que fai falla en todas elas
semáforos para facer parar
a eses que veñen con tanta presa
e non teñamos que lamentar.

*Estribillo (bis)*

Somos tercos, somos Mulos
e non perdamos este humor
sair as rúas de carallada
e regadiños con viño bó.

Estribillo (bis)

## Os garduñas

Temos neste Pobo moita delincuencia
porque hai quen apoia sempre os sinvergüenzas cóllenos de noite sóltanos de día
para que vaian a vender a mercancía.

*Iso si están ahí dan o pau*
*Sampedro sin bacalau.*

Niso este Pobo está mui avanzado
pois ata hai bandas como en Chicago
e o que lle rouban veñen a avisalo
e poñen precio para poder recuperalo.

*Iso si están ahí' dan o pau*
*Sampedro sin bacalau.*

Víñanche de fora agora son de aquí
atacan de noite como o jabalí
haber este ano si nos vai millor
e que lle rouben solo ó Gobernador.

*Iso si están ahí dan o pau*
*Sampedro sin bacalau.*

Eles non lle importa a quen van roubar
non queda unha casa nin tampouco un bar
sea forasteiro ou tamén de aquí
si te descuidas o viño jódencho a tí.

*Iso si están ahí dan o pau*
*Sampedro sin bacalau.*

A garda Nocturna anda a vixiar
pero a eses señores déixanos pasar
din que "en Pontevedra nos queren mirar"
porque na cárcel hai que darlle de papar.

*Iso si están ahí dan o pau*
*Sampedro quedou sin bacalau.*

## Anécdotas do pobo

*Do Enterro do Páxaro*
*algo temos que falar*
*a un Pin-pín molestoulle (bis)*
*que imitaran o Papá.*

*Tamén na festa das flores*
*foiche todo un festival*
*xa non quedaron mais*
*peitos bis)*
*donde medallas colgar.*

*Vaia morte Josefina*
*que levaron os teus cans*
*molestábanlle os veciños*
*matounos un animal.*

*Ai que delito máis cruel*
*fixéronnos con Furilo*
*que diante do seu cuartel*
*tapizáronlle o fuciño.*

*Como tolearon*
*ó pobre Marino*
*na festa do barrio*
*quedou sin fluído.*

*E vai sendo hora*
*de que a Fenosa*
*poña tendido millor*
*a Banda do Río está ata os*
*collóns.*

*Vaia colleita mais boa*
*que colleu un enchufado*
*pois no cuartel dos axentes*
*está todo día sentado.*

*Xa están mui desconfiados*
*con radio escuita no medio*
*porque o que están falando*
*saben que non e secreto.*
*Estribillo*
*No nos gasten máis millóns*
*no noso porto señores*
*porque si miras para alí*
*parecen os invasores.*

*Atérrennos iso todo*
*e empecemos a pensar*
*en facer un novo porto*
*para nós poder atracar.*

*Co novo Correos*
*estamos arreglados*
*cando as eleccións*
*como funcionaron.*

*Chegaban as cartas*
*coa reflexión*
*dicindo que ibas facer*
*votade por Fraga que é bó*
*Capón.*

"**OS PENEQUES**" – 1990:

## *Homenaxe ó can caído*

Un animaliño
ten a piel azul
que vive salvaxe
parece un zulú.

Mata cans a mazo
sen contemplacións
con porra de ferro
eche un fantasmón.

*Teño o can de luto*
*con moito dolor*
*Cando pille a un guardia*
*ríllalle os collóns.*

Foron de safari
co lazo na man
na Banda do Río
había un bo plan.

Eran de palleiro
déronlle a mallar
se foran de raza
ían alambrar.

*ESTRIBILLO*

Estaban indefensos
non tivo piedad
eran cans pequenos
calquera líes da.

Se foran cans grandes
Pastor Alemán
non tería collóns
ese cacho langrán.

*ESTRIBILLO*

O Rambo está chungo
tenche depresión
se ve un uniforme
dalle un sofocón.

Xa sabemos onde
está o animal:
debaixo da gorra
na Consistorial.
*ESTRIBILLO*

## *Cousas nosas*

Xa chegamos ó Antroido
xa chegou o Carnaval
aquí estamo-los Peneques moi
dispostos a tragar.

Canto probamos no mundo
viño, viñiño a beber
pasamos polas bodegas
hasta non quedar de pé.

*O dos furanchos, señores*
*en algo ten que acabar*
*uns saen con media manga*
*outros xa van a mangar.*

Isto do viño Albariño
parece que cae moi mal
algún vai arreglar contas
outros póñense a escoitar.

Disque por alá por Udra
hai tamén un Picadero
ten coidado co frenillo
e nunca montes a pelo.

*Todo Beluso, señores*
*a Udra vai pasear*
*xa chegaron da Portela*
*pra ensinarnos a montar.*

Isto do Camiño Novo
é moi malo de arranxar
non é capaz o Paisano
nin o carpinteiro de Aznar.

Bótalle un pouco de piche
faille falta de verdad
os da Xunta, o Axuntamento
a cuestión será empichar.

*A este noso Gaso-Lino*
*saliulle un competidor*
*pois na subida a Beluso*
*van poñer un surtidor.*

E na nosa Caberteña
están facendo o Escorial
agora vai ser Beluso
unha vila señorial.

Temos un teniente alcalde
algo flaco por demáis
pero de ideas moi pillas
o cruce vainos mangar.

*Queremos unha alameda*
*alá no Transformador*
*non sei que está esperando*
*ese fiel depredador.*

Quen lle den polo culombio
a ese transformador




queremos moitos máis voltios
pero menos apagóns.

O noso señor alcalde
púxonos o alumbrado
Fenosa xa o cortou
por haber falta de pago.

*Un patrón do noso pobo*
*foi mexar á capoeira*
*e o galo que era listo*
*piteiroulle na mangueira*

*Xa o dicían os Peneques:*
*O millor é beber viño*
*pois a auga está brava*
*e blanquéache o intestino.*

## *Kazo-Lino depredador*

A este noso Kazo-Lino
non lle chega o diñeiro
agora quere a exclusiva
pra forrarse no poleiro.

Náutica foi a deriva
con aquel depredador
non lle chegaba o chope
que tiña de profesor.

*Deputado, deputado*
*tenche gañas de chupar*
*quere esa gran exclusiva*
*pra roubar hasta fartar.*

Naquel pleno alguén lle dixo
que non fixera un carallo
a ver logo coa exclusiva
se se lle nota o traballo.

De inglés solo di yes
de galego nin unha pinga,
que alcalde máis POPULAR
non lle gosta a nosa Lingua.

*O axente da K.G.B.*
*dalle xabón a esgallo*
*góstanlle moito os galóns*
*anda teso de carallo.*

Alá na Banda do Río
ten un bo corresponsal
fala sempre polos plenos
come o coco ó personal.

O enxeñeiro de montes
vai no Suzuki a entrenar
disque se está preparando
para ir ó París-Dakar.

*Xa temo-lo noso Aznar*
*a nivel municipal*
*está sempre na Portela*
*o bigote a peinar.*

Algún especulador
estivo ben secuestrado
porque se pasou de listo
deixounos hipotecados.

Ese zorro da poltrona
protexe ó especulador
ó imperio da gaivota
vendeuse ese traidor.

*Ó mar botácheslle un tiro*
*agora eres tabeirón*
*vaite baila-la lambada*
*alá na Deputación.*

Temos un bo tiraliñas
fai chanchullos no papel
alá na Consistorial
reparte el o pastel.

Co asunto das lagoas
quérenos tomar por bobos,
que recorde o tiraliñas
que quen lle paga é o pobo.

"**OS PENEQUES**" – 1990: (Continuación)

## O filón

Con isto das eleccións
que tivemos en Galicia
non sabe un se chorar
ou se matarse de risa.

Barreiro non estaba listo
o Laxe xa non contaba
Suárez iba en Valencia
o Beiras os bloqueaba.

Con isto de anticipalas
xa chegou onde quería
antes de colle-lo mando
marchouse de cacería.

Seica non quere emisoras
xa puso a Victorino
a ver que máis nos agarda
deste noso Manoliño.

*Solamente o Fraga por ser máis*
*chulo que os demáis*
*Galicia é unha mina que hai que*
*explotar,*
*que hai que explotar, que hai que*
*explotar*
*Galicia é unha Gaita que hai que*
*tocar,*
*Que hai que tocar, que hai que*
*tocar.*

O leite xa non lle gusta
a Larsa non lle interesa
agora vainos traer
esa leite portuguesa.

Fraga non usa condón
porque así lle dá máis gusto
regaláronlle un tapón
por se lle dan un disgusto.

De polbo no Obradoiro
vai face-la caldeirada;
con tanto pulpo na Xunta
isto vai ser unha plaga.

Vaise a poñer de moda
o dominó e a baralla;
quen lle aforcará o seis doble
a ese capón de Villalba.

*ESTRIBILLO*

Que din os rumorosos,
preguntou Manoliño
vanche polas altas copas
estábanche aburridiños.

Haiche galegos de granxa
hainos tamén de cortello
xa presume o Victorino
de saber falar galego.

O rouco son do discurso
o Beiras chamoulle Alicia
que país maravilloso
isto é unha delicia.

Con mil gaiteiros por banda
caña blanca toda ela vai
facer unha queimada
que vai arder Compostela.

*ESTRIBILLO*

## Mistura máxica

Este ano en Vila-Winston
circulou tamén a coca
e na Banda dos Piturros
ninguén soubo da-la nota.

Entre coños e Cortinas
os negocios fanse a pelo
puxo os cornos en París
e moi caro o terciopelo.

*Ai, Chavarry, a Coplou-ben*
*non usa bragas, tampouco*
*sostén.*

Seica houbo un Water-gate
alá no barrio de Triana
xa cheira a Guerra na taza
tira de cadena, acaba.

Por fin lle deron o Nóbel
que contento está Camilo
tira peidos de alegría
bota tacos a cotío.

*Ai o Nóbel, ai o Nóbel*
*ó rei do taco déronllo tamén.*

Rouco corría con presa
ia pro monte do Gosso
hai un recital de Woitila ese
polaco famoso.

Os mociños e as mociñas
xa van todos a gozar
ían coa goma escondida
para non contaminar.

*Ai Woitila, ai Woitila*
*queremos gomas porque aSI*
*non DA.*

Os cregos máis avispados
nun collerán o SIDA
pois debaixo da sotana
levan a goma escondida.

Gorbachov e á Perestroika
chegaron ó Vaticano,
o único que faltaba era o
santo americano.

*Perestroika, Perestroika,*
*toman o Vodka con Coca-Cola.*

O Bush estaba aburrido
quixo cambiar de canal
e co mando a distancia
conectou con Panamá.

Chouchesco era un vampiro
que chupaba en Rumanía
non se fartaba de sangue
morreu coa estaca metida.

*Ai drácula, ai drácula*
*en Romanía xa hai libertad.*

Na plaza de Tianamén
Vendianse tirachinas
para loitar contra os tanques
que se lle viñan enriba.

O muro caiu en Berlín
a base da Perestroika
agora vendenno aquí
xa podes irte de compras.

*Rompe cos muros e rompe ben*
*que a libertade é túa tamén.*

"**OS KRITICADOS**" – 1990: Aparece esta nova comparsa que sairá durante dous ano:

## ¡O Loro!

*(Os Kritikados)*
*Tradicional popular.*

Nisto do carnaval
todo o mundo é a falar
e como non somos menos,
O loro! 0 loro! Imos escomenzar.

Somosos Kritikados.
Eses do bar da esquina.
Temoche moi mala fama
e iso, e iso é causa fina.

Estamos ó nosa rollo
tranquilos e relaxados.
Despois de fumar uns porros,
agora, agora imos cantarvos.

Somos grandes fumetas,
facemos as de dios.
Cando nos cachea Furilo
sólo, sólo nos atopa arroz.

Hoxe imos de borracheira.
Mañán estamos no traballo.
Curramos como calquera,
ó loro ! 0 loro ! Damos o callo.

Os luns po-la mañán
na cama queres quedar.
Venche a "sojra" co "neskuik",
e teste, e teste que levantar.

Vennos con mala cara.
Andamos sempre de vara.
Estrumamos como tolos,
pribamos, pribamos como esponxas.

Andamos como nos peta
por moito que diga a xente
-Mira que pintiñas teñen...
-Son todos, son todos uns indecentes !

Iso non nos importa.
Nada nos vai cambiar.
Nos respetamos axente
e iso, e iso é o que hai que mirar.

## Kritika pueblerina.

*Samba.*

Si vas á gasoliñeira
que van a montar en Bueu
seguro que ata o ano da pera
non te vas a poder mover.

(BIS) Porque non temos.
Non a rematan de facer.

Si queres facer deporte
non vaias ó pavellón.
As terras non costaron moito,
foron todas de mogollón.

(BIS) 0 que se mira,
é a cementación.

Se ti queres graduarte
no instituto de Bueu
mellor marcha para outra parte
que eiqui non vas a coller.

(BIS) Isto é un desmadre.
Que carallo vas facer !

Se ti queres vacunarte
na nosa casa do mar
ten coidado cos albañiles
non vaias a tropezar
(BIS) Con un ladrillo
ou cunha bolsa de cal.
Se ti queres enterarte
do que está a pasar en Bueu
preguntalle ós taxistas,
pois saben o que ocurreu.

(BIS) Iso é a reuma.
E o que teñen que facer.

Todos tirámo-lo Nautico
porque a praia era do pobo.
Bateas e asteleiros
agora xa ten uns donos.

(BIS) Veña madeira,
e veña mexilón.

Se non queres mirar nada
mellor ti fai como nos.
Andamos semprede vara,
pasando do mogollón.

(BIS)Pois somos novas,
a mellor xeneración !

## Os homes de Harrison

*Romance anónimo.*

Da forza municipal
maito temos que falar.
Parecen homes de Harrison
co caramelo na man,
con isto do walki-talki
para falar coa central.
Eses homes de uniforme
Vaia risa que nos dan.
Antes eran normaliños,
falábannos ó pasar.
Agora rulan de noite,
Vaia importancia se dan.
Hai que ser autoritario,
pero non ter chulería.
Hai que ser igual con todos,
non importa a categoría.



Para que pudera mirar
os cilistas pedalear,
un veunos a suplicar
si podíamos marchar;
país si estabamos alí
tíñanos que vixiar;
pero nós pasamos del
e así tuvo que pringar.

Ai! Na porta de Dispao
máis de un levou un pau.
Estaban uns chavalotes
entre eles a berrar.
Intentando asoballar
chegou a Forza local.
0 que non imaxinaban
e que na cara iban levar.

Se non queres traballar
metete municipal
que o único que vas facer
e no coche a pasear.
Para as pernas estirar
o fubito iras mirar
e ó chegar o fin de més
moitas pelas vas cobrar.

## Asi vai Bueu

Rock'n'Roll.

Chegou Manoliño
eiquí a gobernar.
Non o quiseron en Europa
e nos temo-lo que aturar.

Neste pobo de caciques nunca nada vai cambiar;
pois votaronlle os de sempre e os que puderon amañar.

Vaia parlamento
que foi a formar
entre colegas e amigotes.
Están todos casi a caducar.

Cando é dunha queimada vota litros sin parar;
que lle pregunte os cañeiros si os impostos van pagar.

Se queres erguerte
vai á asociación.
Para que non che coman o coco
non vaias a unha reunión.

Se te ven con mala cara a casa podenche pintar;
ou se non, se tes un coche tamen cho poden raiar.

Se eres comerciante
do pobo de Bueu
e ti queres promocionarte,
debes meterte en ACIBU.

Se ti queres ir para adiante eles vante mandar para atrás;
nos enterros organizados non se pode desmadrar.

Hai un Manoliño
no pobo de Bueu
que está montado no dolar.
Ai! Márchalle todo moi ben.

Agora co seu tocaio non lle falta o poder
oito anos non son nada, outros catro ímolo ter.

"**CAMANLLE X**" 1990 Outra nova comparsa que, durante maís dunha década, alegrará os Entroidos buenenses. Grupo, baixo a dirección de Jorge Fiel (Xouba), formado dor rapeces e rapazas do Instituto de Bueu. Como eles mesmo dín como non tiñan posibles decidiron saír "cun traxe de turista brasileiro" formado por "unha camisa floreada, un pantalón vaqueiro cortado pola rodilla, medias con pelo de lana, jorro de palla e jafas de sol"

## Presentación

Muchachos neste Antroido
poden chamarnos X
saimos pola rúa cantando con humor
cambiamoslle de nome e algúns novos fichajes
porque hay que renovarse
cara o noventa e dous.

Muchachos este pobo
dínque e unha maravilla
xa ternos pos deportes tamén donde estudiar
da gusto ve-la xente por esas alamedas
do paseo mariño que iban a espropíar

Buen Bueu aquí estamos
en Carnavales sacar
trapos sucios o clareo
e os cacíques criticar.

ESTRIBILLO
Sí ó escoitarnos rabean
e algún nos torce o fuciño
nos lle damos un consello sísí
por fiarse de Manoliño.

Lembramos aquel ano
que hubo burro Taxi
por atascarse o río sempre haí inundación
este ano foi de risa neste anaco de rúa
mirando po Silvino
a cabalo dun camarón.

Por iso agradecemos
os nosos mandatarios
que fíxeron do pobo unha Bueu - Landia Guay
faremoslle unha estatua xuntíños nunha mesa
pa que os nenos recorden
que sabían papar.
ESTRIBILLO Y FINAL

## Os chavales

Somos os novos chavales
escollidos dun alcouvo
por que os vellos veteranos -Carallo
os da Xunta xubílounos.

Queremos que o Carnaval
sempre viva e nunca morra
poder sempre criticar –Carallo
os que che comen de gorra.

Falando un pouco da Xunta
gañou Fraga as eleccíóns
a primeíra papadela -Carallo
costou sete MILLÓNS
ESTRIBILLO
O noso barrio progresa
en todas as abanzadíllas
na fonte donde bebemos
haí merda con xeríngillas
este novo material
e producto dos guateques
na víxilancía local
tamén ternos alcagüetes.

O Instituto que temos
e unha auténtica basura
casi todalas semáns –Carallo
atascan a fechadura.

Temos un Ambulatorio
naquel cortello da praía
eili van. profesionales –Carallo
pra atender ós que alí vaían.

Nesta nosa xuventude
temos moítos embíciados
que ollen pola saude -Collóns
e se deísen de carallos.

ESTRIBILLO




## «Cousas do mar»

En Buen vamos quedando sin conservas nin Industria
en Bueu casi non hai Mafia algún porro e algún que chuta
solo quedan Contratistas-catro que non viven mal
Armadores e Banqueíros e Seguridad Social.
ESTRIBILLO
O mar o mar
o mar e o que da vida en Bueu
mirar mirar
na Lonxa a plantilla está a aumentar.

A Xunta que si as bateas iba a sacar a mita
estórbanlle os jodechínchos de Beluso a Lapamán
os Bateeíros mexilón o Can víeira e longeírón
pon o Faro nesta Lonxa sigue abendoche fodons.
ESTRIBILLO
Nabo o deses Armadores coa calleíra Inglesas
van ter que pescar na Ría os escarpóns e as fanecas
tamén na Casa do Mar reforman pa cousa fina
diante toman Aspirina atrás Análisis de Orína.

ESTRIBILLO
O Porto faise pequeno con tanto Barco da grua
algún pa desembarcar atravésache unha ducia
que fagan outro relleno pos coches hasta escollera
uns irán para comer outros volverán da sesta.

ESTRIBILLO Y FINAL

Bueu Bueu
Buen a donde o Demo non volveu
Bueu Bueu
Buen a donde o demo non volveu u u u...

## «Catro colisas do pobo»

Casi que todos anos en este pobo temos incendios
si non che e na plaza e nos papeles do Axuntamento
tamén na Playa Beluso na casa do Carballal
o fume dunha Palmeira hubo Bombeiros da Capital
co susto os madrileños chamaron-os da Escola Naval.
ESTRIBILLO
E unha enfermedad quedar sin auga no vrán
que lle importa o Alcalde el ven lavado da Capital
e unha enfermedad quedar sin auga no vrán
da gusto mirar os nenos coas lagañas no G. Escolar
Como asudan as Traineras e a calquer deporte que sexa
si non hai polo medio algún do Bloque ou sea de esquerda
que culpa terán os rapaces facer deporte co corpo
pero estes papadores queren que perdan o tempo no porro
como eles nos plenos que hasta poden votar un sono.

ESTRIBILLO
Prímeiro foí unha pedra era por darlle a inauguración
siqueran poñan tellado xa mollaremos contra os terróns
dísque che teñen pedídas as do Muro de Berlín
veñen en avión para que rematen o Pabellón
mentras na Banda do Río aguantaremos os chaparróns.
ESTRIBILLO
Este ano as mulleres coa moda loca da teta fora
e os homes unha peneíra pa que se mire solo unha bola
cando se baile a Lambada cos meneos dos cubatas
pa-rriva vaí a bola pa baíxo a teta facer carambola
vamos ter que apuntarnos a este deporte que está de moda.
ESTRIBILLO Y FINAL

ANO 1991. tratando de que non morrera o mítico grupo das "As Pirilleiras" apareceron "**AS NOVAS PERILLEIRAS**" coas seguintes letras:

## *Homes do mar*

Vaia ano que tuveron
aquí os nosos mariñeiros
eos gastos lles aumentaron
e os bolsillos van valdeiros.

Nin sardiña nin cabala
nin faneca nin fodón
e o final pra rematala
a ameixa inda baixou

**ESTRIBILLO**

*- Xa está feita, xa temos de que falar*
*con esta nova Xunta, non nos deixa ir ó mar.*
*Os mariñeiros no muelle sin saber a donde ir*
*e mentras eles, ó mes cobran 400.000*

A Xunta pasou de todo
e de Madri nin falar
pois o que queira comer
que se vaia a roubar

Nos, AS NOVAS PIRILLEIRAS
tamén nos tocou quiñón
é pedimos a Fraga
que no nos toque os collóns.

**ESTRIBILLO**

## *Rompiente*

**ESTRIBILLO**

*As Pirilleiras, As Pirilleiras*
*Xa vimos a criticar.*
*Todalas cousas que están mal feitas,*
*salen neste Carnaval.*

A Corporación que temos son un fato de animales
danlle as aceras para arriba,
joden baixos comerciales.

No "Buraquiño d'Alondra" verten aguas residuales,
hai que ver que peste votan, esas son aguas fecales.
Para atracar os.pesqueros nesas rampas do muelle,
teñen que maniobrar todos nun horario de oito a "nueve".

**ESTRIBILLO**

Para xogar o fubito hai que ser maior de edá,
eles rompen os cristales, no hai responsabilidá.
Xa temos o Instituto, ainda non hai Pabellón,
para facer o deporte hai que mollar os collóns.

Si vas mirar o BUEU danche as ganas de chorar,
os xogadores que teñen nin patadas saben dar.

**ESTRIBILLO**

*Música: La Cucaracha*

## *A Canción do Golfo*

*Melodías dos arrabales de Bagdad*

**ESTRIBILLO**

*Hai, hai jamala jamala, por adiante e por detras*
*Hai, hai, jamala jamala, por Alíe por Alá*

0 Bush danos moita leña, John Major obuses tirou,
Miterrand lánzanos bombas e Italia atrás non quedou.
Gorbachov ensaladilla na estacada nos deixou,
calquer día aparézcolle coa muller en camisón.

*ESTRIBILLO*

0 Mubarak e mai-las momias subíronse tamén ó carro,
e para saliren desta inda lles costa un carallo.
Akihito e Saca-a-moto querense poñe-las botas,
pra isto como pra todo hai que ter muitas pelotas.

**ESTRIBILLO**

Felipe e demais artistas prometíannas moi felices,
Agora vamos quedar para criar todos lombrices.
Desde Haifa a TelAviv, Riad, Dahran e Bharein,
os cohetes lles "mandín",mentras poida seguirei.

**ESTRIBILLO**

Eles queren o petroleo, nos, a verdá, tamén,
pero este monopolio das compañías non é.
Ali-vai un Scoud, Alá-venun dos Patriot,
por a ley de Mahoma, tanto é o que da como o que toma.
Larán, lararán, lararo. Lararán, larararará...

Música: Deles, a cañonzos
Letra: Nosa

*Letra: Nosa*
No te apures, cobrarás

*ESTRIBILLO*
*Manda almejas a Lino que se va de la ciudad,*
*Manda almejas a Lino, si te apuras cobrards.*

Esta historia sucedió, pudo suceder ayer,
es la de uno que, esperando y esperando, no cobró.
Puede suceder a Usted.

**ESTRIBILLO**

A un año ver pasar el trabajo no cobró,
reclamando un día y otro, a un término llegó:
A Lino hay que entrevistar.

**ESTRIBILLO**

El muy bien lo recibió, ...y tambien lo despidió,
que si... sí que sinó, muy buenos modos usó:
Tampoco a él le pagó.

**ESTRIBILLO**




Algún día llegará,
tambien a Sadán llegó,
el petroleo, las almejas,
patatas y carne,
nombró:
NO TE APURES,COBRARÁS.

**ESTRIBILLO**

*Música:*
*Manda rosas a Sandra*
*Letra*
*Varios acreedores*

“**OS MULOS**” de 1991.

### Saludo

Os MULOS imos saludar
a Xente do Pobo neste Carnaval.
E tamén añorar
os que lonxe da terra están
e poder recordar
os que este ano
non poden estar.

*Estribillo*

*Temos uns artistas*
*neste noso Pobo*
*son os que nos mandan*
*no Concello todo*
*e tódalas noites*
*alá por Agrelo*
*bebendo bó viño*
míraselle *o pelo.*

Compraron tanto manantial
que auga o Enleito íballe a chegar.
O final a pagar
e no alto todo sigue igual
D. Sisí dixo xá
que con pozos
íase a arreglar.

*Estribillo*

Tamén tubo que cambiar
noso cabildo por dimitir Saa.
A culpa foi multar
os que en veda foron a pescar
ahora irá millor
co da Illa
de patrón maior.

### O pufo

Coas eleccións a porta
non veremos cousas NOVAS estamos
todos contentos
con esa xentiña toda.
O PSOE busca líder
pra relevar a Mirinda
hai quen opina na rúa
que vaI ser da medicina.
Temos eleccións en Maio
e chámanlle o mes florido
por iso hai que cumplir
todo o que foi prometido.

Estribillo

*Este ano imos ver*
*si nos pagan as dez mil*
*porque coas eleccións*
*as promesas van cumplir*
*porque si non imos ter*
*que ir a falar con Sisí.*

Esa zona multiuso
que nós chamamos a Pedra
por si hubera pouco lío
agora meténlle urxencias.
Temos coche de bombeiros
a ambulancia vai chegar
tamén temos a D. Lino
de xefe do Hospital.
Si vas a poñerte enfermo
faino antes das dez da oite
porque si o fas mais tarde
tes que sacar pasaporte.

*Estribillo*

*En esas pistas de Cela*
*que acabaron de esfaltar*
*cando choveu catro gotas*
*xa non se pudo pasar*
*iso a Lino non lle importa*
*porque por él* van *votar.*

Por pollerlle cepo o coche
cerca da Consistorial
un home cúnha bandarria
a Piris casi lle dá.
Relévanse nos enterros
o Mundín e mais Xestido
pero quen non ten suplente
e o Cura Benitiño.
Carallo po da sotana
que choyo mais bó colleu traballa en
Cangas e Coiro
e non sale de Bueu.

### O traxe

Vaia campaña fixeron
os do PSOE, os do PSOE
que usemos gabardina
tódolos homes, tódolos homes.
Poñerse todos condón
si non queredes que entre o SIDA
a éles non lles fai falta
para fodernos todos os días.
Si as praias te vas bañar
este tras as de poñer
porque coa merda que hai
infección podes coller.
Esa merda que botaron
alá en Marín, fora de Tambo
como tiñamos pouca
agora con tanta, manda carallo.

*Estribillo*

*Póntelo, Pónselo, Pónmelo*
*no me fodas sin él.*
*Póntelo, Pónselo, Pónmelo*
*a pelo* non foder.
*Póntelo, Pónselo, Pónmelo*
*e os curas non queren deixar*
*que se pine moderno*
*pois hai que ter nenos para bautizar.*

Vaia corrida mais boa
a de Alfonsiño, a de Alfonsiño
que deixou o Goberno
con esta crisis, vaia fuciño.
Dinche as malas lenguas
foi por meterse cos do diñeiro
déronlle polo saco
e sin babeiro, e sin babeiro.

*Estribillo*

### Os mandons

Mentras queiran os da masa
D. Lino alí estará
porque xa se encargan éles
por quen tí has de votar.
Mentras tanto nas Lagoas
imos ver o que nos fan
porque non hai quen lle
obrigue
antes ter que urbanizar.
Esas obras que éles fan
de Beluso a Lapamán
algunhas xa nos dixeron
que sin permiso están.
Compravenda están
contentos
porque negocio farán
que si pasa como en Cela
pra Cultura venderán.

*Estribillo*

*E Sisí con éles tan feliz*
*xa parece unha emperatriz*
*a todos gusta o país*
*porque che son de nariz.*
*E tamén hai de barriga*
*que non saben nin falar*
*porque cando abren a boca*
*o que che fan e mollar.*
*E Sisí con éles tan feliz.*

Tamén os que son de fora
boas chapuzas che fan
non sabemos como deixan
desa maneira obrar.
O tiraliñas que temos
non debe moi ben mirar
sabe ben facer o parbo
por si a él algo lle dán.
E mentras nese Colexio
que temos para enseñar
sabemos que hai profesores
que alí solo van sobar.
Mais tarde pro Instituto
cando eses nenos van
algúns non saben sumar
e a culpa dónde está.

Estribillo

### Golferias

Temos problemas
con eses Golfos
e xa non se acaban mais.
Primeiro foi Guerra
logo Naseiro
e mais tarde o Sadam.
Tamén mandaron
os nosos barcos
co invasor a loitar.
E a Marta Sánchez
con esas tetas
a todos foi a empalmar.

*Estribillo*

Invadiron Panamá
foi por culpa do Canal
e non era Sadam.
Os Xudeos tamén fan
o que éles queren e a calar
porque manda o dólar.
Suben impostos
por todos lados
a gasolina tamén.
Que ben o pasan
na bodeguilla
solo pensan en comer ben.
Señor Solchaga
dixo que había
o catastro revisar.
E o Alfonsiño
saleulle ó paso
a boca mandou calar.

Estribillo

*Non temos crisis*
*na nosa pesca*
*un* Caladeiro *topou.*
*Con ese invento*
*do tal Cangrexo*
*o* Conselleiro *buscou.*
*Si nos queixamos*
*non é de vicio colléннos*
*en todos* lados*.*
*Porque o de LOIRA*
*saleu un lince*
*entende* muito *de gando.*

Estribillo

**"OS PENEQUES"** 1991

## Os ceporros

Xa sobran **moni cepales**
non pises unha amarela
porque os "buitres" do cepo
cúbrenche unha **quiniela**.
Daka para alá no Nissan
de miróns van por Agrelo
vanche vixia-las **dunas**
e algún **monte** con pelo.
¡Ai **cepo cepo!** é **popular**
metede o **cepo** no aparato de pitar.
Que **bailarinas** teñen galóns
están no cruce sempre a montar follóns.
Van a concurso a por moto
non lles chega co volante
puxo un **zappote** na banda
birloullo un tío elegante.
Non hai cepo pró **ladrillo**
só enganchan ó pardillo
pois o noso **tiraliñas**
manexa ben o **cacillo**.
¡Ai lindo lindo **cabo interino**
mételle o cepo a esevoso **volvofino**
**xabón** ó **xefe** en **radiolino**
poñen o cepo según sexa o inquilino.
Temos gorras ilustradas
a estudiar na **biblioteca**
a maneira de trincarte
con cepote e papeleta.
Fixeron a casa o-**culta**
e vai colle-lo barolo
pois aquí só interesa
ocultarlle todo ó pobo.
¡Ai que cultura! temos no pobo
pra ver teatro tes que ir ó Consistorio
sonrisa en pleno plenos de risa
o do sillón xa se parece á **mona-lissa**.
Catacumbas e chatarra
cazo e pico no paseo
familiares concesións
na nosa **praia-museo**.
Vai lento o do Pavillón
pois a xestión non avanza
porque **atletas de sillón**
só están a enche-la panza.
¡Ai que deporte! o do sillón
algún **lambón** trepa e diputa mogollón
o do paseo é unha historia pois
esa praia sempre está chea de escoria.

## Beluso cruz e raia

Xa chegamos ó Antroido
xa chegou o Carnaval.
Aquí estámo-los **peneques**
moi dispostos a tragar.
Si en Beluso non hai festas
nós dámoslle solución
un garrafón e **peneques**
teredes un festón.
*¡Ai vara **cruce poste e buzón**!*
*Beluso a **raias poza** no Pión*
*e sube o **watio** hai **apagóns***
*A **unión penosa** que temos nós.*
O Santo do Sanamedio
tenche **beatas** moi crueles
unha coa **língoa** florida
deixouno sen os manteles.
Hai unha **parcela** en Bon
coa eira do crego a lindar
Aproveiten esa **herencia**
non a vaian mangar.
*Si vas a praia vai en avión*
*cando é no vran hai tro**pezóns***
*En **Udra** escombros no é solución*
*Que non se **pudra** ese rincón.*
Xa medra ese **fiel** delfín
no **cruce** ten a piscina
porcallón sigue o Pión
Beluso quere **traída**.
Onde está esa **oficina**
pra facer o de **correos**
Pois si a metes no buzón
podes ter atropello.
*Estribillo 1*
Algún **patrón** deste pobo
por non aforcar o **pito**
**petou** no mármol da **roca**
e asustou o **muchachito**.
Non hai **galeno** de guardia
si enfermas vas pro **caixón**
Pois no servicio de **urxencias**
Dan só **extremaunción**.
**Estribillo 2**

Xa abillaron os furanchos
moitos beben de **orellón**
Algún ponse a vender viño
e pasa da **construcción**.
Houbo furanchos en Vilar
que viño branco **heredou**
Con un par de chouriciños
**peneques** nos deixou.

## O asilo

É un **asilo** esa **Consistorial**
hai moita **pluma** e pouca a traballar
esa exclusiva é para engordar
o da poltrona está a **diputear**.
O de augas é un "intelectual"
serrín no miolo e **ferro** nos pés
dando couces fan todo dó revés
en vez de augas parecen cafés.
*Na poltrona ninguén **mlnte** como*
***mlntes** ti*
*non puiden atopa-lo perfecto maniquí*
*que engorde o bandullo con cada*
*lacón*
*e todo con dietas desa Diputación.*
Temos tamén un grande **resillón**
moreno el con pinta de "play-boy"
**sindicalista** bota pró caixón
e para arriar se fai o remolón.
O **lixo-taxi** é de ciencia-ficción
parece un **OVNI** en circulación.
Extraterrestres con grolos de ron
deixan barolo polo calexón.
**Estribillo**

El xa se purga aló no **Hospital**
enfermo está con diarreamental
despois das dez aquí podes palmar
senón terás que a Cangas ir chorar.
De **rumanos** tivemos invasión
Na lonxa **stripptease** e acordeón
naquel galpón cambiaban o calzón
con cheiro a peixe e sen un cortinón.
*Estribillo*
Moi presto estás para inaugurar
non da-la cara cando hai que loitar
o teu é a percha de **foto-matón**
primeira fila na **Deputación**.
Xa en Bueu verás caciques de verdade
**caza-lagoas** para especular
**polo correo** virache a sanción se
non eres **fiel** amigo do **plumón**.
*Estribillo*

## Follow me with con don

Que escándalo don con don
fundas en porno-visión.
Xa están os do **watt-cano**
reprimindo todo ano.
Propón propón con don con don.
Ponte antes a gomiña
e abrígate CON CA PA
Protexe a túa pilila
que ti non eres boy-tila.
Phollón phollón con don con don.
Con don gaviota leré non cola gota
leré
se eres fino leré funda de lino leré.
Xa non collera-lo sida
e tampouco se che oxida.
Se non queres máis catarros
Ponlle chubasqueiro ó rabo.
Sidol sidol con don con don.
¡Ai o Suquía leré é un Pichafría leré
Bispos de Roma leré non queren goma
leré.
Hoxe o sida non distingue
nin o credo nin estirpe,
non o tomes máis a broma
enfúndate xa esa goma.
Ligón ligón con don con don.
Ponte o caucho na cabeza
hai vainas de promoción,
non hai veda para a ameixa
xa se cotiza o fodón.
Fodón fodón con don con don.
¡E na corrida leré! que banderilla leré
vaia estocada leré xa tes clavada leré.
Xa tomos tele-erección
todos "Hablemos de sexo"
pois "Un día es un día"
**empalmas** no televexo.
Con Thom e Son con don con don.
Foi moi mal visto señores
agora moito se estila poñer
globos de colores
pra alegrar esa pilila.
Telón telón con don con,don.
Xirola abaixo leré. xirola arriba leré
do polvo saes leré o polvo tiras leré.

**"OS PENEQUES"** 1991 **(Continuación)**




**EsNiFalo EsNiFaselo**

Se vas renovar carnet
madruga e toma cafés
aganta-la burrocracia
chupando cola ata as tres.

Agora tes que esNIFar
estás enganchado a el
catastrófico Solchaga
o de Facenda é un burrel.

Entre catastros e ivas
os cañeiros van a pique a
Xunta destila os cartos
e chupa do alambique.

Haiche moita guita negra
no ladrillo branqueada
andan tódolos naseiros
xuntando para a queimada.

*¡Ai non declares non! e faite insumiso,*
*e non escoites máis bazofia do cristal*
*co raio do catastro te queren asfixiar*
*no Antroido desgrava, desgrava o disfraz.*
*Defraudar, defraudar, son moitos a* ***ordeñar.***

Xa temos mareas roxas
emisarios pra apestar
coa toxina Popular
quere o Veiga envenenar.

Algún nécora de aquí
compra fariña de alá
Albariño de Colombia
con Ouviña de acá.

Rebuaznar na opusición
o camino é popular
charlotín está cos cascos
o water-guerra a cheirar.

Franca mente Manoliño
facha turista e viaxeiro
un sentimental da gaita
xubilado no poleiro.

*Estribillo*

Disque hai guerra por alá
tamén guerra por aquí
moito golfo nas poltronas
a guerra págala tí.

¡Ai que suave bamboleo!
a Martita coas maracas
o ministro toca as teclas
os mariñeiros as flautas.

O Narsís xa fixo un tango
descobríronlle a letrilla
comparsas de americons
para ir de golfería.

Sadam quere persicola
o Busch ladra no deserto
un antroido a todo gas
máscaras de desconcerto.

*Nós non queremos guerra facemo-lo amor*
*coa nosa* ***artillería*** *só damos calor*
*a golfos non nos ganan nin Bush nin o Sadám*
*Tomamos kuwaits libres e sen adulterar.*
*Desarmar,desarmar, e iodos a empinar.*

No ano 1991 os **"CHAMANLLE X"** saíron baixo o lema Kuwaities de "Todoasién" co motivo da "Guerra do Golfo".

## Presentación

-En estas festas de carnavales
chamalle x nunca podemos faltar
vamos contarlle cousas do pobo
e criticar algún pimpín sen insultar.
-A subención do ano pasado
que prometeron ten nos cheos de emoción
hay polas ruas menos comparsas
nos cantaremos que a metan nos collóns.
-ESTRIBILLO: *-Falaremos da consistorial*
*das aceras e do pabellón*
*mariñeiros, droga e construcción*
*e das promesas que fixo o patrón.*

-Sr. alcalde onde se mete
por esas festas cando chega o carnaval
pasa de todo, desaparece
ira pro laño que che ten na capital.
-Sr. alcalde oía ás comparsas
que fan historia deste pobo onde naceu
é unha vergonza que todos falen
que atrasado vai o pobo de Bueu.
-ESTRIBILLO
-Sr. alcalde oía ás comparsas
que fan historia deste pobo onde naceu
é unha vergonza que todos falen
que atrasado vai o pobo de Bueu.

**"CHAMANLLE X"** - 1991 (Continuación)

## Cousas do pobo

-Dinque este ano hai que apretarse
suben nos todo hai que jorobarse
con tanto gasto pa Barcelona
vamos quedare case en pelotas.

-Xa funciona o novo instituto
pero segimos sen o pabellón
non vai dar tempo a rematalo
nin po ano noventa e dous.

-Se xuntasemonos en manada
en Bueu habria Olimpiada.

-Vaia festiña que hubo en Cela
a comisión choraba de Magdalena
todo por culpa dun aparello
que lle plantaron con un mecheiro.

-Os reis magos trueron un cepo
a nosa policia local
eu advirtolle señor Furilo
nos collóns anllo colgar.

-Un home iba arrancarlle os dentes
por poñelo no sue mercedes.

-Como funciona os de correos
desayunando no gato negro
os do reparto chegan a Meiro
pero as cartas van dar a Loureiro.

-Estan cansos de pedir que fagan
ese porto un pouco máis grane
o que fan e achicalo coas rampas
non van ter os barcos atraque.

-Xa e facer o tonto ese alcalde
con ser un Marino Mercante.

-Xa non rentúa a nosa Lonxa
xa non hai carga ni pos da coia
bótanlle a culpa a Cofradía
ou eses barcos que venden por fora.

-O peixe non sabe é ten toxina
fondeando droga, e o caño de Mourisca.

## O golfo de Husein

ESTRIBILLO
Temos que atopar
algunha solución
a guerra do golfo
é unha conmoción

Temos que atopar
algunha solución
o golfo de guerra
presentou a dimisión

En Oriente medio
un pais ocupado
entre todos moi unidos
poderémolo ceibar

Haiche cousas preciosas
polas que poder loitar
péro polo petróleo
xa son gañas de amolar

A guerra comenza,
isto empeza a estoupar
Sadam o Bus, Sadam o Bus,
Sadam o Bus.

Entre bombas e metralla
na area do deserto
cos collóns de garabata
xornalistas extranseiros

Os barcos españois
xa partiron, pra aló

Pedimos-He a Husein
que por favor, remate xa
e así, poder vivir en paz

## Televisión porno

-Felipe e os gobernantes
coas liberdades o que queredes
que andemos con ela tesa
e sempre aberta as das mulleres.

-Amos da televisión
que o Paridor Nacional
Fraga bótalle un carallo
Guerra a criada unha man.

-Os luns clases de sexo
haber si aprende anda-lo polvo
pra Arousa clases de droga e
sobredosis non morra o porco.

-Porno nas televisións
preservativo xeitoso
pra que non che caía a cachos
como ó Obispo leproso.

-Os jueves poñen estriptis
enseñan tetas e o conexo
si tes algén o lado
nos vamos darche un b6 consello.

-Póntelo para qué pónselo
non contagie o condón. BIS
-Póntelo para qué pónselo
po sida e infeccións BIS

-Póntelo para qué pónselo
por si violas a cabra en Mogor
como foi picharriba
flixO a Montecelo, polas
purgacións. BIS



Comparsa **"SOCIEDADE ANÓNIMA" - 1991**

## Golpeando na Lambada

Imos a Kuwai, disque se está a montar unha festa, Bush xa está alá e leva consigo unha orquesta.
E Baille cantar o amigo Hussein esa música que chaman a Lambada.
O pobre de guerra cando lle dixeron o da guerra.
Deixou a muller
e saiu a toda presa
a esconderse nun refuxio
baixo terra.
Partidos de fútbol que sempre transmiten en directo.
Leva a bola Bush, pásalla a Felipito, e Hussein dí "no me toqueis el pito".
Barcos para a guerra, mariñeiros novos van a ela.
Non sabemos ben o que alí van a facer, isto si que vai traerche moita tela.
Uniformes novos alí que vai moita calor.
E inda por riba mandaron a Marta Sánchez, a cantarlles SOLDADITOS DEL AMOR.
Todos son mensaxes "tranquilo pueblo español."
Guerra que dimite, Felipito que se agacha, e todos pensamos que ahí non hai collóns.
Entre os bombardeos desapareceron uns avións.
Hussein non sabe e Bush diche que tampouco, tennos Guerra metidos nun bungalow.

*Música: Lambada.*

## Imos de carallo

Este ano xa chegamos xa chegamos o COU, somos nos señores a primeira promoción.
Xa temos en Bueu, un Instituto decente pero onde non se sabe se falta ou sobra xente.
Na nosa clase de COU, xa non colle ninguén mais pois somos case cuarenta apretados ademáis.
Os horarios non poideron poñelos mellor empezaron por primeiro e remataron polo COU.
*Estribillo*
*Entre tanto pasa o ano e este curso imos de carallo.*
Queremos un bó nivel xogaremos os relevos así probamos de todo loiros, roxos e morenos.
Nove meses de clases pero entre folgas e tal reducéronse un pouco quedaron en t;es namáis.
Así estamos neste país falando de educación, hai que ir a pasantías ou non sairás do montón.
*Estribillo*
Hay problemas en Física disque temos que ir adiantados pero nós na asignatura xa estamos todos cargados.
Xa estamos preparados para ir a Universidade pero este ano non aproba ninguén a selectividade.
*Estribillo. Música: Desde Santurce a Bilbao.*

## O de sempre

Neste Pobo señores, todos somos educados, por non pedir, non pedimos nin ó que necesitamos.
*Estribillo*
*Neste Bueu, neste Bueu, pasan cousas do peor, traballar, non traballan, pero viven do mellor.*
Temos moitas ilusións, para este Pobo pequeno, porque en vez de ir para arriba, vai para baixo sen medo.
*Estribillo*
Quixéramos ter un cuartel, para vixilar a Vila, pois
con tanto mangante calquera se fía.
*Estribillo*
Xa temos o Instituto imos polo pabellón e como é de costume preparados para o follón.
*Estribillo*
A casa da Cultura ainda non rematou, haiche outras preocupacións, están cerca as eleccións.
*Estribillo*
Os embalses de Bueu son os de fai 20 anos e cando chega o vran quedámonos en secano.
*Estribillo*
Cando chegan os turistas, teñen que irse de volta porque de ajua non teñen nin unha puta jota.
*Estribillo*

*Música:* Carrascás

## Cada loco con su tema

Este ano a televisión, deunos gran diversión referímonos, claro está o tan famoso culebrón.
Media España paralizada das tres e media as catro e coidado con falar ou a mamá dalle o infarto.
*Estribillo*
*¡Ai que ilusión,*
*-esta programación*
*menuda diversión*
*con tanta información!.*
*Tampouco faltou programación sexual apareceu "Dona Anchoa" todos po mesmo canal.*
Tamén deu moito que falar a propaganda do ximnasio "¿de quién es esto?" dixo o profe "mío" respóndelle Ignacio.
Os curas que votan millas mandando comunicados, e nós desta hipocresía é que xá estamos cansados.
*Estribillo*
Xa non se poden comprar comprar nas farmacias fimos ir o Vaticano pois alá están de rebaixas.
Tamén moito criticar as campañas dos CONDONS pero eles nesa empresa tiñan participacións.

*Estribillo. Música: 1* wanna dance. Gurruchaga.

Comparsa **"SOMOS O DEMO" – 1991 Agradecen no tríptico a Lolita Pais e a Pepe pola axuda cos traxes.**

### *Husein el terror*

Mitad hombre, mitad mamón,
No hay árabe más valiente.
HUSEIN ,HUSEIN
Destructor de la tierra
La alianza va a esperar,
A que te rindas,
Tu nunca lo harás
HUSEIN,HUSEIN
El árabe infernal
Misiles de Irak,
A tus órdenes están.
HUSEIN, HUSEIN
La batalla perderás
Las fuerzas de Irak.
A tus órdenes están.
HUSEIN, HUSEIN.
Sabras destrozarlas
¿cuántos Scud,
Fueron derribados ya?
A ti no te importa,
Ya todo da igual.
HUSEIN HUSEIN.
No las vaya a esperar.
¿Cuántos aviones,
has perdido ya?.
No los busques,
No los vas a encontrar.
HUSEIN, HUSEIN.
No te pares a buscar,
Con tanto petróleo,
Derramado ya,
La sangre vertida,
Poco te va a importar.
HUSEIN, HUSEIN.
No te pares a buscar,
Con tanto petroleo
Derramado ya.
La sangre vertida,
poco te va a importar
husein husein
Estás perdido ya.
Las fuerzas de Irak,
Se empiezan a acojonar
HUSEIN ,HUSEIN
NUNCA LE HAGAS CASO A ALÁ

### *Todo por la patria*

Neste que é o noso pobo, non nos falta xa de nada,
E se botas ben o ollo, non fixeron ainda nada.
CARRASCLAS, CARRASCLAS que bonito ´e este pobo,
CARRASCLÁS, CARRASCLÁS, no que falta ainda todo.
Polas calles deste pobo, andamos a escalar,
Puseron aceras novas, e as subiron ainda máis
CARRASCLÁS, CARRASCLÁS, po las calles deste pobo ,
CARRASCLÁS, CARRASCLÁS, andamos a escalar.
Das obras do instituto, xa non hai que decir nada,
Como sigan a este paso, non imos a disfrutalas.
CARRAASCLAS, CARRASCLAS das obras do pabellón
CARRASCLÁS, CARRASCLÁS non imos a disfrutalas.
Na casa da cultura, queren poñernos de todo,
¡si! Canto preparamento , para seguir sin facer nada
CARRASCLÁS, CARRASCLÁS ¡si! Na casa da cultura
CARRASCLÁS, CARRAQSCLÁS, para seguir sen facer nada
Na cas número dous, non sei que queren facer,
O único que vos decimos , non ten techo nin paredes.
CARRASCLÁS, CARRASCLÁS na cas número dous
CARRASCLAS, CARRASCLÁS non sei que queren facer.
Das porcas alcantarillas, temos algo que decir,
Resulta que cando chove, o auga empeza a subir.
CARRASCLÁS, CARRASCLÁS das porcas alcantarillas,
CARRASCLÁS, CARRASCLÁS o auga empeza a subir.
No que é do instiruto, nos se pode decir nada,
Inda que os profesores , no-la teñen xa xurada.
CARRASCLÁS, CARRASCLÁS QUE BONITO É ESTE POBO
CARRASCLÁS , CARRASCLÁS, NO POQUE PODES VER DE TODO

### *Se non queres traballar.*

Se non queres traballar,
Métete de profesor,
O único que vas facer,
É o instituto percorrer,
E se queres fastidiar,
Só as clases tes que ir,
E vas oir protestar,
Cando te besan cegar.

E se te vas cabrear,
Ti de aquí teste que ir,
Ninguén nos farán cambiar,
Porque nos somos así
La,la,la...........
No nos vaian a catear,
Só é unha forma de falar.



*"**SOMOS O DEMO**" – 1991 (Continuación)*

### Te llamamos para para que copes

No te quieres enterar,ye,ye,
Que venimos a copiar, ye,ye,ye,ye,
Y meternos en el bar con los amigos,
Y jugar al parchís como es debido.
Copar es un himno ye,ye(bis)
No te quieres enterar,ye,ye
Solo queremos copar,ye,ye,ye,ye
Y explorar todos juntos los pasillos
De este instituto.
Buscate un colega, un colega ye,ye
Que sepa lo que es bueno
Y que COPE también.
Intentar mangar los partes,
Es pura satisfacción
Tienes que buscar,
El momento ideal
Y entonces lo podrás llevar.
Pero te acostumbrarás ye,ye.
Y de las faltas pasarás ye.ye.ye,ye
Y entonces estrás arrepentido,
Pero lo has pasado bien.
Búscate un colega, un colega, ye,ye,
Que sepa lo que es bueno
Y que COPE también.
Os pasareis el día en grande,
Y nunca os aburrireis,
Lo teneis que probar,
Y nunca se os olvidará.

### Himnos dos cateados

Suspensos veñen,
Suspensos veñen,
Suspensos veñen e van
Xa non sei pa que estudias,
Se total vas catear.
Disgustos veñen,
Disgustos veñen,
Disgustos veñen e van.
Non mandedes as faltiñas,
Que en casa vanme matar.
Non fumes tanto,
Non fumes tanto,
Párame xa de fumar.
Agorra moléstalles tanto,
Que no bar vanno prohibir
¡Ai! cantas copas
¡Ai! Cantas copas
deixame xa de copear.
¡Ai! que me cago nos santos,
agora vannos controlar
Non fastidies,
Non fastidies,
Deixa xa de fastidiar.
En vez de instituto público
nos mandan a reclutar.
¡ai! Como exsixe,
¡Ai! Como esixe,
deixame xa de esixir
Téñenos tan aplicados,
Como ei de aprobar así.
Isto remata,
Isto remata
Isto vaixe a rematar.
Ibas poñer guardas xurado,
Mellor estamos así.
Non se me ocorre,
Non se me ocorre
Non teño máis que escribir
Por moioto que protestemos
Isto quedarrá sempre así.




"**AS PIRILLEIRAS**" 1992. Celebran o seu trinta aniversario de cando comezarón a saír polas rúas como "Tuna Os da Baroura". Coa primeira das letras fan unha presentación como xustificando a ausencia do ano anterior e dando a sorpresa do seu rexurdimento como "ave fenix".

### Presentacion

*Vaia sorpresa que lle vamos dar a muitos*
*as malas lenguas decian que se acabou*
*pero aquí estamos porque fomos a primeira*
*AS PIRILLEIRAS do ano sesenta e dous.*
Gracias a todos e os mais vellos fundadores
Foise facendo a historia de Bueu
con simpatía, criticando a mandatarios
das malas obras e dos chanchullos tamén.

Ai nasa barrio da Banda do Río
donde sairon as raices de Bueu
donde faI pouco fomos marxinados
rúas sin luces e nadaban as sarténs.

Corenta anos mandou Cayetano
gozos po centro e as sombras pos demais
detrás caciques que inchaban o peito
baixo aquel cherif que ojalá non volva máis.

*Via sorpresa que lle vamos dar a muitos*

Será que temos no barrio un barbeiro
afeita en seco os que teñen dura a piel
o da paleta deu caña dabondo
e barrenando os demais fixeron ben.

E aquí presente o Director Silvino
organizando e pondo a cara pa cobrar
durante o ano, sufrindo e morrendo e
resucita cando chega o carnaval.
*Vaia sorpresa que lle vamos dar a muitos*

"**AS PIRILLEIRAS**" – 1992 (Continuación)

## *Pasalle a calquera*

Nun furancho aló en Cela da Abaixo
palas eleccións
deu un mitin maisla,
que maisla choraba de emoción.

Estaba a corporación con tinto
enchendo a panza
e bautizaron co nome o Mitin-Mitin
da añoranza.

HaI que ver... hai que ver... hai que ver...
como pedía auxilio, parecia rabear
Si señor... si señor... si señor...
salira un concellal coas ganas de mexar.

HaI que ver... hai que ver... hai que ver...
como chovia tanto e quería apurar
si señor... si señor... si señor...
co pelexo collido fai pa Casa do Mar.

Iban cinco no coche e chofer
de chaqueta oficial
o patrón ile dicía: -Terán e terán
que cortar.

O máis grande decia: -No fragua
podia ablandar
Forestal: -Queda ben, de mangueira
po lume do vran.

Que dolor... que dolor... que dolor...
cando o saltar do coche se tuvo que estirar
por favor.. por favor... por favor...
non me movades tanto que me empeza a sangrar.

Mal humor... mal humor... mal humor...
o médico de guardia, carallo non está
que cabrón... que cabrón... que cabrón...
saira de chiquitos, e tuvo que esperar.

E pensando en maisla
ó furancho irán con pantalóns
que non teñan esas cremalleras
que teñan botóns.

Desde entán... desde entón... desde entón...
un pleno extraordinario iban a celebrar
e acordar... e acordar... e acordar...
que nos furanchos poñan water para mexar.




## *Non hai problemas*

Temos en Bueu mil maravillas
non hai problemas, todo e
dedicia desde Agrelo a Rúa Nova.

Desagües e alumbreado
aceras e agua
e agora a droga.

Que limpias están as praias
que parecen espellos ó Sol
en Agrelo e Loureiro
ven de Cela e da Pica o fedor.

E no Praia de Beluso
a merda fodera o rincón
con proxectos dese fel
pola Casa da Illa e o Peón.

E na do centro todo que fagan e pa tapar
que non miremos o mexo e merda que vai pro mar
algún magorro de Pescanova pa negrear
grasas e aceites saen debaixo do Incamar.

Bueu é pobo, en conclusión
o máis fermoso da nasa rexión.

Aunque atrasados miramos algo
moitos rapaces xa se emporraron
co Instituto e Pabellón.

Non se metían na droga
senón estudiando e xogando ó balón.

No da Esquina, foi co porro
a picarse van mais que algún paf
no Asteleiro tomen pinchan
e na Praia Beluso a esnifar.

Que vixia a nasa poli
nese coche da cá para lá
aqui nunca collen nada
soio pensan no cepo e multar.

Os da subida da Carrasqueira saltan parné
xa nos parecen os sufridores del Un, dos, tres
no axuntamento poñen boa cara dinlles que si
o dar a espalda eses lambóns botanselle a rir.

Bueu e pobo, en conclusión
O máis dermoso da nosa rexión.

## *Todas son mafias*

Vaia subida que nos meteron
todo lle achacan ós Xogos Noventa e Dous
menos licencias, baixan o leite
con tanto paro aumenta a venta de condóns.

O Ambulatorio no Aserradeiro
e no Asteleiro pos que cobran a pensión
e olí no medio haiche un desagüe
donde enfermeras fanche a proba do algodón.

Hubo lio coa excavación
de Raimundo xunto Panteón
saleu Rambo que estaba amasar
meteulle a man e xao enfariñou.

*Mama Lino no ten, collóns expropiar*
*o pariente da Serra, do Bloque ó Asteleiro,*
*e Auxilio Social*

Tamén Malvar, coas Lagoas
sonche os que moven a toda corporación
pro eles pisos, pro nos canexas
e os xardíns como a estacada de Massó.

Mira o tronco, ten mala estrella
pois xa daquela o quixeron secuestrar
lago os obreros, que se encerraron
xunto a parada porque quería cobrar.

Hai quen di que outro monocipal
o do ferro os partes lle da
a peineta llevamos comprar
parez Martirio cando está a falar.

*Mama Lino non ten, collóns expropiar...*

Tuvemos xuicios, bancos e mafia
polos desfalcos e polo droga tamén
un portugués fíxolle a guerra
deulle ó piteiro e todo se descubreu

E os albertos tamén cairon
porque levaban unha vida de marqués
o máis pequeno wisque de tarde
e Mario Conde con champang para comer

*Mama Lino non ten, collóns expropiar...*

Di que gaña pouco no Axuntamento
e a estación de Seixo non lle da un real
colleu un chope no Diputación
e agora é ATS alá no Hospital

*Mama Lino non ten, collóns exproiar*
*o pariente da Serra, do bloqueo Asteleiro, e*
*Auxilio Social.*

**"OS MULOS"** - 1992




## Mulada

Outro ano saen OS MULOS
a pasar a carallada
pois xa fomos a Lalin
a buscar a porcallada.

Nos tuvemos peste equina
e buscamos solución
cunha boa laconada
e viño de garrafón.

Tamén imos saudar
as comparsas de Bueu
volver a felicitar
a Silvino outra vez
e pro outro Carnaval
que non falte o bo humor
e volvamos a cantar.
O reloxo deste Pobo
xa leva un ano parado
ofreceuse un carpinteiro
pra el poder amañalo.

O que busca ese señor
e ganar unha medalla
porque os nosos reloxeiros
non lle queren pagar nada.

O señor Castro pideu
na Semán de Pasión
que teñamos en Bueu
por favor Procesión
pra que veñan os Turistas
a gastar as catro chicas
que estuveron a aforrar.

Beluso quedou cortado
foi por culpa dos da gorra
había que darlle paso
aquela famosa boda.

Os que quedaron jodidos
son os da gaita e tambor
coa fame que pasaron
xa non inflaban o fol.

O que teñen que poñer
pra cruzar en Bueu
semáforos de unha vez
dio él digo éu
pois sabemos de unha vella
que por non poder cruzar
hata se cajou por éla.

## Cousas das eleccions

Cando foi das eleccións
todos contentos estaban
pois si non ganaran Eles
vaia carallo levaban
alguns que chupe colleran
podian quedar sin nada.

Que fogueteiros temos
no noso Pobo, miren señores
taxista e traficantes
algún ferreiro e armadores.

E algún fontaneiro
todo contento, non e para menos
que por ser do Partido
foi outro mais que entrou a dedo

Tanta tinta femia
se bebeu en Cela
nos mitins que daban
e tamén en Bon
a xente salia
todiña contenta
Don Manuel e farto
que homiño bo (bis)

En Cabalo en aquel mitin
Don Manuel e mais pandilla
alabaron tanto a Dios
parecia unha capilla
e aquel home tan Modesto
a Sisi llo agradecia.

Pa empezar en Ermelo
fixeron terra fresca
e o parque que teñen
pra tender herba seca
en aquela meseta
algún árbol plantaron
desas especies raras
que a xente asustaron.

Na Rosa dos Vientos
con tanto albariño
non collia nada
en aquel mostrador
a xente salia
todiña contenta
e algún que outro
con un cagallón
con un cagallón (bis)

## Contos locales

Ai Señores
monumento os Cabalos fixeron
o día das Flores.

E o Xefe
pola noite mandou vixialo
non foran roubalo

Eses cartos
eses cartos que tan mal gastados
che foron alí.

Nós pensamos millor estarian
facendo retretes pa cagar aquí.
Pórque en caso de apuro Señores
aquí neste Pobo non hai donde ir.

A comprar Massó
as Koplowitz van
pra Cangas a xente
pensámos os Mulos
será ata o vrau.

Adios que se vai
o Museo tamén
non queren dar nada
non deixar recordo
fodéronnos ben.

Cando vaian
cando vaian a ése paseo
que están a facelo

Pesaranse
Pesaranse na báscula esa
que hai en cabeza

E si pasan
e si pasan vaian con cuidado
pa non tropezar
*coa serra e outras chavola*
*e mais chiringuitos*
*que hai que tirar (bis)*

Disque van quitar
a de Picha Fria
que tiren tamén
a grua que está
no Cine Avenida.

Esa grua leva
muito tempo Lino
*e para sacala*
*manda a misma senté*
*que tirou o Pino (bis)*

## "OS MULOS" – 1992 (Continuación)

### Explendido 92

Este ano tan famoso, pero
nos joderon, xa subiron os impostos, tanto pra que vaiamos acostumbrados, así todos o que o longo deste ano, nos pode vir.
Estribillo
A conta de COBI e CURRO
nos estan jodendo, e están comendo a dos e nos por culpa deles /carrillos
quedamos sin calzoncillos.

Agora o que mais se leva
e está de moda, con esa xente nesta
facer os grandes negocios /Nación
a conta da corrupción

Vai pasando o tempo e, vemos
que traballo, leite e pesca, sempre van a menos
cando promesas tan bonitas nos fixeron
pois pa entrar nasa Europa, éles dixeron.

Foi Manoliño a Cuba
a bailar salsa con bacalao na Tropicana
porque estaba El con Fidel
os dous cheos de queimada.

O outro día Cuiña
dixo na prensa que aqui en Galicia non hai
media población do Deza /corrupción
estan chupando a pensión.

Con esa lei Corcuera
pra recordarnos a dictadura de aqueles fachas
non estaremos tranquilos
nin dentro das nosas casas.

Agora con tanta neve /cagallón
si vas a esquiar e miras algún que ten
cuidado con tropezar
que pode ser un bobón.

Foi Manoliño a Cuba
a bailar salsa con balanceo na Tropicana
porque estaba El con Fidel
os dous cheos de queimada.

### Movida

Imos contarlle un conto en Carnaval
que pasa con algunhas das viudas que aqui hai.

Algunhas, algunhas alá no fin de semán
élas e separadas en Vigo que festa fan.

Haiche un plai boi
que no medio vai
para todas amañar
non sabemos como fai
estas feito un Kikirikí.

Disfrutan no Olimpia sin parar / bailar.
menean naquel home que non para de

Coitados, coitados os que agora xa non estan
van a levar as flores e amores traeran.

Hai quen leva tres
e non para ahí
sabemos de outro mais
que a ése calor quere ir
chegará a sete como siga así.

María, quere casar
pero sin paga éla non quere quedar
pois fai o conto, vai pola iglesia
pra que o Goberno non lle deixe de xirar.

Despois a Maria achegou
e a paga toda lle quedou
ahi María algunha vez, vaille chorar
e a contar, salin marchosa.

Pois éla non sabe nada
de leies e economía
solo que agora ten dous sueldos
e un reposto pra cona-mia.

Tamen os homes viven a vida ¡Ai!
aqui en Bueu hai alguns que van ligar
a calquer hora, vanse pra Tora ¡Ai!
é porque éles tamen queren galear.

Domingo e día de golfería ¡Ai!
a na lambada haiche muito que mirar
van os viudos, os separados ¡Ai!
e algun solteiro con ganas de rebolar.

Todo bo pescador pesca ben
todo home que quere enfornar
e preciso bailar con ardor
si de noite queres calor.

Domingo é día de golfería ¡Ai!
e na lambada haiche muito que mirar
van os viudos, os separados ¡Ai!
e algun solteiro con ganas de rebolar.

## "OS PENEQUES" – 1992

### Olimpicos corruptos

Xa está outra vez **Boi tila**
**a "cópula"** a censurar
que solo estamos pensando
en privar e *fornicar*.
Nós estamos coa **goma**
**o de "Magic"** non é broma
cuidado con **machacar**
**por fóra** da N.B.A.
*ESTRIBILLO 1*
*Non máis frenos*
***á festa carnal,***
*creo que non hai*
*no máis alá.*
Pregonan o **Xacobeo'**
**San Turismo** hai que explotar
Agora é o **capital**
**outro santo a venerar.**
**Xa nos van canonizar**
**a Lenin e Charli Marx**
**o dólar** é o culpable
dos males *da* humanidá.
*ESTRIBILLO 2*
***Waticano***
*mafia de verdad,*
*está o* ***Banco Posto..***
para ***bronquear.***
Ten costra esa **"Cosa Nostra",**
seu imposto **é son piedad,**
**e no folla parroquial**
dinche o que hai que votar.
Son **Socios capitolistos,**
xa che andan a **dictar,**
queren poñe-lo **bozal**
**á prensa e ó teu pensar.**
*ESTRIBILLO 3*
*Todos do* ***"Pesoume"***
*a estafar,*
*moita* ***burrocracia***
*para roubar.*
**Erótico** é o poder,
a forza está no **"Capullo",**
Botan un **polbo na RENFE**
e máis enchen o bandullo.
Se vas a sair de noite,
entre os dentes o **carné,**
pois senón**papá Corcuera**
pode darche un puntapé.
*ESTRIBILLO 4*
***Corrupción***
*deporte nacional*
*eses dos* ***escaños***
***xa cheiran mal.***
Se te metes a **Pastor**
podes saír **trasquilado,**
pois sempre hai algún **castrón**
**que fode de medio lado.**
Expo e **Quinto Escapullario,**
**vaia O-limpiada Fiscal,**
van a pasar polo aro
**Hunosa e Sector Naval.**
*ESTRIBILLO 4*
*Moito* ***galopín, hai***
***corrupción,***
***os capos*** *branquean os*
*millóns.*

### Manda caballo na habana

*¡Ai carallo no Habana!*
*dan polbo con banana*
**Manolo o "endereitao"**
*fixo a* **revoluçao**
*Que cacao hai montao*
*¡Resucita* **Castelao!.**
Fai Manolo para Habana
pra facer revolucao
ía **"'endoreita-la fila"**
e saiu avermellao.
Guyabera e mais gaiteiros
o **Fidel** quedou pasmao,
**dominó e unhas polbeiras**
con lacón todo integrao.
Empolbao, engaitao,
¡Ai Manolo que cacaoi.
**Caciques da "gaivota"**
Galiza está en pelotas
o **pobo desplumao,**
e moi ben **explotao.**
Desplumao, explotao,
**e co leite afrancesado.**
Botoulle **Fidel** ó pobo
un discurso moi cargao,
vinte horas de **dictado**
**pra dormir á oposicao.**
**Da esquerda pa dereita**
saltabache o condenao
vaia **yenca** se marcou
diante **Castro** alucinao.
Que dictao tan cargao
está o **Barbas** chamuscao.
Disque o **Boi de Raxoi**
**xa sao no Play Boy,**
Manolo **destapao**
o pobo **mas-turbao.**
Que fregao hai montao
con un cheiro a bacallao.
Ai Fidel non te **Cohibas**
e móntate un negociao
**fai ese cazo legal**
que é a **nova revolucao.**
**Manda carallo na Habana**
Manolo ti vés cambiao,
pois o **Lenin** ó teu lao
é un santo apolillao.
Ai barbao non seas Mao,
que che van a dar un pao.
Os ca pos son chegados
todos **ten branqueados.**
Galiza e un **maná**
**de coca reciclá.**
Enganchaos e colgaos a
Raxoi van esnifaos.
En Galiza está **Che-Beiras**
**moi "autodeterminao",**
repasando o **"Capital"**
**pero moi ben camuflao.**
**"Fora Yanquis desta fila"**
**"Cochinos"** sitio sagrao
pero aquí no Parlamento
**o "Boi mudo"** está calco.
Desta-pau e queimao
o **capón descafeinao.**
*Fraga co leite* **cortao.**

**"OS PENEQUES"** – 1992 (Continuación)

## Beluso porno selva tropical

Temos en Bon **"madeira popular",**
xa lle encargaron seica algún tablón,
para facerlle o **"Trepa Sisiolino"**
unha desas **escalas** para a Diputación.
Haiche novas **parcelas estranxeiras,**
moitos **abortos en areas de Bon,**
canto cantante no **"Orquesta Topolino".**
con ese **urbanismo mediocre e chambón.**
*Be/uso é un pobo peculiar,*
***os watios suben sen alumear***
***en Udra esterco, Bon especulación,***
*cantando* ***nese cruce ha moitos socabóns.***
**Indo pa Udra leva mascarilla,**
verás a **Atila** sempre a galopar,
**montes de merda,** e mailas **escombreiras**
trémo-lo noso parque que sempre está a apestar.
Unha **gran selva** medra no **Pión,**
**e nas cunetas focos deinfección,**
**agacha o lombo** labrego **Sisiolino**
a nós esa herbiña nos chega os collóns.
*Phenosa un* ***"corno"*** *foi a colocar,*
*olí no medio pódeste* ***enchufar,***
*ai ese poste, parece un espantallo*
*e xa* polo ***"culombio"*** *podía ir a tomar.*
E si ti vas polo **Ruanova abaixo,**
tensa moi ben o **"frenillo" traidor,**
e espabila cando ti **"desembragas"**
pro que non perdan brio **as bielas do motor.**
Disque alí hai bache **"tapadillo",**
as telarañas no **"coneta"**están,
e si vós vades cun **"verde"** no bolsillo
as vasos**"trompetillas"** pronto se alegrarán.
*Qué con esas* ***"mangueiriñas' ;***
***o "sortidor"*** *queremos estrear, e*
*no subida* ***enfundar*** *precavidos*
*non te* ***collan en bolas*** *cando vas a* ***largar.***
O do **catastro** que calamidá,
seguen a linea que mellar lles vai,
**tiran cos muros,** arramblan cos eirados
pois hai **moita toupeira baixo a Consistorial.**
E **verterán** no Praia de Beluso,
alcantarillas dende o Figueirón,
**¿Depuradora?** no **Carallo do Burro**
pois olí as **ladillas** son coma tabeiróns.
*¿Qué pasará con esa* ***herencia en Bon?***
*!Qerían roubar a Nosa ///a de Ons!*
*A ver se deixan de* ***Mangarno-los*** *libros*
*país polo* ***Biblioteca*** *mirouse algún* ***Jambón.***

## Despértate xa

**Erecto** se puxo opobo
o ano das eleccións
**supusitorios no splenos**
**e petardos de ocasión.**
Os do **capullo** fixeron
**urxente penetración,**
**medicamento** ilustrados
todos eles van **Con-Don.**
**Todos** o queren dígocho eu
**queren o sillón e non queren a Bueu.**
*ESTRIBILLO*
*Bueu* **despertarte** *xa*
*¿onde estás?*
**se non che andan no bolsillo**
*todo che dá igual.*
¡Con **urxencias de cartillas!**

OS PENEQUES

**"NON PASAMOS POLO ARO"**




**ANTROIDO 92**

**BELUSO**

e detrás unha **Ballesta,**
**Galenos** acorralados
**nin medio pobo protesta**
Os da **esquerda** cada
día téñenche menos reserva
solo che pensan nos **dunas e os**
**"calvarios da conserva".**
Bueu **corrompido,** dígocho eu,
Hai muito **chanchullo** no pobo de
**Bueu.**
*ESTRIBILLO*
Estanche a **Vieiras vir,**
**os Antroidos de ocasión.**
**Tamén ¿Porto deportivo?**
**Ha$ivú que figuróns.**
**Mariñeiros de agua doce**
**co Bispo** a barrenar
sobra agua neste pobo,
**o que queren é cobrar.**
**Enchen o cazo** dígocho eu,
**Especuladores xa mandan en**
**Bueu.**
*ESTRIBILLO*
De **cultura,** pedantillo,
vaia **trepa** e fantasmón,
**Sanidá** toca madeira
Colleremos infección.
**Badulaque** da poltrona
¿para cando o **pavillón?**
**equipo de balonmán**
**xógache na emigración.**
**Antes o reuma** dígocho eu,
Cando miraremos **pavillón en**
**Bueu.**
*ESTRIBILLO*
Os **atletas de sillón,**
**jeta** teñen mogollón,
colgan eles as **medallas**
**e traballa a Comisión.**
Xa non é **Bueu** agora
lugar tan **conservador,**

pois o **pobo en escabeche**
**venden** ó mellor postor.
Moita **"conserva" dígocho eu,**
**Sisi dá a lata** no poleiro en **Bueu.**
*ESTRIBILLO*

## Bueu é un trampolino

**Estimado(r)** da poltrona
"Sisi" non rascas nin bóla,
**faste sempre remolón**
**se non pincha a "comisión".**
**Capitán "Mesacamilla"**
con síndrome de ladilla,
o sillón está enganchado
**"o de Bon" monta o tablao.**
*ESTRIBILLO 1*
*Chapuzas, marrulleiro,*
*ástache o poleiro,*
*bandullo todo teu,*
*carne de diputao.*
Baixo o **paraguas de lino**
disque **quiebran os ladrillos,**
**branquean as catedrales e**
**medran** algúns **bolsillos.**
**Hai nova corporación**
**con Boticaria e Galenos,**
todos choran de emoción e
**rompen augas nos plenos.**
*ESTRIBILLO 2*
**Chambón, Bascalleiro,**
**míraseche o plumeiro,**
**solemne pimpín,**
**Bueu é trampolín.**
No **"Paseo-cachondeo",**
Hai funestos **monolitos,**
**"Falanxe" e "varadeiros"**
**"Picha-fría" e caballitos.**
Disque o **"pornodiputao"**
en Bueu **causou furor,**
polos **"grandes empichadas"**
**e o "sisi consolador**
*ESTRIBILLO 3*
*Aquí non hai solución*
**tomos que operar,**
**extirpa-lo tumor desidia "popular".**
**Ese segundo da banda**
éche un pouco máis **morboso,**
ten orgasmos por **icorreos!...**ooh...
cando o **voto é sabroso.**
Xa podes nadar tranquilo
por esas augas de **Agrelo,**
se che dá algún calambre
**lévante pro matadeiro.**
*ESTRIBILLO 2*
Un **capo** coa cara hinchada
estornudou un **haschisch,**
**esnifáronlle** unha ostia
**vaia polbo** de nazis.
**Carballeira** ti
fixeches **de Bueu unha poesía,**
mentras **outros** fan agora
**do pobo mercaduría.**
*ESTRIBILLO 3*

"**CHAMANLLE X**" 1992. Ano en que se separaron homes e mulleres ("As Expulsadas").

## Presentacion

Como todos os anos
OS CHAMALLE X
xa estamos listos para o carnaval
con novas cantigas
sempre criticando
e xa renovado todo o personal.
Xa e o tercer ano saindo polas rúas
xa e o tercer ano e vamos a cantar
as cousas que pasan neste noso
pobo e desas persoas que so fan papar.
Ai, alcalde Freire Lino
sáleche todo moí mal
como non poñas mais ganas
vaste da Consistorial.
ESTRIBILLO
*Aquí estamos de novo*
*pra contarlles as historias que pasan no noso pobo*
*aquí estamos de novo*
*pra beber un bo alvariño ou comer un bó centolo*
*aquí estamos de novo*
*dispostos a criticar*
*todas as promesas feítas*
*de que ian a dar cartos*
*de que nos iban a subvencionar.*
Falamos dos vellos
do paseo novo
de duas cotorras e do Pabellón
da Casa do Mar
tamén do Catastro
e do Axuntamento que hai moito chupón.
A todos os problemas que temos en Bueu
xa vaisendo hora de dar solucións
que os concellais se movan un pouco
en vez de estar sempre rascando os collóns.
O Hospital ben atendido
tamén a Diputación
pero ós problemas de Bueu
non le das ti solución.
*ESTRIBILLO*

## O culebron

Este ano foi a monda coa enfermedá do Sida
por non poñer a gomiña Freddy quedouse sen vida
Magic Johnson no deporte deuse xa por retirado
pois meteu unha canasta que terminou infectado.
Vaia negocio van montar
a costa deste xogador
¡Compre condóns Magic Johnson!
¡Resistencia sen igual!
¡E nin unha gota pasará!
Gorbachov coa Perestroika dixolle adeus o poder
porque a tanto ruso xunto e dificil de manter
miraron que o comunismo estaba moi desfasado
e decidiron largarse cada un polo seu lado.
O comunismo rematou
solamente queda Fidel
sonche un pais moi pequeno
pero seguen ahi en pe
fabricar puros vaille ben.
Mr. USA jomitoulle por enriba a un nipón
asi demóstralle ó Mundo canto lle gusta Xapón
o ministro do Oriente quedouse coa cara tesa
e non hai quen lle quite o cheiro a hamburguesa.
Uns cantos coches foi vender,
ós xaponeses na, na, nai
o gran soño americano
vaise tomar polo ano
se non espabilan mais.
Tamén hai en Yugoslavia unha cruel guerra civil
e os mortos polas rúas cóntanse de mil en mil
entre servios e croatas andan todos rebotados
porque en vez de vivir xuntos queren vivir separados.
Disque che anda alá en Arxel
medio revolto o personal
por culpa das elecciones
andan todos a trucar
os moros nunca están en paz.
O Monarca foi a neve, ali están os seus ambientes
e meteuse unha ostia, por pouco queda sen dentes
medio mes no Telediario co rolliño da escayola
e o rapaz con quen chocou non lle dixeron nin hola.
O Rei rompeu unha perna
xa parecía un culebrón
media España estaba alerta
Ai Juan Carlos ¿Como estás?
¿Que tal camina majestad?
Os vellos con tanta tele xa non van a xogar ó mus
agora che están nos bares mirando o Canal Plus
hai quen levou xente a casa pra mirar esta cadena
e ó ver todo borroso, dixolle: ¡Será da antena!
En Telecinco non hai mais
que tetas e publicidad
mentras que en Antena Tres
vaiche de mal en peor
nin a mira o seu director.
Chegan os Chámalle X (bis)
Todo novo e reciclado
ainda que o Axuntamento (bis)
non nos houbera axudado.
Tuvémonos que empeñar (bis)
pero ímonos safando
pois nos gusta o Carnaval (bis)
e estar sempre criticando.
Temos un minipaseo (bis)
e témolo abandonado
polo menos que lle poñan (bis)
un pequeno alumbrado.
*Hai esa praia, Banda do Río*
*vaia peniña nos da mirar pra ela*
*nos pedimos/le que se arranxe x*
*a ó Alcalde, a Xunta ou os de Sanidad. (Bis)*
Nun local do noso pobo (bis)
non nos deixaron cantar
vaia estampida levamos (bis)
da muller que vende os ramos.
O ir chimparlle unha gaseosa (bis)
a vella xa está a esperar
co caldeiro preparado (bis)
pra poderlle alguén botar.
A un Doutor do noso Pobo (bis)
non lle gusta traballar
quere ir pro Axuntamento (bis)
que alí pode descansar.
*Si polo vran te atopas mal*
*hay un cartel alí na Casa do Mar*
*"ven ala P/aya de Portomaior*
*llevo un gorro amarillo*
*allí me encontrarás. " (bis)*



"**CHAMANLLE X**" 1992. (Continuación). Sairon ás rúas cun disfrace da época Luís XVI.

### Non cho creo

Fixarse ben no papel
pra mirar a quen lle toca
e o acabar de cantar
queremos mollar a boca.
Xa comenzou o paseo
mira que foi criticado
pero seica no rematan
pois no medio está serra-do.
*Mon-cho creo, non cho creo*
*que van acabar o Pabellón*
*Balonmano e Fubito*
*moitos anos e sin solución.*
*E o día que o rematan*
*vamos ver en que ano será*
*Mon-cho creo, meu ben non cho creo*
*hasta que o poidamos mirar.*
No Concello reunión
pro catastro debatir
alí non lle foi nin Dios
pois queríanllo subir.
E na Casa da Cultura
inauguran a contienda
houbo apagón xeneral
non funciona ni a emerxencia.
*Mon-cho creo, non cho creo*
*que nos den agora a subvención*
*Mon-cho creo, xa hai dous anos*
*non hai canos e xa caducou.*
*E si un día ti te enferma*
*xa non teñas preocupación*
*os de urxencias te están esperando*
*con estufa e televisión.*
Ese problema da luz
que xa foi solicitado
pra que na calle Caripas
poñan un bo alumbrado.
E falando do deporte
do futbol de veteranos
xa non xogan en Bueu
porque teñen moitos anos.
*Mon-cho creo, non cho creo*
*que esto teña fácil solución*
*Mon-cho creo, non cho creo*
*pois no medio hai moito lambón.*
*E si un día, Mon-cho creo*
*quixerades facer algo ben*
*recoller opinións polas rúas*
*que o pobo opina tamén.*

### Triqui miqui

Temos aqui en Bueu
un Delicioso paseo
que escomenza en Pitis
e remata no Penedo.
Tamén temos casas vellas
qúe estorban pra pasear
e tamén un monolito (bis)
que está sen rematar.
*Triqui miqui, miqui triqui, trique me,*
*isto fanno os do PP que non saben gobernar*
Tamén temos concellais
que non fan mais que mirar
si levantas un ladrillo
para ter que ir adular.
E pra enchufar funcionarios
a eles tes que ir buscar
meten pra dentro os parientes
e os demais van a afilar.
*ESTRIBILLO*
Ai ediles en Bueu
que os ficharon pra arrastrar
votos de algún compañeiro
e tamén de familiar.
Si lles preguntas algo
bótanse a tatexar
e sonche igual que burros
metidos a concellais.
*ESTRIBILLO*
Cando foi das eleccións
prometéronlle ós mais vellos
unha casa pra eles
toda chea de enredos.
E si ile preguntas algo
eles dinlle ó Mar que ronque
e bótanlle a culpa a Xunta
que son os que non responden.
*ESTRIBILLO*
Criticamos certas cousas
que imos a reflexar
os que sempre che pedian
Casa da Cultura xa.
Agora que xa está feita
e unha vergonza decilo
cando ai actos de cultura
a ninguén se ll ve o pelo.
*Triqui miqui, miqui triqui, triqui me*
*estos non son do PP*
*que che son do metemé.*

### Animaladas

Vimos a contarvos, o que aconteceu
o longo do ano na vila de Bueu
moita animalada destes mandatarios
que o único que queren e enchelo buche a base de ben.
Ala no Valado, hai un edificio
que leva dous anos facendo servicio
ainda que e moi novo, vaiser ampliado
como non se apuren imos dar clase a veiga do lado.
Sucedeu na fila de Ons, un caso estrano
achegouse un criminal, con pau en mano
dis que tiña moito mono, este fulano
poucos dos que alí estaban, quedouse sano.
Se tes un barco ben preparado
e te interesa sair no Faro
colle o arrastre e vaipa Silleiro
que con dous lances enches de droga o barco enteiro.
Subimos ata o Ramal dos Galos
¡Esa Alameda! ¡Que depresión!
medio acabada toda revolta
mais que Alameda son as ruinas do Partenon.
Vaia Policia Local. ¡Que equipados!
vémolos de aqui pa alá moi apurados
queren ter ben vixiada a zoa portuaria
por isto trasládanse pra funeraria.
Temos en Bueu, uns mosqueteiros
paseando xuntos son os primeiros
son xubilados, os camiñantes
un transportista, un hosteleiro e dous navegantes.
Temos tamén un Gran Museo
que é a envidia desta rexión
e unha pena telo pechado
en vez de abrilo para o disfrute da poboación.
Puxeron preto do mar, un monumento
foiche a inaguración, en un momento
dous cabaliños de mar, menudo invento
ainda está sin rematar, iso vai lento.
Se vas a Cangas todo fungado
debes andar con moito coidado
pasa a ponte moi despaciño
se non te empotras contra a casa de algun veciño.
Cando no vran os jodechinchos
chegen ó pobo vanse extrañar
¡Ai que bonito! ¡Un paseo nuevo!
y además antes de entrar te puedes pesar.

"**AS EXPULSADAS**" – 1992. Comparsa formada integramente por mulleres. Aparecen, como xa se dixo, froito da división de "Chámanse X" (na que quedaron os homes) e estaba liderada por Loli Agulla.



## Presentacion

Este ano somos as expulsadas
que lle vamos cantar en carnaval
e contarlle as cousas que asan
sabendo que algúns vas molestar.

Nos pedimos que acaben primeiro
co noso esperado pabellón
pos rapaces que queren xogar
se Ice acabe pra sendero a
emigración.

O concellal que hai de cultura
deixounos plantado o balonmán
porque o que lle gusta a el máis ahora
e o poleiro e facet cine no verán.

E quedaron todos satisfeitos
coa medalla que dan a coral
que este ano xa no nos fixeron
a famosa semana cultural.

Pa empezar na procesión do Carmen
daba gusto ver aqueles señores
al guns levaban trazos de estreno.
E outros con camisas de flores.

E as damas co bolsiño ó lombo
estrenaban tamén o novo cargo
como teñen un moi bo patrón
non tiñan modo a subirse no barco.

Tamén fixeron festa do Rocío
coa cabalos diante do axuntamento
pero o máia bonito de todos eles
o da Udra lucindo o instrumento.

Un galeno que tomos no pobo
e que-lle gusta moito estar arriba
primeiro empezounos no deporte
máis tarde querer alcalde quería.

Poi de compras a un super que hai no pobo
a encargada que hai de Sanidad
e porque lle cobraban a bolsa
a ensalada tiroulle polo chan.

As lag oas siguenche paradas
e a culpa levalla a dos pasteles
pero todos pensamos o meamo
que a festa empezarona eles.

Ameazaron a quen non firmaba
e algúns fixeronno asustados
pero ahora toman polo cú
porque todos estan medio colgados.

Pero siguen facendo o que queren
e alturas as que lle da a gana
por moito que a rente proteste
a eles non lle chega o telegrama.

## O 92 acaba con todos

Neste ano que comenza
joden os cartos pra nada
levan pro Mediterráneo
as cousas máis avanzadas.

Pero e a nós que nos cantan
deben tomarnos por parvos
se desea investimentos
nós non miramos pataco.
Os mariñeiros pra terra
a industria desmantelada
tamén pagamos impostos
¿é os cartos?
aquí non queda nada.
Ai eses luxos
que caros son
se nos deixaran
algo pra nós.
E coma que a un meniño
lle dan unba lambonada
dannos o do Xacobeo
e non pedimos máis nada.

## O progreso

Tomos casa da cultura
seguimos sin pabellón
cando se acabe a olimpiada
traian un dos que sobrou.
Día tamén que van facer
pro futbol un campo novo
cer inventaron a quiniela
pra non ter que pedir todo.
Bueu, Bueu, Bueu
que mal se che ve
foche mal co Bloque
vas mal co pepe
vas mal co pepe
vas mal co pepe
Buen, Bueu, Bueu
que mal se che ve.
E co do paseo novo
isto xa parece a Expo
a ver si pro Xacobeo
acaban tirando o resto.
O paseo en Pescacadoira
puseronlle un monumento
non chegaba co espantallo
que lle deixaron no medio.
Este ano os turistas
contaránse por milleiros
pois ACIBU en Fitur
dixo somos os primeiros.
Por iso os do axuntamento
esconderon esa praia
a que pra nosa vergonza
sempre está contaminada.




## Os carallos do noso pais

Neste país que temos
todo nos vai a pique
o parbo de Felipe
dinos que ten a gripe
a nos que nos importa.

Dis que marchou de viaxe
pero nada nos deixou
todo foi pra Barcelona
e pra Expo-92.

Saíu na interviu
o condón feminino
chámanlle fimidón
e causa sensación
ainda que é pequeniño

Tamén hai o Don Condón
que os De ros non coñecen
por ir cavar por detrás
o Jonson dan pasaporte.

Son parte das noticias
deste país veciño
que por non ter coidado
o xogar co mortiño
o metelo na caixa.

Os Españoles xa tomos
bastantes preocupacións
co femidón das mulleres
e o don condón dos choróns.

## Isto non é Hawai

No poso. pobo de Bueu
non hai civilización
hai animai: no axuntamento.
E soltos nos callejón.

O alcalde que nos tomos
non se preocupa por nos
puso servicio de urxencias
pero non o pabellón.

Cando te atropela un choche
a chuca xa esta a tardar
notáse que quen lle paga
e a Seguridad Social.

A policía que tomos
traballa un mogollón
na oficina cando hai partidos
hai gritos e discusións.

Colle a maleta e vaite xa
porque neste Bueu
vante matar
vas colle-lo sida
e infección:
coas xeringas que hai
nos callejons.

Concellal de augas que tomos
un día vaí afogar
co forro que ten enriba
a frote xa non sairá.

Os municipais que tomos
son como buitres do zoo
non pises unha amarela
tes o cepo nos collóns.

Pero ouvoche un moi listo
que por non ter que pagar
desmontou a roda do coche
e a de recambio puxo xa.

"**OS LIMPIABOTAS**" – 1992. Case que setenta anos dispois reaparece de novo esta comparsa recollendo dúas letras da comparsa orixinal (obra do afamado Manduca).

### *Os novos limpabotas*

Os novos limpabotas
Estamos aquí
Murgas de antergos anos
Imos lembrar

Dos que gobernan Bueu
Hai que falar
E que o da sotana
Nos deixe en paz

Fomos excomulgados
Ser papaostias está mui mal
Non se dan conta...
É carnaval

Este ano pasado
Coas elección
Presentaron-se listas
A mogollón

Bloque, Esquerda Galega,
PESOE e PP
Outros quedaron fora
Como a UCD

Tanto ,tanto partido xa
Na nosa casa consistorial
Unha de independientes
Meila e Parada ian formar.

Gobernaría Don Alfonso de boa gana
Con Puri como primeira dama
Co resultado ela chorou desconsolada,
Ai Alfonsiño pouca tallada.

E Don Xosé saboreu o noso poleiro
En canto lle deu...por pouco tempo,
Cando insiste é porque debe anora-lo
E da traballo reconquista-lo.

Se tes que ir a correos
Coñecerás
A un bo elemento
Que da por atrás.

Cando alguha vella
vai preguntar
para por un telegrama
onde firmar

Sae ,sae Pepino,
Pepe cabreos pon-se a fungar,
Non se da conta...
Que carosmal!

Pensamos que ese home
debía estar
a o lado do paxaro
que van queimar.

Vecinos deste povo
Espabilar
A Pepino cabreos
Hay que domar.

Temos, temos preguntas
Algunha delas sen contestar.
Para,paro e limpeza
Desa oficina, quen vai cobrar?

Terá que tomar-se un reconstituinte
Para que sepa tratar a senté
E nos pensamos que ese edil
Que está en correos
Bautizaremos "Pepe Cabreos"

O carnaval para ser como Deus nos manda
Rematará con gran cuchipanda
Pero nosoutros que tanto nos esforzamos
"que papaostias", que nin cabreos.

### *Amor .......*

Somos de Bueu
Bonita aldea
Toda falta de flores
E de colores
Da pena ve-la
Pola avenida
De beiramar

Chea de adefesios
Que todos eles
Hay que tirar

Estribillo
Ai Sisi, ai Sisi
Teu primo leva a serra de alí
Porque queda muy mal
Serra, Purro e Auxilio Social

Quiten a serra
que dan infección
que saneen a praia
e para os desagües depuración.
Fagan paseo,
Limpen a praia,
Tamén coloquen duchas
Para que o turismo
Nos se nos vaia-
(Estribillo)
Eses solares
Hay que limpar
Que o paseo vaia
De un ladoa outro
Da beiramar.
O que pedimos
E con perdón
Sería solucionado
Se para alcalde
Fose Ramón.
(Estribillo)
Ai Ramón,ai Ramón
Para outra vez colles ti o bastón
Ti serás , ti serás,
En bue o nos mandamais
Ti eres veciño
De toda a vida,
Non como os de ala adiante
Que foron sempre
De auga fervida.
Dspedimo-nos
Muy enfadados
Con esta crase de senté
Será mellor
Estar confesados
(Estribillo)




### *O Mesias*

No ano noventaaedous
Outra vez vimos equí,
Por iso do carnaval
Imos-che cantar Sisí
O programa electoral a senté
A senté se arrodillou
Hai que dar gracias a Deus
O mMesías xa cgegou.
Hay columnas dun gran pabellón,
O paseo pronto estará
E a casa da saude
Quen sabe cando virá?
Pazos Soto, Castellanos,
Luis María.Mohamed,
Boticaria, o de Correos
E de La Torre tamén
Xa son moitos forasteiros
Os que queren gobernar,
Pero Lino e o Cáncer
Que non se pode extirpar.
O alcalde de Bueu
É un home singular,
Xa nos puso un figurín
Xunto a casa do mar.
Isto ten que ser moi bo
Anque parezca que non
Non foi tanto o que custou,
Só foron dous millóns
Don Manuel sempre vela por nos
É un exemplo de entrega e amor
Á historia vai pasar
Cun premio Nobel da Paz.
Pasan uns americanos e puxeron-se
E puxeron-se a mirar.
Que carallo era aquilo
Con dous cabalos de mar?
Era a estatua das mariñas
Encargouna Don Manuel
E os nosos mariñeiros
Non a deben merecer.
O pasado carnaval
No casino de Bueu,
Fixeron un bo festín
Cando o paxaro morreu.
ACIBU organizou,
Eles desfán por detrás,
Sen apoio popular
Como isos progresar.
Eses menbros da Ilustración
Hai que ver o exemplo que dan
De fora teñen que vir
Para ambientar o carnaval.

"**SOMOS O DEMO**" – 1992. Segundo e último ano, ata agora, desta comparsa.

### *Cantantes de escopeta* (Pasodoble)

0s cantantes de escopeta
sempre ensinámo-lo dente
se isto algún non gusta
que se queixe o presidente.
Vimos moi ben preparados
para enseñarvos os colmillos
por iso nadie se queixe
aquí non has país nin fillos.
Meterémonos con todos; si señor
o merecen pñerémo-los a andar
non queremos criticar sin ter razón
e si a temas non arranquen a chorar
pasan causas neste Bueu,
que son dignas de mención
sempre lle botan a culpa.
a eses de depu tacion.
Nin pepés nin socialistas
tampouco da oposición
o único que nos queremos
armar un bo follón.
Rubio e Guerra fan cartos a mogol1on
os políticos de sempre no nos van.
pra ter votos prometían ben
estar e as promesas que fixeran: ;,ja,ja,ja
Tito Clemente o do P. S. O. E
saíu naquelas pintadas e todo
Montero Rios
érache un canto de fadas.
Quería quedar alcalde
cando foi das eleccións
non lle saíron as contas
e quedou na oposición.
Por agora no estará no gran sillón
nunha silla pequeniña esperará
catro anos a que chege outra elección
e se sirve terá outra oportunidad.

"**SOMOS O DEMO**" – 1992. (Continuación)




### *Vai de queimadas*

(Cumbia)

Esta vida, carallo está
sin cabeza, tamén sin pes
por culpa dos gobernantes
anda o mundo do revés.

Viaxou a Cuba
D. Manuel Fraga,
e preparoulles
unha queimada.

O noso Manoel quedaba
moi amigo de Fidel
mentras casi todo o mundo
arremete contra él.

(ESTRIBILLO )
Como roubaron
Moitos millóns
Co iso da R.E.N.F.E
Catro chupons.

Valverde e compañía
paparon rica empanada.
Agora dirán:"señores,
aquí no ha pasado nada".

(ESTRIBILLO )

Desaparezan
ladróns e pillos
iso é o que sódes:
politiquillos.

Nombren xente con decencia
cambien todo dunha vez
esta xuventude quere
gobernantes de honradez.

### *O noso instituto*

(Vals)

O instituto onde estamos prestixio desta cidade
Vaixe quedando pequeño pois non ten capacidade
Para metere tanto estudiante e o curso que ven verán

En verdade señores
E cousa de meigas que mal nos caen
Pasan cousas raras
Dentro do instituto que temos en Bueu
Non se fan melloras
Pois non quedan cartos, nin hai patacón
Polos moitos gastos
Do curso pasado e otra dirección
Tiñamos un bo conserxe que "Bonsái"se lle chamou
Pois nunca fora elexido de pívot na selección
Foi para mantenemento e outro foron poñer
Puxeron a PROSINESKI, vana cagar, vana foder
Por si algun pariente
A un estudiante quere visitar
Non pode ir adiante
Pois cérranlle a porta, péchanlle a porta
E cando os alumnos
No laboratorio queren practicar
Perdéronse as chaves que teñen que dar, dar maarcha pa tras.

"**OS MULOS**" – 1993.

## «Fedores»

Mirade coma foi o ano pasado
con tanto aniversario
con tanto aniversario.
Pois ata o noso équipo de fútbol
fixo o cincuentenario
fixo o cincuentenario.
Escribiron un libro, que ven está
e o puxeron alí, que gordo está
Manolo da Queimada, que guapo está
coa man no pipí.
Mandaron dese mercado Común
pra unha praia de Cela
unha bandeira azúl.
A ver cando nos mandan unha amarela
pra da Banda do Rio
que está chea de merda.
*Eses Parques Naturales*
*que nas eleccións eles prometeron*
*aproveitase o de Udra*
*gracias ó esterco dese Picadeiro*
*demos gracias a Don Lino*
*por ternos* tan *limpios eses chingadeiros.*
*Pois queremos que sepa, que ben están*
*que os que veñen de fora, que ben o fan*
*os camiños de Tuia, cerralos van*
*non pasa ni un can.*
A nosa praia de Area de BON
alguns deses OKUPAS,que construen galpóns
non teñen donde facer o retrete
van a veiga do lado, a cagar nos freixóns.
*Hainos de tipo toupeira*
*que furan a yerra e fan habitacións*
*será que con esa frescura*
*en tempo de vrau pinase millor*
*demos gracias a Don Lino*
*polo ben que queda a* Urbanización.
*Don Enrique protesta, na Asociación*
*para ver si se acaban, eses galpóns*
*e de unha vez remata esa invasión*
*desas Construccións.*
*Tamén por esas zonas costeiras*
*queixanse* os mariñeiros
que van a quedar sin nada.
Por culpa deses tolos furtivos
que líe foden os peixes
co as botellas de rana.

## «Os chepas»

En este ano por Carnavales
salmos todos a protestar
contra esa droga que está matando
a xuventude que ven detrás.

No noso pobo ternos locales
autoridades hai que vixiar
en Castelao e Ramon Bares
Banda do Rio e algús mais.

*Fannos falta Garzóns*
*pa esta xente encerrar*
*non queremos cabrons*
*entre nos a pasear.*
*E si non e así*
*nos os mulos pedimos*
*a esa escoria largala de aquí*
*e que non volea* mais.

A ése da mafia que teñen preso
os portugueses que ben está
co seu rosario estará rezando
e o escriba ile perdoará.

E nos pregamos a toda a xente
a eses bandidos boicotear
os sinvergonzas non nos fan falta
e que nos deixen vivir en paz.

*A culpa donde está*
*e o que hai que buscar*
*pois sabemos de algún*
*que fixo un capital.*

*A esas viudas tamén*
*queremos denunciar*
*porque si non lle chega a pensión*
*que vaian a traballar.*

Nos pedimos prisión
non os deixen salr
porque teñen millons
logo veñen pra aquí.

Que nos fan moito mal
eses grandes cabróns
todos xuntos imos a pedir
que non teñan perdón.

## «Os que cortan o bacalao»

Imos falar do mundo
dese CLINTON e mais da HILLARY
un Presidente novo
que ata ten fumado hachís.

O que pasou de ir a guerra
na mili pon travestís
para darlle polo lasco
a todo o pobo Iraquí.

*E que simpático é Boitila*
*co catecismo vainos foder*
*eiquí os obispos pasan de todo*
*do Xacobeo pensan comer.*

*E na Coruña está todo negro*
*non é Bebeto que crea afición*
*son os borrachos dos petroleiros*
*que non entenden a enfilación.*

Que triste está Felipe
desde que Solchaga foille decir
que os soldos baixaban
e o Redondo pono a parir.

Despois do caso Filesa
onden están eses ladróns
que co tratado de Mastricht
xa nos sobran culebróns.

*E Don Juan Carlos coa sua moto*
*tuvo problemas busca o pedal*
*cando ese home foi a encendela*
*diante da Inglesa quedou fatal.*

*Que ben o pasan algúns salidos*
*marcando o Novecentos Tres*
*costan un ovo os dous minutos*
*pero unha paja quita o stress.*

Co Tebeo do PSOE
vaia farta que temos de chorar
e dín que Manoliño
levao sempre que vai cagar.

Tamén no Monte do Gozo
van facer algúns galpóns
peores co do can da Pressley
que o ten con calefación.

*E Portomeñe tuvo problemas*
*con ése Beiras, o que hai que ver*
*polo rexistro dese Moneco*
*algún pataco debeu coller.*

*E agora temos a Xulio Iglesias*
*con tantos canos manda collóns*
*coa propina que manda o Divo*
*aquí Os Mulos fan un festón.*

## «Jetas»

Xa estamos aquí OS MULOS
a contarlle o noso Pobo
as cousas que están pasando
aínda non decimos todo.

Co pouco que se critica
algúns colleron cabreo
no ensaio do pasacalles
recibimos un baldeo.

*E manda carallo que cara ten*
*eses Elixillo que é un ningén*
*mellor seria que nos fixera*
*unha manuela.*

A obra do Escorial
parece ese Pabellón
e vai tan pouquiño a pouco
pra filtrar eses millóns.

O Balonmán xoga en Cangas
por culpa deses mandóns
a ver si acaban agora
que veñen as eleccións.

*E manda carallo que jeta ten*
*o noso alcalde di que vai ben*
*mellor sería que nos fixera*
*unha mamuela.*

E co Centro de Saude
vainos pasar outro tanto
pois din que eles non sabían
que aquilo todo era fango.

Vaia terreo compraron
pensaron que era unha ganga
o primeiro presoposto
gastaronno nunha zanja.

*E manda carallo que xente ten*
*os tiraliñas fanno moi ben*
*mellor seria que nos fixeran*
*unha manuela.*

*E manda carallo que jeta ten*
*o noso alcalde di que vai*
*ben mellor seria que nos fixera*
*unha manuela..*




## «Festiñas»

Xa parou Massó, xa parou Massó (bis)

Xa pechou a Conserva dos Massó
e a Xunta algún millón mandou
pero éles a xente non pagaron
e por iso a movida empezou.

E algún que iba no montón
non quería que o vira o patrón
pero unha, que se escondía en Cangas
faltou pouco pa darlle un chapuzón. .

*A ver que nos fan agora*
*nesa solar para obras*
*non fagan unha chapuza*
*que iso xa pasou de moda,*
*hai que facer cousa boa*
*que non queiran ganar todo*
*xa estuveron moitos anos*
*explotando o* noso *Pobo.*

Na fasta pasou, na fasta pasou (bis)

Aquel día na fasta da Vieira
discutían por sair na primeira
foron Castro, Cultura e o Alcalde
pois figurar na prensa era de balde.

Foiche boa o da Diputación
cando o Presi marchouse po rincón
e quedaron naquela reunión
solamente Platero e o Mandón.

*Solo faltou Manoliño*
*disque non se mezcla agora*
*cos peóns de contrabando*
*por iso marchou pra fora*
*sin embargo si son capos*
*iso non importa nada*
*pois dalle bicos e abrazos*
*e fan algunha queimada.*

Canto nos costou, Canto nos costou (Bis)

Cantos cartos costou a nosa alfombra
que por Corpus fixo o Axuntamento
contrataron a unha do PP
que era amiga daqueles que están dentro.
Sabes ben que en cada festiña
sempre comen os que están na cociña
cando chege o próximo festexo
nos queremos tamén unha partiña.

*Por que pisaba as alfombras*
*un pobre can que alí estaba*
*Pepe Cabreos mirouno*
*e largoulle unha patada*
*cando se enterou que era*
*o can do gran Capitán*
*sólo le di un poquito*
*decía aquel masulán.*

Le pejó al can, le pejó al can (bis)
aquel masulán.

"**OS PENEQUES**" – 1993

## Ecoloxía nas Rias

"O noso pobre mexillón asfixiado"
Nas costas das nosas rías verás porquería gasoil "cantidá",
sumidoiros máis esgotos xa temos **perfume** por orillamar.
Disque na Banda do Río algún jodechincho pudo suspirar,
Polo narís se colaba aquel **aromilla** con cheiro a K.K.
Xa está a flotar a basura na ría,
pululan as ladillas
dando brincos por orillamar. Si si.
Queremos **depuradora,** xa chegou a hora de desinfectar;
Non queremos esterqueiras nin ríos de aceite na beira do mar.
Presumimos de **bandeira** mollando a miñoca en Portomaior,
tamén porcos aboiados, talas de **carballos,** cheiro superior.
Van a asfixiar ós pobres mexillóns
pois polo mar abaixo
flontan cada vez máis cagallóns. Si si.
Dicían que Celulosas cheiraría a rosas no noventa e dous,
aquí xa pasou o tempo hai peidos no vento tufos que nin dios.
Pestilencia nas cunetas vertido que abafa a recta do Pión,
seica o **Alcantarillado** está apolillado en algún caixón.
Xa non che sei se é leite ou café
esa auga da traida
ou tal vez será **marrón-glassé.** Si si.
E no monte de **Morousos** no medio da curva o lixo verás
Ten coidado cando frenes non se vaia o coche na merda a empotrar.
Se vas polos nosos montes rebaixas e lotes poderás topar,
No **Corte Inglés do Villeiro** surtido e barato de terceira man.
Ti cúidate, ten coidado ó "privar"
que os **garrafóns** abundan,
afina ben o teu paladar. Si si.




## 6903 Empalmate outra vez

"A tódolos telefodóns de cassette"
Falando claramente dese **"Falo"** Maior
e do noso cultivo do **nabo,**
algúns aquí profesan unha gran afición
para **"phoder"botar un bo rabo.**
A xente mesmamente se quedaba "colgá"
oíndo aquel suspiro cachondo,
jadeando coa babilla polo auricular
e o frenillo ponse a tensar.
Tumba e dalle caña ¡que gustiño dá!,
son "gossos" de canibete.
Ceiba o paquete, hai que procrear,
como manda Manolete (Phraga).
Estívoche de moda o "fodón de narís"
que non mollaba nunca o tolete.
Agora pola ourella preñan máis de mil,
Sonche **"telefodóns de cassette"!**
Iso non contamina e aforras en condóns,
traballas coa **"manola"** un bo rato,
fas exercicio coa muñeca a mogollón,
e nas ourellas tes sabañóns.
Dixo o **"Sin-pilila"** (P1ayBoytila) que "no sielo na'
de carne nin de casquete.
Ponlle o teléfono á caixiña xa
non te quedes sen xoguete.
Nin chancros nin o sida che podrán atacar,
pero se ainda así non te fías
límpiate con cuidado ese auricular
con un pouquiño máis de lexía.
Estache moi de moda o **orgasmo dixital,**
sesenta e nove,francés e sado.
Dispostos co esa linea todos a **empalmar,**
"tele phenes" estanche a colgar.
**Mas turbaos** vouyeristas e fodóns
imaxinan curvas novas,
mentres a súa gaita sopla sen parar,
¡non paran de suspirar!.

"**OS PENEQUES**" – 1993 (Continuación)

## *Xacofeo a cabalo*

"El hombre y el oso..."
¡Ai señores que caso tan chocante!.
Non importa ser máis Feo que un rapante,
que se hai fama por ter cara bonita
neste caso os fetos van por diante.
No evento trescentas bellezas
para se-lo **"Mister feo do Morrazo";**
os trescentos no espello se miraron,
trinta luras foron as que quedaron.
¡Hai que ser feo a collóns!, igual que ese Pelegrín;
¡hai que ser feo a collóns!, non fai falla peluquín.
Neste ano **'xaco-feo"** foronche de peregrinos,
consagraríanse en Coiro como uns croios divinos.
Cua, cua, cua, cua, cua, ...

Alá foron os nosos **"novilleros"**
consagrados no arte de asustar,
que por darlle, danlle un susto ó medo,
os guaperas se poñen a temblar.
Entre muecas, xemidos e risas
todo o mundo mexaba de terror,
mentras tanto santíguase o xurado
e os da tele quedáronse pasmados.
Déronlle o premio ó **fanado** por se-lo máis resalado:
déronlle o premio ó fanado tiña ó xurado asustado.
Moi boa foi a faena dos **tres feos de Cabalo,**
déronlle as dúas ourellas, tamén lles deron o rabo.
Cua, cua, cua, cua, cua...

## *Beluso Basico*

*"Á memoria de Manduca"*

"As nosas **coplas moi milagreiras** son:
quitáronno-lo poste, tamén o socavón;
o ano pasado moveron o buzón
e pro ano que ven van arregla-lo Pión".
Beluso ten un cruce que é moi curioso,
había un monumento que era famoso,
despois de tantos anos xa non está ahí,
botámolo de menos... ó **Pirulí.**
Hai tamén unha grúa que é moi infiel,
a ti sempre che estorba, ¡non deixa ver!,
asoma o "fusiño" con precaución,
pois se ven un mangado... ¡menudo ostión!.
**Descapotable** o teléfono do "vran",
nós queremos cabinas pa ourella non mollar
E ó de correos ímoslle a por un fax,
pois coa nosa oficina practica a **marcha atrás.**
**Phenosa** xa nos chega hasta o pirolo
unha pequena brisa é un **apagón,**
e se queres botar lúcido polvo,
tes que poñerte pilas... no chirimbolo.
A ver eses **desagües** que fan en Bon,
que van polas cunetas mexo e xabón,
pois temos un de obras, ¡vaia chambón!
non chegue a **Tomadelo...** a polución.
A **biblioteca** querían reformar,
a ve-los **millóns** eses que as tellas van ó chan.
E os nosos libros levaron para fichar
ainda non os devolveron, ¡que carallo faránl.
Invaden Rebentóns os xaponeses
**¡ollo cos** amarelos! ¿qué farán eses?
¿que será da praíña?, ¡manda carallo!
Vannos montar un niño... de rodaballos.
Queremos ese **parque** alí en Udra,
porque tal como vai xa nos preocupa,
proliferan chalés e mailo lixo,
e xa montou **John Wayne...** un chiringuito.
Alí na **Illa** nin luz nin agua hai;
tampouco é mala idea o **parque natural.**
A mala ostia érache general
no "Burato do Inferno" a algén van a queimar.
E ós **¿colonos?** querían engañar,
algún lince da Xunta solo viña **aDORNAr**
e a Sisiolino chamáronlle a atención,
pois el nin puta idea do da Illa de Ons.

## *Nove caixiñas e media*

"Hai que da-lo callo"

"Calquera coincidencia con un parecido é pura realidade"
Disque non, disque si, che tocaba o **"contrabaixo",**
**nun "rincón"** do salón para toda a súa audiencia,
e ó chegar, e ó chegar á nosa **Festa da Vieira**
ascendéu a presidenmte un **"currante da Watea"**
que na **"época do Winston"** facía o **"indio"** pola area.
Vaia golpe de man doulle a **"Hashivoo",**
o mismísimo **Astro** se preguntaba "¿quién eres tú?".
«Eu non son delincuente, que estou blanqueando,
sólo unhas **"caixiñas"** de vez en cando para ir tirando
Nove, nove, nove, nove, nove caixiñas e media. (bis).
Disque non, disque si, discutían os **"capullos"**
por estar a papar cun **capón** a súa mesa
E **'PESOUE",** e "PESOUE", o bandullo de estraperlo,
e lles guste ou non lles guste iso teñen que roelo.
Todo inchado como un pavo íbache o **"Conde de Agrelo**
Grande foi o revuelo en alta esfera,
pois naquela papada lavóu a cara ¡foi a repera!
Eles do contrabaixo non eran devotos,
pero hai que tragar para conseguir todos eses **votos.**
Nove, nove, nove, nove, nove caixiñas e media. (bis)
Disque non, disque sí, era todo un **furancheiro,**
ahora está a perseguir eses templos da cultura (do viño )
pois el vai de formal, nin quería chiringuitos.
Vai dicindo por ahí que o furancho é unha blasfemia
e que alí eche pecado beber Santo Tintafemia.
Sagrada tradición, ¡non nos provoques!
non xogues co viño que a mascada ven de **rebote.**
Desafinaba cara á galería
vaia **estandarte** que ten o gremio da hostelería.
Nove, nove......

## *Bueu a remendos*

"A Santiaguiño de Ermelo, e ó can de Sisiolino".
Este ano pos do poleiro élle-lo ano do **Xaco-cheo,**
**a corita** do "Santiago" canta papada e mangoneo.
Este pobo de Bueu anda a remendos non hai solución,
Nin paseo nin a **casa dos mariñeiros** nin pavillón.
¡Que consistorio! ¡"calamidá"!,
o de cultura non quita o **chándal** nin para cagar.
¡Que consistorio! ¡"calamidad"!,
¡ai cantas mans que na **agricultura** podían cavar!.
**Alfombra floral** pagamos e presumíache aquel **edil,**
máis un **can** naquel momento todo contento iba por alí.
De repente unha patada que lle soltóu aquel animal,
seica o canciño voaba disque che iba **"vía postal".**
¡Pobre canciño! ¡vaia agresión!,
que mal faría pa recibir aquel patadón.

¡Pobre canciño! ¡vaia agresión!
¡ai vaia couce que lle arriou aquel mamalón!.
Pero houbo unha sorpresa aquel can tiñache **pedigrí,**
pois ó pouco apareceulle subido ó regazo de Sisí.
E tivo que disculparse o abusón chulito aquel:
"fué sólo un empujoncito, ¡ay que bonito el chucho es!".
¡Ai vaia nabo que se levóu!
todo asustado pedía disculpas aquel pendón.
¡Ai vaia nabo que se levou!
baixaba a ourella cando o gran xefe se presentou.
Disque anda por Agrelo o coreano do **Re Shi Yon,**
fai kárate coas **normas** pois é maestro en **Chan Chu Yón**
O asfalto dese camiño a **Santiaguiño,** ¡ai non chegou!,
falámosche do de Ermelo sólo hasta Meiro se asfaltou.
¡Que cabalgata! ¡vaia follón!,
seica os da **Banda** non merecían nin o carbón,
porque o frenillo se lle atrancou,
o rei **Atila** pasou de largo sen compasión.
E **Xubileo,** xubilación
o da poltrona xa non se apea dese sillón.
E Xubileo, xubilación,
que neste pobo xa non nos queda ni **oposición.**

## *Licencias para mangar*

"Requiero pola Area de Bon"
Saben señores que un **atentado**
nas nosas praias cométese a diario,
nós que xa estamos moi indignados
imos contarllo falando moi en claro.
Chalés a eito, e pozos negros,
cierres **a dedo** na praia e nopenedo,
hai **chabolismo** hasta en **Rebentóns,**
viven salvaxes, ¡menuda infección!.
Que se den por aludidos, ¡que se den, que se den!,
eses pervertidos, que lles den, que lles den!
Non máis roubos ós veciños ¡xa está ben, xa está ben
nin **"cierren"** camiños de joder, de joder!.
Que che fan como no Oeste, todo isto é unha peste,
campistas a go-gó, veigas cheas de rulots.
Xa lles sobra tontería: vivir algún quería
nun remolque que había, ¡vaia porcallón!
El de momento, ante o esperpento,
non ten "cojones" para**derrubamentos,**
pois os ladrillos e o cemento, van a escondidas
os días de bo tempo.
E moitos fardan de señoritos
e logo cagan baixo dos eucaliptos.
Esas **licencias** hai que aclarar,
se non as teñen tiralos ó mar.
Haiche na Area de Bon ¡que follón, que follón!
unha **comisión.** de gambóns, de gambóns.
Non hai que ter contemplacions Non señor, non señor
cos das infraccións por lambóns, e gorróns.
O que xa estamos é cansos das accións deses gansos.
Fan pandeiro de ti, **parsimonioso Sisí.**
Con moito menos palique bota todos a pique,
non seas faimerrir, ¡molla o pisarrín!.
Mentres ti sigues coa diplomacia,
a picha un lío con tanta **burrocracia.**
sto é unha guasa. ¡A ver que pasa!,
quedar sen praias non nos fai moita gracia.
Con tanto rollo eres un chollo
pra rematar con tódolos embrollos.
Ti só pro **cazo** e non pros follóns,
que nese cargo hai que ter máis collóns.
Xa che fala na Opinión ¡qué molón, qué molón!
e na televisión ¡guapetón, guapetón!
**"Populón" e figurón** ¡fantasmón, fantasmón!
non dá solucións ¡remlón, remolón!.
Deixa de ser complaciente, quita o rollo de sempre,
todo o fas ó tun-tun con esa pobre actitud.
Colle a sartén polo mango, mira ó pobo, ¡faii algo!,
pois en vez de "celebro" ;;;TES UN **CALACU!!!**

"**CHAMANLLE X**" – 1993. Con disfrace de "Guardiamarinas".

## *Presentacion*

Somos os "Chamalle X "
Unha comparsa cachonda
criticamos os de for a
e os de aqui que son a monda.
Queremos que se nos oia
en silencio e atención
non nos gustan os moscons (*BIS)*
con moi puca educación.
Outro ano vimos todos
cantando ó carnaval
xa son catro anos seguidos
a cousa non marcha mal.
Vimos ben uniformados
pois mereceche a pena
a ver si co uniforme (*BIS)*
ligamos algunha nena.
Falaremos da vieira
de cadelos e cabalos
e tamen dalgunha senté
que era menor encerralos.
Dos partidos do goberno
toda a mafia e corrupción
habia que restrejarlles *BIS*
cura ourizo, os collons.
Esta e a primeira
ainda tendes que agantar
e pa coller ben o fio
unha letriña mercar.
Isto xa marcha millor
as gorxas van quentando
Aqui estan "Chamanlle *X" (BIS)*
a todo Dios criticando.

## *É de coña*

En este mundo e terror
parece que non queda sitio para o amor
por iso vamos a cantar
e moitas cousas criticar.
Imos falarlle do que no mundo pasou
isto e de coña, si señor
andache, medio alborotado o galiñeiro
que acabe pronto por favor:
Ala os ingleses non fan mais que protestar

Que vai pasar ?
O fourelludo en Cammil-la van levar
levar, levar ......
Os "yanquis" teñen aovo gobernador
chamase ! Clin-ton ! parece un despertador
Hilary leva os pantalons
e Bill se queda en calzóns
"Flipe" González non se farta de chupar
e a sua corta aumentar
anda "flipado" dende que ten o poder
super-herpe quere ser
O dos impostor eche unha coña total
Total total
dentro duras anos teremos que ir a pagar
para cagar .......
E mais de un chamando o 903
medio millón tiña que dar a fin de mes
i Non pode ser, isto e un error i
Todo por ser i machacador i
Xulito Iglesias ven aqui para cantar
o xacobeo patrocinar
e como quere a sua terca un montón
nos cobra trescentos millóns
Son moitos canos que se estar a derrochar
a derrochar
moitos problemas pode~ arranxar
iso e verdad .....!
Foi sobre rodas o do año 92
moita medalla en Barcelona se gañou
e o mechero dura lambón
por pouco queima a exposición
Tenche Sevilla oraba gran preocupación
traenlle a auga en camións
foron seis meses meses " La Cartuja " era un diluvio
e agora teñen restriccións
Son moitos cartos que se estar a derrochar
a derrochar
moitos problemas poderian arrauxar
iso e verdad .....

## A Marabunta

Irnos contadle como pasou
o que en Outubro se organizou
unha gran festa con mariscada
que terminou en carallada.
O señor Castro se cabreou
cando a tortiñña se lle virou
el que queria ser o primeiro
se adiantarón os Hosteleiros.
Ternos en Bueu unha festa mais
non e dun santo nin patronal
e da Vieira , marisco fino
se non que o diga o alcalde Lino.
*Vinde a comer vieira a Bueu*
*Vinde a comela e apurar*
*Vinde a comer a vieira a Bueu*
*e daros presa que sin ela ides quedar.*
Montaron frente a Casa do Mar
un tenderete espectacular
!Parece un circo, o nunca visto
so nos faltou o Angel Cristo.
Viñerón preto de vintemil
de todos lados a consumir
Que marabunta, vaia xentio
o apartamento non deu a vio.
Dixo o "FURULO" : Vaia follón
¿Quen vae conter a este mogollón ?
Eu quedo cerca do chiringuito
Por que o cheiriño abre o apetito.
*Vinde a comer*
*-sin elas ides quedar.*
Un día antes de inaugurar
xa comenzarán a degustar
era o alcalde coa cuadrilla
!Eses son listos, son como ardillas!
Viñerón cargos en cantidade
a comer vieira desta ciudade
Todas as capas representadas
Pero faltou o das Quemadas.
Houbo disgustos, iso e verdá
O meu marido ¿ En donde esta?
Ahi o anda o Maricón
coas azafatas da información.
*Vinde a comer*
*sin ela ides quedar.*
Centos de formas de preparar
Ten a vieira do noso mar
a unica forma un pouco extraña
e a Vieira Californiana (americana )
Con tanta xente alí a comer
non te podias nin revolver
Menudas lemas tiña esta feira
as duas horas non habia Vieira.
Non hai vieira ¿Que irnos facer?
Esta xentiña quere comer
Quedarse todos ahi mui quietitos
vou preparando uns "juevos fritos".

## "As cagadas"

Vir con nos e vinde mirar
e de risa este Axuntarnento;
empreados que teñan padrinos
todos eles xa se quedan dentro.
Quen teña interes por entrar
tera que controlar o *correo*
ou ter unha memoria de *ferro*
tamen se moi *fiel o* papeleo.
*Señor alcalde que vai facer*
*son moitos anos*
*non nos convence*
*non pode ser.*
outro ano temos que falar
da historia dese Pabellón
moitos anos leva en construción
farase vello antes da anaguración.
Xa empezarán a ampliar o porto
¿ Sera esta xa a solución ?
Pa que poidan atracar no muelle
tanto os da ameixa como os do
*Que cabalgata* / mexilon.
*Que organización*
*Cagaron nos rúas medio*
*vais follón. / recorrido*
Xa empezarán coas famosas obras
na subida do Grupo Escolar
pra facer un Centro de Saúde
que moi pronto van a rematar.
E unha obra moi ben estudiada
e puserón moitas ilusions
por que no mes que a van rematar
xa teremos novas eleccions.
*Hai que alfombra*
*que ben quedou*
*pero bonito* foi
*o detalle que lles pasou.*
Foron todos a merar a alfombra
e un cansiño quisolla pisar
saltou enseguida o de correos
e unha patada quisolle arriar.
Que ben quedou despois da patada
vai azaña que fisera él
pero o que non sabia este home
que o can era de don Manuel.
*Hai que alfombra*
*pagou si si*
*por eses cartos*
*unha docena dos Marroquis.*

## Bueulandia' 93"

Como este pobo señores
non hai en España outro similar
comenzan todas as obras
e quedan paradas sempre na mitad
Preto do instituto hai
un gran monumento para recordar
que moito deporte noso
e na emigración, onde ten que xogar.
*Se non se sabe, ou non se quer*
*e que se vaia para o Lerez*
*para o Lerez que se vaia*
*pois o pobo non o amaña.*
Por fasciculos, e plazos
o paseo, Lino, estache a mercar
primeiro foron baldosas
bancos, papeleiras ¿a luz cando /vai?
Este ano os xubilados
que van o pasaron indo o
saian moi sofocados /"barrilon"
e houbo algun que subiulle a tensión.
No futbol imos primeiros
temos dianteiros que cheiran o
deronlle unhas vacacións /gol
facendo do campo a costa do sol.
*Se non se sabe, ou non se quer*
*e que se vaia para o Lerez*
*para o Lerez que se vaia*
*pois o pobo non o amaña.*
Que contento quedou LINO
Camión de bombeiros! ¡Con chorro a presión !
pero cando foi o estreno
non foron capaces, nin gota soltou.
Foi unha noite de juerga
cando a de Atilio comenzou a arder
a xente estaba asustada
mentras os bombeiros sen aparacer.
Chegaros con gran retraso
colleron mangueiras e apuntaron ben
deronlle a villa do chorro
pero ni unha gota miraron caer.
Non o pensan, miran fume
e sen agua van o lume
van o lume sen pensar
logo collena do mar.

"**AS EXPULSADAS**" – 1993.

## *Presentacion*

E tempo de carnaval
a comparsa "As Expulsadas"
ven saludar, a población.

Desta xente que o nacer
plantou neste pobo
o seu folcklore popular.

Bueu berce do inxenio.
dende temos moi atrás
sen parar
salimos pola rúa a festexar.

Guitarras e acordeóns
clarfns de vento
e as comparsas
entonando un canto lento.

la, la, la, la.

Olla os pasos dos
Peneques.
0 esplendor das Pirilleiras.
0 cantar fino dos Mulos
e a ilusión de todas elas.

Tamén vamos recordar
aqueles antepasados
e os que estan emigrados
que tantos dfas de alegría
ofrecerón nesta vila
o inxenio era o menor.
Desta xente que o nacer
plantou neste pobo
o seu folcklore popular.

Bueu berce do enxenio
Dende tempos moi atrás
sen parar
salimos pola rúa a festexar.

I




## *Isto é a monda*

Co alcalde Don Freire lino
estamos como queremos
con esta corporación
sentadiños no poleiro.
Cavila que te cavila
van coller callo no cú.
Que acaben o pabellón
xa parece un panteón.

M Freire Lino, ai Freire Lino
remata o pabellón,
e practica algún deporte
non vas caber no sillón.

As nosas autoridades
vamos-lle dar un consello,
vixilen o noso Pobo
polo día e noite.
A ver si montan un zoo,
para encerrar os camellos
estan en todas esquinas
ofrecendo papelinas.

E unha peste, he unha peste
isto da droga en Bueu.
Os traficantes, carallo,
debianse de joder.

Quedamos sin conserveira
Massó cerrounos as portas
as mulleres van a fotga
queren cobrar seu traballo.
hai mira que ben estamos
os ricos son uns pufeiros
que vendan o que roubarón
e que paguen a os obreiros.

Ai Tomasiño, ai Tomasiño.
Deixa xa de fastidiar,
vende a estacada si queres
que nos temos que cobrar.

A nosa corporación
ten gusto moi refinado
fixeron-nos o paseo
perece un brazo amputado
Temos a Capilla Vella
non hai quen a bote abaixo,
comprouna un home de barbas
que din !É un gran negociante!

Ai concellais, ai conellais.
Tendes-lla que expropiar
ten coidado
sin ela podesquedar.

0 que nos gustou de veras
foi a "Festa da Vieira"
e as nosas autoridades
damoslle a enoraboa.
Comian os condenados
parece que tiñan fame
e pos que chegaron tarde
xa non lle deixaron nada

Viva esta festa, viva esta festa.
Gustouchenos de verdade
agora solo nos falta
o mexilón festexar.

## *O mundo*

Xa chegaron aqui "As Expulsadas"
que vimos cantar as incidencias
diremos o que pasa neses mundos
entre loitas, fame e violencias.

En Somalia hai guerra e miseria
no golfo de Sadam hai tiranía
e Clintonw agora dille a Bush
tranqui tío que agora a guerra e miña.

Sen un duro no bolsillo
que e o que agora esta de noda
sen un duro no bolsillo
e ós que teñan que os joda.

Entre servios e croatas
hai mulsumáns con rabia
violan dereitos humáns
e acaban con Yugoslavia.

Hoibo un día, ala na Coruña
un barquiño, Mar Egean lle chamaban
co petroleo jodeuse toda a pesca
e as praias onde os nenos nadaban.

E se falamos de sequia aquí en España
os do Sur levan o primer premio
agotaron toda a auga coa EXPO
e agora a reclaman o Goberno.

**"AS EXPULSADAS"** – 1993.

### *A Xuventude de Bueu*

Os marchosos de este pobo
son os da Terceira Edade.
Descubrirán a Lambada
e sa non lle doe nada.

Non salian da farmacia
de tan mal que se atopaban
tomaronlte gusto o baile
agora non hai quen os pare.

Antes era un baile o mes,
agora un cada quince días.
Como isto siga así
van querer todos-los días.

As vellas van todas guapas
parecen unhas rapazas
teñen un tipo de medo
que sa da gusto miralas.

Os vellos encorbatados
queren causar sensación
levan o peine escondido
para peinar o mexiltón.

Quen o ten mais complicado
son os de cuarenta anos
teñen que vixiar os fillos
e tamén os mais ancianos.

Non poden contar con eles
pra ningún menester.
Os chavales a Hawai
e os vellos pra Lambada.

### *Lo de nunca acabar*

En este pueblo
todo que empiezan
lo dejan siempre sin terminar
y el alcalde y concejales
todos tenemos que criticar.

El pabellón esta empezado
y el paseo sin acabar
y ahora el puerto esta en obras
hasta el dos mil no terminara.

Queremos ver, ya derrumbar
esa capilla
de picha fría
que esta a estorbar
luego despues, ande tratar
ese recinto de la cultura
solucionar.

Abrieron pistas
por todos barrios
para los votos poder ganar
ahora hay muchas arruinadas
y no se puede ya transitar
y con el agua en el verano
ningún problema vamos tener
con tanto cambio de contadores
nuestro bolsillo nos va a doler.

En el verano los chiringuitos
se disponían a trabajar
los hosteleros se vuelven locos
van corriendo a denunciar.

Les prohibieron hacer tortillas
y empanadillas de calamar
y solo pueden vender manises
y agua fresca, pura del mar.

Vaya problema
que hay en el Pueblo
enfrentamientos al dialogar
cuando debieramos ser amigos
y darnos todos a respectar.

Hay que placer
sería ya
que en este Pueblo
reine señores, la Hermandad.

Luego, despúes
poder brindar
todos contentos
una gran fiesta
de CARNAVAL.

### *As festas do noso pobo*

O Concellal de Cultura
fai-che cen mil diabluras
Ha Cabalgata de Reís
levou cabalos de Udra.

Como cheiraban.
O que fedian.
Xa parecía Bueu
unha vacenilla.

Que bote as barbas de remollo
que as poña a refrescar
pra facer ben a cultura
non basta soio planchar.

Baia gusto que tuberon
decían catro porreros
van montados en cabalo
habendo tantos Camellos.

Botaronse a galope
por todo Pazos Fontenla
e a chegar a Correos
cagaron unha bosteira.

Hermida no outro día
botaba raios e plagas
tubo que limpar co a pala
todas aquelas cagallas.

Quitaron as subencións
por que diñeiro non sobra
queren aforra-os cartos
pra en Corpus facer alfombra.

Quen nos dera ser Alcalde
e ter o peito de Freire
pra mandar os concellales
arascarse o empeine.

Cando a Festa da Vieira°
hubo pra todos menú
uns vestían de churreros
outros iban de ACIBU.

Estaba Fraga envitado
a vir a inaguración
pero foise pro extranseiro
por medo a un follón.

**"PAPA HOSTIAS"**- 1993.

### *Ali Baba e os nove chupóns*

De seguido imos contar
unha triste e cruel história
que aconteceu rio noso BUEU,
novas xeracións débeno saber.
Prateado mar, cristalino ceo,
terra de pracer, poesia é.
Povo soñador, culto, emprendedor.
Todo iso nos caracterizou.
Ese esplendor pronto acabou,
o destino foi desleal con nos.
Imos relatar, Buen é o Sultán
que nos veu desmoronar.
Os Visires que o arrodean
parecen sacados dun conto inmoral,
MOTIVADOS pola ambición
enfundaron espada e puñal.
Cabalgando viñeron de Cela,
tamén de Beluso e algún de Bon.
E brutal a barbarie que fan,
despilfarran e sin compasión.
Son Alí Babá e os Nove Chupóns,
no 83 sembran o terror.
Gutiérrez, Fiel, Alvarez, Vidal,
Freire, Estévez, Loira, Torre e Montserrat.
Teñen a sua cova
na nosa casa consistorial,
e con dificultades
fan o reconto do ganancial
Esta panda de mouros
queren o ESCANO para aparentar.
Algúns deles nin teñen
a certificación escolar
Sisí, Sisí, ide-vos de al.
de noite hai pasantias,
matriculade-vos todos alí.
Sisí, Sisí, ide-vos de aí.
Edís analfabetos
non debe habelos no ano 2000

**"PAPA HOSTIAS"**- 1993.




## Xota de Rafel o coiote

Temos en Bueu ALCALDE
Manoliño Manoliño
está na Dipnutación
e non é capaz NESTE povo
rematar o PABILLÓN
como fan noutros concellos,
que os teñen a montóns.
Imos dar-lle un consello
ao poso Manoliño,
ti estás de diputado
para Bueu non traes nada,
todo marcha para outro lado.
De todos os diputados,
tio menos preparado.
Neste noso amado nov
houbo grande conservería
con moito que traballar,
xente con soldos de merda
sin impostos que pagar
declarada naquel tempo
como empresa exemplar.
Pillos, xenros e máis netos
Quedaron de dirixentes
mandaron todo ao carallo
quedou-lle todo embargado
aos pobres incompetentes,
aos pobres incompetentes
Massosiños, Massosiños
Benito cura de Coiro
Veu celebrar unha voda
como estaba combidado
rematou a ceremonia
para o guateque foi lanzado
tiñache moita marcha
Benitiño Benitiño.
Pasouno de maravilla
comendo e tamén bebendo
baila un pouco desmadrado,
as solteiras e casadas
escapaban do seu lado
Sí Deus mira todo iso
bota-te do paradiso
Sempre che hubo problemas
Coa traida de augas,
Ramón dos nosos amores ,
que foi ese extraño virus
que atacou aos contadores.
Non snbades que inventar
máis de catro vividores

## Paiasada municipal

Neste Povo en que vivimos
parece que non existimos
non sabemos onde imos parar.

0 que era un lavadeiro,
xa parece un mexadeiro
e na fonte con xiringas vas topar.

Da brigada de limpeza
non che hai quen apareza
porque sempre pintan o remolón

Que saneen esa fonte
e o lavadeiro tamén. (Bis)

Coa expo da vieira
veu moita xente a este povo visitar
e alí lles preparaban
de mil maneiras vieiras do aso par.

Conchelo en vez de vieira
e a empanada recortaban-lle a ración
Señores da hosteleria
non queiran todo para un dia,
non váian escagallar.

Empezaron un paseo
xa parece un cachondeo,
cando chegan á do primo de Sisí

Concellal é o da serra,
primo é da misma terra
polo tanto ai ten-se que parar.

0 adefesio da serra,
a escombreira da falanxe,
a de Purro, todo sigue sin tirar.

Que retiren esa serra
que a mire Sanidá.(Bis)

Reunen-se os xubilados
e entre todos fixeron asociación,
Convidarón ao alcalde
Cando fixeron a prineira reunión.
Extrañado aquel Home
porque local querían para a asociación.
Pensaba que os xubilados,
estaban sempre encamados
mirando a talevisión.
No baile do pensionista
cólaba-se un artista
levando pataco e médio para entrar.
E dixo-lle o da
porta ti non sabes con quen picas
non penses que con tres chicas vas entrar.
0 home quedou fodido,
levantou-se-lle o sentido
e por pouco armase un gran follón

No baile dos Xubilados
hai que ter formalidá. (Bis)

Houbo un home de Loureiro,
matou o porco e foderon-lle un pernil,
e tivo-che moita sorte,
non lle levaron o albariño de barril
0 home puxo-se loito,
pasou cán duelo as festas do nadal
e os reis coma un miniño botaron-lle
botaron-lle un porquiño
botaron-llo para criar.
0 concellal de cultura
teso como unha lura
preguntamo-nos quen é ese señor.

Dende o primeiro momento,
carece de pensamento
el está somentes para figurar.

Pensa que andando estirado
é mellor considerado,
e pensamos que é outro farol.

Non saben que carnaval
é un feito cultural (Bis)
Este ano a cabalgata
preguntamo-nos que burro a organizou,
porque na Banda do Río
esa preciosa comitiva non pasou.

Os rapaces esperando
porque os reis en cavalo ian pasar,
ai señores que parida
só para os de auga fervida
non podemos tolerar.

## Telegrama urxente

Fai-che algúns anos,
chega un galeno.
Veu do Ferrol, barbas,
algo pequeno.

Nada máis chegar,
quer ser o patrón,
este señor, tiña
muita ambición.

Para empezar pensa,
de que maneira
vai presidir
futbol, bici e traiñeira.

Xa o conseguiu máis,
non está contento,
coas eleccións, pensa
no axuntamento:

"Sisí é patrón, pero
eu son motorista,
tamén poderei
anotarme na lista".

Na votación quedouse
na cuneta,
Todo arriou, vai-se
para a castañeta.

E deixou-nos baldeiro o sillón,
tamén foi-se da Gasa do Mar,
váia prebe para alcalde
Que váia navegari

Que situación hai-che
Pola Ramorta,
e a Sisí iso
pouco lle importa.

Rotas están, casí
todas aceiras.
Por non limpar fan-se
As esterqueiras.

Que triste é non
Doctor ir andando,
Porque ao chover vaste
poñer pingando.
Poña interés
toda corporación,
e hai que dar
pronto a solución.

Escomenzar todo
ese tinglado
e cañear riadas
desde o lado.

Sexan tamén
serios co alumeado,
porque a mitá está
sempre apagado.

Como pode ese santo varón
Estar con plena dedicación,
No hospital, axuntamento
e na diputación?

**"OS MULOS"**- 1994.

## Día de inauguracións

O ano pasado cando foi das eleccións, Chupóns
a inaugurar, viñeron xa
as medias obras que van quedar así
van cheos de papar, van cheos de papar.

Viñeron todos ó relleno a axesar, miróns
pois Manolín, era a atracción
bicos e abrazos algunha lle dou
foi cheo o galopín, foi cheo o galopín.

Dalí ós oito días daquela inauguración
no novo relleno había un burato como un camión
co peso de Zapatóns fundeuselle aquelo din
outros que un crongo foi que atrapado quedou.

*No Pavillón, choue*
*inaugurado sin rematar e haber agora. (Bis)*

Ese Centro de Saude e pra esquencer
din que eles non saben que lle facer, Ai, Ai, Ai,

Doutor, Ai Señor,
sin eleccións isto non vai a millor.

*Veu un turista á Vila*
*e no portal do manda mais pasou a noite. (Bis)*

o animal andaba un pouco mal do vientre
e deixoulle un gran paquete con fedor, Ai, Ai, Ai,
Sisí, Ai Señor
o pobre burro non topou sitio millor.

Si te coidas que a Empresa vai ben
anda con ollo non te fíes non
pois agora puxose de moda
o despido sin un patacón.

Podes traballar toda vida
con maestros de narís
poden mandar a calquera
aunque leves mais tempo que Sisí.

Con esas quebras de risa
isto eche unha desgracia
si queres sair do paro
vaite calado pa casa.

Protestaron os de alá de Ons
por que había unha obra ilegal
pero todo che estaba ben feito
que a fixo Fiel concellal.

Pidíronlle ó Señor Alcalde
que fora el mirar
pero había mal tempo
contestoulle o gran lobo de mar.

Mandou ó Axente Furilo
por si acaso el se mollaba
*o informe deste home*
*despois non sirueu de nada. (Bis)*

## O match

Unha delas dixo á outra
as praias vouche quitar
e a da empresa contestoulle
non jodas que vas levar.

Despois no Axuntamento
non paraban co fedor
non había linimento
que calmara aquel dolor.

*Ai que dolor*
*degoloulle o pescozo*
*tuvo que usar collar*
*a nosa moza Pilar*

Prensa e Televisión
falaron de ese combate
Aurora e como De Late
Pilar e Ana Obregón.

Si non lle deran tanto bombo
a ese pequeno follón
iría a San Caietano
de matón de Zapatóns.

*Ai que dolor*
*degoloulle o pescozo*
*tuvo que usar collar*
*a nosa moza Pilar.*

Os vixiantes das praias
de Agrelo e Portomaior
sonche todos uns atletas
de cada casa o millor.

Os desagües a esas praias
había que vixiar
cando van pescar a Tuia
solo merda van tomar.

*Van navegar*
*salindo co motor*
*a ver si algunha chati*
*quira o sujetador.*

Si comprache en ACIBU
e tocouche algún premio
ten cuidado co platero
regatea como un xenio.

Setenta millóns flxeron
coas ventas do Nadal
pero soltar un millón
sentoulle bastante mal.

*Vai presidir*
*ACIBU o Bangueses*
*que xa facía meses*
*que quería presumir.*




## A crisis

Somos OS MULOS
un tanto reforzados
de aqueles que salimos
fai agora dez anos.

Non mercamos albardas
remendamos as vellas
e o acordeón que temos
e do ano da pera.

Pero este ano non
se pode arreglar
aunque algunha palleta
deixe de funcionar.

E tanta a crisis
que vimos a arrastrar
que hasta se nos quita
o apetito sexual.

*Ten a culpa, FELIPE*
*por ter tantos, ladróns*
*os buracos*
*sempre os paga o pobre traballador*
*(Bis)*

*Chachacha, que forma de roubar*
*teñen esa pandilla de larcháns. (Bis)*

Xa se nos foi SOLCHAGA
co peto a rebosar
menudo caradura
SOLBES foi relevar.

E o traballo falta
non se entera GRIÑAN
nin para pinche sirve
na crisis actual.

Menudo lío
hubo no INTERIOR
o ROMPE PORTAS foise
puxeron a ASUNCION.

Que homes honrados
eses da U.G.T.
casi lle sal REDONDO
e as casas por facer.

*Espabila, FELIPE*
*non te durmas, AZNAR*
*os dous xuntos*
*si sal Tejero vaibos poñer a andar. (Bis)*

*Chachacha, tamen queren chupar*
*esa PORCA, muita leitiña da.*

*Chachacha, carallo que bos son*
*vacilón, cona que os botou. (Bis)*

**"OS MULOS"**- 1994. (Continuación)

## O relevo

Por fin mandaron a esta fermosa Vila
un bo Abade de grande embergadura
pois e un home de tradición antigua
e ven curtidiño de muitas singladuras.

Chegou con Deus no mes de San Martiño
con autobuses cargados de veciños
había Galos naquela papadela
que gran enchenta levou Rouco Varela.

*Que ven estamos os feligreses*
*con ese altar cheo de xente*
*donde eran tres casi son sete*
*menudo gasto a xente meten.*

*Vaia carallo vamos levar*
*cos funerales con tanto cura*
*como os fagas sin contratar*
*pide axuda para pagar.*

Os poucos días de tomar posesión
deuse de conta que algo alí fallaba
pois as monedas de quinienteas pesetas
polo burato do peto non entraban.

Fixo reformas en todo-los cepillos
pra que cuperan algo mais que durillos
pois xa se sabe que solo os pataquiños
son poucos cartos e furan os bolsillos.

*Que coro teñen afinadiño*
*aunque o de Cela ronque un pouquiño*
*tamén se nota ese vacío*
*daquela gorxa de Benitiño.*

*Que apurado e Don Andrés*
*non se lle entende algunha vez*
*foxa bastante no seu traballo*
*xa nos parece que ten baballo.*

*Que coro teñen afinadíño*
*aunque o de Cela ronque un pouquiño*
*tamén se nota ese vacío*
*daquela gorxa de Benitiño.*

## A excursión

*Foron de excursión os vellos*
*a Salvaterra do Miño (Bis)*
cando viñeron de volta
jumitaban no camiño.

A comida que lles deron
non era feita do día
*por iso algún que outro, la la la*
*colleu unha cagarría, la la 1a (Bis)*

E Fraga axudou cos gastos
que che tuvo aquela excursión
e algúns pensarán agora
de que tiña mala intención.

Un home de alá de Egipto
non daba chegado a casa
o conductor non paraba
e no calzón fixo caca.

Que gran home o Peluqueiro
por repartir caramelos
el non comeu ovos duros
pois xa sentía mareos.

A esta xente, a esta xente señores
outra desas a eles non lles pasa
agora cando se van de paseo
xa levan a comida da casa
xa levan a comida da casa
outra desas a eles non lles pasa.

Con gimnasio novo, co gimnasio novo
que queren facer
pa endurar o nervio
e poder correr.

non te envales chaval non te envales
non te vaias quedar na estacada
non te envales chaval non te envales
non me vaias a cagar na cama.

*Cando vades por ahí (Bis)*

non bos dean sobras
non bos dean sobras
que pa iso cobran
eses galopíns.

**"OS PENEQUES"** - 1994.

## Falando en plata

**Requiem polo presidente*

Eseóndense no ladrillo
"piratas da construcción"
e algúninfiel aparece
por fóra de xogo en Ons.
E se ti vas de pardillo
non te deixan nin obrar;
pero se eres un amigo
as **normas** podes burlar.
Disque agora por Cela
fan os milagros de a-mil;
da vivienda para un **solo**
fan apartamentos mil.
De Seixo vén a exclusiva,
Gasolino po Concello,
Do Riveiro esa pala
e de Assnar o carpinteiro.
Do correo: o alumbrado,
do ferreiro: as ferraduras,
o **cabo** e o Mantaclara
son todos uns caraduras.
Fíxose a ama da pista
presumindo de pulmóns:
quería ocalor da antorcha:
era a **reina** dos limóns.
Vaia xogada fixeron
os **zurdos** da oposición;
metéronlle un gol a Lino
no noso **gran pavillón.**
Procedente de Vilalba
trouxeron a ese **capón;**
corrían todos tras del
naquela inauguración.
Por querer bautizalo
tiñan todos moita présa,
todos xuntiños na foto
e as **goteiras** na cabesa.
Agora falando en plata
mosqueáronse os joyeros
pois dixo o seu **presidente*:**
¡eu abroche cando quero!.
Na Banda do Río hai queixas
por falta de kilowatios
coteu **culombio*, Condesa*,**
non quénta-los aparatos.
Cando saen os **zoombies**
vagando polo paseo
buscan éxtasis en polvo
algún vai con medio peido.
Cando salen os **zoombies**
vagando polo paseo
algún vai con medio peido
outros van con peido e medio.
*Culombio:unidade de Potencia
eléctrico sexual
*Condesa: Condesa de Penosa

"**OS PENEQUES**" - 1994. (Continuación)

## Linosaurios no Parque Lagoásico

**(Acabouse o pastel)**

*A Dulcinea das Lagoas pola súa lona*
*contra os Linosaurios*

Ela ten un solar de primeira
que alí nas **Lagoas** lle queren birlar
e prepara os cañóns para a guerra
cemiterio ou carcel antes de arriar.
Disque hai por alí **Linosaurios**
de noite e de día que están a rondar:
ela loita contra eses lagartos
que co seu **merengue** van alucinar.
E mira como fala o **Chicholino:** Beee
Perebereberebe
e como lle responde **Don Pepiño:** Baaa
Parabarabaraba
E eles o que queren é expropiar ese dulce
solar,
Xogando con esas normas do lugar,
**tiraliñas** que ó trazar faiche:psss plan
faiche "plin vaia plan"
a roubar galopíns
galopíns a roubar.
Manoliño ¡que facha! ¡que facha!
que anda cos plenos a mangonear,
que o metan alí no **museo**
pois el o que quere so e figurar.
Esa tarta repártena eles
pois a **Dulcinea** queren desnatar:
de urbanismo teñen mala idea
e se te descuidas estanche a mangar.
ESTRIBILLO
Con **fariña*** fixéronlle a rosca
mais ele lles dixo: ¡non quero probar!
e mandoulles canapés a Fraga
**caña** deulle a Lino e **Milhojas** a Assnar.
Disque tráfico hai de **influencias,**
**brazos de gitano** tocando ese plan
e armouse un bo tango coas normas
porque algún goloso quere especular.
ESTRIBILLO
Un da **"Greña*"** que ten moito morro
tamén do **bizcocho** el quixo probar
e as normas pasou polo forro
que xa mandan **eles*,** na Consistorial.
Pero o dulce volvéuselle **amargo**
pois o Secretario tivo que informar;
aquel rollo acabou no xuzgado
e o Chicholino xa o quere botar.
ESTRIBILLO

## Chocho - Zapping

*"Non llo cortes. regao"**

¡Ai, vaia bodrio que temos
neste país de **telebasura!;**
primeiro éranche dúas,
logo foi unha infección,
e coa antena **paranoica**
todo o día no sillón.
Ó enchufa-la **caixiña:**
¡vaia cipote!; se non é culebrón
vai de morboso ou despelote.
A todas horas fútbol hai
que tragar,
e un montón de **"corridas"**
pra disfrutar.




Folletóns sí temos e con variedade
Kassandra,Yedra e ***Merlos con-clase**
Chismes e mais cornos e nalgas marinas
bicos de tornillo etetilla fina.
Empalme a 5, señora,
con tacto faga o contacto;
e tirado no asiento
Bertín uentando o **aparato.**
¡Que che imos a decir,
isto é-che unha maravilla!,
os comentarios que fai
ia **diplomada** Carmen **"Ladilla":**
¡Ai, que guapa é-la niña,
la vo a llevá co mi ovejilla!.
¡Ai, mira ti canto morbo
que hai agora no televexo!;
arrancáronlle o pelexo
e claváronlle o puñal,
**cortáronlle o nabo a rente*,**
¡foi poracoso sexual!.
Eses ianquees violentos
xa cheiran mal,
**Chucho Norris**
e Rambo o **Chochonager** ou a Vietnám.
Os nenos con **Chin-go-ku**
danche un ostión
que non te atopa
nin Lobatón.
E todo a punto **córtanche a mexada**
pa que non cambies fan unha chamada;
dúas e dúas son sete, ¿por que digo azul?
¿ten pelos na lingua ou tenos no cu?.
Tamén de sexo non faltan
programas moi **lubricantes;**
**"Venus"** en Penevisión en
posturas penetrantes.
E se queres repetir
ter **"Sensación de vivir";**
pon o nabo de antena,
fai **chocho-zapping** sen reprimir
apaga a caixa parva
márcate un polvo e a dormir.

**Pubis Pronovis*

## Paseus Interruptus

Ós veciños de Bueu
Temos **paseus interruptus,**
entre **parentes** aserrao,
e con falanxe e asteleiro,
queda o paseo recortao.
E disque na Capilla vella
van facer unha **catedral,**
¡Hai que expropiar!, caciques da
Consistorial
pois de paseo vamos mal.
¿As farolas onde están?
solo teñen as **raíces;**
ten coidado ó pasear
non te vaias espichar.
Ai, como cheiran os desagües,
o cano tés que **depurar,**
**imos recupera-la praia**
e se non vas a ir ó mar.
E desa escollera nova
salen os **buses** ó Gran Sol;
a ver se xa na rúa deixan de atrancar
e aprenden todos a aparcar.
Dese muelle, ¿que será?
que se afunde cada día,
seica era pra ampliar
agora é pra **conxelar.**
Naquela **Casa de Saúde,**
están enfermos os millóns,
pantasmas hai en **sanidade,**
temos un **maula** no sillón.
E nesta nosa **Villa nueva,**
o morro quíxolle limpar,
¡que **popular** a ostia que lle foi a dar!
Ela atacoulle por detrás.
Alá pola Illa de Ons
un **OVNI** veu a pescar,
tremeron os **Carallóns**
ó mira-lo resplandor.
Se tés un **"paquete"** danone
e presumes de **"longueirón",**
faite vixiante das **dunas***
a ver se pica algún pendón.
Medraron xa algunhas **pompas**
coa chegada de**Ramón;**
¡que diñeral o que costou o funeral!
Pois eran tres cregos **de máis.**
Con esas normas ¿que farán,?,
¿que farán daszonas verdes?,
seica as queren **enlatar,**
e Masso a mangonear.
Sisí quere ser **Delegado**
na Xunta quéreno **pescar,**
a ver se pica o condenado
e vai pra alá ese **arroaz.**
Hai rumores na Hostelería
algún dicía Oui monssieur,
disque o bouquet da vieira de aquí non é
tamén **francesa** si vous plait.
As **vieiras** ¿onde están?,
¿onde están as volandeiras?
zamburiñas de La France
en vez de viño champagne.

**Dunas: as de Agrelo.*

"**CHAMANLLE X**" - 1994. Foron disfrazados de «Mosqueteiros».

## *Presentación*

Hola, aqui chegamos
criticóns estamos,
e se iles molesta,
non escaqueamos.
Vimos preparados
somos mogollón,
tan soio nos falta o do acordeón.

Con Alvariño ou Tinta Femia
e uns taquiños de bo xamón,
xa se nos pasa a afonía
e comenzamos nasa actuación.

Damos leña de carallo
aqui non se safa nadie
ás movidas que pasaron
non líes falta nin detalle.

*A nasa corporación,*
*hai que ver que pena dá*
*nos plenos do axuntamento* BIS
*andan todos de berbena.*

Mirao actuar
Freire Lino coa orquesta "Estelar"
BIS

imas falar da cofradía
dos seus problemas en cantidad
do nasa "SUPER-INTENDENTE"
que en vez de alcalde é un
marajá.

Non te moves para nada
estas feito de manteca
¿Non será que polas noites
méteste na discoteca?

Aprobades presupostos
e enchedes o bandullo
de nos nunca oirás:
**ii Queremos un hijo tuyo i!**

Mirao actuar
Freire Lino coa orquesta "Estelar"
BIS

## *Operación lonxa*

Somos os Chamalle X
uns poucos máis do normal
xa que non atopan chollo
nos témolos que empregar.

Si o paro segue aumentando
eu non o dubidaría
espabílenme señores
que nos vamos a ruina.

A heroína que pena da
os chavales enganchados BIS
e camellos cantidad.




Nesta lonxa de Bueu
hai peixe de calidad
venche importado do Vao
traenno fresquiño dalá.

A leite en polvo que venden
serve para amamantar
os "vixilantes" da lonxa
que sempre a están a esperar.

No Club Atilio iban xogar
a medicos e enfermeiras BIS
con xeringas e algo máis.

Si a forza municipal
non pon a isto solución
os rapaces deste pobo
vanlle coller afición.

Boa falta vai facer
traer para aqui o Garzón
pra que poña a este problema
unha boa solución.

## *Onde imos a parar*

Mira que a ciencia avanza
que é unha barbaridad
non hai cousa que non busquen
para poder mellorar.

Si os cartos ou o Novel
ou o benestar social
non sabemos o que queren
para tanto traballar.

Chámalle X, vos imos a contar
as últimas novedades,
que ao loro tendes que estar.

Cun cuchillo da cociña,
unha muller practicou
o sistema máis barato
pra non gastar en condóns.

¿Cómo coño lle puideron
o mingallo conectar')
Por moito que ile bordaran
non se ile volve a empinar.

Contou iso, non contou o da cu
que unha noite a Señora,
pegoullo con SUPER GLUE.

En América os da NASA
chegaron a conclusión
que os marcianos comen polbo
e percebe da iIla de Ons.

E dixeron os da fila:
¡O turismo está a umentar!
¡O muelle queda pequeno
para esta flota estelar!

Un decía que aquilo era un misil
que ile mandaron os rusos de
regalo para Bill.

Fai uns anos o buraco
da Chabarri se mirou
BAN-ESTOS e din agora
que o deles ainda e mellor.

Mario Conde, esfumóuse
cagou polo pantalón
e ninguén sabia donde
nin o Paco Lobatón.

Contra a crisis, non topan
solución
Non se sabe o remedio pra
acabar coa Corrupción.

"**CHAMANLLE X**" - 1994. (Continuación)

## Agora de vellos gaiteiros

Xuntáronse catro un día, e puseronse a falar
un comentáballe a outro, ¡eu xa deixei de currar!
e dixeron os dous vellos, ¿dónde imos a parar?
si xa estamos aburridos de ir a CASA DO MAR.

Seica non iban a ser menos, os de aquí que os doutros lados
por iso eles decidiron, o do **CLUB DE XUBILADOS**
**antes** andaban na plaza, cedo a toma-lo sol
agora ata xogan o "POKER", e algún vai de farol.

Miren señores o que fan os xubilados
máis vale xuntos, que separados
vánse a capilla a bota-lo subastado
en toda a tarde *non os* mirarás sair.

Xa fixeron por España, unha chea de excursións,
e cando chegan de volta, non poden nin cos collóns
a Mallorca oito días, se marcharon en avión
e a máis dun no aparato veulle a descomposición.

Chegaron o aeropuerto, non topaban as maletas
e as mulleres decían: ¡Eu non vou a praia en tetasi
cando chegaron o hotel, miraron tanto salón
e pasaron dúas horas en busca da habitación.
E por Mallorca andaban alucinados,
coas alemanas e americanos,
mirando as suecas algún quedou empalmado
¡ Fai trinta anos que non se me pon así!

Fixeron outra escapada de visita polas rías
e do atracón que se deron, colleron gran cagarria
o conductor de Cerqueiro sempre tiña que parar
nos bares da carretera para que foran a cagar.

Entre parada e parada algún mirouse apurado
foi rápido xunto do chofer, pero xa estaba cagado.
Cando chegaron de volta foron a casa do mar
a ver se cunhas pastillas deixaban de carburar.

E dende aquela levan cheos os bolsillos
con catro pares de calsonsillos
dúas "pinicas" por si hai ganas no camiño
e a colonia para poder desinfectar.

Tamén van a Santiago, os programas de Galega
e súan tanto cos focos, por pouco o plató se anega
marchan todos preparados, todos cheos de emoción
"Está miña neta co VIDRIO para jraba-la astuasión".

Organizan un guateque, cada mes no pirigallo
e coas orquestas que traen, bailan todos de carallo
para non ter que pagar a Catusa a comisión
foron o Alcalde a pedirlle, un baile no pavillón.

ESTRIBILLO

## A toxina

A praía *Banda do* Río BIS
*tenche merda* de carallo
non podes toma-lo sol
nin ir botar un siscafo.

Que *bonito quedarla*
*un* paseo *con* esas vistas BIS
podíamos mira-lo mar
e en pelotas as turistas.

Nin obras de puerto
nin o axuntamento
non limpan a praia
jodeuse o invento.

Hosteleiros, Cofradía
empezaron o traballo BIS
pero veulles a toxina
e mandou todo o carallo.

Esta flota da baixura
van a botar a ruina BIS
traen marisco de fora
o de aquí seica ten toxina.

Ttoxina as vieiras
e os mexilóns
non valen os polvos,
tampouco os fodóns.

*Gobeman a* nosa lonxa
e as cousas van a peores BIS
os barcos venden en Vigo
en Bueu non hai compradores.

*Entrando na C.E.E.*
trouxeron peixe de fora BIS
pecharon as conservas
perdeuse a flota de ardora.

Centola francesa,
ameixa portuguesa,
sardiña de rusia,
venden o que sexa.

## Kan-Kan

Aquí no pobo de Bueu
temos chuchos a montos
a mitade son palleiros
con pulgas e cacharrons.

A casa consistorial
parece unha perrera
ande van todos os cans
a vota-la cagalera.

Mira o "Gran Danes', mira o "Gran Danes"
non e nada Fe-LINO sempre fai as
causas do revés. BIS

Tamén hai unha cadela
que anda cun collarín
atacoulle a Purra-Loba
preto do seu botiquín.

Lanzouse enriba dela
non paraba de morder
a cadela moi canija
non se supo defender.

Nin podía ladrar.Nin podía ladrar
co rabo entre as PernaS, fOisE a
botica a vacunar . BIS
Fixeron en Agrelo
un novo destacamento
sonche cans municipales
e cans de salvamento

Actuaron no verán
e saleu a xente ilesa
loitaron contra o calor
e contra Faneca inglesa

Sonche lobos de mar, sonche lobos de mar
que andaban en celo, detrás das
Chatis na orillamar. BIS

Cando fai das eleccións
chegou unha gran jauria
o gran e a sua escolta
de perros policía.

Foron primeiro o muelle
e botaron a mexada
por iso entres semanas
veuse a baixo a explanada.

Eran de pedigrí, eran de pedigrí
é viñeron a Bueu para cruzarse
cos que hai aquí.

## "AS EXPULSADAS" - 1994.

### Presentación

Cando chega o antroido
saimos as expulsadas
a contarlles catro cousas
e outras a criticalas (BIS)
por se alguén non se enterou
e logo non se diga
que ninguén se decatou. (BIS)

*Nestas datas* (estribillo 1)
non imos de parranda
e so *queremos*
un zumo de cebada.
Non queremos pepsi, non, non
nin tampouco xíada, non, non
nos o que queremos, si, sí
é un pouquiño de caña.
Esperamos que lles gusten
todas as nosas cancións
e aqueles que lle molesten
que se merquen uns tapóns
(BIS)
e que tapen as orellas
que agora estamos de festa
e non queremos máis

querellas. (BIS)

E pro camiño (estribillo 2)
cando xa estamos cansas
nos só queremos
un zumo de cebada.
Non queremos pepsí, non, non
nin tampouco xiada, non, non
nos o que queremos, si, sí
é un pouquíño de caña.

Nestas datas en Bueu
as comparsas sairán
todas elas disfrazadas
pois chegou o carnaval (BIS)
a alegrar a toda a xente
a mirar si este ano
ninguén connosco se mete.
(BIS)
ESTRIBILLO (1)

Cantámoslle o axuntamento
ó alcalde e concellais
por non perder o costume
de meterse cós demais
e facer algunha broma
pois todo o que pasa en Bueu
é o que agora está de moda.

ESTRIBILLO (2)

### Isto si que é bo

Isto sí que é *bo (bis)*
todo é pros vellos
e nada pra nos.

Nos querémoslle dicir
os que mandan neste pobo
que non nos deixen de lado
e que se ocupen de todos.
Que nos cubran esa pista
que temos no Instituto
cando chove e hai ximnasia
fecémola "nun recuncho".
ESTRIBILLO
Disque lle van a poñer
no pavillón de Bueu
piscina climatizada
para os da terceira edá.
Un profesor de Aerobic
para os máis enferrusados
disque lle van a poñer
a todos os xuvilados.

ESTRIBILLO
Iso estache moi ben
pero que pasa con nos
como ainda non votamos
deixannos nas mans de Dios.
Pero nos que lle fixemos
que non nos deixan usar
o pavillón deportivo
pra poder adelgazar.

ESTRIBILLO
Peluqueria barata
e tamén cafetería
agora solo lles falta
a tenda de lencería.
Que pasa có das traineiras
que os teñen olvidados
que lles poñan un local
como o dos xuvilados.

ESTRIBILLO
Fóronche a Santiago a gañar o xuvileo
para chegar os primeiros
alquilaron os cerqueiros.
A fame tínanna negra
fóronche de restaurante
comida non chegou
na mesa só había un rapante.

### Que ruina de país

O guapo de Mario Conde
ó Banesto arruinou
deixounos en números roxos
e os que tiñan accións.

O banco arruinou
pero él foiche moi fino
que miles de millóns (BIS)
meteuse no bolsillo.

A Oubiña e compañia
menudo xuizo lles fan
imos mirar como acaba
mañán xa libres están.

Eses capos galegos
teñen mala memoria
todos sofren de amnesia (BIS)
e de nada se acordan.

A xunventude escarallou
e coa droga negociaron
compraron pazos e coches
e a vergoña perderon.

A eses desgraciados
había que encerralos
e nunca máis soltalos (BIS)
chulos descarados.

Vaia programas que poñen
nalgunha televisión
"A máquina da verdade"
"Misterios sin solución".

Mortes e asasinatos
crimes e violacións
e desaparecidos (BIS)
e busca o Lobatón.

Temos ó Conde Lequio
coa Anita obregón
e á Antonia dando a lata
pra completá-lo follón.
Pala unha mal da outra
graban intimidades
venden as exclusivas (BIS)
dos líos matrimoniales.

Dende que está de moda
cortarlle o pene ó marido
algún que era un pouco chulo
xa non che durme tranquilo.
Durmía picha arriba
agora non se atreve
có rabo entre as pernas (BIS)
o cú pra arriba quere.

Eses que moito abusaron

dalgunha pobre muller
vanlla cortar polo sano
para que aprenda duna vez.
Tenche moito coidado
Poñer unha alarmiña
No momento do acto(BIS)
Que soe a sireniña.

### Menudo follón

En Bueu hai un tio fino
con bo tipo e moi flamante
que se pasea nun coche
de cor verde e elegante.

Presume ser intelixente
ainda que sexa un payaso
dáselle de moi valente
ainda que pra outros da asco.

O folloneiro, o folloneiro
non debía estar al
por que lle falta, porque non ten
clase para dirixir.

Non queren que abran furanchos
porque non pagan impostos
tampouco él os pagaba
cando cartos gañaba.

E nas plaias no verán
só él quere traballar
non permite os chiringuitos
porque só él quere gañar.
ESTRIBILLO
Quere darse de bo home
cando está entre a xente
non se dá conta quen é
cando connosco se mete.

Presentóuse nunha disco
a chamarnos a atención
tivo que sair pra fora
con cara de mamalón.

### O noso Bueu

*O Alcalde de Bueu*
non fai nada o *dereito*
pon todo do revés.

0 estrena-lo pavillón
o Manuel Fraga traía
pero vaia chanchullón
a semana xa chovía.
ESTRIBILLO
Freire Lino, Freire Lino
saca do teu burato o fuciño
mira o pobo, mira o pobo
non te fagas tanto o remuiño.

Freire Lino, Freire Lino
da a cara, non deas o cú
o que quere Bueu é progreso
a mirar onde me-lo ingreso
o que quere Bueu é progreso
a mirar onde o metes lambón.

E a chega-lo nadal
catro luces siscadas había
nin asomo coas de Portugal
pois co vento xa caían.
Case o mesmo pasou
coa praza de abastos.
AS aurelitas lavou
para reduci-los gastos.

ESTRIBILLO
Outro caso que aconteceu
foi o do muelle de Bueu
ían todos o mogollón
a mira-la inauguración.
Pero vaía chasco señores
tocounos a lotería
ai carallo que constructores
o muelle xa se afundía.
ESTRIBILLO
Outra nova construcción
foi a da casa da saúde
pero a él iso non lle alude.
Hai un refrán que dí
non hai pena que 100 anos dure
pero o Siniestro Sisí
quedará ata que o sida cure.

**"AS EXPULSADAS" - 1994.**

## *Pupurri de trapalladas*

Nonos queixaremos aquí en Bueu
un parque xurásico xa hai
en tempos pasados cementerio foi
silvas e bichos é agora o que hai.

Especies moi raras e de gran valor
no axuntamento si que hai
nese cementerio debían estar
que o declaren pronto parque natural.

*Haber Sisi* o gran dinosaurio
toma unha *decisión*
arregla ese parque carallo
pon terraza e mirador.

Vaia cachondeo cos de ACIBU
regalando cartos a tun tun
e cando os premiados quixeron cobrar
con desconto ACIBU quixo pagar.

A unha que cen mil pesetas lle tocou
no Super por pouco dalle mal
con Castro o presi viña de estar
él con dez mil xa a quería despachar.

ACIBU xa parece o Banesto
negro ten o buracón
*queremos unha* roda de prensa
e algunha dimisión.

Os do Plan Lagoas quedaron moi mal
a Mucha quixeron expropiar
e a pasteleira non se acojonou
con tantos buitres que tiña o alrededor.

Do sexo débil quixeron abusar
os capos da construcción
ela ó problema botoulle collóns
e có cuñado tivo unha discusión.

Dime Freire, cuñado ¿Qué hago?
¿A *dónde voy* a vivir?
*e o xefe* non *oe* está sordo
e ráscase os milindrins.

Vaia chanchullada fai o capitán
a empresa de Aurora era ilegal
Pilar a do PSOE quiso indagar
e os trapos sucios púsonos a ventilar.

Aurora enfadóuse e dóulle un ostión
e Pilar aparvada quedou
a pobre muller levou un sofocón
e o seu pescozo tivo unha reparación.

*Vaia show fixo Aurora do Purro*
*na casa consistorial*
*debía de ser a guardaespaldas*
*do noso gran capitán.*

**'PEÑA PISTÓN**" - 1994. Soamente saíron este ano.

## *O vaiven*

Este pueblo de Bueu.
Xa se pode decir ben.
Do porto esplanada ten.
Cando a Lino lle convén.
Nos pasamos por aquí.

Agora é moi concurrido.
Que non han nadie aburrido.
Lugar de Feiras e Festas.
Pabellón, paseo e Vieira.
E quedamos asombrados.

*Da potencia en alumbrados,*
*dos camiños arreglados e da agua que van vir.*

Isto é o van-ven, e ven, e ven, e ven, van-ven
Isto é o van-ven, e ven, e ven, e ven, van-ven

Oimos dun asteleiro.
Serán as de Sabrina.
A caseta do relleno.
Hai quen dí que é un cortello.
Nos vemos moito porvir.

Tamén da casa en ruinas.
E máila do aserradeiro.
Alá na Banda do Río.
Que se pasa monto frío.
Isto han que tomalo en serio.

*Eles co seucontubernio métennos nun putiferio,*
*estanche a velas vir.*
ESTRIBILLO

As ruinas de Gaggero.
Sonche como Sarajevo.
Cando armemos nosa.
E dirémoslle a fenosa.
Os barrios abandonados

Naquel barrio de Pitís.
Vucovar, Bagdad e Split.
Entraremos na Capilla.
Que ben anda-lús, mentira.
Neste pueblo abotargado.

*Sonche vergonza e desidia dos intereses creados,*
*de Lino e compañía.*
ESTRIBILLO

O proxecto das Lagoas.
Polo cazo das máis boas.
Ese río turbulento.
Eche un río fedorento
O proxecto de Massó.

Eche cousa macanuda.
Pra Lino era cojonuda.
Trae aguas moi revoltas.
Chega a plaia feito bosta.
Manda pra casa as mulleres.

*Da urbanización pra eles,*
*chimenea, xardtn teredes,*
*este cuento se acabó.*

## *Obras do carallo*

*Apura Pepiño que isto han que acabalo*
*que dentro de pouco ven Fraga a inauguralo,*
*o pabellón so lle falta o tellado,*
*e o porto asfaltado, ... aaah!*

Este porto e unha obra moi lograda
que con toda presa por inaugurala
o baixar un barco novo que acabaran
foi o porto po carallo, ...aaah!
ESTRIBILLO 1 °
Este pabellón quedounos cojonudo
foi un éxito a inauguración que tuvo
a persoa que o fixo é un artista que...
hasta entrou auga na pista, ...aaah!

*Varaos pra illa, vamos de veraneo,*
*collemos o barco pra pegar un garbeo,*
*varaos pra illa, a mirar o que fixo,*
*a recolleita do lixo, ...aaah!*

Esta illa de Ons e porto franco,
e o material só o levamos no barco
non se pagan permisos ni licencia,
faise todo a coveniencia, ...aaah!
ESTRIBILLO 2°
Estas obras que facemos nesta illa
sale a masa máis barata ca nocilla,
trae o cemento, que a area non fan falta
que xa a collemos da praia, ...aaah!
ESTRIBILLO 2°
Agora anda todo o mundo alucinado
porque disque que miraron os marcianos
pero creo que o que miraron esa xente,
foi un litro de auga ardente, ...aaah!

'**PEÑA PISTÓN**" - 1994.

## Es que fue una tortículis

Delante del juzgado se encontraron
vaya lio que se armó.
"Yo te doy un sopapo". "Tu a mi no".
Y va ella y se lo dió.
Hubo patadas y golpes bajos
la susodicha se cayó.

"Paren de inmediato la pelea",
dijo el oficial mayor.
"Si no obedecen, yo las encierro;
las encierro a las dos"
Y ante esto se separaron,
y el juicio terminó.

Yendo al cementerio por el Valado;
el ramal fué asfaltado.
El peón que allí estaba de encargado
dijo, que no "pué " pasar "
Soy concejal socialista;
les voy a empaquetar".

"Mire faga vostede o que queira,
esta é obra de Malvar".
"Eu xa fan tempo que teño a orden,
e non se pode pasar".
"Ya se me hinchan los .... mones"
Y se tuvo que marchar.

## Sacocheo 93

Manuel, ... tú si que sabes gobernar,
estar en todas fiestas que hay,
por ir solo a inaugurar.

Hacer, ... la gaiterada popular
poner en Obradoiro a 3000
gaiteiriños a tocar.

*Cuantas veces, sale tu cabezón, por la televisión,*
*y hasta te han visto llorar por la emoción*
*de oir la gaita sonar.*

Con el, ... Xacobeo 93
hicistes a Galicia caminar
desde el camino francés.

Hacer, ... conciertos de gran interés
que hasta en Pontevedra,
el vino hay que tener que pagar
después.

*Los millones, que llevó Julio Iglesias,*
*por venir a cantar, a su tierra GALLEGUIÑA*
*y solo porque en ella nació su papá.*




## Agrelo Beach

Vamos pra praia de agrelo,
que solo haI que velo, o ben que quedou,
temos duchas e bandeiras, e os vixilantes
da television,

pero que empanada, colleron algúns,
por un uniforme que leva unha cruz,
igual pensaron que estaban en Miami,
con nenas morenas, e as tablas de surf,

*e non e criáis que un pobiño olvidado*
*que a conta da pesca vivimos algúns.*
*bis*

Si neste pobo che rouban a moto
a radio .do coche, ou a montanbike,
vai denuncialo os municipais, que
coma o teu caso hai cuarenta máis.

Espera que a de aparecer, algún ano
destes, si non as
de ver.

*Espera un pouquiño máis que xa se ocuparán os*
*municipais . bis*

Falan da policia, o que máis lle gusta
e o vixilar, a cinco ou seis
trapicheiriños
que diante da plaza están a traballar.

Suba usted al coche, fágame o favor
que no axuntamento se pasa mellor.

E así pasan tódala xornada,
con moita empanada no Nissan Patrol.

*E os que rouban, e fan pintadas*
*non se preocupan, non teñen control.*
*bis*

## Os chupons

*Eu tiña un traballo calquera*

pero co tempo,
fixeme concellal.

E agora non *mancho as mans,*
non pego nin golpe,
pero cobro igual,
*miña* empresa fai os traballos,
todo queda en casa *e* arréglase igual.
Que vida nos pegamos
a corta de ser concellal
e non preocupamos
polo pobo anque vaia *mal.*

A obra xunto o Rimiñoto,
que é sitio neutral,
vai ser un follón de carai,
pero iso a mi plim,
a mi plim que máis dá.

Gústame cardo di Manoliño,
vamos a cobrar,
e cando teño que ser respetado
por ser concellal.

Gústanme as ceas que facemos
o final de mes
ainda que salga todo do revés,
*a* cobrar e a vivir
a vivir ser currar.

**"OS MULOS"** - 1995.

## Promesas pro ano 95

Aquí estamos outra vez a saludalos
Como sempre con humor en Carnaval
e tamén queremos telos informados
con tantas obras novas hai
que ben imos estar.

As Comparsas de Bueu
vamos a saludar e
pro ano que ven
volvamos a cantar.

O Gran Silvino tamén
queremos recordar
pois sigue sendo o Rei
pa nos en Carnaval.

Este ano un gran porto imos
ter nova lonxa frente a Casa do Mar
o paseo acabaranno de unha vez
e para esas traiñas
mercaranlle un local.

Un museo van facer
e un centro social
pa que a terceira edad
teñan donde bailar.

Depurada vai sair
a auga que chegue o mar
pa que a xente de aquí
xa se poida bañar.

As Empresas iranse pa Castiñeiras
e do Lérez esa auga está a
chegar a Capela, Serra e o Asteleiro
e mais o Chiringuito
de esas frores van tirar.

Ese basurero van
agora a cambiar
pa que a Zona Industrial
non se vaia a afumar.

Tense que ir fora de alí
Alonso llo pideu
sinon ten que marchar
pra fora de Bueu.

E cantas cousas terán
para nos prometer
nas novas eleccións
que agora imos ter.

Volverannos a decir
que os parques nos farán
pra que poidamos ir
a Udra, Ermelo e Chans.

E como o farám
si non teñen un can.

## España cañí

Nos con eses do goberno
cada ano que pasa
imos a peor
non se acorda no País
tanto roubo a vista
tanta corrupción.

Non queremos decir nomes
por falta de tempo
pra tantos contar
solo os mais famosos
Conde, De La Rosa,
Mariano Rubio e o Roldán.

Felipe como fixeche
pa que no Pesoe
ninguén crea xá
pero vaia rostro que ti tes
e de ahí non te queres marchar.

Non sabemos si che gusta
ou si non te deixa ese Catalán
pensa en cando te vaias
deixarlle tallada pro Aznar.

Cantos anos esperando
que hubese boda
na Casa Real
agora xa apareceu
quen leve aquel
moucho por fin ó altar.

Entre bodas e banquetes
sexo pola tele
e Gil a falar
vannos despistando
o tempo pasado
eles están a ver quen rouba máis.

Vaia corrida que fixo
o ano pasado o Gran Jesulín
con tanta muller que xuntou
e algúns picores de pipí.

Estaban tan emocionadas
coa gran faena que el lles brindou
e as bragas dunha de elas
cairon os pes do clavador.

Algunhas andan contentas
co xustillo novo
dese WONDEN BRA
disque xunta as tetas
e dalle pa riba
ós misiles que apuntan pro chan.

## Cousas da vida

Imos contarlle catro cousas por Carnavales
pois son detalles que ourellamos nos por ahí
aconteceron en Egipto, Meiro e A Portela
e na festa da Vieira que hubo aquí.

Convidaron a ése fixtro de Portomeñe
Representando a ése grupo de comelóns
e na de Pérez mercaronlle zapatos novos
porque ese home viña cheo de sabañóns.

Ian facer follón os das traiñas
os do Preve pidiron que no fixeran
por que podía molestarse algún Señor.

(Faltou Valor)

Teñen en Meiro unhas mises que están morenas
homes a cola esperando para enfornar
sonche bonitas xa parecen caribeñas
tanto a filla a sobriña e mais a nai.

Xente famosa na pensión pasan o día
pistolas,moros e tamén hai algún mais
así que a elas non lles baixa nunca a barriga
son criadeiros que se deben de conservar.

Os veciños queren de alí votalas
hai quen ten ganas de darlle cun pau
pois xa parece a ruta do bacalau.

(Vaia Ganau)

E na Portela fixo Mochi un nacimento
unha estrela indicaba o que había alí
cos animales e rapaces todo alí dentro
preguntaban os vecinos que pasa ahí.

Como todo canto el fai saille mui ben
e esa festa non estaba mui animada
o maestro preparoulle naquel Belén
un churrasco e po frio unha queimada.

Vaia obra que fixo aquel artista
para pasar as festas do Nadal
e Agora e Oficina para emplear.

(Pa Desbrozar)

E outra historia mais de sexo hubo no Valado
a unha muller sin pudor quíxeron violar
todo empezou no Bar do Coto Privado
cando aquel home lle pisaron o pobre can.

Cos bastonazos que lle daba pola cabeza
Saleu correndo dicindo que se iba a vengar
foi xunto a ela e colleuna o lado da artesa
chegou Benito topounos os dous no chan.

Cando mirou pa el xa tiña tensa
a muller non se oía nin chiar
uns navallazos e mandouno o hospital

(chiou o Can)



## "OS MULOS" - 1995.

### Droga Non

Este ano imos contarlles, o que está a pasar
xente parada e na droga, e o que mais hai
hai que facer
algo para iso vencer.

Nos lle pedimos as Empresas, que veñan pa aquí
e a xuventude de este Pobo, teñan donde ir,
a droga non
Os Mulos piden por favor.

Hai que mirar
os trapicheos frente a Casa do Mar
autoridades tendes que vixiar
e non deixedes queese mal, se vaia a mais.

Hai que pensar
que hai peixes gordos metidos, por detrás
por iso non hai quen se queira enterar
do que se mira nadie quere, nin falar.

E na cadea debia haber, mais xente alí
os poderosos compran todo, para fuxir
cantoladrón
que non fai nada nin Garzón.

E de vergonza o que aquí, nos está a pasar
Narcos na rua despois de, tanto xuzgar
pois volverán
eses cabróns a facer mal.

Hai que mirar
xente parada e sin dereito
a cobrar eles son os que debían de roubar
e que no fagan os que estan de mandamais.

Impostos non
xa non queremos manter máis a ladróns
non deixan nada para as nosas pensións
estamos cheos de pagar, hata os collóns.

Vinde a pregar
pa ver si teñen donde ir traballar
e sientre todos acabamos co mal
pa que os da mafia paren xa de engordar.

Vinde a cantar
todos xuntiños agora en Carnaval
pa que esa xente se deixe de drogar
sean felices duna vez, xunto a seus país.

### A movida

Esta villa de Bueu
sempre foi Pobo tranquilo
por culpa dosda sotana
agora estamos divididos.

Amigos que non se falan
E lios entre familias
e vergonzoso que pase
nesta pacífica Vila.

Non gustou o que falamos
Os Mulos do novo cura
esa gente es de izquierdas
y tiene poca cultura.

A Movida empezou
Un domingo na Capilla
por botar a Xosé
co de Muros non o quer.

Hubo marcha por Bueu
Hata Igresia a mediodía
algún corte de mangas
e golpes polas costillas.

Fixéronse asambleas
e non de calquer maneira
pois de Arbol de Guernica
fixo a vella figueira.

Alí tamén acordouse
decirlle a todos veciños
que non deran nin pataco
pa festa de San Martiño.

Xente metida
isto e de risa
pide un Cura
sin ir a Misa.

Chegan a porta
non van pa dentro
pois teñen medo
ó Sacramento.

Os que levan a Pancarta
nunca son as cabecillas
elas andan ocupadas
contratando os espías.

Non queremos Villa Abajo
Nin tampouco Villa Arriba
queremos a paz no Pobo
pedímoslle os da movida.

E si todo isto pasa
por quedar un sin traballo
que vivan os Carnavales
e mandalos o carallo.

## "OS PENEQUES" - 1995.




### Este pobo non ten cura

Popularis cregus arribatus est in Bueu
il fuerit terminator para coadxuctoris localis
In adrus benditus unha ostia súpeta
in súa facies beata foi data
Muiñeira confirmata est ipso facto
coadxuctoris cesatum est Vilabaixus penatum sum.

Rapidus Ramonis fugit con súas legiones
sin darem explicationis.

Sir Keirus máximus repletus de vilabaixus achegatus
sum in Compostela, et dixit ad hoc:
"Totus tuus sile das a Ramonis candela"
E cantaban alegro, ma non tropo, os coros de Vilabaixus:

(Chorus)

"A Santiago vou Josesiño, protestando, pra que boten
a Beiro, que neste pobo xa está estorbando" (bis)

As huestes de Vilarriba dician: "Coadxuctoris Pepis"
Non quixo da-lo callo, e sin "Penó' nin gloria mandou tuto
ó carallo.
Alegro molto vivace, cantaban os seus coros:
(Chorus)
"Adios don Pepito, adios don José
pasó usted de la Iglesia, de la Iglesia yo pasé".

"A tu vera, siempre a tu verita Beiro,
siempre a tu verita Beiro, hasta que de pena muera".

In excursionis the catakesis boys visitaron
paraisus perdidus, e cantaban alegres:
(Chorus)
"¡Qué buenos son estos curas parroquianos!
¡Qué buenos son que nos sacan de excursión!".

"**OS PENEQUES**" - 1995. (Continuación)

## Cumbres borrallidas

Que cara vai sair esa auga milagreira,
pero a Beluso nin unha pinga vaI chegar,
son populares os negocios coa mangueira,
pois din que chove, por nós están a mexar.

Casa do Pobo e cabalgata nos quitaron,
pero tampouco nosdebemos de extrañar,
antes tiñamos baile, cine e tamén festas,
agora témo-la incultura popular.

Vaia Belén o que montaron na Por-tela
churrasco e viño, todo mundo a cabalgar...
Cultura e festas, ¡que toquen as orquestas!
cabalos e cabras e o belén... municipal.

Cultura, cultura, que temos en Beluso,
a Biblioteca fora de uso.
Na Vela, na Vela reside a nosa "estrela",
a de cultura nin puta idea.

Os do Progreso montaron unha brigada,
a Delegada foi con garbo a traballar,
pero un "diosiño" popular que é un macarra
couces de burro non paraba de largar.

Témo-lo cruce que xa está desempichado,
non é "seguriño" pros rapaces ó cruzar,
e os "monipas" teñen o "pito" enfundado,
pois en Beluso non o queren desgastar.

Con tanto premio van quedar apolillados
non pensan máis que na medalla e figurar.
Monipas, polillas, ¡xabón pros pelotillas!
figuran, pasean, e o currar... dalles pra atrás.

No cruce, no cruce, nenos desamparados
e os monipas tocando o nabo.
Cos verdes, cos verdes, andan de parrandeo,
vanse no Nissan de copeteo.

Xa fai un tempo que o Pión está infectado,
en Udra escombros e Sar queren emporcar,
pra Borrallido ven o "lixo reciclado",
disque a Nocedo as tripas foron lavar.

Fan falla aceras e alumeado nesas rúas,
polas cunetas é un perigo camiñar,
e no inverno terás que " facelo" ás escuras
polo culombio ti te podes trabucar.

Queremos un parque infantil e máis bombillas
e os de "Asnar"que se dediquen a empichar.
¡Beluso unido, salvemos Borrallido!,
piscinas en Sar para pescar... e bucear.

Os canos, os canos, estreitos e atuídos,
a Sar xa chegan os"submarinos".
¡Tunantes, tunantes, os nosos gobernantes!
Hai en Beluso tres comediantes.

## Embutidos Roldán

*(Chourizos de Calidade)*

Con este cheiro a "chourizos" que che hai na sociedad,
Nin da túa propia sombra te vas a poder fiar,
RENFE, GUERRA ou NASEIRO e o B.O.E. nacional,
a CRUZ ROJA, HORMAECHEA, ¡non se salva nin o "Bonsai"!

Era un tipo moi curioso ese Rubio do Central,
con esa cara de pardillo semellaba en bo rapaz
IBERCORpos nas POSADAS comenzáronse a quentar,
aquí firmaba os cartos i en Suiza o capital.

Non parecía verdá, algún caía "pa'trás",
pouco "Redondo" ese negocio, a P.S.V. non dá,
moitos chupóns a mamar da teta nai,
a UXT. está embargada, PSOullE xa.

En Filesa ¡que remesa! eran negros os millóns,
Alfonsiño tiña o " fistro" de toda a financiación,
o "Barbeiro" coa navalla as patillas lle afeitou,
e dunha sola tallada esa vena lle cortou.

Que arpía, dinisiña, era experta en escalar,
o tricornio "reservado" tiña para blanquear.
O Goberno "toca fondo" ¡que fichaxe estelar!
aires de "tocata e fuga", ¿onde cona está Roldán?.

"Todo por la pasta", -foi o seu lema principal,
"xefe dos Verdes": a súa carteira el tiña a rebosar.
Orxías na capital, ¡fodón total!.
Corcuera, Barrio, tamén o Vera, trío fatal.

O "capullo" de la Rosa", rosa "negra do rosal",
que a Madrid "tortos xemelos" el nos trouxo de Kuwait.
Dispostiño,Tibidabo tamén quixo desplumar,
no caldeiro da Modelo ¡canto tivo que purgar!.

Da farmacia para a Banca a receta para mangar,
todo un "Mario Conde praia" estábase a engominar,
o asalto á Moncloa preparado tiña xa,
o semáforo en "Rojo", o "Botín" fixo quedar.

Por andar a maquinar, botarlle un polvo fiscal
con Romaní xuntiños na Meco ó mus ti foches xogar,
eras maestro alí: tahur xenial,
con guante blanco tí conseguíche-la libertad.

Alí nese Ministerio todos cagados están,
un caso que lle "dAmedo" por ser "asunto ileGAL"
Mr. X, Mr. Z, e tamén o "Number One"
un "Mundo" de chivatazos, Pedro J. está a engordar.

Non reSolbes, nin Solchaga, Charlotín está a esperar,
Anguita non se doblega e o Guerra xa non está
e o Jordi, que "apoca", tamén ga está a chupar,
e Felipe na Poltrona polo cú déixase dar.

E foi revolotear, "Palomino" familiar,
e naquel bunker tiñan o niño para poder incubar.
Nécora foi informal, ¡farol total!,
Garzón e Bueren seguen cortando o "Matorral".

## O trifaxico

Cada vez hai máis chanchullos no concello:
enchufismo, cazolino e corrupción.
Nas Lagoas, en Loureiro: un atropello,
pois aínda coa sentencia pro derribo non hai collóns.

De "paisano" o opositor se presentaba,
un aliado tiña el no tribunal,
que por fax e por correo lle informaba
declarándonos que el era un completo intelectual.

E que ben funciona o fax, o correo tamén,
dá gusto contestar a todo sen saber,
pois parece que o carné tenche moito poder: ti non aprobarás se non eres do pepé.

Este ano o Club do Mar anda aboiado
pois non ten onde garda-lo material,
e o alcalde, coma sempre, chuleando de bandallo por Santiago sen conseguir un local.

Na Vieira algún dizía coa empanada:
¡neste día non se pode protestar!
a súa xente disque estaba "acojonada"

por culpa dunhas pancartas que querían desplegar.

Xa é hora de mudar, témolo que vender,
ó alcalde trocar por uns cantos bateis,
pois parece que o sillón xa non lle senta ben,
atáscase ó pensar, segue sen entender.

Atascado no paseo e no Xulgado,
estreñido anda sempre o Manolín;
non consegue para o pobo nin un chavo
e trafica con licencias no Concello de Marín.

¡Ai!, queixáronse os veciños desta Banda,
"Rosa" teñen que perfuma cantidad,
nas fachadas andan ratas pululando;
metéronlle un "polbo" a todos: impotente Sanidad.

E din de urbanizar Castiñeiras tamén,
sen auga e co fedor ímosche estar moi ben,
pois parece que o solar quérenno regalar,
Alonso vai poñer sardiñas a afumar.

Peatonal disque lle chaman a esa zona,
pola rúa ti non podes camiñar,
e se cheiras moi atento e concentrado
quedarás impresionado co fedor de orillamar.

Diseñaron un paseo neste pobo,
que ten vistas "a la sierra" emáis ó mar.
E "anque" as flores xa se foron marchitando,
alguén segue suspirando polo que pode cobrar.

O "Sir Keiro" a atrancar nesa rúa xeral,
o cepo non lle pon a policía local,
pois viaxar non da placer, trasbordos por doquier,
ie o mesmo "roca-bus" para a plaza e para o F.P.!

## O canalillo

¡La perseguí hasta el catre!

Empaquetada en corsés,
o escote vertixinoso,
esa cintura de avispa,
e nalgas de gloria e gosso.

Eche unha moda opresiva,
a de marcar silueta,
se queres dar Do de Peito:
¡libera xa as túas tetas!

Hai domingas de diseño,
pola rúa bamboleando,
nós mirando de reollo,
a tropezóns suspirando.

Se a silicona explosiva
non chas dera posto OX, con
WONDER-BRA non te apures:
¡tera-las tetas de lei!

Arriquichadas e firmes,
xa se mira o canalillo,
estre senos e cosenos,
podes perde-lo sentido.

Tiran moito un par de tetas,
non te deixes embaucar,
métélle a man ata o fondo,
por se leva FAROL-BRA.

Buscabas con frenesí,
un esférico casquete
coa lencería Madonna
requentábache o paquete.

Cos anos décheste conta
das curvas da anatomía
e o teu nabo florecía
entre tanto pichafría.

Se te-lo paquete "BRANDO"
e flácido está o alcrique
merca un COLLON-BRA
de luces tipo Jesulín "Lubrique".

Fíxate en Curro Romero
corridas con precaución
cando "clave-la estocada"
acarícialle os "pitóns".

Haiche mangos de diseño
postizos, prolongación
manguitos de aire pros 'huevos"
mingas de repetición.

E se che dan calabazas
enchúfate ó ordenador,
bota un Kiki virtual*,
¡chinga en "N" dimensións!.

*'Indispensable Disco Duro mínimo 5.000 MG*




## "Sisma" en Bueu

No adro houbo algún follón ,
unha hostia perdida,
provocou a ferida,
unha **muiñeira** con flemón.

Atención xa chegou **Ramón**,
que viña rebotado;
un pobo alborotoado
polo **chulo** de Corcubión.

Ramonciño, Ramonciño, chagaches ti moi lanzado,
Largáronte de Carnota, viñeches escopetado.
E no noso pobo agora, ¿como che vai a movida?:
<Teño un cisma xa montado: **"Villabajo y Villarribá"**>

Disque cesou ó Coadxuctor,
Vilabaixo ¡que **pena**!
e Vilarriba estrena,
que **popular** é o Pastor.

Porque **Xosé** non quixo dar
a cara no seu posto
e non está disposto
polo seu pobo a traballar.

Josesiño, Josesiño, andabas moi animado,
agora chegouche a hora de baixar un pouco o rabo;
pero ti non teñas **pena**, vai haber festa rachada,
pois se ti báila-la **yenka** o Ramón baila á **lambada**.

Eses anónimos traición
detectives de axencia
fotocopian conciencias,
manipulando esa opinión.

E Ramón fixo unha excursión,
Sir Keiro(*) negociaba
e Chabeli fungaba
para pedí-la extradición.

**Cabecillas, cabecillas**, que andades no anonimato,
a ver se dáde-la cara e non criticar barato,
pois vésevo-lo plumeiro cando ides no Sir Keiro
a berrar a Santiago para que se vaia Beiro.

Cambiaches de hora a **procesión** ,
**cristo** garantizado,
o pobo amotinado
e o **Patrón** de cotillón.

Eres polémico Ramón
nas túas Homilías
no púlpito te lías
e fas política **sermón**.

Aproveitaches a Cecilia para botar un bo sermón
ós políticos de Fraga déchesIle-la bendición.
Seica non che gustou nada o nome que o coro tiña
porque o **Johan Carballeira** era para ti unha **espiña**.

** Famosa empresa multinacional de carruaxes de época asentada en Bueu.*

**"CHAMANLLE X" –** 1995. O vestiario era de monaguillo.

## Presentacion

Sae a rua a comparsa Chámallc X
para animaros outra vez o carnaval.
Aqui estamos criticando a todo o mundo
e nos queremos que non lle parezca mal.

Xa van seis anos que cantamos polos bares,
xa van seis anos agantando os chaparrons,
pero este ano xa ternos o que faltaba
nin mais nin menos que o dichoso acordeon.

ESTRIBILLO
Para poder coller mello o tono,
e as gargantas un pouquiño afinar,
gustanos muito beber un bo viño
acompañado con algo para picar.

¡Ai dinos Lino donde andas metido!
sera sera que teslle medo o carnaval,
coa liosa xente non te relacionas
tiras o laño que hai na capital

No axuntamento van marchar todos a "tele"
Lino di que "o que necesita é amor".
Os concellais responden "¿Quen sabe donde?"
e di Monchiño : "¡Non se rian que e peor!".

Municipais "Cancion triste en Hill Street"
"Noites ele gala" pásanse de bar en bar.
cardo a "Luz Roja" se lle encenden no chi ato.
como os de "C.O.P.S." empezarán a traballar.

Para que o alcalde nos quede contento.
nos plenos din que non fai máis que bostezar.
Cliámalle X ternos decidido
Unhas mulatas a Brasil ir a buscar

E cando a D. Manuel lle entre a mosqueira
e a cabeza móvase sen ton ni son.
as tetas da "Garota" brasilcira
para cl serán o mellor almolladón.

ESTRIBILLO.




## Oasis Tropical

Alá xunto da praia teño un nido,
de vez en cando moin florido esta,
con rosas e claveles de colores
e plantas de distinta variedad.

Aquilo parecia o Paraiso,
que ben estaban **EVA** e mais **ADÁN,**
pero unha voz que viña do infmito
dixo: ¡Aquí vos non podedes quedar!

*¡Fu non marcho de aquí sen cobrar!*
*¡Moitos kilos lendes que soltad*
*Pasaremos as noites en vela*
*os días na cancela a vixiar.*

Chegou a maquinaria destructora
e derrubouse o Auxilio Social
Mentras ela decía dende a porta:
¡Aquí non hai collóns a taladrar!

Os picos e as palas se achegaban
e ela de reollo a controlar
con tanto ruido e golpes que estan dando
todas as plantas vanseme mustiar.

*ESTRIBILLO*

Aquela casa toda se movía
e xa se cabreaba "La Maddamme"
Se siguen funcionando os aparatos
a esta columna voume encadear.

E cando rematou aquel ruido
peito pa'diante, mirou o local
¡Gajo na cona! eses condenados
¡Isto paresia a Guerra Mundial!

*ESTRIBILLO*

Saleu para mirar os desperfectos
voltas a aquilo omenzou a dar
¡Vaia buraco arriba me fixeron
cuns plásticos tereino que tapar!

Salvouse a casita da señora
da maquinaria da Consistorial
rodeada pola area da praia
xa parece un oasis tropical
*ESTRIBILLO*

## Disparate Nacional

Este pais necesita un repaso,
por iso agora temos que contar,
as chapuzadas que fan no gobemo
e outras cousas que estan a pasar.

Mentras nos pagamolles os impostos,
eles o que fan solo e derrochar,
coches e casas compran a destajo,
de noite a guarras gratis a anicar.

¡Non *pode ser* ,¡ten que acabar!
a corrupcion *non se pode* aguantar,
eles ah *levan millóns*
*e nos* aquí *quedamos sen* calzóns

Fannos creer que escapou o extranxeiro
ben escondido debenno de ter,
sabia moito ese señor calvo,
dilo Felipe: !Este vaime joderi

Nas revistas saleu medio en pelotas,
moitas orgías montaba a escachar,
e se collia o coche con tres copas,
os verdes non lle facian soplar.

*¿A donde* foi *¿ En donde esta?*
*¿Donde tendel agachado a Roldán?*
*Ese* cabron *ten que* pagar
*e que lle pepe um dentellaso Aznar*

Meteron na carcel a Mario Conde
E De la Rosa tamen foi ala.
rogando o mus e comendo lentejas
pasaronse toda-la navidad.

O Conde sempre anda moi estirado.
coa gomina vai super fardon,
como ali dentro miranlle o cu
debelle entrar de costado un camión

Exa saleu,foi soio *un mes*
*con* cartos saes, *quedas se non tes*
*Unha galiña non* roubar
*por que dez anos* podes ti pringar.

Unha gran boda prepara o monarca.
a aristocracia ten moita ilusión,
os españoles pagamos os gastos
pero nos non **temos invitación**

**Ortega Cano e Rocio** pensaban
¡A boda do ano faremola nosi
Toda "jarbosa" e contenta ela andaba
ata que se adiantaron os Borbons.

A vida feita van a ter
a cara *deles vaino* resolver
*que os contrate un director*
pra facer películas *de terror*

*¡Non pode ser* ¡Ten que *acabar!*
a corrupción *non* se *pode* aguantar
eles ali *levan millons*
*e nos* aquí *quedarnos en* calzons.

**"CHAMANLLE X" –** 1995. (Continuación)

## Os que aconsellan

Xa fai tempo que non traballa
esa fabrica de Massó,
debatindo esta o alcalde
e toda a corporación.

O P.P. quere urbaniza-lo
enchelo de apartamentos,
para asi poder chupar
catro ou cinco elementos.

*Outros querer zoas verdes,*
*frigorificos al por-mayor.*
*Se puseran Puti-Clubs,*
*votarian a favor.*

Portorneñe espabile un pouco,
poria usted mais interes,
non faga como no muelle
non ten cabeza nin pes.

Nin de atraque, nin de descarga
¡Conselleiro, vaia burro!
soio sirve de aparcamento
e as noites molla-lo churro.

*Deronlle a vieira de ouro*
*pra que presunta de galardons.*
*Que bonito quedarla*
*colgarlle un centolo dos collóns.*

Seica ven dende Pontevedra
unha larga tubería
traenos auga do Lerez
Lino a de aquí non quería.

Nos pensamos en que esa historia
do Lerez non e moi seria
o que queren e levarnos
de aquí o noso Tinta-Femia.

Ese *foi o nono alcalde*
*que a todo disolle Si, Si*
*ustedes non se preocupen*
*que o vňno vai todo para ali .*

Mister Cuiña nos prometía
o paseo terminar.
ser falange nin asteleiros
para cando vai quedar.

Hai que ver como aconsellan
a hora das eleccións,
quedase todo en promesas
non chegan as solucións.

*Conselleiros, Conselleiros*
*do r orne non facedes honor*
*soio estades pa chuparnos*
*e cobrar cheques o portador.*

## "Estoupou a Guerra Santa"

*Plegaria:*
*"Juntos como hermanos,*
*miembros de una iglesia,,*
*estamos encornados*
*por José y por Ramón."*

Villarriba e Villabajo
mandan o pobo o carajo.
O D. Xoxé é **o touro**
e D.Ranrón o **Espartaco**

Lios de faldas, hai polo medio,
alguns sabidos e outros menos.
Un detective hai contratado,
para "fosar" no seu pasado.

O mais pequeno ,leva veneno.
O forasteiro picou primeiro.
Mira que lio, teñen montado,
no estar tranquilos no arzobispado.

O cantante, exiliado
levou a xente o Balado,
vaia homenaxe que lle fixeron
xa parecia un diputado.

O D.Mamón o espabilado
leva a familia pa todos lados,
e se acomodan. non hai Dios que os quite
son como unha comuna "hippye"

"Finstro" de curas, que caraduras,
o que predican non o practican.
Esta o clero moi guerrilleiro,
despreocupado paja o obispado

Foi domingo. con pan e viño
daban as ostias no camlño.
alí no adro, do altercado
algun saleu todo morado.

¡¡Vaia fume ;;Fumeirasso!!
votaba a xente pedindo paso.
¡¡Que halla paz!! decia o cura.
pero el tamen larjaba o braso.

Unha acercouse, toda "Machote"
e chupou catro ostias de rebote
Habia *mulleres, m*oi exaltadas,
un pouco mais e quedan en bragas.

O altercado foi moi sonado
e veu a "tele" o mercado.
e preguntaban: ¿Con quen estan?
Eu nin con San nin con Perican.

Hai dous bandos. ¡A quen se lle corte!
uns son da praia eutros do monte
**RAMONCEROS e JOSESISTAS**
son coma Fachas e Comunistas.

O mais pequeno, leva veneno.
O forasteiro picou primeiro
Mira que lio, *teñen montado,*
non estan tranquilos no arzobispado.

O Don Ramón e o moderno
O Don Xosé e o anticuado
o que está claro
que nin un nin outro
nunca por Bueu daran o callo. BIS, BIS.

## O meneito

Este ano a movida non esta en Madrid,
tampouco en Baecelona, nin Roma, nin
/ Paris,
nos temos uns "chavales" que montan uns festons
que fan temblar o pueblo dende Cela a
/ Rebentons.
anuncian o guateque, han MOIOTA
/ expectación
e cardo chega o dia van con gran ilusión
O Fazanes se achegan con roupa de
/estrenar.
e un cheiro a colonia que o notan en
/Gibraltar.

*C omenzan a bailar,*
*e subelle a tensión,*
*os cus a menear*
*todos o mermo son.*

Mira pra un lado, mira pra outro,
algun sempre controlando está,
e cando queda, algunha libre,
prepara toda a artilleria pra atacar.

¿Baila conmigo?, non teña medo
moioto mateo non vou a dar,
eu levo un ritmo moi tranquilote,
dixo Bastida que non me podo alterar.

Un acercouse o baño. para a boca enjuagar
deixou a dentadura, nun baso a refrescar,
olvidouse poñela e saleu o comedor,
cando o home abreu a boca parecia un
/colador
Hai quen de vez en cardo, van xunto o
/ surtidor.
e pejalle un "trallaso" de viño ou de licor,
despois de catro ou cinco, veces de
/repostar
van corta unha centella o bater a carburar.

*No mes da Navidad.*
*fan festas cantidad,*
*non hai preocupación,*
foi *doble a pensión.*
En canto chega un vello con cartos.
o lado moitas varase pegar,
e se lle pide bailar a "peza.
ele antes pidelle a cartilla pra mirar.

Tampouco falta o espabilado.
que van silbando polo salón,
e cando mira agun cú a tiro.
manda un pellizco e garda a man no
/pantalon.
Enipezan os boleros,algún moi calentón
pejado contra ele coma un mexilón
mirando pa petrina, que sorpresa levou
¡Mi madriña do Carme! ;A **golondrina**
espabilou!

Bailanche a Lambada con moita perfección.
os tangos. as mmuiñeiras e ata o charlestón
botes o que lles botes eles vanno bailar.
e se semen fatiga. pastilla . e volta a
/empezar.

*O baile rematou.*
*xa non queda ninguen,*
*todos a descansar,*
*para baile que ben.*
En duas mil millas a redonda.
non se mirou unha festa igual,
teñen outro plan preparado, BIS
para sair cun disfraz neste carnaval.

“**AS EXPULSADAS**” – 1995.

## Presentación

Agora que chega o antroido a Bueu
oian señores,saian da casa
veñan a oír cantar as comparsas
e como non as EXPULSADAS.
E deixe as comparsas pasar,
cos seus traxes e acordeóns;
e veña miralas cantar,
coas guitarras, as cancións.
Criticaremos o pobo, a xente e o cura
e ata algún ladrón
e o estandarte da praia
que temos novo coma un parador
un monumento
cheo de flores
pasen e miren de todo señores
(Bis) *porque a xefa non deixa tíralo*
*e métellle prantas para remedialo*
Nombraremos a Don Freire Lino
un bo trampón de estilo fino
di que sí, di que non, e non se aclara
e non arranxa o da cetárea
E miren as embarcacións
alí no muelle medio olvidadas
nos ollos debe ter tampóns
despois non sirven nin regaladas
Falaremos de Pujol, Anguita
e sen deixar o xuiz Garzón
cántaremoslle unha copla
os xubilados sen parella e rexuntados
mira que mozos
xa fan esforzos
gardan a liña e non toman o almorzo
*porque ligar é o que queren todos*
*non sea o conto de que queden soios (Bis)*

## Unha de xubilados

*Mirade agora pros xubilados*
*con tanta marchite van de carallo*
*a máis de un téñeno jodido*
*quitándolle cortos do seu bolsillo*
Neste pobo van de marcha xubilados
con parexa ser parexa e rexuntados
a os bailes de Fazanes moi contentos
e despois ó pavillón a rematalos
Incansables pola noite e polo día,
buscando agora movemento e compañía
eles dicen o parchis e subastado
e quentando ben o cú polo Valado.
ESTRIBILLO
Asexemos como fan encollimentos
e que ben o pasan nos relaxamentos
así parecen robots cronometrados
así andan de salidos os carallos
Polas noites da gustiño observalos
camiñar polo "paseo encantado"
pasan frío e calor o mesmo tempo
xuntando corpos quentando os furamentos.
ESTRIBILLO
Agora as vellas con potingues e farrapos
van o sudorio, o magreo e maratón
así chegan todas elas erniadiñas
que non poden nin coller un cucharón.
Na casa da cultura fan concertos
teñen curres e bos falamentos
¡que carallo! non se pode andar con eles
que agora de vellos xa son gaiteiros.
ESTRIBILLO

## Moncho e os sapoconchos

(imos dialogar)
A min chamarme Ramón
son un cura moi rockeiro
porque sobrame salero
e doume de resultón.
O negocio inmobiliario
dáseme que é un montón
de fincas e monetarios
entendo un mogollón.
*Os de ali abaixo*
*queren que lisque*
*non hei morrere*
*ser confesar.*
Deixádeme os cartiños
que os manexo moi ben
dende que cheguei a Bueu
paso de ser mariñeiro
Dinme que con sete curas
poño en marcha unha misa
e ser sudar a camisa
aganto se o choio dura.
ESTRIBILLO
Como son gran prepotente
collín a lei polo mar
despachei a don Xosé
disque andaba de don Juan.
Que tera ese peniña
que depende das xirolas
que despois de trinta anos
tantas admiradoras.
ESTRIBILLO
E na pelea da igrexa
o avogado defensor
eran o sobriño do cura
menudas hostias mandou.
A pobre de Isabeliña
ser comelo nin bebelo
quedou sen colar de perlas
a ver quén vai pagar
ESTRIBILLO




## Culebrón español

Como está este país
ten feridas por todos lados
téñeno encollidiño
¡Ai carallo, en mal estado
Non hai solución, non hai solución.
Vainos a dar un infarto
entre a tele e a radio
sen olvidar os xornais
non da o tempo para tanto
¡Ai que follón, follón, follón!
Quitáronlle toda audiencia
os culebróns mexicanos
por culpa dos gal-ipollas
banqueiros, e sindicatos
¡Ai Felipón,chupóns, chupóns.!
Vera acusa de abusón
o xuíz Baltasar Garzón
pobriño do secretario
ten o futuro arreglado
con mil millóns, con mil millóns.
Garzón, quéreos coller
dificil vanllo a poñer
pero el teno moi claro
vados atar polo rabo.
Por corrupción, polos collóns
Os banqueiros na cadea
os financeiros tamén
están os dos sindicatos
os funcionarios tamén
por ambición, lambóns, lambóns.
Pujol con cara de porco
fai de Felipe un pandeiro
estannos jodendo a todos
apoiando os trapalleiros
cullóns,cullóns ós de Pujol.
Os dos PEPE non se atreven,
os Anguitas están ben
non teñen tanto cemento
para tapar o furamento
que oposición, cagóns,cagóns.
Chuparon de todas tetas
teñen todo no extranxeiro
Miraremos como acaba
o final desta xornada
o culebrón, o culebrón
o culebrón , o culebrón

## Veneno

As ruinas da falanxe
xa viñeron demolelas
opusose un veciño
disque flores vende nela.

Que non vende que non vende
xa o sabía toda a xente
acarrexóu todos tarros
da casa que ten en frente
Pide para sair
e deixar os galpóns
que deaxurrichen
sobre sete millóns
sobre sete millóns
no esta mal, no esta mal
porque non un solar
no parque industrial.
MÚSICA (candelaria)
Que pasa con esas traiñeiras
están tiradas na rua
por culpa do noso alcalde
que ten a cara moi dura
Fixeron un pantalán
ó longo dun malecón
e Cuiña dixo "parece"
a mita dun pantalón
Rua Montero Ríos
parecerás Marbella
cando tiren cubertos
e a capela bella
esa capela bella
pregunta moita xente
vendeuna picha fría
comprouna picha quente

**"PEÑA OS MIRACHILIS" –** 1995. Inician este ano a súa andaina un grupo de amigos que ata o 2000 serán asiduos do Entroido buenense.

## A Gran Presentación

SOMOS OS MIRACHILES
ESTAMOS AQUI *NESTE CARNAVAL*
PARA PODER CRITICAR
TODAS AS COUSAS, QUE ANDAN MAL.

AA UU., . AAUUHH .

*NO MUELLE NOVO MOITA*
PRESENTACION
*FRAGA LINO NA INAUGURACIÓN .*
MOITA XENTE, MOITA - PELOTILLADA
E OS SETE DIAS *NON* VALEU PRA NADA

AAUUHH, AAUUHH.

HAI CARALLO COMO ESTAMOS
HAI CARALLO, COMO IMOS
NESTE P0B, NON SE FAI NADA
PERO CARALLO QUE VEN VVIMOS

AAUUHH, AAUUHH

OS DO AXUNTAMENTO SON PROFESIONAIS
E FAN AS COUSAS, COMO ANIMAIS
LEANTAN AS ACEIRAS, SEN PENSAR
E LOGO DEIXANAS, SEN ARRANXAR
AA UUHH AAUUHH.

DOS- NICIPAIS,MELLOR NON FALAMOS
ESTAN TODO 0 DÍA RASCANDO 0 C ARALLO
NON TEÑEN QUE FACER
QUE NO PATROL BUEU RECORRER.

(ESTRIBILLO )

NA IGRESA HOUBO UNHA REBOLTA
INSULTOS E FERRADAS QUE VERGONZA
TODOS COMO TOLOS .A BERRAR
*PORQUE 0 CAPELLAN* SI *QUIXO BOTAR*

*AAUUHH, AAUUHH.*

XA NOS VAMOS XA NOS IMOS
ESTA CANCIÓN VAI REMATAR
QUE O FIN E O CABO É CARNAVAL
PARA PODER CRITICAR
ESTRIBILLO

## Cleptomanía

Temos un grave problema, que alguns o definen como corrupción
Todos meten enSuiza, hasta os mais honrados como ese Garzón
Pero que chanchullos, temos que aturar
O do pelotazo, non vai terminar
Mira para "Conde" que era tan honesto
Jodeu o "Banesto" e foi conocer.
"Alcalá Meco" por unha tempada,
que xa estáolvidada
gracias o poder.
Estribillo
Si un fulaniño chama a tua porta, con pouquiño pelo
Chamado Roldán
Rompelle a tesata que a nadie lle importa,
Dalle o mesmo trato, que lle das a un can,
E dalle hasta non poder máis
Que non che de pena, non vaias parar,
E dalle e volvelle a dar
Que de algunha forma, teno que pagar.
Temos outros señoritos, que ainda son ricos,
Son da corrupción.
No Gal está Rafa Vera
E no outro bando
Baltasar Garzón
Pero que problemas
Teñen eses dous
Andan todolos días
Buscando follón.
Ese que foi secretario de Estado
Que agora o acusan, de estar no follón
E as vacación que pasou no caribe
Cos cartos do Estado, Baltasar Garzón
Estribillo
Ainda non hai moito tempo,
Azanar e Felipe nunha reunión,
Era para por no seu sitio
As cousas da crisis
Que vive a nación
Pero que jaleo montaron, alí
Es usted un cretino
Cretino eres ti.
E así se pasaron o resto da tarde
A base de insultos, sin explicación
Sin
Que o fin e o cabo. A iso e o que veñan
Deixando o problema, que ten a nación
Estribillo.

## Suelito Lindo

Temos un gran problema,
Suelito lindo,
No noso pobo
Anda senté revolta
Suelito lindo
Co cura novo
Empezou o conflicto,
Suelito lindo
Este verán
Quería votar fora,
Suelito lindo,
O capellán.
Ai,ai,ai,ai,ia, que mal estamos
Que hasta nos doi a garganta,
Suelito lindo, cando cantamos.
Polo mes de decembro, suelito lindo
Suelito lindo,
Sobre o nadal
Tamén houbo conflicto
Suelito lindo
Por un local
Era a falange vella
Suelito lindo
Para derribar
Pero a floristería
Suelito lindo
Ten que quedar.
Estribillo
Con este gran proxeito
Suelito lindo
Sobre as lagoas
Póñense como fieras
Suelitolindo
Hasta as máis boas.
A que máis se resiste
Suelito lindo
E a pastelera
Queren poñer no sitio
Suelito lindo
A carretera
Estribillo
Xa temos máis saude,su

## Vila Arriba, Vila Abaixo

Noso pobo está dividido
Vilarriva,vilabaixo
Meteronse nun lío
O cura vello ya se marchou
E ainda por riba, chove no pabellón.
O Freire Lino non acetou
El non quiso arriar uns millóns
Isto é unha merda
Quen os chupou
La larala lala la larala yeyeye
O noso pobo está dividido
Vilarriba,vila abaixo
Bue está podrido
Peor para nos é divertido
Porque estamos aquí
Facendo o indio
No instituto laguen pintou
Unah dedicatoria para riazor
Lalaralalalalalala lalaralala yeyeye
Temos en bue un fermoso paseo
Pero dixeron
Aserra no mediio
Os mirachiles marchámomnos xa
Porque nos vamos
Todos a guichar.

## Campo Tercer Mundista

Pedimos os do axuntamento
Que nos visiten un día
Para explicarlles as cousas
Que lle decimos todo-los días.
Fai tempo un temporal
derribou unha parede
parecen estar esperando
a que caia todo o cierre
Estribillo
O noso clube, o noso clube
Está canso de pedir
Non lle fan caso
No lle fan caso
E así vamos seguir
A herba xa non se mmira
Dentro do campo de futbol
Como casi sempre chove
Está todo anegadiño
Vamos poñer o meniño
Facer barcos de papel
Para que sogueen nos regatos
E non se mollen os pes.
Estribillo
Deberían xubilar,
Todos estos vestuarios
Si hay sorte hay auga fría
Sin duchar, os outros días
Si chove os aficinados
Mollánse os pirindeles
Pois os teitos destas gradas
Semellan queixos de gruyere
Estribillo
Non eé a primeira vez
Que se niegan a arbitrar
Porque están en mal estado
As instalacións do campo
Non temos local social,
Oxidáronse os trofeos,
Sacaríamoslle brillo
Se houber onde poñelos
Estribillo



**"LA PANDA GUAI"** - 1995. Aínda que quizais non sexa a primeira vez que saia unha comparsa de nen@s sí é a primeira vez que a temos documentada. Promovida e dirixida por Sofía Ave que tamén é a autora das letriñas:

## La Panda Guai

Somos una panda
una pandilla
que estamos aquí
para reir
puedes escucharnos
si te apetece
y tomarte un chupito
con tus amiguetes.

*VEN VEN VEN*
*VEN HASTA NOSOTROS*
*YA QUE QUE*
*SOMOS MUY MARCHOSOS*
*ESCU-CHA-CHA*
*ESCUCHANOS ATENTO*
*Y T0-T0-To*
*TODOS REIREMOS.*

Queremos criticar
lo criticable.
Pero no envidiar
lo envidiable
somos todos sanos
y muy humanos
no te vayas pronto
que hay muy buen royo.

*ESTRIBILLO*

## La Floristeria

Había una **floristería**
**ría, ria, ria,** ra.
Vende rosas sin color
también jazmín sin olor.

Los cactus no tienen pinchos,
los rosales sin espinas
perales por limoneros.
Naranjas por mandarinas.

*SI, SI SEÑOR.*
*SI, SI SEÑOR*
*ME PASO LAS HORAS ENTERAS*
*RESPIRANDO EL MAL OLOR.*

Ahora querrán cambiar
los tiestos por pesetones
casa por nueve millones.
Vaya ¡que par de limones!

Por fuera tenía rosales
también vides a raudales.
Arbustos, pitas, silveiras
y además alguna hiedra.

*SI, SI SEÑOR*
*SI, SI SEÑOR*
*ME PASO LAS HORAS ENTERA*
*S RESPIRANDO EL MAL OLOR.*

Si fuera mía cambiaba
casa por vistas al mar.
Así podría en la playa
mi chalana atracar.

Pero al paso que eso va.
Hará muy buena pareja
con antiguo caserón
llamado "capilla vieja".

## El instituto

El instituto de Bueu
prestigio de esta ciudad
se va quedando pequeño
por no haber capacidad. Tolón
Tolón.

Deberían ampliarlo
unas cuantas aulas más
maestros hay en el paro
que desean trabajar. Tolón
Tolón.

Que es lo que quieren hacer
donde nos van a meter
en el porche, en el pasillo
o tal vez en el W. C. Tolón
Tolón.

Allí cambiaron Bedel
como en el bater papel
que le quiten el que hay
y que manden al bonsai. Tolón
Tolón.

Dónde estarán esas llaves?
que no aparecieron más
sin laboratorio están
para poder practicar. Tolón
Tolón.

Esperemos que mejore
para poder estudiar
y tener un mejor futuro
para poder trabajar. Tolón
Tolón.

## Hay Sr. Cura por dios

Hay muchos que piden firmas
para entrar en Vaticano
si te niegas a firmar
es que ya eres un profano.

El clero tiene problemas
vamos todos a arreglarlos
¡Venid todos los colegas!
para solucionarlos.

*HAY SEÑOR, HAY SEÑOR,*
*HAY SEÑOR CURA, POR DIOS*
*NO ME MANDE DE ESTE PUEBLO*
*SIN DARME LA BENDICION.*

Tu mi mejor vecino
ya no eres mi hermano
pues llegó hasta mi oído
que tu eres de otro bando.

El santo de todos los santos
que venga a echarnos una
mano
a ver si todos juntitos
nos llevamos como hermanos.

*ESTRIBILLO.*

Esto parece el gobierno
¡Ay que pueblo más revuelto!
volverá el nuevo invierno
y estaremos con el cuento.

Habrá que llamar a Garzón
y nombrar un par de abogados
para buscar la solución
buena para los dos lados.

*ESTRIBILLO*

## Fantasias

Llegando la primavera
un gran pueblo nos harán
para que todos cuidemos
y poderlo disfrutar.

Las calles estarán limpias
barrenderos ya no habrá
limpiarán toda la orilla
para podernos bañar.

*EN ESTE PUEBLO*

*EN ESTE PUEBLO*
*UN GRAN PUERTO NOS HARÁN*
*PORQUE DINERO*
*PORQUE DINERO*
*YA TENDREMOS "PA" GASTAR.*

Un gran tubo nos metieron
en esta Villa de Bueu
que trajeron desde Lérez
para los trapos lavar.

Agua a mogollón tendremos
para podernos duchar.
Así todos oleremos
como exquisito manjar.

Los botes del Club de Mar
no tienen donde dormir
una nueva casa harán
para poderlos guardar.

En el nuevo Pabellón
no se puede ni entrar
haremos otro más grande
para todos disfrutar.

*ESTRIBILLO*

Este parque ya parece
el recinto de Castrelos
Camelias nos plantaron
para el pueblo adornar.

Como hay muchos edificios
nos pondrán funicular
para poder contemplar
toda la gran maravilla.
*ESTRIBILLO*



**"CHÁMANOS BABYS"** - 1995.

## *Os cutres de Bueu*

Neste pobo hai tanto cutre
que xa non dan mais
pidelles pa unha rifa
. e non che han de dar

ESTRIBILLO

*¡Se me pides vinte pesos*
*unha piña as de levar!*

Dame un donativo
pra conprar duas letrillas
non che dan ni un peso
pra comprar duas letrinas

ESTRIBILLO

Cando fora de San Martiño
non daban ni un pesiño
e despois xa decían:
¡Non me gusta esta festiña!

ESTRIBILLO

Pero mami dame un duro
para comprar ese parrulo
Non che dou ni un duro
pois non me gusta ese parrulo

ESTRIBILLO bis

## *Criticas do pobo*

Cando chegou Don Ramón,
chegou a revolución.
Comenzaron as peleas
con piñas e patadons

ESTRIBILLO

*Ande,ande,ande, ai Freire Lino*
*ande,ande,ande, é un papansiño*

Os que practican o remo
non poden facer nada
porque temos un alcalde
que non sirve para nada

ESTRIBILLO

Pa erguelo pavillón
tardaron mais de dous anos
e agora que xa esta erguido
vamos todos a mollarnos.

ESTRIBILLO

Os da fabrica Massó
sempren quedan a deber
as mulleres a traballar
e eles a rascalos pes

ESTRIBILLO

Cando chegou Don Ramón
O meu pobo divideuse
Villa-arriba, Villa-abajo
e todos a meterse

ESTRIBILLO bis




## *Os políticos de Bueu*

Os políticos de Bueu- eu
sempre saben ben falar- ar
e a hora de dala cara- ara
solo saben baballar

ESTRIBILLO
Carrascas, carrascas, Freire Lino
que ben mandas
Carrascas, carrascas, co que fas
xa non apandas

Neste pobo de Bueu- eu
facemola pelotilla- illa
para seremos mellores- ores
parecemos rebirillas.

ESTRIBILLO

Gobernemos, gobernemos- emos
apandemos, apandemos—emos
todolo que facemos- emos
e polo ben do pobo

ESTRIBILLO

E todolos gobernantes- antes
chupan sempre do noso oso
que se temos uns direitos- eitos
que se non che temos outros

ESTRIBILLO

Cando fora dos bateles- eles
puxeramos carteles- eles
e todolos munipas- ipas
andaban detras deles.

ESTRIBILLO

OLE.

**"OS MULOS"** - 1996.

## Marioneta no concello

Ai, que gran sacrificio o vir de Madrid
por tratarse de Bueu
Ela veu pra aquí
a emplearse como edil.

Esixeu meter mais personal
a dedo fixos entrar
o carnet tiñan que presentar
do PSOE e nada mais.

A Dona haI que domar
senon mal imos a estar.

Ai, que lío tuveron na Consistorial
Hosteleiros e Concello
quen fa pagar esa Festa da Vieira.

A toxina foinos a salvar
e ese lío arranchar
o negocio que ia montar
de refrescos a Madame.

A perda foi fatal
pra éste Porto de Mar.

Ai, coa Dama do Ferro que ven amos estar
e os cepos os amigos
que estaban no bar
o guarda mandou quitar.

Os atrasos queremos cobrar
pra as chilavas pagar
ó Sahara tamén vamos ir
con outros a pasear.

Tomaremos té ali
todos sentados no chan.

Ai, cantos amiguiños do Sahara aquí
e despois de vinte anos tirados alí
en Poder dos Marroquís.

A pescar queremos ir.

## A nosa Xuntiña

Este Pobo marxinado
que nos tratan como escravos
xa non e cousa de agora
pois isto xa nos ven heredado.

E vainos chegando a hora
pra que nos vaiamos
despertando.

A nosa Xuntiña
vainos engañando
con tantas promesas
que non dan chegado.

Nos vamos pagando
éles engordando
esas autoestradas
estamos esperando.

Os mariñeiros ó paro
por culpa deses chupóns
que solo van a Bruselas
a baixar os pantalóns.

Manoliño mandou vir a Bonino
pra mirar como isto arreglaba
con marisco e un bo albariño
e a pesca quedou como estaba.

Don Manuel quéreche xente
que o vaian a alabar
como na Praza de Oriente
facian co Xeneral.

Pero non lle gusta nada
si ovos tíranlle a cara
el aquilo no esperaba
dos que pescan no Sahara.

E teñen razón
os do mexilón
irlle a protestar
a ése Capón
Agora di el
que pidan perdón
por que aquí non
quere homes con collóns.

Vaia dictador
ese Zapatóns
que hai que aguantar
e protestar non.

## Un novo amor

Despois de unha ducia de anos
Freire Lino caducou
agora sigue calado
de lider da Oposición.

Ese pacto que fixeron
xa parece unha galiña
a que manda e a dos pendientes
de criado fai Noviñas.
Pois xa estamos algo cansos
de mirar fotografías.

Ai Don Manuel
perdeches as eleccións
por non listar
a éses dous pesos pesados
Correos e mais Ramón.

E por levar
o famoso Don Habanos
que ten fama de jodón.

Xa cumpliron nove meses
da nova Corporación
como non pairan agora
pode haber unha explosión.

No reparto de poderes
por baixar os pantalóns
de Concellal da basura
puxeron o Cimarrón.
Menos mal que tamen manda en
facer algún galpón.

Alá no vran
quixeron foder o Xoan
por non tapar
un burato de toupeira
que habia no manantial.

E outros din
que o que tiña era un Casqueiro
atrancado no canal.

## Elecccions

Estamos en plena festa electoral
o PP xa está dicindo que vai gañar
o PSOE esa bicoca non quer deixar
e buscaron a Felipe pra reganchar.
Que cara teñen
eses lambóns
pois non saben éles
que estamos cheos hasta os collóns.
Non lles importa
que o delincuente dese Barrionuevo
que vai no sitio do xuiz Garzón.
O Bonsai de Pujol
a espectativa está
porque veña quen veña
el vai chupar.
O bigote Charlot
a ése GAL vai tapar
despois de tantos anos a predicar.
Decia Guerra nun mitin que un día deu
aEspaña xa noa conoce quena pareu
aquela lengua de trapo tiña razón
o único que nos deixan e corrupción.
Hai en Sevilla
rapaces novos
xuices e curas
como clavaban naqueles Moros.
Os de Canarias
ten de cuidado
a ver si a cambio os de Hassan
vos dan polo ano.
No mitin de Madrid
Manoliño Chorou
Botou de falta a gaita e o garrafón.
Pra subir a moral
dese homiño bo
non chegan catro kilos de Tauritón.

## Mulada

Estamos de novo OS MULOS
como sempre en Carnaval
a saludar a vostedes
e tamén acriticar.
Xa nos daban caducados
xente que pensaba mal
non saben eles que OS MULOS
somos libres para opinar
*ESTRIBILLO*
*Autoridades espabilar*
*si non esa Lonxa Nova*
*pra outro lado vai marchar.*
Nós *con paseos*
*imos vivir*
*as empresas e os barcos*
*que se vaian para Marín.*
O personal do Concello
non fai mais que protestar
desde que chegou a Tacher
puxos a todos a andar.
Florencio non manda nada
Tamén ten que traballar
acostumbrado que estaba
os ovos ir a rascar.
*ESTRIBILLO*
*As xuventudes do Popular*
*pensaban que o seis de Enero*
*era día de Carnaval.*
*Teñen o* Nacho
*agora a falar*
*pro aire naqueles Plenos*
*nadie o quere escoitar*
Ten cuidado Xoxesiño
cos que andan por detrás
eles nunca dan acara
no Barrio queren mandar.
Un sempre clavou mui fino
Do xudeo nin falar
pero cando se arma o lío
ti a eles nos verás.
*ESTRIBILLLO*
*Eses dos tubos*
*que acaben xa*
*sinón por Montero Rios*
*non se pode nin pasar.*
*E Toda a merda*
*van bombear*
*pero como veña dura*
*aquí pódese atrancar.*



**"OS PENEQUES"** - 1996.

## Antroido Municipal

Naquel Pleno fundáronse as **Novas** Escolas de calor para quentar ás novas Xeneracións (follas novas e leña verde: todo é fume). «Hace falta calor...»
Xosé o **maquinista** da xeral, pedía máis madeira pero o da serra non se daba por aludido e seguía coa cantinela: «Na beira, na beira, na beira do mar hai unha barquiña...»
Manoliño, preocupado, chamou ó Carpinterio de Asnar para que lle
clavase o sillón ó chan:
-Bótame un pouco de cola que xa me quedo aquí pegado antes de que cheguen.
-Isto non pega nini con cola, isto o que vai traer é cola. -Por certo, tráeme unha coca-cola, e que sea light.
-Isto é a revolución, ¡que veñen os "cumunistas"
-Eu diría que máis ben parecen "Los Hermanos Marx". «Resistiré... »
**Smoke Puritos,** o gran maestro da dialéctica, seguía sen romper co tabaco, e ataviado cun chaleco de Pierre Cardain, facía rosquillas de fume pensando que lle quedaban catro largos anos e moitos Habanos por consumir, mentras tarareaba aquela canción famosa: «Fumando espero al PePe que más quiero, tras los cristales de las consistoriales, y mientras fumo el escaño consumo y a todos los afumo...»
Xosé **Ramón** deixa o Progreso e armado de pico e pala empeza a derriba-los monolitos. «¡Ramón 1,...»
A **pebeta** entroulle morriña do poleiro e púxose a cantar un tango de Gardel; mentras en Buenos Aires largábanse un atracón de tarta de Lagoa gueimada. «Mi Buenos Aires querido, cuando yo te vuelva a ver no habrá más pena ni olvido».
**A ex-cultura** non pudo cabalgar coa Reis Magos mentras o paxe Mosteiro facía un acoso cultural bloqueando aquela iniciativa folclórica das Novas Xeneracións. (Os Reis Magos deixáronlle un par de carbóns a cada un).«La muñeca más famosa sedirige al portal para hacer llegar a Pepe su cariño y su amistad,y Xosé en el **pesoebre** sonríe porque está alegre; Cabalgata deamor, prohibición jubilosa, es el mensaje feliz de la muñeca famosa... »
A **Floreano** acabóuselle aquel tempo de disfrute naquel sillón a la diestra de Lino todopoderoso, e mentras baixaba ó purgatorio
daba unha roda de prensa para Galivisión manifestando que iba a rodar en Agrelo a película de **piratas** titulada: La Isla del Tesoro. «Floreano, Floreano, ¿para donde vas tan serio?. Vou facer unha movida alá na praia de Agrelo. -Y en asunto de tesoros, ¿como te trata la vida?. -Me defiendo, me defiendo como gato panza arriba...»
Manolo o **Camarón** organizou un marathón de gimnasia rítmica nos Plenos para poñer en forma aquelas almas de touciño.
«Menéalo un poquito, menéalo suavecito...»
La soprano **Bella Aurora** cantaba en rigurosa **exclusiva** a Rigoletto, mentras Giuseppe a estaba poñendo Verdi: «La Donna é mobile qual piuma al vento, La Donna é mobile con **pagamento...»**
Un **excelso** concellal (por sus obras lo conocereis intentaba darlle caza a aquel astuto **cuervo** pero atragantóuselle a **mirinda** e tiveron que levalo a urxencias; máis tarde puxéronlle unha lavativa para que obrara; xa sabes aquilo que dicía o refrán: obras son amores y no buenas razones. «Mamá non quero, mamá non quero, non quero outra lavativa, porque a mirinda cando está fría...»
Félix **Waterman** non se explicaba como coño se lle colara unha touPPeira nas tuberías, pois aquilo xa parecía un Water-Gate; agora vai a clases particulares de Física de Fluidos porque non quere que lle canten aquilo de «onde están as chaves materile rile rile... »
No Concello, cando aínda estaban desclavando a Manoliño, milagrosamente o **reloxio** empezou a dar unhas badaladas mentras aquél repetía sincesar: Rosalía Follas Novas, Castelao vaia pau.
«Al partir... »
«Adios con el corazón...»

## ¡Barato, barato!

**(sobre todo a viaxe)**

**Paisa, Novas, Cónsul,**
yupi pa **Alí,** yupi pa **Alá;**
disque "ó moro baixará",
¿que carallo fixo alá?.
Marcha nosa guita
**pagha** pa Alí, **pagha** pa Alá;
disque o pobo paghará
o billete ó **Sahara.**
Senta aquí, Novas paisa,
¡"mira que **fombra"l,** mírala BIS
Se tí queres comprar,
**¡Mohammed** sinco mill.
ESTRIBILLO
Pepe **News,** Cónsul,
happy pa Alí, happy pa Alá;
sentado no Sahara
de **fakir** foi por alá. BIS
**Guana, Novas,** Cónsul,
yupi pa ela, yupi pa el;
por alí o **Marahá**
**e a sultana** por acá.
Foi de **padriño a Moustaphá**
e "no deserto a predicar":
que la **flotilla** quiere más,
moito máis "polbo de **massar".**
Se tí queres pescar,
¡"dalle polo a **Hassánl".**
ESTRIBILLO

Paisa, Novas Cónsul,
¡mira que **harén, Ayatolahl**
foi no mes do **Ramadán**
**e "AAIUN-ou con bio-maná".**
Fóisenos de gorra,
¡chilaba ven!, ¡chilaba vail.
**Emir** farto de **kus-kus,**
¡Polisario **"Has-ir O-mar"**!
¡Mira que **dunas**!, ¡miralas!,
quítalle o velo ("fai escoba") e
¡tracatrá! BIS
Se tí queres **largar**
¡o cú tes que mollar"!
ESTRIBILLO

**"OS PENEQUES"** - 1996. (Continuación)

## *Lo que necesitas es calor*

¡Señores,... que historia
a que aconteceu en **Bueu!:**
Toda **España** emocionada
porque o home da **Pepa**
pro mar nos marchaba;
i ela, que sola quedaba,
foi xunto a **Jesús**
pra que a consolara.

-¡Vai ser no medio da Ría
onde " **fagárno-lo acto!". -**
¡Ponte cara a sotavento
que o **amor** ven polo vento
desde Ons hasta a **Lanzada;**
co vaivén e o balance
botaremos un bo **lance**
pois temos boa **carnada!.**

**Pepita,... ¡que " juapa"!,**
iba toda **"arrejlada";**
era a "Raíña da Illa"
que levou máis xente
que a Infanta en Sevilla;
i un mar de **corales**
Pepita soñaba
con ritmos **Marciales.**

O home, que non se enteraba,
cando entrou **Jesús** na tasca*:
-¡¿Quen é ese que me chama
con esa **calva** soleada?!;
¡vai levar unha mascada!.
Dime que hai unha **sirea**
alá no medio das bateas
coa **ameixa** preparada.

E cando... chegou,...
¡case cae do sofocón!.
Pepita, que o achuchaba,
un **magreo** lle daba
que case o asfixiaba.
O **percebe** no apogeo,
no **puente** un meneo;
e o **Calvo flipaba.**

E así foi como esta historia
tiña a todos **excitados**
que nin o **culebrón** das tres
suscitou tanto interés
na audiencia televisiva:
Pa que Bueu teña solera
nin o mexilón nin a vieira
**"¡calor no medio da Ría!".**

LO QUE NECESITAS ES CALOR...
All you need is love...
She Loves you, yeh yeh yeh...

* Onde Marcial, alá en Portonovo, intentaba convencer ó porco cunhas copiñas de caña pE que entrara n**Alancha** (Sánches Vicario).

## *Viva O rato, Mytilus nun saco...*

**Saquelus e "mytilus"**
(e volta a empezar)

Unha **esterqueira** a nosa **Ría:**
verquidos e auga residual,
para o **marisco** porquería
¡e os furtivos van igual!.

Xa non **depuran** as ameixas
de fora ou dentro ¡da igual!;
e co carallo da **toxina**
ata os fondóns cagados van.

A **contaminación,** on, on, on
asfixia ó **mexilón** on, on,
on ¡a contaminación nos chega hasta os collónsl.

"Hai que barrer primeiro a casa"
antes de ir a protestar,
porque **debaixo das bateas**
moito cascallo hai que **limpar.**

E foron a **San Caetano,**
"tremía a **verja** mogollón",
que lle queren dar polo ano
ó noso rico mexilón.

Máis investigación, on, on, on
e menos infección, on,on, on
¡Máis investigación que salve o mexilón!.

¡Que lotería esa do **rato!**
hai doce horas pa acertar,
abren a Ría por un día
e no outro tes que **reparcar**

Deixarvos de "pasa-lo rato"
entre os de **Pesca e Sanidad,**
pois o molusco importado
dá **cagarrías** cantidad.

Queremos mexilón, on, on, on
e non de **importación,**on, on, on
¡Queremos mexilón do da illa de Ons.

**Villar:** molla os collóns, ons , ons, ons
e dalle solucións, ons, ons, ons
¡Villar: molla os **collóns** e dalle solucións!.

## *Follas novas*

O noso pobo non é como antes:
nos bloquearon ese
muermo popular;
os sociolistos, ¡vaia feirantes!
pois a alcaldesa sí que supo negociar.

"Cambiou o barco de mariñeiros"
e no timón agora son dousa mandar:
haiche na popa bloques de lastre
e novas mañas para ir ó arrastre
mentras alumbra a Aurora Boreal.

¡**Mosteiro**!.......... ¡que vai a pique o bote polbeiro!
¡**Pedrillo**! . ..... ¡chega ó poleiro desde o banquillo!
¡**Ramón**! . .... ¡hai que empeza-las demolicións
pois llevamos a dar co seu tran-tra-ca-trán
........................ pico e pala, chimpún, e a derribar
........................ parabá, parabá, parabá papá!

Outra exclusiva máis que os de antes
¿,como carallo no-lo vades a explicar?;
davos o mismo, ¡pacto, e pa adiante!,
o importante segue sendo o cobrar.

E o reglamento para os vecinos
¡que cacicada pa poder manipular!.
E o da auga ¡que virguería:
unha touppeira nas tuberías,
¡nin puta idea tiña o concellall.

¡**Letrada**! ..... ¡esa exclusiva foi descarada!
¡**Pepiño**! . .... ¡po Carnaval queremos cartiños!
¡**Ramón**! ...... ¡hai que empeza-las demolicións
pois llevamos a dar co seu tran-tra-ca-trán
........................ pico e pala, chimpún, e a derribar
parabá, parabá, parabá papá!

Andan queimados os funcionarios
pois a alcaldesa non osdeixa respirar:
que si os seguros, ou os horarios,
e o moreno na resilla a conspirar.

E un munipa foi traicionado
por floreano e a súa movida sindical.
Esa es-cultura petrificada
que lle cortaron a cabalgada
pois a censura foi monumental.

¡**Mosteiro**! ... ¡ti prohibindo, eres o primeiro!
¡**Pepillo**! . ... ¡hai que lidiar nese paseillo!
¡**Ramón**! . ... ¡hai que empeza-las demolicións
pois llevamos a dar co seu tran-tra-ca-trán
........................ parabá, parabá, parabá papá!

## "OS PENEQUES" - 1996. (Continuación)

### *¡Chispa negra!*

Un **urbanismo** de coña
polo noso litoral:
os **atentados** dos chinchos,
tamén dalgúns do lugar.

Boten man desas **chabolas,**
non as deixen levantar,
e a ver se os do Concello
empezan a **derribar.**

E sigue igual, e sigue. Igual
anque cambiou o **Goberno;**
e sigue igual, e sigue
igual, haiche **derribos de**
**"cuento".**

A **Asociación de Vecinos**
xa non se deixa escoitar:
¡quelas **notas deprensa** hai
que volver a mandar!.

Imos a ver, imos a ver
si pinchan nos concelleiros;
imos a ver, imos a ver si
non se lles ve o **plumeiro.**

E que non pare o **Progreso**
de darlle **caña ó Concello,**
**que carencias** sigue habendo
desde Udra hasta Nocedo.




Foise **Millán,** foise Millán
agora está no poleiro;
foise Milán, foise milán
o que antes foi "guerrilleiro".

Aquela **vella** berraba
con **Andresiño** no altar:
¡malo **raio** que te parta que
cobras un **capital!.**

Mentras tanto a treboada
comenzaba a descargar,
e **Jarita** a sacristana
empezouse a **chamuscar.**

Ai, Don Andrés, al, Don Andrés,
carallo pa aquela **chispa;**
ai, Don Andrés, ai, Don Andrés
que che van partí-la **crisma.**

¿E que demos vai pasar
co tema da **biblioteca?**
se vai ser para estudiar ou
para unha **discoteca.**

Ai que ilusión, ai que ilusión
que ben van a estar os **vellos.**
O charlestón, ocharlestón,
bailan todos como **nenos.**

E agora para **limpar**
disque hai que saber idiomas,
un cursiño no extranxeiro
pa **enchufar** aspiradoras.

E **cheira** mal, e cheira mal
anque limpie con lejía,
e cheira mal, e cheira mal,
¡que choio topou a "tía"1.

Agora no **vertedeiro**
a merda están a a **enterrar;**
cuidado algún concelleiro
non o vaian **reciclar.**

¿Qué pasa con esas **pedras**
que para Moaña van?,
con elas marchan as**pelas,**
**¿que negocios** se traerán?.

¿A onde irá, a onde irá
o lixo de **Castiñeiras?;**
¿a onde irá, a onde irá?
¡en **Borrallido** non o queirasl.

E na Praia de Beluso
van poñe-lo **aliviadeiro,**
e cando bote por fora
vanse **"alimentar** co cheiro".

E ó nadar, e ó nadar
cuidado ó abri-la boca,
non vaia ser, non vaia entrar
un **submarino** de popa.

## "CHÁMANLLE X" - 1996.

### *Presentación*

Veñen os "Chámalle X",
aqui estamos todos xa,
pra decir todo que pasa,
pra alertar ó personal.

Cantando polas tabernas,
rúas, bares e máis "pubs",
esperando unha axudiña,
para poder ir a cear.

Si mirades para as rúas,
que bonitas que che están,
pra poder o ano que ven
facer o "París-Dackar".

Será pola auga nova,
será pra nos axudar,
pero nas "casas baratas",
haiche roturas igual.

E aquel día pola noite,
maña nai me preguntou,
"qué carallo é ese ruido,
ese ruido de motor".

Sonche esas motos tolas
desa "jran" concentración;
as que estiveron dous días,
tocándonos os "collóns".

Outra cousa interesante,
Dunha "jran" expectacción,
cando veu o "Jesús Puente",
a falarnos do amor.

Pénsase moi seriamente,
en meter a este señor,
n'axudantía de Bueu,
e aumentar a producción.

Pero nos xa temos medo
e esperamos o peor,
haiche tante dictadura,
nesta nova coalición.

Primeiro non se falaban,
o Bloque e os do Psoe,
pero para gobernar,
baixáronse os pantalóns.

Somos os "Chámalle X",
aqui estamos todos xa,
pra decir todo o que pasa,
pra alertar ó persoal.

Cantando polas tabernas
rúas, bares e máis "pubs",
esperando unha axudiña,
pra poder ir a cear.

### *A "jran" travesía de Marsialito*

Alá polo mes de Outubro
veu a TELE,
para gravar en esta vila
un deses "REALITI CHOUS",
a xente andaba alterada,
as "cotorras" comentaban:
"Eu aínda non sea quen son!".

*¿Será fallo de Carmiña?*
*eu mireino onte no "FROIS",*
*¡que va! esa mosa que tiña*
*largóuse con dous PLAY-BOYS.*

Montaron todo o tinglado
alá no muelle
moitos co tras do Domingo,
comenzábanse a achegar.
E mentras en **Portonovo,**
**Marsial** tiña un porco novo.
El marchou todo campante,
¡Vaia nabo ía levar!.

*A iglesia estaba vacía,*
*as vellas deron plantón,*
*Jesús Puente preferían,*
*que escoitar a Don Ramón.*

Apuntóuse toda a xente a
travesía.
Os barcos de proa en popa
ían carjados a plán,
nin a Festa da Patrona,
embarcan tantas persoas.
Todos ó medio da ría,
e a película mirar.

*Jesús, foi a Portonov*
*o topou a Marsial nun bar,*
*levóuno acojonado,*
*dixo que o ia entrevistar.*

Levaron a **Marsialito,**
"enjañado",
as pernas se De doblaban,
saltáballe o corasón.
E alí no medio da ría,
montóuse unha romería,
algún cos nervios do día
colleu descomposición.

*Non faltou nin José Pena*
*dirixindo a función,*
***quería saír en antena,***
***pra joder a Don** Ramón. BIS*

**"CHÁMANLLE X"** - 1996. (Continuación)

## *A reina do pleito*

Temos peste concello, un novo manda-rmáis,
pegóuselle unha "ladilla" pa que poida gobernar.
O día das elecciόns o "PSOE" non contaba
será na coalición, ele sacóulle tallada.

*Por iso "Aurora" non te acomodes,*
*que como entraches, salr tamén podes.*
*O socialismo que practica usted,*
*é como o de "Pinochet ".*

"BNG" e máis "PP", ían ó mellor postor,
vaixaron os "calzoncillos", non sabían o peor,
ele gústalle o "poleiro" pero non pra gobernar,
seus son os intereses "a sangre poder chupar".

*Alíen "Moaña" teso amijo,*
*agora queres traelo contijo*
*removes "Roma" con "Santiajo",*
*por telo ben colocado.*

Aquel día co do cepo, o plumeiro se mirou,
quedar ben coa colega, o follón que ele montou,
"QUITARLO, POR MIS COJONES!",
esta frase é textual, gritáballe como loca ó señor municipal.

*E a outro coche, tamén multado*
*e co importe xa tiña pagado,*
*o guardia os cartos foille devolver,*
*razón debía de ter.*

Que fixo esta sarxento que tranquila non quedou,
pagóulle a multa a amiga, mil quinientas arriou,
que rencorosa que foi, falou coa "Guardia Civil",
endosarlle o doutro coche un "pufo" de sete mil.

E sen comelo, e sen bebelo,
esta muller fai as cousas a pelo.
si en Bueu o cepo ti tes que pagar,
pon a casa a hipotecar.

Gústanlle os expedientes, tanto como aparentar,
por iso o día de Reís, comenzou a oubear.
Para "Aurora" non hai leis, faise só o que di ela,
e se di que o blanco é nejro, pobre do que non lle crea.

*Ten ós do "Bloque ", acojonados,*
*si non facedes o que digo preparaos",*
*a sartén polo mango agarrei,*
*mando eu aquí máis co rei.*

Esta xente prometía a movida respetar
pero chegou esta tipa, para os bares clausurar,
e despois queren turismo, Qué turismo van a ter?,
a xuventud monta bares, pra que ele os vena a joder.

*Por iso "Aurora" nos te decimos,*
*estás ahí pero non polos veciños,*
*con unha merda de votos que tes,*
*traes o fascismo a Bueu.* *BIS*

## *Este mar é a ostia*

Hai que ver como está o mar,
¡Manda carallo!
non hai peis non hai marisco,
¡Hai temporal!
ademáis de todo isto hai moito lío,
pobriños os galegos, sólo nos queda chorar.

Empezóunos todo lío
en **TERRANOVA**
mariñeiros non pesquedes no fletán!
¡ir a merda xa putos canadienses!
agora queren todo que antes tiraban o chan.

*Bonino, para aquí, Bonino para alá,*
*ten cuidado muller, que te vas a mollar.*
*non tes nin puta idea, da vida do mar,*
*non son casas flotantes que son bateas.*




E seguindo coa historia,
xa en Canarias,
¡Qué carallo se creen eses "Marroquís"
cheiraron a maniobra canadiense,
e queren explotarnos,
como nos fan co "hachís".
Pero isto xa cheiraba un pouco crudo,
era xa moito "puteo" ó personal,
empezaron os de Cangas a dar ostias,
e non quecou un "verde" para podelos parar.

*Vñeron de León, viñeron de alá,*
*porque os de aquí cerquiña, non podían batallar,*
*pararon o tren, " queremos traballar! ",*
*decían todos xuntos na `folga xeral ".*

Despois de amañarse todo este lío,
e xa centrándonos na Vila de Bueu,
Qué carallo pasa coas nosas vieiras!,
ir o veterinario para que as poña ben.

Eu non sei si a toxina, ou a marea,
son os que joden o chollo ou si non,
os mariñeiros si que están ben jodidos,
esperan o "desquite" pero este ano xa se foi.

*Adios, adios, adios!, decían en "marin",*
*mentres a toneladas sacábase o "hachís",*
*son as cousas que pasan na vida do mar,*
*cando veñen cheiños mandan descargar.*

Qué me din do caso do "Barco da Illa",
un miragre que non ten explicación,
arrancando o rizón de area firme,
e foi cruzando a ría sen motor e sen "jasoil".

E cando arribou naquel acantilado,
hai que cortar polo sano pro sacar,
non podemos acercar máis as "Adoniz",
queda de monumento ou en cachos se a levar.

*Pero o amo dixo " non! ", non podemos cortar,*
*f agamos un recheo, esperando a pleamar".*
*e a xente de Bueu pensaba con tesón,*
*habrá meigas no barco "da illa de ons". BIS*

## "AS EXPULSADAS" - 1996

### Presentación

Aquí estamos outra vez neste antroido
pa contar os cotilleos que haI aquí
rapidiño deixen xa as súas casas
chegamos as EXPULSADAS
todas cheas de ilusión.

E chega Papanoel
Melchor e máis Gaspar
e un pouco máis atrás
a raiña Baltasar

E menuda decepción
levou a poboación
cando miraron tetas
en vez de dous collóns

Este ano ata veu o Xexús Puente
e o muelle estaba a rebosar
a Pepona colada entre a xente
mentres o Perro Piloto
un porco estaba a mercar

E pa isto do amor
e da necesidá
temos o aserradeiro
cheo ata rebentar

Uns a meten por aquí
e sacan por alá
pillaron a dous vellos
en pleno cha ca cha

Este ano en Bueu foiche a moda
ir ó Sahara o fucifio a meter
preguntádelle o alcalde e o libreiro
e a esa pobre xente
que lle foron resolver.

E cha ca cha pa aquí
e cha ca cha pa alá
menudas vacacións
pasaron por alá

Gañaron as eleccións
sacaron uns pastóns
e cos cartos de todos
vanse de vacacións

E ó compás da música
deixamos a canción
porque xa rematamos
esta presentación

E cha ca cha pa aquí
e cha ca cha pa alá
pasamos o antroido
privando cantidá

### Cousas da casa

Empezaron cun bar para catro
vellos e abriron faI pouco un terceiro
Don Ramón, non llo quiso bendecir
gustáronlle máis os dulces que había
noXardín
temos neste pobo, unha multinacional
que nin siquera Mac Donals lle mete man.

Non sabíamos que o Cura era lambón
por Iso quedóuse Fina sen bendición.

Prometeron facer un campo novo
e por iso ao vello quitáronlle os focos
como así non se podía entrenar
dixeron, hai luz bastante alá na consistorial
con botas e balóns, botaron un partidiño
e púsose de porteira Aurora Cerviño.

Mira tí ao que chegamos neste Bueu
fixeron no axuntamento un Bernabeu.

Temos na Banda do Río un muiño
non era de ninguén dixo un veciño
pero como o queren expropiar
aparecéronlle dueños hasta no Urujuay
eu teño un permiso que, atopei no fallado
a nome da miña abuela pra moer o grano.

Que lle joden as pedras dígame usté
Estaranche decorando nalgún chalé.

Quitaranche a multa si tes padrinos
ou se lle caes ben a Aurora Cerviño
non hai cepo pas amigas da Teniente
"O se lo quitas ahora o te abro un expediente"
manda carallo coa nova Faraona
ímola mandar a rascar a ...

Esta muller é peor que a Garda Civil
e cobra moito máis de duascentas mil.

### O lagarto e a coronela

Temos neste axuntamento
un lagarto aproveitado
tantos anos tapadiño
ten todo moi estudiado.

Ten que compartir goberno
iso no tiña planeado
nombráronlle coronela
él pasou a ser soldado.

Ti mandas coronela
eu mando si señor
coidado co soldado
mandárate ó paredón.

Terás grandes follóns
terás grandes follóns
coidado co lagarto
quedará como un señor.

Tiñamos xa esquencido
que había oposición
xa non traballaban
antes agora moito peor.
Téñenlle medo ó lagarto
ou o novo coronel o
mellor vai moi frío
e conxélanselle os pés.

Comprar un radiador
mercar un radiador
sir xa do letargo
e facer declaracións.

Que listos son estes novos
contrataron os sornáis
nunca publicaron tanto
sónlle fieles e leais.

A xente está alucinada
de tantas cousas que fan
inda que sexa mentira
dánlle a Bueu publicidad.




Redacta coronela
redacto si señor
invita os xornalistas
Moita publicidad
moita publicidad
logo nada de nada
pero iso que máis dá.

Téñenche os funcionarios
jodidos e cabreados
primeiro a sanidade
agora polo traballo.

O lagarto sentadiño
ten sorrisa de Macario
cardo a coronela manda
o lagarto dalle ó rabo.
Ordeas coronela
ordeas expulsión
coida dos funcionarios
ou terás grandes follóns.

Quedarás sen protección
quedarás sen protección
non esquezas coronela
quedarás coma un señor.

### Models

O cura está que trina
a xente casa polo civil,
no axuntamento é gratis
e alá arriba costa dez mil.

E alí na igrexia me atopei
co pobre crego con depresión
e o pasar eu preguntei:
¿ pero vostede que carallo ten ?

Eu xa non caso a ninguén
bodas de prata hei de facer
catro chavellas volvo a casar
eu no alcalde eime cajar.

E como somos mulleres
da cara-mona irnos falar
con eses modelitos
xa máis orteira non pode estar.

Ela é valiente de verdá
tódolos días recién pintá
cos seus pendientes grandullóns
e unhas pernas que son tronchóns

Non ten vergoña a sair
esa muller non sabe vestir
o noso alcalde e un cagón
coa "pendiente " o seu carón.

Eu son Aurora Cerviño
e algún bar eu vou a pechar

Deixeinos abertos todo o vran
que non se queixen non estivo mal
protestoume a miña prima
despois abrimos non pasou ná.

Eu son valiente de verdá
cobro do bloque e dalgún máis
solo conto con Zipi e Zape
Alfonso Guerra e algúns máis.

**"AS EXPULSADAS"** - 1996

## A España Negra

Vai ser en Marzo cundo sabremos quen roubará
ai, perdoade, quixemos decir gobernará
serán uns novos ou os que levan trece anos
os dous son bos e non se distinguen móito de Franco
o do bigote non parece moi espabilao
e o do PESOE non sabe máis que facer paraos
gañe quen gañe cun terceiro fará un pacto
daralle igual que sea da ETA ou da JESTAPO
aquí en Galicia que ben estamos con zapatóns
jodeu a pesca ,jodeu o leite e o mexilón
que co follón a toxina baixouche de repente
e os da vieira prefiriron ir con Xesús Puente.

Un terremoto a terra en Lugo fixo temblar
sería un peido da Infanta ou de Marichalar
se soamente por casarte che fixeron Duque
non estaría aquí solteiro nin o de Ubrique.

Neste país solo nos faltaba un astronauta
que si o oes disque é de Boston ou é idiota
parece veciño do país do Clinton e Hilari
a moi porcona enseñou a braga alá no Brasil
se o salido pilla mexando a primeira dama,
encheríana de vodka para levala despois a cama.

Os marroquís botaronnos do caladoiro
e o ministro de pesca quería pescar no Ebro
por iso na Portela ni un eucalipto quedou en pe
botáronnos abaixo porque non tiñan nin para comer
e mentres tanto no sur de España nunca chovía
sacaron os Santos para que lle deran unha alegría
cambiaron as cousas e non lle paran os chaparróns
e agora din que están de auga ata os collóns.

Este ano haberá sorpresas
sorpresas haberá este ano

Vannos dar polo ano.

**"PEÑA OS MIRACHILIS"** – 1996

## A Gran Presentation

Hola aqui estamos
de novo outro ano
este é o segundo
gracias por aguantarnos.
o ano pasado
fumos de viaxe
por algún que outro
que nos foi arriando
(estribillo)

Fora sombreiro, for a
Fora casaca, for a
fora os calzóns que
levamos entre as pernas, eh
vale, amodiño.

Bueno seguimos
vamos de festa
de bar en bar
cantando as nosas gestas.

Agora vos
non ser tan malos
darnos un pouco
pra nos seguir tirando
(estribillo)

## Bueu Revolusion

*(MUSICA: PORON PON PON ....)*

NA ALAMEDA DO CONCELLO, HAI QUE TER MOITU COIDADO,
NON LEVEDES OS RAPACES, PORQUE ESTA TODO OXIDADO,
NON LE, NON LEVEDES OS RAPACES POR QUE,
PORQUE ESTA TODO OXIDADO IGUAL,
IGUAL QUE O ANO PASADO.

PORON PON PON,PORON PON PORON PON PERO, PERO.
(ESTRIBILO)
PORON PON PORON PON PERO, PERO PORON PON PORON PON PON.

OS VIXILANTES DA PRAIA, ANDAN MOI ATAREADOS,
NA ZODIAC DUN LADO A OUTRO, COS SALVAVIDAS COLGADOS.
NA ZO, NA ZODIAC DUN LADO A OUTRO COS SAL,
COS SALVAVIDAS COLGADOS ANDAN,
ANDAN MOI ATAREADOS.
(ESTRIBILO)
UN DOMINGO A MEDIO DIA, XUNTOUSE UN MONTON DE XENTE,
PARA VER A CARAVANA, E A CALVA DE JESUS PUENTE.
PARA, PARA VER A CARAVANA E A CAL
EA CALVA DE JESUS PUENTE XUNTOU,
XUNTOUSE UN MONTON DE XENTE.
(ESTRIBILO)
CO CONFLICTO DE MARRUECOS, EMPEZARON AS TRASNADAS,
CON EUCALIPTOS E PEDRAS, ATRANCARON AS ESTRADAS
CON EU, CON EUCALIPTOS E PEDRAS ATRAN,
ATRANCARON AS ESTRADAS POR NON,
POR NON TER AS COUSAS CLARAS.
(ESTRIBILLO)
CO TEMPORAL QUE TIVEMOS, O DIA DE ANINOVO,
MARCHOU O BARCO DA ILLA, PRA ZONA DE PORTONOVO
MARCHOU, MARCHOU O BARCO DA ILLA PRA ZO,
PRAZONA DE PORTONOVO POR POU,
POR POUCO VAI PRA SEVILLA.
(ESTRIBILO)
EN MARIN O OUTRO DIA, NUN BARCO FOI CONFISCADA,
GRAN CANTIDADE DE DROGA, QUE TRAIAN AGACHADA,
GRAN CAN, GRAN CANTIDADE DE DROGA QUE TRA,
QUE TRAIAN AGACHADA PRA LO,
PRA LOGO SER TRASLADADA.
(ESTRIBILO)



**"PEÑA OS MIRACHILIS"** – 1996 (Continuación)

## *Jose Felipe Mix*

*("Musica Adelita" )*

EIQUI ESTAMOS DE NOVO OUTRO ANO
PARA CONTARLLES, COUSAS DE ACTUALIDAD
CRITICANDO DE TODO UN POUQUIÑO
PORQUE XA CHEGOU O CARNAVAL.

OS PROBLEMAS QUE HAI EN ESPAÑA
NOS SOLUCIONA NIN "BALTASAR GARZON"
CADA DIA SALE UN CASO NOVO
DE POLITICA OU DE CORRUPCION.

**JOSE MARIA SI FORAS PRESIDENTE**
**SI JULIO ANGUITA QUIXERA GOBERNAR**
**(ESTRIBILLO)**
**AS MISMAS COUSAS QUE PASAN AGORA**
**DA MISMA FORMA HABIAN PASAR.**

O ROLDAN XA ESTA MEDIO ESQUECIDO
O CASO GAL AINDA ESTA POR RESOLVER
BARRIO NUEVO PAGOU A FIANZA
SEÑOR "X" NON SE DEIXA VER.

SI DO GAL ESTAMOS ABURRIDOS
EN TV.5 SALE O SEÑOR AZNAR
REPETINDOLLE O SEÑOR GONZALEZ
OUTRA VEZ QUE SE TEN QUE MARCHAR.

(ESTRIBILLO)

CADA VEZ TEMOS MENOS TRABALLO
EN CANADA XA PODEMOS DEMOSTRAR
QUE EN ESPAÑA NON HAI QUE SE MOVA
LUIS ATIENZA ESTA HAI POR ESTAR.

CON MARRUECOS PASOUNOS O MISMO
TODOS COÑECEN A NOSA SITUACIÓN
SETE MESES SEN GAÑAR UN DURO
E O MORRAZO MONTANDO FOLLON.

(ESTRIBILLO)

OS FRANCESES NON HAI QUEN OS PARE
EN MURUROA SIGUEN A PRACTICAR
ARRIANDO BOMBAS NUCLEARES
POR MOITO QUE SE ESTA A PROTESTAR.

(ESTRIBILLO)

## *Pandeirada remendada*

Co cambio de alcaldía (bis)
que líos houbo na vila
as ideas de un e outros (bis)
o final saen torcidas.

Ala arriba no Balado (bis)
temos unha selva no adro
antes era un ceminterio (bis)
e dalí non o dan sacado.

(estribillo)
Vivir en Bueu que bonito é
mirar todo roto e nada de pé
e nada de pé, e nada de pé
vivir en Bueu que bonito é.

Na estrada de trasouto(bis)
a veces falta alumbrado
debe ser a fin de mes(bis)
non hay quen vaya pagalo.

O noso vertedeiro (bis)
parece que van cambialo
quereno meter noutro monte (bis)
para despois ir manchalo.
(estribillo)
As empresas do condado (bis)
teñen que andar con coidado
o parque empresarial (bis)
leva xa pa moitos anos.

Son as festas en Bueu (bis)
empezou a temporada
coa festa da vieira (bis)
que xa foi anulada.
(estribillo)
As vieiras non se comen (bis)
veñen todas con toxina
e por iso non se fixo (bis)
esa bonita festiña
(estribillo)

## *As nosas lindas eleccións*

FOI UN DIA SINALADO,(BIS)
CALADO FOMOS A VOTAR
E OS QUE ESTABAN GOBERNANDO, TODOS /CONVENCIDOS
QUE IBAN A GAÑAR. (BIS)

ESTABAN TAN COMVENCIDOS, (BIS)
QUE UNHA CENA PREPARARON
TIVERON QUE SUSPENDELA O DIA SEGUINTE
CALADO SE ENTERARON. (BIS)

AI LALELO, AI LALELO ......

OS DO P.P ESTABAN TRISTES, (BIS)
OS DO BLOQUE FESTEXABAN
QUE DESPOIS DE 12 ANOS, CHUPANDO DE BOTE
DA-LI OS SACABAN. (BIS)

TEMOS CUARTELILLO NOVO, (BIS)
AQUI NA CASA DO MAR
CON CAFETERIA O LADO, PRA QUE O CAFECIÑO
POIDAN IR TOMAR. (BIS)

(ESTRIBILLO)

NA ESCOLA DOS MAIS CATIVOS, (BIS)
XA TEÑEN CON QUE XOGAR
QUE HASTA LLE PUXERON FONTES, AGORA NO /INVERNO
PRA SE REFRESCAR. (BIS)

A NOSA TENIENTE ALCALDE (BIS)
VAICHE PRA PRAIA DE "BARRA"
PORQUE A DA BANDA DO RIO, SEGUN DIXO ELA
ESTA CONTAMINADA. (BIS)

(ESTRIBILLO)

XA NOS TROUXERON MAIS AUGA, (BIS)
QUE VEN DESDE PONTEVEDRA
E A CONTO DE TODO ]STO, QUEDAN AS ESTRADAS
FEITAS UNHA MERDA. (BIS)

E NO ALTO DA PORTELA, (BIS)
HOUBO QUEN FIXO UN BELEN,
E PUXOLLE UN CARTELIÑO, QUE PARA ESTE ANO
E MAIS PO QUE BEN. (BIS)
(ESTRIBILLO)

"**A PANDA GUAI**" – 1996

## *Presentacion*

Xa chegou o carnaval ó noso pobo
os da "PANDA" volvemos a desmadrar
gracias ó que nos escoita e axuda
estas prosas e cancións ímoslle adicar.

Este ano criticamos un pouquiño
o que pasa e moi bó de lembrar
camos a contarlle o acontecido
esperando non se marchen con moita celeridade.

*ESTRIBILLO*
*Coa nosa crítica, non queremos danar*
*a nadie dos que habitan na nosa gran cidad*
*e somos nenos ó compás, do són desta canción*
*e si nos sae mal, non nos botes os cans.*

O regreso ó fogar non é doado
hai que ter coidadiño cos patróns
ó momento de chegar po-la escaleira
miramos de arriba abaixo, pero ¿onde vides vos?

E agora rematando o saudo
moi atentos estar todos por favor
non vaiades decir cando acabemos
que a "MURGA PANDA GUAI" fixo premeditación.

*ESTRIBILLO*
*Coa nosa crítica, non queremos danar*
*a nadie dos que habitan na nosa gran cidade*
*somos'nenos ó compás, do són desta canción*
*e si nos sae mal, non nos botes os cans.*

**"A PANDA GUAI"** – 1996

## *As novas eleccións*

Xa temos a chegada de eleccións
prometen o traballo a mogollón
facendo mil promesas sen igual
sen decir nunca un chisco de verdá.

Escoiten todos o que estes din
todos queren o mellor para España
acabar co caciquismo de aquí
e castigar moi duro a corrupción.

**ESTRIBILLO**

*Eu non sei o que vai pasar*
*¡moitos votos tendes que xuntar!*
*Xa teremos o voto pensado*
*para que non aixa outra equivocación.*

Felipe tenno todo moi clariño
ai que seguir no cargo por se acaso
non vai a ser que con outro goberno
o mande Garzón ó "paredón".

E o de Carrillo eche moi astuto
como non ten que ser gobernador
pasase o día sen preocupacións
tocando eiquí e alá a oposición.

**ESTRIBILLO**

Os da dereita din que xa están listos
prometen que farán fumigacións
e o Domingo nas sus plegarias
pregan "pra" gañar as eleccións.

A ver que prometen este ano
para gañar as nosas votacións
van facer desta España tan
/ queimada
o paraíso da xubilación.

## *Todo o que necesitas e amor*

No verán pasado fixeron un
/programa
deses, que unen a dous namorados
había dous que estaban alonxados
pero lograron pronto arrimalos.

Ela si sabe de todo isto
máis el iñora todo o follón
medio pobo estaba reunido
o espectáculo montouse a "TUTI
/PLEN"

**ESTRIBILLO**

*Temos o circo montad*
*o xa chegou a caravana. (bis)*
*Hai que chamar a Xesús*
*para que xunte as parellas*
*que é a mellor das maneiras*
*de mostrar o teu amor.*

O "vión" voaba moi baixiño
e rondaba todo o tempo a ese barquiño.
Iban todos moi arregladiños
"pa" mirar aqueles moi xuntiños.

Sabes ben, que soio quero a unha
e non teño ollos para máis
se ti queres, o próximo Domingo
viaxaremos para "CUSPEDRIÑOS".

**ESTRIBILLO**

Cando te cases, e non queiras a
/ Igrexa
podes facer a boda en alta mar.
Subi-lo barco da Illa "Que beleza!
ten coidado de non embarrancar.

Podes así, ben aforrar os cartos
e que por riba paganche un pastón
navegar por toda esta ría
e ademáis amolar a D. Ramón.
*ESTRIBILLO*

## *O deserto de bueu*

O pobo estuvo sen auga
siquera para os pes
paso todo o verán
menos mal que xa choveu.
Corriamos como locos
para as areas quitar
¡Ai! chegabamos a casa
para coas areas quedar.

**ESTRIBILLO**

*Vamos para casa sen lavarnos.*
*Chirivirivi poron pon pon. (Bis)*

As cisternas non podian
nin siquera co cheiriño
o "water" mama mía
non se podía nin usar.
Cando viñan do traballo
algúns dábanse xabón
cando abrian os grifos
xa non había presión.

**ESTRIBILLO**

A xente toda falaba
máis nada solucionaban
¡Ai! que vamos facer
para poñer a colada.
En todo este follón
sempre deron a razón
que era da alcachofa
que non tiña solución.

**ESTRIBILLO**

Cambiaron ó fontaneiro
e o novo que puxeron
non era un milagreiro
e non oubo máis presión.
A ver si o ano que ven
danos mellor solución
que lavar todo-los pratos
en somente un bidón.

**ESTRIBILLO**

*Vamos ata fonte para beber.*
*Chirivirivi poron pon pon.*

## *A nosa vieira*

Mami que pasou coa vieira
estábamos xa listos
xa listos "pa" comela.
Mami non oubo esa festa
tan bonita que é
con tanta comedela.

**ESTRIBILLO**

*Mami que será o que traman estes. (bis)*

Mami non podemos pescala
pois dixeron na Xunta
que estaba escarallada.
Mami había que curala
pois era un mal muy malo
"pa" o noso rodamento.

**ESTRIBILLO**

Mami xuntaronse todiños
todos os do Goberno
cos grandes hosteleiros.
Mami vaia follón formarno
uns eran usureiros
e os outros amarrados.

**ESTRIBILLO**

Mami escribironlle á prensa
chegaron ata a radio
para esplica-lo tema.
Mami alí todos falaban
máis ninguén escoitaba
pois tiñan duas línguas.

**ESTRIBILLLO**

Mami non fixeron acordo
para montar a carpa
e así face-la festa.
Mami pasaron a Febreiro
o mes carnabaleiro
e nunca a fixeron.

**ESTRIBILLLO**

**"ÁS MÁIS FALADAS"** - 1996.

## *Presentación*

*Somos as máis faladas do pobo de Bueu,*
*con arte cantaremos pra poder pasa-lo ben*
*E como verán vostedes á hora de cantar*
*as múltiples cualidades deste grupo sen igual.*

*Nos somos a comparsa das mozas máis faladas,*
*somos a comparsa que leva animación en BUEU.*

*Neste primeiro ano que nos saímos,*
*aínda que poucas, moito nos divertimos.*
*Queremos facer festa e vainos o follón,*
*bebemos calquer viño,... ata de garrafón.*

*Neste primer ano teñen que perdoar,*
*a xente que criticamos pero e todo real.*
*E como verán ustedes somos nove nada máis,*
*pero xuntas cantaremos pra que poidan disfrutar.*

*Somos a comparsa das mozas máis faladas,*
*somos a comparsa das mozas máis animadas de Bueu,*
*de Bueu, de Bueu.*
*"Estribillo"*

## *Novas en Bueu*

*No noso popular pobo,*
*nas últimas eleccións,*
*non quedaron os de sempre*
*gobernará a oposición.*

*Tremendo equipo fixeron*
*para quedar campións,*
*un do Centro de dianteiro,*
*un Puros goleador.*

*A Lino-cracia, finou-morreu,*
*descanse en paz sufrido pobo de BUEU.*
*O mangoneo, xa rematou,*
*agora marcha, róelle o cu no sillón.*
*Celebrábano os do Bloque,*
*os do PSOE brindaban,*
*os do PP ben fodidos,*
*insistían que Bañaran.'*

*Chegouse a un bo arranxo,*
*para poder gobernar:*
*temos alcalde-alcaldesa,*
*en vez dun, dous a chupar.*

*Con dous alcaldes mofto mellor,*
*un da quentura e a outra dá calor.*
*Son caras novas, toca esperar,*
*que as promesas non as vaian bloquear.*

*Estaba xa tan afeito*
*o noso FUNCIONAveRIADO,*
*chegou co cambio a reforma,*
*a algún tocáronlle ó nabo.*

*Pero o que máis lle doeu,*
*foi o seguro privado,*
*din que para ter dous sueldos*
*dalgún xeito hai que aforralo.*

*Vaia pitote, que se montou,*
*cando chegou a nota da contribución;*
*eles falaron de reduccións,*
*pero non paran de atender reclamacións.*

*Tamén se pode aforrar,*
*doutras mil novas maneiras:*
*cando sellámo-lo lixo,*
*convertímo-lo en canteiras.*

*A Casa do Mar agora,*
*ocupa a policía,*
*se habían mirala rúa,*
*poden contempla-la Ría.*

*Nós vemos ben a austeridade*
*pero o exemplo ten que dalo a autoridade,*
*control na casa e tamén fóra,*
*se non é a dona a que rexe e Aurora.*

## *Concello, quen te veu e quen te ve*

*Situado estás entre os árbores*
*e o centro urbán,*
*pareces un faro*
*que se colle coa man.*

*Moito cambiouche túa estructura Funcional*
*xa que existen normas,*
*normas de colegial.*
*Ata pra mexar, Dios mío tes que rexistrar,*
*non te vaian,*
*vaian a emplumar.*

*Tes secretaria particular*
*a que o Alcalde manda vixiar,*
*e as fotocopias hai que anotar,*
*pois o axuntamento ten que medrar.*

*Control, e moito máis control,*
*os funcionarios teñen que traballar*
*gobernados por algún camaleón,*
*que de noite anda os camaróns.*

*E din que ata te van a levar o Sahara,*
*pois quen non chora non mamará;*
*e teu alcalde si falara a linguaxe,*
*quedaríase pa darse un masaxe.*

*Revolución, e máis revolución,*
*os funcionarios os colleron a traición,*
*e algún concelleiro*
*había que tirarlle,*
*tirarlle moi forte dos collóns.*

## *Estamos en obras*

*Cando eran oposición a Lino lle demandaban*
*que a Casa da Cultura para mitíns se usara.*
*Prohibido mesturar política e cultura*
*e algún dos concelleiros chamábanlle cara dura.*

*Agora eles meten a pata,*
*non os deixan ir na Cabalgata.*
*Non se pode ser así,*
*non se debe prohibir.*
*Se queredes democracia teredes que consentir*
*e non nos mesmos erros vos debedes de caír.*
*Revanchismos e vinganzas non debe ser solución*
*un Gobemo progresista pedimos na Corporación.*
*Co cartel non podedes entrar,*
*prohibiuno o Gobemo Local.*
*Deixade de protestar,*
*obedecer e calar.*

*Foi o mesmo que fixeron co Estatuto veciñal,*
*primeiro foi o pleno sen consulta popular,*
*ninguén quiso da-la cara cando foi Galivisión,*
*non atendemos "chorradas" foi a súa explicación.*

*O pasar polo Pión un tufillo observarás*
*non lles molesta o Gobemo eles viven na ciudad.*
*Pero a tí e máis a min xa nos chega os collóns*
*pedimos alcantarillas para a Recta do Pión.*

*Xa está ben, sempre estamos igual,*
*de Urbanismo din que hai concellal*
*Distintos ó repartir,*
*igualdad o contribuir.*

*Se nos fan sanemento que non fagan como en Sar,*
*póis reventan os tubos, os vecinos a apestar.*
*O levar a merda a Tulla é unha mala solución,*
*non contemplan ós veciños, pero sí a Corporación.*

*Fas moi ben, si señor segue así,*
*con dous 'juevos" quen manda eres tí.*
*Que ben sabe-la lección,*
*que che ensínou Manolón.*

## **"ÁS MÁIS FALADAS"** - 1996. (Continuación)

### *Moitas voltas das*

Ten coidado ó beber viño
Algúns teñen moita "jeta"
Presume de calidade
Pero cambianlle a etiqueta.

Empezou co do fletán,
E siguiu co de Mrrocos.
Vendeusenos o Goberno,
Mariñeiros están solos.

Hobo que cambiar
A roupa de augas
Polas mascariñas
E as barricadas
En vez de virar,
Tirar eucaliptus
Darlle caña ós bancos
Tamén os políticos.
Parécenos ben a idea,
Que expropien os nosos capos
Están mellor no caldeiro
Xa que fora son un dano
Galicia das maravilla
Vai ser a de "blancanieves"
Pois a coca e chocolate
Colapsan os nosos muelles
E moito diñeiro
E fan o que queren
Eles no se cansan,
E vaisenos BUEREN
Catro días presos
E tiran para casa,
Hay que coller folgos
Para outra descarga.
Decubriron unha trama
De corrupción de menores,
Non queren deci-los nomes,
Porque implican a señores.
Non faltou ninguen a boda
Que aconteceu en Sevilla
O Carliños chegou solo
Non puido vi-la Carmiña
Viríanlle o peto
Que case FeLIPE
Para olvidar problemas
E tódalas crisi.
Viríalle ó pelo
Que case FeLIPE
Aznar quere gobernar
Anguita non vai ser menos
A Jordi vaille o Control
Por atrás hay que seer serios.
Unha ESPAÑA EN POSITIVO
Na análisis do PESOE
No fondo son reservados
Quen no quere oir non oe
O FeLIPE González
Por ser GALipollas
Muda a Barrionuevo
E deixa a Moncloa
Muda a Barrionuevo
O FeLIPE González
Por ser GALipollas
Muda a Barrionuevo
E deixa a Moncloa,
O FeLIPE González
Por ser GALipollas.




### *Queremos mellorar*

*Houbo problema outro ano este tamén,*
*a nosa Festa da Vieíra non pude ser.*
*"Foi por culpa da Toxina" quedaron ben,*
*Hosteleiros e Concello estaban a cen.*

*Pra nosa Ría, saneamento,*
*se non é a Xunta ten que dar caña o Axuntamento*
*Este problema, hai que arranxar,*
*ten que seguir BUEU, pobo mariñeiro,*
*mirando ó mar.*

*Hai que colaborar e non mangonear,*
*sacar menos o peito e formenta,;*
*queremos solucións, que non volva a pasar,*
*menos enfrontamientos, máis traballar.*

*Moitas voltas se líe dá o Museo Naval,*
*e segue andando o tempo e todo está igual,*
*preguntan os nosos vellos que vai pasar,*
*co prometido local da terceira edad.*

*Moitas preguntas, poucas respostas,*
*paseo incompleto, tema da Lonxa e as Lagoas.*
*Os nosos nenos vanse atopar*
*"ca" Lei da Reforma e sen ter centro onde estudiar.*

*E o Parque Industrial, inda por empezar,*
*expropian, venden caro isto é medrar.*
*Zonas verdes non hai, cemento cantidad,*
*nin bolas nin o trompo poden tirar.*

*O novo alcantarillado están a facer,*
*non sería mala idea se o fan ben,*
*no tramo de máis adiante á Casa do Mar,*
*levantouse todo asfalto por estar mal.*

*Este reloxo que hai no Concello*
*vai seguir parado inda que nós nos fagamos vellos,*
*el non se move, non vai pa "tras";*
*que é o que lle pasa a nosa vila cada vez máis.*

*Din que foi por presión, vaise o Patrón Maior,*
*balance positivo, accións no Pastor.*
*Gobemo que se loi, pufero cousa fina,*
*debíanlle a todo dios, menos o da Gasolina*

## **"OS MULOS"** – 1997

### *A Arqueta Perdida*

A Fonte da Peregisa, truxo follón,
casi levou ó divorcio,á Corporación
sinón fora polos sueldos, que ivan perder
eles daríanlle o mando, ós do P.P.

0 Bonsai de Moaña, que collóns ten
puso a todo barrio,en contra del
pois cando ven a pala, el se meteu
dentro de aquel cazo, coa muller.

Hai Xestido que si
esa arqueta está alí
non lle jodas a augas ós veciños
non me seas ruín.

Hubo Pleno pola fonte, de alta tensión
botáronlle a man ó peito o Cimarrón
ese problema tan grande, ten solución
si o Concello afloxara oito millóns.

Señalizaron tanto aquel burato
que un coche sin chófer caeu abaixo
o SEMAFORO aquel nos indicaba
solo falta FAILDE e CAÑITA BRAVA.

Hai o Bloque que si
o PSOE que non
aquí nunca sepoñen de acordo
tapar o buracón.

0 Concellal de alumbrado, faino mui ben
hai mais luz no seu camiño, que en todo Bueu.

Ese home non se iva nunca a perder
ata puso un par de focos, no portal del.

Os de Meiro pediron, pa esa Morada
que lle fixeran pista, toda asfaltada
esa obra que fiso a Diputación
inaugurouna a Tacher, e o bastón.

Hai o Bloque que si
o PSOE tamén
hai que ver canto mando lle deron
todo pra esa muller.

**"OS MULOS"** – 1997 (Continuación)

## Remendos

Cuiña veu pregonando
collóns tiña sobrados
pa tiraras chavolas
que no Paseo estorban.

Con esas frias brisas
tanto se lle encolleron
parecen de carnisa

E XA esta esperando
esa demolición.

E de risa
que fiseran
a XA tanta ilusión.

Buscaremos un lugar
pa atracar mentras están
o porto a remendar.

Que se deixen de gastar
e fagan de unha vez
un porto de verdad.

Pa que veñan os nonos barcos
que a nutro lado van.

Que parra están facendo
na famosa alameda
que ven lle quedaría
cepas de tinta femia.

E cando dean viño
haber si está acabado
o resto do xardín
e Centro de xubilados
seria unha ilusión.

Os terreos
embargados
vaia desilusión.

Buscaremos un Patrón
con collóns pa pescar
nesta ría a vieira

E seguir a tradición
que pouco nos durou
aquela boa festa.

Con ese lío da toxina
que nogocio fan.

Este ano de eleccións
volverá Zapatóns
a Vila a inaugurar.

Deixaremos descansar
o goberno de Aznar
para outro Carnaval.

Pois con tanta boda que teñen
moi cansos están.

## A Cabalgata

Un ano mais estamos aquí " OS MULOS"
de carallada pa alegrar o Carnaval
que de a cara ese Concellal Mosteiro
e busque axudas pa este Acto Cultural

Cantos cartiños se gastaron nesas Festas
na Cabalgata e o alumbrado do Nadal
pois semellaba o parque de EURO-DISNEY
con tanto luxo donde imos a parar.

Vaia derroche nese decorado
que vos fisestes nese arbol do Nadal
tendes alerxia a misa e villancicos
pra darlle marcha conectastes coa Dial.

Como corrían eses Reises Magos
con tanta presa parecía un maratón
gracias a Mochi que cos caramelos
el como sempre puso a nota de bo humor.

Somos neutrales co clero non nos metemos
eles predican que ante Deus somos iguales
en este pobo hai algúns descriminados
iso se nota cando fan os funerales.

Anda con ollo ten muito cuidado Moncho
coas da movida cando suben ó altar
alí non van pa que lle leas a homilía
algunha vai coa intención de te aforcar.

Con esas misas que se fan agora
ata na praia as podemos escoitar
berranche tanto polos altavoces
que entre feirantes parece que están tratar.

A xuventude que ven da movida
cheos de sono non os deixan descansar
tanto voltaxe ten o aparato
que da familia lémbranse ó despertar.




## Duo Pimpinela

Ese duo que nos manda
xa parece Pimpinela
que pasarelas e el
por deixarse ir
os collóns son dela.

Solo eles son iguales
para o fin de mes
no reparto da tela.

Non hai cartos para subvencións
cada un jode cuarto millón.

Este Pobo non ten solución
os Bancos están cansos
de prestar millóns.

Pintaron pasos de cebra
con vara, brocha e rodillo
e adornaron as cunetas de
cáncamos amarillos.

Non estamos nos de acordo
con ese invento ruín
os pilotes e defensas
contra eles teñen fin.

Si poñen os ferros
pra non aparcar
o cepo nos ovos
aillo que colgar.

A caja champú
e mais algún mais
a Xefa tamén
por tanto pensar.

En ese Parque Industrial
que acaben eles de foxar
pa que se monten as industrias
e a nosa xente poida traballar.

Ese cristo adeus
e tamén os candiles que tiña
que volva pa alí
que o leven pa alí
que ese sitio ten muitos recordos
pa algunha xente de aquí.

Nese Monte do Roso
joden a pedra
a basura e a misma
e a fumareda
ese fume señores
desas fogueiras

Millán culpa ó P.P.
da estercoleira.
así non pode ir
a Conserveira
pa esa zona de merda
de Castiñeiras.

**"OS PENEQUES"** – 1997

## *O Peneque paseante*

Iba paseando un Peneque, e recitando mentalmente aqueles versos de Carballeira:

"N-unha quebrada o trasno repenica
n-o bandulho dos sapos, i-as vegadas,
óis-o cucú jogar as catro esquinas"

De súpeto, o noso paseante quedou envolto pola máxia do Entroido e tuvo unhas visións.

Viu ó presidente do F.L.P.B. (Frende de Liberación da Praia da Banda do Río), ataviado cunha pañoleta, modelo Yassher Arafat que estaba instalando a bandeira reivindicativa para a conquista da praia. Pepitus Máximus Novísimus iba dende a "Serra Maestra" ao Varadero con un andar de Groucho Marx, e un habano na boca, intentando negosiar. Alí mesmo, atopouse cun "lusista" amigo de Carballeira que levaba un "h" intercalada ó lombo, e puxéronse a discutir si musheo rimaba con astelheiro. Mentras tanto o carpinteiro de ribeira disfrazado de "Evita" a bordo dun bote polbeiro cantaba aquela famosa canción:

Non chores por min na barquiña
embárcate conmigo
a praia enteira conquistaremos
mais non te alonxes dos meus barquiños.

Un escribano da comarca apareceu disfrazado de calamar en su tinta, seguido de un numeroso grupo de acólitos, puxéronse todos a toca-las trompetas diante das murallas da Orquídea salvaxe, esperando que se viñera abaixo como lles pasou ás de Jericó. Pero nin o erotismo das trompetas, nin os corrimentos de terra foron capaces de conseguilo.

O Carolino está facendo un cursillo de iniciación ó galego, disque para entenderse millor coa militancia de base, anque as malas línguas din que nun furancho, confundiu a uva do tinta femia co collón de gato. Ademáis, agora vai de eco-loxista, é dicir, que soio escoita o seu propio eco:

Non cantaba na chan ninguén
por Iso meu Carro canta
si, si, probando, probando

O final tivo que recoñecer que tiran mais un par de tetas que dous carretas.

O centurión Sir Keirus Máximus atrancaba a rúas coas súas legións, pronunciando aquelas famosas verbas: "la calle es mía".

Demolisión Millán convertido en "Atila do urbanismo", galopaba pola Area de Bon, facendo realidade o dito de: "por onde el pisa non volve a medrar un galpón".

"A galopar, a galopar
hasta enterrarnos en el mar"

Na Cofradía, un grupo de peixeiras vestidas de blanco celestial, cantábanlle unha canción ó Patrón Maior..."es más fácil encontrar rosas en el mar...". O Patrón disfrazado de Gustavo Adolfo Bécquer, disfraz que lle viña de perfila, perguntáballe a unha peixeira a como iba o polbo.

A peixeira respostoulle, si lle foca o barco as pedras.

En Lagos os coellos están aprendendo a bucear e os cazadores convirtense en homes can... "Garabatos e oito patos aprendendo a bucear, parecían escuadrillas de xinetes polo mar". Hai novo concurso en Galivisión que se chama A Parodia Comarcal... coraçon coraçón, coraçón de tinteiro, que pedazo de artistas salen na Comarca deste noso pueblo".

Na Illa de Ons, están montando un ascensor de cristal no Buraco do Inferno para poder ver como medra o percebe e oír os cantos de sirea, mentras tanto en Melide fai un sol de carallo.

"De cristal... de cristal alí en Ons".

O axente local K.J.A.X. Bond 007 investiga a desaparición de un Expediente X, que despareceu do Concello.

Disque van a arreglar en Bueu os muiños de pedra, ¿non será que nos queren facer comulgar con rodas de muíño?

No Outeiro á fonte deulle perguisa e non botou nin gota, o Queimacasas dixo que foran tirando de momento a base de Fontenovas. No próximo mandato Novas ten pensado inaugurar a Jran Cascada.

Ó chegar ó Cruce de Beluso acórdate do Teorema dos Peneques: "si a hipotenusa non se che levanta. tíralle dos catetos", e ten cuidado co Pión, que che pode dar jaque mate.

## *Matremoneo de Comenensia*

Que aborto de **coalición,** ¡tracatrál
non se acaban de acoplar
Pepiño está **bloqueado,** ¡tracatrál
non o deixan gobernar.

Porque a dona do **capullo** se **lle subeu** ó asiento
e si Pepe di pra ora ela mete máis pa dentro
que ben que se compenetran nos plenos do axuntamento.

E co do Conservatorio non se puxeron de acuerdo
Pepiño tocaba a gaita e Aurorita o pandeiro
a o Orquesta **Topo-Lino** animaba o galiñeiro.
Ramón está **mancornao,** ¡tracatrál
non o deixan respirar
Aurora teno trincao, ¡tracatrál
e sempre están a **trucar.**
Aurora, Aurora, Aurora, ¡non truques máis!
Monchiño, Monchiño,
Monchiño, ¡que ten van a encornar!
Pepiño estaba **empapelao,** ¡tracatrál
no faro e televiçao
unha **Cuíña polo** lao, ¡tracatrál
**o Patrón** escaiolado.
Disque alí no Concello perdeuse algún **expediente** (x)
dentro do **caisón** de Lino había pufos pendientes
e van subi-los impuestos, non hai cactos pa tanta xente.

E con tanto mangoneo xa lle **pesou** ó alcalde
casarse por comenensia non lle vai saír de balde
o Novas está queimado con eses capullos que arden.

Floreano está mosqueao, ¡tracatrá!
agora ten que **fichar**
con Lino todo **amañao,** ¡tracatrál
agora ten que currar.

Floreano, Floreano, Floreano, ¡non chores máis! moreno, moreno, moreno, ¡superman **sindical!**

Agora que vai pasar, ¡tracatrál
con tanta infedilidad
os capullos bloqueaos, ¡tracatrá!
e o Lino sin mollar.

E contratan ós amigos, criticaban os de antes
porque o noso goberno está cheo de **mutantes**
cando chegan ó Concello todos se volven **mangantes.**

¡Que **"tufillo pestilente"!,** queixouse o Sindicato
"teñen **cáncer,** teñen **sida",** que virulento **contrato**
e tamén a **"mano negra"** opera nalgún despacho.

1 a estrofa

Pepiño, Pepiño, Pepiño ¡non chores máis!
Aurora, Aurora,Aurora, **¡déjalo gobernar!**

**"OS PENEQUES"** – 1997 (Continuación)

## Peneques a 90º

¡Outra vez!

Outra vez Febreiro ten cegado
outra vez de volta a **criticar**
**ese cruce** non damos arreglado
e agora eche un **jirigai.**

¡Empezar!

Empezamos por quita-la **placa**
que puxemos polo Carnaval
e despois para evita-la curva
unha esquina de **ángulo fatal.**

Ten coidado cos noventa grados (90°)
do furancho sal con discreción
e non lle botes a culpa á curva
si o viño disque estaba peleón.

¡No labor!

No Labor moito medran as **Rosas**
¿o camiño queren ocupar?
Non querían perfume os **Caballeros**
**e o Nacho** foinas a cheirar.

¡Cambiaron!

Cambiaron o **Cristo de Morousos**
polo santo parque empresarial
Adresiño está preocupado
e a Lobatón quere chamar,

¿Verterán no río de Nocedo?
¿para Reventóns irá a parar?
Cando teñan rematado o parque
¿donde van botar a **suga residual?**

¡Disque alí!

Disque alí na Praia de Beluso
a **tensión** vai por orillamar
e no vran non te arrimes á **tortea**
a bragueta podes chamuscar.

¡Cambiaron!

E cambiaron a depuradora
ó da **nasa** cheirábanlle mal
señorito que ten moita Fragancia
a Manolo fóiselle a queixar.

Hai retraso na **Casa do Pobo**
¿para cando a imos **estrear?**
Co tempo que levan traballando
xa podían ternos feito o Escorial.

¡Unha selval

Unha selva medra en Tomadelo
o **Progreso** xa non vai rozar
ahora son **Amigos de Carballeira**
e co alcalde van ir **arrimar.**

¡E queren!

E queren poñer unha **bandeira**
ondeando na praia de Bon
duchas, fontes, e torre de vixia
pa lavar **ameixa longueirón**

Unirán as dúas carreteras
e a praia sin intimidad
os **miróns** desde o apareament
o ollarán as **dunas** con facilidad.

¡E tamén!

E tamén de Lagos hasta Udra
miren parcamento os da Corporación
non deixedes que medren as chabolas
como antes xa pasou en Bon.

¡Queremos!

E queremos no **parque de Udra**
que a limpeza reine no lugar
e tampouco seria mala idea
que cos coches non se poida andar.

**Cazadores finos** de Beluso
ó penedo xa che van cazar
o pobre **eoello** acorralado
afogouse cando se tirou ó mar.

¡E tamén!

E tamén hai servicio de **urxencias**
nas tabernas cando che da mal
o **chaval** que saía mareado
e a ambulancia estaba a **repostar.**

¡E asíl

E así ó vir de chiquiteo
dos furanchos ou dalá de Bon
cando chegues ó **Cruce dos**
**Peneques**
**á plaquiña** bótalle a oración.
E si ves un pouquiño mareado
hache de pasar o cagallón
cando chegues ó Cruce dos Peneques
á plaquiña bótalle a oración.

## Crónica dun derribo anunciado

Alá por Bon habia unha **choza**
co borde do penedo a limitar
querían refrescar no río de Lijo
a **fiebre do galpón** perto do mar.

O **Lino** que xa se facía o parvo
e a choza cada vez medraba máis
coa orden de derribo aplancada
un expediente estaba a **bloquear.**

¡Que felices seremos en Bon!
¡Aquí nadie nos monta un follón!
pasamos as Normas polo forro
e reímonos da Corporación.

Con tanto demorarse o derribo
o pobo empezouse a mosquear
e menos mal que co novo goberno
a máquina empezou a funcionar.

Cando chegou o día esperado
**Afonso** tiña as plumas a quentar
mirando desde o chiringo de Lina
¡que **crónica** estaba a prepararl

¡Que ruxido espectacular!
¿que é aquilo amarelo de alá?
preguntábase a xente na praia
a excavadora empezaba a roncar.

Ós chinchos que estaban no chiringuito
cantábanlle as tripás de emoción
e o fume das sardiñas na parrilla
facíalles difícil a visión.

¡Ramón, apaga as brasas enseguida!
**demolissión-Millán** vai po galpón
isto éche un acontecimiento
¡que huevos hai nesa Corporación!

¡Que espectáculo sensacional!
¡de aviso lles sirva ós demáis!l
"aquel día estaba **soleado**
e a auga coma un **ceo de cristal"**

"aquel día estaba soleado
e a auga coma un ceo de cristal"
de cristal, de cristal, alí en Bon.

## Fachadas de Bueu

Ó chegar ó Concello
que **fachada** verás
nesa liña amarela
non podes aparcar.

É unha **cacicada**
moita comodidad
resérvanlle unhas plazas
pos nosos mandamáis.

¡Xa temos **Partenón!** (bis)
con palco e **columnata**
pas cepas de "nejrón"

O Millán anda floxo
tira catro galpóns
e non lle mete mano
ás **grandes infracións.**

Medran os do cemento
en Loureiro un **flemón**
por culpa Chicholino
temos unha infección.

¡E sube a construcción! (bis)
e pásanche das Normas
e da Corporación.

O **Sir Keiro** atranca
nesa rúa xeral
"pues esta calle es mía
y todo me da igual".

Mira ben onde **pisas**
non des un resbalón
que rompes o fuciño
e lambes o **marrón.**

¡Educa ó teu **lulú!** (bis)
e si fixera falta
ponlle un tapón no cu.

O tamaño do **polbo**
creou a discusión
e si coas mesmas nasas
pescamos o **fodón.**

**Rosas** na Cofradía
xa podes atopar
e chinchos pequeniños
¿quen os deixa pescar?

¡Deixáde os medrar! (bis)
controlen máis a lonxa
**Pesca e Sanidad**

Urbanismo salvaxe
alá na illa de Ons
furtivos, contrabando
de **"polvos" e juiston.**

A Festa da Vieira
xa non ten solución
coa **ameixa babosa**
faremos un festón.

¡Que contaminación! (bis)
xa chegan os **verquidos**
ata a Illa de Ons.

E tamén co paseo
non queren empalmar
o asunto **Pichafría**
estase a conxelar.

Esa **Orquídea** salvaxe
é mala de arrincar
nin Novas cunha Cuíña
a flor pode cortar.

¡Ai que cheiriño da! (bis )
**desagües** e paseo con flora tropical

As **peiaeiras** da plaza
de blanco celestial
agachan os chinchiños
e de **impostos** nanai.

A **cabaña** pos guiris
xa ten utilidad
que pufo veraniego
pa que mexen os cans.

¡Menuda confusión! (bis)
decía un jodechinchos
con descomposición.

**Azafatas** a hostias
pola ruta de Ons
**escotes e muslamen**
e gaitas a babor.

Este ano os Reixes
corrían que nin Dios
na outra cabalgata
iba **Mochi-Melchor.**

¡Menuda **maratón!** (bis)
a nenos e gaiteiros
non lles daba o pulmón

## *A Jran Cascada*

Sequía no Outeiro
**Perguisa** é follón
beber Fontenovas
é a solución,
Passa **Queimacasas** tanto da-la lata
queremos agua pero barata
pasa Queimacasas tanto da-la lata
e polo cano una catarata.
E todos dicían quen era o culpable
non sae unha pinga, chorro miserable
por culpa do **pozo** non hai suministro
e agora o Outeiro está feito un fistro.
Dicían que a **arqueta** é a nosa teta
que ningún **capullo** nos toque a trompeta.
Outeiro sin agua, negossio fatal
pois disque vendía agua mineral.
Passa Queimacasas...
Ajua si, ajua non
capullos na poltrona
ajua sí, ajua non.
A **máquina** estivo perto do **buraco**
pero non deixaron meter o aparato.
Ajua si, ajua non
bloqueo na poltrona
ajua sí, ajua non.
Alcalde, alcaldesa molládevos xa
falarlle ó **capullo** e con suavidad
pa cando teremos a fonte arreglada
queremos Pepiño unha **jran cascada.**
Con tanta movida houbo **corrimentos**
a terra tremía con tal esperpento




Aurora rajouse
e dou marcha atrás
o seu **capulliño**
non deixa tocar.

Passa Queimacassas...

Capullín, capullón
espiñas na poltrona
capullín, capullón.

Novas bebe viño
Aurora tamén
e pasan da fonte
... ¡amén!

Viño sí, ajua non
e tinto na litrona
viño sí, ajua non

**Tinto** sí, ajua non
e femmia na poltrona
¡tinto si!,¡ajua non!

**"MIRACHILIS"** – 1997

## *As guerras do noso goberno*

Si as mulleres andan cabreadas
e non sabes cal é a razón
debe ser que o cascos no congreso
foi comparalas con esta nación.
As que alí estaban nese momento
pola porta sairon a pe
murmurando todas entre dentes
vaia machistas son os do P.P.
Que ben vivimos, iso é verdad
eche o mismiño, con Felipiño
que con Aznar
Pulloi os move, con só unha roan
que hasta na tele, da os discursos
en catalán.

En Madrid temos un aeroporto
que non sei quén o pudo mirar
porque nestes tres últimos meses
foiche noticia do que está a pasar.
Os viaxeiros xa están aburridos
dos retrasos que trae o avión
e un obreiro que estaba picando
alí ó lado fixo un apagón.
ESTRIBILLO
O PSOE sigue traballando
Felipiño aínda quere seguir
sabe ben que si non é do conto
e máis dos vellos non pode vivir.
Desde que deixou a presidencia
o que máis amargado o trae
e non poder vivir na Moncloa
rodeadiño de tanto bonsai.
ESTRIBILLO
Co follón que teñen en Facenda
anda todo revolto outra vez
o PSOE critica ó goberno
e aínda non saben a culpa de quen é.

Estas guerras son interminables
do goberno e da oposición
todo mundo pode comprobalo
cando encendemos a televisión.

## **"MIRACHILIS"** – 1997

### Todo está en obras

Vamos contarlles señores
o que neste pobo, están a preparar
aínda que todos sabemos
que roáis que outros anos se pode mirar.

Alá en Castiñeiras, están a traballar
nese gran proxecto, do Parque Industrial.

E o basureiro aínda sigue activo
con tantos vertidos, nos está apestar
e o proxecto que hai no Morrazo
da incineradora vai ter que esperar.

**Cando no pobo estés aburrido**
**vai dar un paseo, por orillamar**
**pero cuidado que aínda está en obras**
**e con tanto barro, pódeste manchar**
**e ten coidado a trabesar**
**mira ven pos lados, vai con precaución**
**porque te pode atropellar,**
**unha escabadora ou un camión.**

Falando de escavadoras
que no aterado están a traballar
van facer a lonxa nova
mesmo para o lado da Casa do Mar.

Para moitos vellos, e unha distración,
mirar como chega, tanto camión.

A lonxa vella, disque xa non vale
pero non sabemos, si a queren cambiar
porque habíase quedar pequena
ou porque os da droga, os queren votar.
ESTRIBILLO
O máis bonito do ano
loi a cabalgata do "Papa Noel"
tirandoche dun trineo
oito cadeliños, detrás dun cordel.

Todos os rapaces, corrían detrás
uns por caramelos outros polos cans.

Ían correndo dun cruce ata outro
e volta de novo o mismo lugar
tanto anduveron polo mismo sitio
que hasta a carretera foron desgastar.

### Poleiro Real

De novo estamos aquí,
neste poto tan logrado
que os chavales para sair
vanse po pobo o lado.

O paraíso de Bueu
sigue igual que hai 20 anos
e si vas a Malibú
e tan grande que sobramos.

*San Martiño, San Martiño*
*dinos ti que podemos facer*
*uns prometen outros rouban*
*pero to=nos queren joder*
*so se acordan dente pobo*
*cando ternos que ir a votar*
*e se xuntan BLOQUE e PSOE*
*por subirse o poleiro real*

Tamén a poli local
Togo de facer un ano
como os outros queren ser
e compran un terrano

Soio líes falta comprar
unha grua para este ano
para non ter que irlle a pedir
os do taller de Servando

ESTRIBILLO

Chegou a revolución
parque de Castiñeiras
todo o mundo a traballar
dixo un pupilo de Beiras

Soio nos queda añadir
aterrado que fixeron
non lles debero
porque anda non

ESTRIBILLO

Isto vai en progresión
xa fan de todo un pouquiño
que na casa da salud
abriron nutro camiño

Xunto o Concello de Buen
levantaron a alameda
hasta ahí foi todo ben
construila e o que queda.
ESTRIBILLO
E nas datas do Nadal
estaba todo preparado
que bonito estaba Bueu
con semellante alumbrado.

O día de Reís se xuntou
na Portela tanta xente
porque andaban a decir
que había un Belén viviente.

### A conta dos parvos viven os...

Bueu está en reformas
cándo acabará
hai che monas obras, si
c non hai canos. non
para pagar.

Algún que nutro a traballar
e outros tantos a chupar
como vamos a acabar.
non pode ser

Que teñamos que pagar
tanto como fimos cobrar
e Bueu sea arranxar.
non pode ser

O Novas non pode roáis
e a alcaldesa a de chorar
as deudas sea facturar.
non pode ser




O Concello estoupará
deudas aparecerán
quén pagará.

Solo nos faltaba
algún chulo roáis
que cobrará impostos, si
pra encher o peto. si
co dos demáis.
ESTRIBILLO

Se queredes ter
o día de mañán
algún que nutro aforro, si
vaite metendo, si
municipal.
ESTRIBILLO

Nos xa rematamos
vos tendes que ver
andar con coidado,si
ou vosos canos, si
van vos joder.
ESTRIBILLO

### A Jran presentasión III

Xa chegou o carnaval
eche tempo de criticar
MIRACHILIS fimos cantar
os problemas que hai que aturar

*Eche xa o tercer anos,somos máis xente pura cantar*
*estas cancions de troula que nos animan pura brincar*

Como canarios non nos mirar
o amarillo e para destacar
e na cara non vos fixar
vai de verde para nos tapar.

*Estas caras tan feas que nos obrigan a disfrazar*
*porque espantan as mozas que nos queremos para ligar.*

Este ano van reforzar
escenario para actuar
MIRACHILIS queren cantar
sea que as tablas volean rachar.

*Un fracaso foi o paxaro do ano pasado rematar*
*os de jora todos tocaron e os da casa sea actuar.*

Pero non nos vamos a ir
non sea antes algo pedir
vosa azuda vennos moi ben
para a comparsa poder manter.

*Témos nos mohos gastos, porque vai caro v instrumental*
*non temas un pataco e a vota azuda vennos xenial.*

**"LA PANDA GUAI"** – 1997

## *Presentación*

Xa podemos todos estudiar
para que os país non podan chistar
e todos con animación. Disculpen
algún que outro error.

Cando vimos todos de ensallar
dinnos a todos na porta ao entrar.
Que facedes por aí. Ai que cear e a
durmir.

Aquí estamos os desta Panda tan
Guai.
Aquí estamos para volver a cantar
neste Antroido. Xa temos acordeón.
Que nos quiten o bailao. ¡Animar o
mogollón!.

Miramos moito a televisión.
E así "oír" os noticións
para poder sair aquí. Dando alegría
ao Carnaval.

Esta é a última canción
desta Panda que somos tan Guais.
Disculpen os chorros de voz.
Aplaudan con animación.

Aquí estamos os desta Panda tan
Guai.
Aquí estamos para volver a cantar
neste Antroido. Xa temos acordeón.
Que nos quiten o bailao. ¡Animar o
mogollón!.

## *Que bonito*

Que bonito. Que bonito.
Que bonito o noso Bueu
cantaremos a este pobo
as suas xentes e a seu bo facer
coas suas praias, os seus montes
as campiñas e os arreáis
viaxaremos po-la nosa vila e daremos
a volta ao revés

Cantas cousas por facer
ai que apurar o piteiro
uns din que sí, outros que non
non se poñen moi de acordo
xa temos a coalición que governa o
noso pobo
a ver si a oposición
faI un pouco de presión.

ESTRIBILLO

Amigo ven a fichar
ven a fichar moi cediño
por iso ai que correr
para agantar o curriño
eu fichareiche unha vez
prometocho meu amigo
e ti me vas a facer
o favor de estar mudiño.

ESTRIBILLO

O noso terreno novo
que lle gañamos ó mar.
Dounos mais dun problemiña
coa terra que alí hai
vamos todos a espiar
e abrir un expediente
de onde veu esa terriña
quen a fixo remolcar

ESTRIBILLO

## *¡Que viva España!*

Temos un novo governo en España
"din que o antigo xa ten xubilación"
con máis pitos que flautas van
pasando
e prodiganse parodias e follóns
non sabemos cal será o mellor
máis probemos con resignación.

Por iso oese ao "P P "
"Que viva Puyol" pequeno pero
resultón
"Que viva Puyol" el si que é o
mandamáis
"Que viva Puyol" fará un ha nova
selección a ver si ten "cullóns".

Xa os funcionarios vense
descontentos
pois ata eles chega a conxelación
ós farmaceuticos fervelle-la testa.
Soio pensar nas súas reduccións
máis eles que fan con protestar
e que non miran a "Parodia
Nacional".

ESTRIBILLO

Os periodistas queixanse a miudo
que a pesar que fan de
Sherlock-Holmes
os xornais quédanse aparcados
e forman Giness as revistas do amor
vaia coa cultura do país
teremos que aprender dos de París.

ESTRIBILLO




## *"O Pupurruchi"*

Ai que vaquiñas con marcha
teñen agora os ingleses. *(bis)*

Bailan as jotas e tangos
e din que pra tolos eles. *(bis)*

Pois llo pregunten a Fergi e Diana
son duas vaquiñas con moita cornada
*(bis)*

A fiebre que está de moda
Pizza Móvil tontorola. *(bis)*

Si a compras con doble piso
hasta cho levan a escola. *(bis)*

Mira Pizziña tamén cacharro
soio cos dous teño pufos no Banco.
*(bis)*

Pecháronnos os tractores
por culpa da Supertasa. *(bis)*

Xunta, Loyola, Bruselas
deixenos muxir as vacas. *(bis)*

Por seis litriños que mais vos da
eses da Europa sempre joderán. *(bis)*

Pediron os andaluces
o santo pra que chovera. *(bis)*

Quedoulle o grifo atascado
teñen a bañera chea. *(bis)*

Desatascar e apuren xa
que a marea está xa a chegar. *(bis)*

E a nena a nai lle dicía xuntas
daremos a nota. *(bis)*

Prepara os trastos María
pra non quedar en pelotas. *(bis)*

Os apuradiños viñeron xa.
Non lle dou tempo para a saude nos
va.

Cristina colle o bisturí.
Témblanme as pernas ¡a nena está
aquí!

Mira ruliña que "juapa" eres
vicando ó chofer, Doctor, A.T.S.

## "OS MULOS" - 1998




### A moda

Nos tempos que agora vivimos, que barbaridad
haI muita cabeza quente, solo quere clavar
hasta o PresidenteClinton, que imaxen nos dá
catro mulleres o acusan deabuso sexual.

De este Pobo de Bueu imos a falar
porque hai muita picha brava en plan semental
algún usaba as cabinas ra desafogar
e outros as tres da tarde no muelle a bicar.

*Escarranchado chegou*
*un funcionario pra aquí*
*e polas oticas buscando remedio*
*anduvo o pillín.*

*E a cura atopou*
*dentro do Axuntamento*
*cando ela ese bulto asqueou*
*a Castela o mandou.*

Sabemos de dous nun furancho quixeron ligar
a unha artista de Cangas que non estaba mal
o coche a casa un deles correu a buscar
coa idea de polo camiño facer sixty nine (69)

Pero ela como era de oficio deixounos quentar
mandounos esperar un pouco que iba a mexar
e cando xa estaban cansos de tanto agardar
notaron con ela a carteira marchara a voar.

*O Bueu Xuvenil*
*fixo un festival*
*e truxo un conxunto que encima do palco*
*púxose afollar*
*e a Dona de alí*
*os seus ollos tapaba*
*disque xa non quería mirar*
*semellante mingallas.*

### O goberno

Este ano darémoslle caña
o Goberno e os darredor
o pasado non lle demos nada
EPAÑA VA BIEN, pudo ser peor.

Vaia pacto nos foron facer
e o trato cóstanos mui caro
boa parte do gran presuposto
danllo a eles, pra que cale
O Chupón de cabeza de Lado.

Hai Enanin, non me seas galopín
fódeche ben O Felipín
Pujol e como un carracho
e chupa mais sangre que viño un borrachín.
E as pensións este ano subirán
un dous por cen ou pouco mais
cobrarancho cando caias enfermo
pois co Medicamentazo
van facer un negoción.

Enchentes non tomen amigos
Becaría recomenda xa
Co invento de esa nova Ley
Hasta lavatibas, non recetarán.
Cando acaben eles de xusgar
todo ese asunto Filesa
esperemos que sobre un tempo
e que busquen algo raro
alí nos aluminios do Deza.
O Manoliño que chorón se volveu
a Magdalena semella xa
con años que ten ese home
pois unha bulsera, por el disque fará.
Aconsellou ter muitos fillos señor
para aumentar a poboación
cos empleos que eles xa nos crean
quen da de comer a tantos
vai ter que mantelos Deus.
Esta xente que goberna
de cada casa o mellor
e fan eles o que queren
imos de mal en peor.

### O noso porto

Mirando o Peirao
decían dous vellos
haiI que ter carnet
si ti queres ver
aqueles cortellos
que alí van facer.
Porque xa joderon
aquel novo atraque
con ese galpón
que a veira fixeron
pero non sabemos
aínda pra que é.
*Hai Xosé ti donde estás metido*
*como as obras deíxache empezar*
*teñen que auisarche os ueciños*
*non te acabas muíto de enterar.*
Que o Perillas acabe esa Lonxa
que llo pida ó PP
porque a xente ten ganas de festa
quere outra vez comer.

E agora non temos apuro
hasta que haia eleccións
pa que veña poñer outra pedra
Cuíña o Emperador.

*Hai Chiviñas debes ter cuidado*
*deses vellos que van a pescar*
*que o Pagan solo por deporte*
*non foder a todos os demais*

Preguntamos Os Mulos agora
donde está ese papán
que mandou facer esa gran obra
chamada Pantalán.

O fixeron gardado do Norte
non pensaron no Sur
e o vir as primeiras airexas
foi tomar polo cú.

Hai si eles nos fixeran caso
farian un Porto en condicións
aterrarían ese buraco
deixarían de gastar millóns.

### Esterco plus

Si as de cair enfermo
que sexa pola mañán
pois de noite e fin de semana
ambulancias non virán

Servicios non che teremos
que contentos están xa
con todo Lixo que traen
os do Morrazo pra acá.

Farannos un bo esterco
pras legumes sementar
non cries porco nin vaca porque
abono sobrará.

Propuxo un día o PP
pra Borrallido levar
o lixo de todo o Pobo
o Progreso a protestar.

Agora O Bloque amontona
unha cuarta mais pra alá
pero como son parentes
eles calados están.

Progreso pónteme fino
os veciños mosca están
según quen mande alí
dentro saides a protestar.

Si vas a Praia de Tuia
unha fonte alí verás
que ten un chorro mui alto
e fede bastante mal.

O día que nós teñamos
a merda a depurar
quedaremos sin a fonte
e a praia non cheirará.

Rematar a depuradora
para o Pobo sanear
a praia de Sartasens
pola merda está a esperar.

Falaremos nos agora
do Museo que aquí está
tanta xente vixiando
e dentro non queda nada.

A xunta mandou un home
para inventario facer
era da misma familia
que votou todo a perder.

A Xunta con eses Donos
Compinchados estarán
si entre eles se entenden
un bo negocio farán.

### Mulada

Somos OS MULOS 98
e como sempre por Carnaval
saudamos a todo Pobo
e o Rambo imos lembrar.
O seis de Xulio morreu o pobre
e non sabemos nin donde está.
Pois molestaba, a un nariz fino
Chamaron a autoridad.
RECITADO
Ten cuidado Xosesiño
con ese Patrón Maior
que non e da Cofradía
vive alá en Portomaior.
*Tamén imos criticar, nos aquí (bis)*
*os que nos están a mandar, desde alí*
*porfacernos as promesas*
*cando a votar temos que ir.*
*Despois non se mira nada*
*xa parecen os SISIS*
Con eses cambios
que hubo en Cultura
que algún se acorde do Carnaval
da Banda, tamén dos Gaiteiros
e do Deporte en xeral.
Ese gran Parque que hai nos Galos
non se nos vaia quedar atrás
pois xa lle chaman Parque dos Pobres
nin hai donde se sentar.
RECITADO
Ten cuidado Auroriña
non te vaias esquencer
paga os atrasos das festas
e déixate de joder.

*Pregámoslle os mandamais (bis)*
*Cando queiran aforrar*
*que empecen polos seus soldos*
*non fodendo os demais*
*e que acaben de unha vez*
*ese Parque Empresarial.*

**"OS PENEQUES"** - 1998

## Antoloxia 89 - 98

Foi no ano 89, ano do Garrafón, cando nos pariu o Antroido, que chegou preñado de poesía, viño e humor; e foi, por suposto, no Casa do Pobo de Beluso, como non podía ser doutra maneira. No colexio ensaiamos e pulimos as canciós, e cando se acerca o *carnaval sempre cumprimos a tradición e baixamos a Sar, país temos olí un amigo especial que nos ofrece un barriliño con amistade e cariño, que nós sabemos apreciar.*

*Levamos xa dez anos facendo as duas cousas que máis nos gustan; probar unha boa fecha e criticar con humor e sutileza, facendo vibrar a alma do antroido dentro do nasa acordeón. Cantamos, eso si, á nasa maneira, o patrón, ó galo, á mangueira,... e dende a* ***Ruanova ata Bon non*** *perdemos ocasión, país si atopamos un bo vino esgotamos o filón. Cantámoslle ás nasas praias, a Udra e ó Pión, e tampouco nos esquecemos da nosa Illa de Ons. Nunha Mistura Máxica descubrimos o terciopelo secreto da Chábarry, e ó Woitila pedímoslle gomas para as nosas pililas. Celebramos con vodka a Perestroika mentras caía o Muro de Berlín. De mediocres empachadas, as nosas rúas gastadas están cheas de socavóns, e no Costa de Figueirón disque se romperon algúns frenillos. No cultivo do nabo somos atletas de envergadura, e fixemos prevención con Follow me with condón, pois tomen cantmos en inglés si a causa ten moito interés... oh... yes... Manda carallo no Habana, nos marcamos aquel son, agotáronse os cubatas e Manuel foi con Fidel a buscar unhas mulatas... e o seis doble non doblou. Os narcos en Vila-Winston disque padecen morriña; será que lles falta fariña. En urbanismo demos moito que falar con Licencias para mangar. Cantámoslle tamén ós guapos máis feos de Cabalo, mentras o Conde de Agrelo ía tirando con Nove caixiñas e media, de vez en cando. Un telefodón de cassete (Hot Line) estaba facendo un 69, mentras co mando a distancia marcábase un Chocho-Zapping con Carmen Ladilla y sus ovejillas. Mentras tanto chegaron as Follas Novas e despediuse o Carolino entre piropos de Floreano e a Bella Aurora; todas unhas exclusivas. Bueu quedou cheo de Pena dividido polo Sisma, e ó final foron de marcha a Santiago no Sir keiro a bailar unha muiñeira, mentras Ramón tomaba un ribeiro... co bispo. Agora, o clero desborda de alegría, e os misterios sacros retumban no megafonía. O percebe no apogeo, no puente un meneo, calor no medio da ría, e Pepita... ique juapa!. O matrimonio de comenensia compenetrase, Pepiño déixase querer polo Bella Aurora, e Afonso carga a 'sua pluma mentras Demolissión Millán exhibe a súa musculatura en Areas de Bon... aquel día estaba soleado, e a auga coma un ceo de cristal.*
*E o culebrón continúa, pois xa chegamos ó Antroido, xa chegou o Carnaval, e aquí estamos Os Peneques moi dispostos a criticar. Gracias a todos polo vaso apoio, e en especial ó pobo de Beluso, cuia colaboración e alento foron uns dos principais motivos que nos levaron en cada un destes dez anos a quedar con gañas de repetir no seginte Antroido.*

### As tres erres

(ROMANCEEN + RECICLADO = RETRANCA)
Música: Las Hermanas Sister
**Estética** ten o lixo
o **Novas** quixo demostrar,
pero o pobo de Beluso
non o quere ni mirar.
Disque el vai a traernos
a todo o mundo a cheirar,
os **peídos** que bota o **Bloque**
no nasa parque industrial.
¡E o lixo apestará, *ou...dubi...Millán!*
os *de Cangas* e Moaña ¡a merdiña nos traerán!
Non *chegaba coa que había,ou...dubi...Millán*
¡toda a merda do Morrazo nos *queredes empaquetar!*
En Castiñeiras, señores,
museo do lixo ¡mas ter,
con tan **exóticos cheiros**
un paraíso vai a ser.
Ramoncín **"o reciclado"**
falaba do ben **FEDER,**
e no Casa da Cultura
xa fedía o **cordobés.**
*ESTRIBILLO*
De Córdoba e Montejurra
**enxeñeiras** pro liar,
e as virtudes dos peidos
ensinarnos a apreciar.
O **"barbas"** calou a boca
anestesiado total,
pois botaba Ramonciño
malos ventas por detrás.
*ESTRIBILLO*
**¿Ramoncín,** xa non te acordas
do da manifestación?,
non querías que o lixo
se viñera para Bon.

Coa axuda do **Progreso**
o do lixo avante vai,
antes dicían "esterco",
agora "perfume guai".
*ESTRIBILLO*
Xa se oen os lamentos
os queixumes do pinal,
e cos noxentos **perfumes**
xa nos queren afogar.
¿Por que ten que ser Beluso
o que teña que agantar toda
a merda do Morrazo
en un **bloque colonial?**
*ESTRIBILLO*

### Comedia no peirao

*(COÑA MARIÑEIRA)*
Música: Viaje con nosotros

Este ano no **relleno** temos follón,
a festa empezou por culpa das eleccións,
país o Novas andaba a pescar, país o Novas,
porque os votos corrían todos por orillamar.
Os da **Xunta** que chegaron a conquistar,
pero non tiñan **licencia** para atracar,
¡que piratas!, ¡están a abordar!, ¡que piratas!,
porque con moi **malas artes** o porto están a esquilmar
¡Mira *que comedia* temos no peirao ¡
Novas á *deriva quedou* aboiao
*e* Cuíña ia *manipular!; e* Cuíña,
pois ten unha *marioneta que se* deixa manexar.
A **rosas** cheiraba Cuíña polo peirao,
ía todo perfumao á inauguraçao das **pantallas**
de orillamar, das pantallas,
e o escarpón marioneta a perilla ía a peinar.
Disque ía aprendendo a declinar,
"rosa e rosae rosas", **latín** total,
e o cabildo, ¡rima **popular!,** e o cabildo,
**emborrona** coa tinta como fai o calamar.
¡Mira que *comedia* temos no peirao
*jándache o perillas* todo empalmao
e no lonxa, *¡que calamidad!, e* no lonxa,
os *chinchos non* dan a talla *e véndense por detrás.*
**Novas** anda estreñido sen evacuar,
no porto ten a canteira a bloquear,
e os de Portos ¡están a **"okupar"**!, e os de Portos,
pras **Follas de Carballeira** sitio non ¡le van deixar.
E co tema das pantallas de orillamar
unha **coña mariñeira** están a rodar,
¡que intriga!, ¿como acabará?, ¡que intriga!,
**"el bueno, el feo y el malo",** e todos a naufragar.
¡Mira *que comedia* temos no peirao!
*indache o* pobo todo rebotao,
*mariñeiros* sen se aclarar, mariñeiros,
*asociacións* e *veciños,* e todos a protestar.
E o **carro** está a facer a revolución,
vai sen rumbo dando tombos pro **malecón,**
e con Cuba está a comparar, ¡que locura!,
con ron e salsa no porto isto se pode arreglar.
No atraque aventuras te correrás,
disque sube, disque baixa o **pantalón,**
¡que meneo!, ¡que gustiño da!, ¡que mareo!,
e con tanto bamboleo máis **polvo** vai a atracar.
¡Mira *que comedia temos* no peirao
a veda do polvo non ten soluçao,
a **peaxe** terás *que pagar, ¡que* salvase
e coas *redes gardadas colchón* non vas a topar.

*********************************************

## Despendole total

Música: Popular Aragonesa (El Ebro guarda silencio)

Elles o de Bueu, señores,
un rollo moi pendular,
tanto despendola o Bloque (bis)
como o carro popular.

Coas fontes infestadas
cagarrías podes ter,
traída de Tinta Femia (bis)
desde Cela van poner.

*Fai o que líe sal do 'juevo"*
*a des-Protección Civil,*
*e esa "Brigada Rápida" non pode cos 'juevos"*
*e collen tortugas mil.*

Temos mámoas axfixiadas
no nasa "Xurasic Park*",
agora con tanto tufo (bis)
¡as momias botan a andar!.

A nasa praia de Lagos
está feita un barrizal,
o polvo por Mar e Monte (bis)
xa o vas poder pescar.

*E houbo no Paraíso*
*grande comedia sexual,*
*seica solo era un streaptease, Sodoma, Gomorra,*
foi *unha orxia total*

Tamén o Fraga se excita
cun escote tan social,
e con cinco mil punteiros (bis)
a gaita está a levantar.

¡Que guapo saíche, Fraga!
no cartel electoral!,
e con vinte anos menos (bis)
estás feito un semental.

*Almorzas lacón con grelos*
*e o teu son as queimadas,*
*se se pon algunha a tiro, melosa, mulata,*
*ti sabes como doblala.*

Pero polo extranxeiro
xa che queren facer sombra,
pois o nabo de Bill Clinton (bis)
anda "a rasto" polo alfombra.

Disque no despacho oral
o Clintorix masturbao,
dixo Mónica Lengüinsky (bis)
"isto xa o teño chupao".

*E o Papa* foi *a Cuba*
*¡que pecado orixinal*
*con Fidel no Tropicana, e ron de caña*
*tivo un mareo sensual.*

*Quedouse algún furancho*
*sin alpiste e sin faisáns,*
*en canto se dou a volta, por pelos, por pelos,*
*roubáronlle o arsenal.*

***Museo do lIxo**

## Urbanismo de carton

Música: Yo le pongo salsón

No tema do **urbanismo**
haiche gran preocupación,
estamos **apalancados,**
non avanza a construcción.

Este pobo está moi morto,
nós temas a solucción:
¡darlle **caña** ó goberno
e tamén á oposición!

Entre convenios e apaños,
alturas e **retranqueos,**
o urbanismoten **retranca,**
descontos e mangoneos.

No urbanismo **Ramón,**
todo é **negosiasión,**
¡ti eres o reí da escuadra,
o maestro é **si marrón!**

*¡Hai que darlle caña!*
*¡Espabila Ramón, on, espabila Ramón*
*cando apliques as normas ¡cuidado co cartabón/si marrón!*

E negocian os derribos,
expedientes e sancións,
fan descontos ós **amigos,**
**vista gorda** e concesións.

Haiche **leis** do carallo,
no tema da construcción,
¡fanche falta **dous mil metros**
e a ostia de millóns!

Estanse a poñer de moda
no concello esas **fachadas,**
aplicando a Lei do Solo
para facer **cacicadas.**

**Catedrales e culebras**
rondan por orillamar,
mentras temas no paseo
praias para conquistar.

*ESTRIBILLO*

E o Novas culebrea
no xardín da oposición,
fai de encantador o **"excelso",**
de fakir fai Don Ramón.

E o tema das **Lagoas**
eche todo un **pantanal,**
tiraliñas do concello
non saben planificar.

Todo o mundo se pregunta:
¿Novas cal é o secreto?,
¡fai que a construcción avance
anque sexa por decreto!

O de **Alonso** vai moi lento,
hipotecado **Massó,**
a culebra en escabeche,
**¡urbanismo de cartón!**

*ESTRIBILLO*

## Orgasmo mundial

Música:Saca la mano Antonio

"Si el vigore va bene: ¡avanti con el pene
si el vigore mengua: ¡avanti con la lengua;
si el vigore e nulo: ¡avanti con el culo;
¡avanti, avanti, avanti, mentras el se che levanti!

Agora imas contarlles
o porno-vídeo do ano,
intimidades do **Mundo**
polo burato do armario.

Noites de branco satén
**exuberancia** en sostén,
con un tangatransparente
unha tentación fetén.

Imos aconsellarlles sobre temas do carallo:
¡se vas botar un *kiki* mira dentro do armario!
*e se* non o tes claro, por se acaso apaga a luz,
¡e polo *buraquiño non* che darán polo cu!

Naquel corpiño bermello,
embutido **Pedro Jota,**
que a gatas amasaba
aquelas nalgas gloriosas.

De praceres tan humanos
o mundo enteiro disfruta,
¡pero estache moi mal visto
que te pillen cunha puta!

*ESTRIBILLO*

O **espía** no armario
facía unha paradiña,
e para desafogarse
unha que outra manoliña.

Con que dulce suavidade
o tratou a concubina,
¡pois untouno pola **popa**
cun tarro de **vaselina!**

*ESTRIBILLO*

Borracho polo perfume
**Pedro** dixo: ¡"tómame"!,
ela mollou o **vergallo**
en agüita "j- o- de-te"

Chegou a altas esferas
aquel orgasmo mundial,
¡este "ano" o retransmiten
pola **Vía Dixital!**

*ESTRIBILLO*



**"CHAMANLLE X"** 1998. Volven logo dun ano de descanso con vestimenta mexicana, cun poncho e sombreiro de palla.

## *Manifestación popular*

Neste pobo machacado
por dereita a discreción
todos días hai de guardia
unha manifestacion.
De mulleres maltratadas,
paro ou privatizacións,
tamén contra o terrorismo
pedindo unha solución.
Ai ai Aznar vaia follón,
colle a Botella e marcha de excursión
e ademáis, faino favor,
lévate a Fraga e a corporación
As mulleres xa cansadas
de tundas, choros e dor,
gritaron por todo o alto
¡non queremos mais negróns!
E os maridos ben tranquilos
mirando a televisión,
denunciados por dar ostias
non hai penas nin prisión
Ai ai que leis contra a opresión
inda defenden a eses cabrons.
Pos malos tratos a compensación
e que os colguen polos collóns.
Que me din de todo o lío
Po la privatización.
xente como os de Barreras
non tiveron cotillón
Durmiron nas oficinas
os días de celebración
pero os "gordos" non lle importa
e din que "España vai mellor'
Ai, ai, ai lío polo carbón
cos nosos mineiros, menudo follón
do persoal piden reducción
cana nas rúas, non hai solucións.
O do Paro xa e de risa
neste mundo loitador.
Ata volveu a censura
a nosa televisión.
Navarro e Lucas Grijander
quedaron sen a funcion
polo NODO do goberno
que controla o mogollón
Ai, ai, xa ves, "España va Bien"
Ata Felipe está no INEM
Ser europeo é o que convén
o do traballo total tanto ten.
Os da banda armada ETA
non pasan de ser matóns
que agolpe de metralleta
imponen as condicións.
Non lle interesan as leis
pasan da Constitución
pero un líder desta panda
de nos chupa unha pensión
Ai, ai, ai Jon deixa pensión
sé coherente, non sexas mamón
pro País Basco unha solución
con menos bombas e con mais razóns.

## *O paraiso sexual*

Ohhh la la, os do fútbol querían viaxar
Ohhh la la, co das rifas non lles vai chejar
Despois de entrenar facian reunións
O cerebro SEXprimian para topar solucións
Loteria, ¡mala idea!, Bingo o venres ¡non!
Desfilar, vender tortillas, no pavillón.
Un venres póla noite no cANALplus miraron
A "erotissassón dun "Tenafilme" italiano
E ó chegar o campo, o día despoís
Din de traer a Bueu un jrupo de SexiBoys
Ohhh, la la musculos e tangas para gossar
Ohhh, la la eroTisiMO, ademas muy "light"
No baile "Pirigallo" montaron aquel SHOW
por seiscientas pesetas mirabas a función
Decia unha muller: ¡Hay que nerviosa estou!
¡Se non empezan sedo mexo nos pantalóns!
Pois eu mirei isto na televisión
hai que meterlle cartos entre o tanga e os collons
e como o billete sea un de sincomil
alusina vecina... ¡desenfunda o misil!
Ohhh, la la xa sufrían crisis de ansiedad
Ohhh, la la as babillas chegabanlle o chan
E cando de repente abriuxe o telón aquel
Os que a pista saliron no estaban no cartel
Unha muIler e un home ¡que carallo fan!
DisfraSADOS de cuero e con latigo en man
Sacaron pantalon o sinturon e as botas
E ós cinco minutos xa estaban en pelotas
Ela agarrou o micro da quel anima
E empezou a facerse unha limpeza bucal
Ohhh la la, o kamasutra ian practicar
Ohhh la la, Catusa empezou a presinar
No tempo que collias da barra o teu cubata
Aquela muller xa che estaba a catro patas
Algún ainda non creia o que ali estaba vendo
E mentras o fulano xa lla estaba metendo
Tiveron que apagar as luces do escenario
Antes que subira a pista algún espontáneo
e a xente decía antes de marchar
Os cartos da entrada temos que reclamar
Ohhh la la, a faena non puido acabar
Ohhh la la, "PornoPiri"espectacular
A xente foi a porta toda arremolinada
Para que lle devolvensen o importe da entrada
O mana er nin pataco ¡les quiso soltar
Foi cano se montou a guerrillada final
aquel representante seica era portugues
decindo "FODASE PA" aquí non volvo outra vez
Votaballe as culpas o dono do local
se non o rescatan acaba no hospital
Ohhh la la, a faena non puido acabar
Ohhh la la, "PornoPiri"espectacular

## *Felix Rodrijes de la Fuente del cano*

**Fontes** varias temos en Bueu
moi bonitas con herbas e flores
non bebas delas porque senon
agarras un dolor que te jodes
Hepatitis, ardores e virus
esperando no verdín están
Os rapaces tiñanche resaca
quedaron nos huesos de ir a gomitar
Ai!, que dolor, dio rapaz
Ai! que dolor
non quero auga nin do motor
Nin a do cura, non señor,
nin de botella, por favor,
voume pasar irecto xa
para o alcohol.
Outra cousa importante do auga
na hora de facer o café
non fai falla ter a cafeteira
xa che sae do grifo moi ben.
Canto aforrarían os bares
incluso valeche para os tés
Pero si o bar e na Camasqueira
só hai café no inverno pola escasez
Ai! Concejales
do noso pobo,
estades cegos, ou algo choscos.
Pois pra lavarse neste lamouco
hai que ter huevos
ou ser un porco.
Seguiremos falando da hixiene,
que relumbra na Banda do Río:
cando chove con forza no invemo,
as camas flotanche nalgún sitio
Nesas casas cerca da farmacia
aumenta a población de repente:
Ratas, ratos, murañoS e bichos
saen a pasear e a falar coa xente.
¿Que pasa Felix?
Que pasa Celso?
on tanta merda que hai no pueblo
nin sae auga, nin obras vemos
para atraer o extranxeiro.
Si querias mediante subasta
comprar unha casiña barata
por dous Kilos que ti abonaras
ra fora os que as necesitaban.
Por feder a Rosas e a sardinas
e por problemas de alcantarillas
o Barbas a pesar da rebaixa
deixoulles as casas os que as habitaban.
E aquela fonte
chea de merda,
que está no parque, estilo selva,
soio a limpan
para o tunsmo.
Pra solución
chama o Cimarrón.

## *A primeira pepedra*




Puxeron na nova lonxa
esa primeira pepedra
preguntaba algun porque
na placa non esta lose
Como corren, como apuran
cando é pra inagurar
só se lembran deste pobo
na hora de ir a votar.
Xa está feita, xa temos de que falar,
nese novo pantalán foron todos a atracar.
Non faltaron empanadas

na jran inaugurácion
Tamen houbo vino e polbo
Da nosa illa de Ons
Marchaba a xente cargada
Nos bolsos o albariño
"Non hai fallo e pilla
paga todo a cofredía
Xa está feita, xa temos de que falar,
pleito na Costa da Vela, non se pode ir ó mar.
De Vilaboa cegaron
viñanse manifestar
por culpa da empecadora
que alí queren colocar.
Viñan pacificamente
pero alguén lle molestou,
azuzáronlle ós verdes
casco e porra, dan sen dor..
Xa está feita, xa temos de que falar,
non voltaremos de novo ó fascismo popular.
Cuíña estaba protexido,
non falamos de condóns,
tíñache o cu ben cuberto rodeado de matóns.
Non teñan medo, señores,
neste pobo non hai follóns
tenche todo controlado
o cabo Cajaxabón.
Xa está feíta, xa temos de que falar,
non hai luz no noso porto, os faros son pra adornar.
Dende Bueu a Andalucía
foi unha delegación
para ver o que facian
coa merda da poboación.
Dixeronlle os de Beluso o
que se ia facer
reciclando o lixo un pouco
ata se pode comer.
Nos somos parvos dende logo sí señor
en Vilaboa protestan a nos fainos ilusión
Pero Millán eres un Judas traidor
vendeches ós teus paisanos esquences
quen te votou.
No peirao do noso porto
non poderás pasear
puxeron uns carteliños
que che prohiben pasar.
Foi ese o primeiro
aviso logo virano vallar
teras que ser usuario
se queres ir anicar
Xa está feita, xa temos de que falar,
os que gobeman agora viven de espaladas ó mar.
Neste pobo non se pode mellorar
da igual que mande o Bloque que o Partido Popular.

## *Sexo e erotismo presidensial*

Que bonito estaba Fraga
nos carteis do seu P.P
foi un traballo ben duro
deixalo tipo vedette
O vello verde da Xunta
é machista e dictador
métese co canalillo
das chatis da oposición
Al, ai, ai, ai, este Fraga e medio lapán
Ai, ai, ai, al, xa temos "Lecquio popular"
Ai, ai, ai, ai, coa Almeida vas a topar
Ai, ai, ai, ai, xa temos un novo "Don Juan"
Falando da monarquía
un casamento xa foi
pobre Juanito e Sofia
falta casalo mellor.
Pois o Principe de Asturias
non quere mulleres,
non, soio unha cada día,
pra aprender as posición.
Ai, ai, ai, ai, Felipito decide xa.
Ai, ai, ai, ai, as mulleres vanse a extrañar
E van pensar que este Principe e medio Gay
Ai, ai, ai, ai, ¿Non terá problemas sexuais?
Todo o mundo vai a Cuba
en busca de auxilio sexual
como Isabel ¡que sorpresa!
ou Bibi a transexual.
E o Papa ahora de vello
foi alí para admirar
e probar antes de morto
os placeres terrenais.
Ai, ai, ai, ai, parecia parvo o chaval
Ai, ai, ai, ai, Don Wojtila o "semental"
Ai, ai, ai, ai, o condon non che quere usar
Ai, ai, ai, ai, iso e o que foi a predicar.
Grabaron a Pedro Jota
en posición de "Ducruet"
cunha mulata de Mundo
látigo en mano e corsé
E o Clinton salidiño
no asunto sexual
mete o nabo as secretarias
en francés failles falar
Ai, ai, ai, ai, o pomo volvese a levar
Ai, ai, ai, ai, como vicio presidencial
Ai, ai, ai, ai, á Veneno imos votar
Ai, ai, ai, ai, ¡para un goberno sen igual!

**"MIRACHILIS"** - 1998.

## *Outro ano aquí están os mirachiles*

a saudar a este pobo encantador
non queremos meternos en gastos
pois pa iso xa nos quedan os lambóns.

Pois parece que o amor
aquí non marcha ben
filou o samatén
a tacher non vai ben.

Nos plenos solo hai dous
cumplindo o seu deber
pensando que os demais
non saben dispoñer.

Moita xenté paseando no relleno
un día claro iluminado polo sol
preguntaban pa que son esas casuchas
pois serán dos marrokis, pa colgar os chaquetóns.

0 compás dos pantalans
pois todo marcha ben
parece que o embarcar
andamos de través.
Ahí algúns con precaución
que non pasen de tres
por que pode romper
e os gastos van crecer.

Nos dixeron anotarse o traballo
lonxa nova , aparcamento e xardín
o Axuntamento nos para a obra
os delegados levan ferramente e maletin.

Pois si todo segue así
a Lisboa habra que ir
que un parque van facer
pa que a xente compre alí.

Nos pensamos no de aquí
pois hai muito por-venir
ese non queren facer caso
que ile dean por alí.



**"MIRACHILIS"** - 1998.

O paraíso visteuse
de gala o sábado noite
catuxa estaba asombrada
e non creia o que pasaba
aqueles dos portugueses
dalle que dalle que non paraban.

(Filio) Mama que están facendo
(Nai) eu isto non comprendo
pois non che sei
meu filliño non entendo
eu me cambien
e o deixei ai moito tempo.

(Filio) vou a pagar as luces
isto e unha vergoña
(Nai) hai si filliño
por favor
vaite correndo
que eu non podo,
que sofoco
¡¡QUE TALENTO!!

Hai no Concello de Bueu
vaia alcaldesa que temos
pois esta nosa muller
hai que lle ter algo de medo
en vez de tanta pelea
ven que valdría para boxeo.

Que tal está o Goberno
nesta fermosa vila
pois o parecer,
non se pode obrar
nin edificar
con tantos carajos
e vamos ter
que emigrari

No estreno da nova lonxa
xuntouse un monton de xente
carajo pois non falaban
estes do Bloque cando papaban.
(bis)

Cuiña que estupendo
que festa, que momento
que ajarrei
cando mirei a tanta xente
non traballei, e aproveitei
medio banquete.

Meu deus canta botellas
levei para miña casa
de viño blanco
viño tinto
e unha empanada
que ben me foi
pois non costaron nada.

*Pupurri*

A ponte que ai na Coruña
que ai na Coruña
ala en Ferrol,
por culpa dun petroleiro
mal amarrado o destrosou. (BIS)

A xente vese en apuros
vese en apuros para cruzar
ata o outro lado da ponte
vaia rodeo teñen que dar. (BIS)

Falando xa doutro tema
vai dilema tenche o Aznar
di que España vai ven
pero os parados seguen igual. (BIS)

En Sevilla o caso Arni
o caso Arni que perturbación
seica esta envuluchado
es cantante "o Mondragon". (BIS)

Clinton a la U.S.A.
alá na U.S.A. fixo un follón
ela quedou flipada
e ainda por riba o denunciou. (BIS)

Mais tarde foi-che a Xuzgado
foi a Xuzgado por violador
e por ser Presidente
de vai lío que se safou. (BIS)

En Francia que barricada
que barricada que se montou
a fruta que non se usaba
se utilizaba de perdigóns. (BIS)

E isto eiche o final
eche o final de esta canción
se quedades contentos
dade uns aplausos ou dicir non.

*Progreso*

Outro ano os Mirachilis
saimos criticar
as parodias deste
pobo que nunca remataran.
Pois e bo que isto pase
para nos poder cantar
orque sen estas parodias
non seria Carnabal.
**Hai, hai, hai, hai**
**hai carnaval**
**os Mirachilis salen a cantar.**
**Guai, guai, guai,**
**guai do Paraguai**
**volve a casa por carnaval.**
Hai atrás diso un fulano
este pobo esta perdido
pois a xente sempre emigra
para Cangas ou para Vigo.

Non lles gustan os paseos
nin o novo pantalan
nin sequera a nova lonxa
que tampouco empezaran.
**Hai,hai, hai,**
**hai que construccions**
**ten este pobo sen cimentacions.**
**Van, van, van, van,**
**van a baixar**
**estas casas de putas polo**
**euro-star.**
As lanchas dos civiles
Xunta e Aduanas
pasan do contrabando
que se moven nestas augas.
E como son tan bagos
paran jamelas sen papeles
e metenlle unha multa
por cajar diante deles.
Hai, hai, hai, hai
hai corrupcion
neste lindo pobo
por eses cabrons.
Non hai, non hai, non hai,
Organización
pasanse o dia
rascando os collons.
A oficina dos locales
esta moi ben situada
dende alí mirase o porto
os barquiños e as praias
Pero por non asomarse
foron contratar
un vixiante de corbata
para que fique oyando o mar
**Hai, hai, hai, hai,**
**quen te contratou**
**hai darllos os munipas**
**un pequeño bálcon.**
**Foi, foi, foi, foi**
**a cofradia de barreiro**
**pola nasa do pulpo**
**polo peixe pequeño.**
Donas e Cabaleiros
97 e así
e nos estamos ledos
de tervos aqui.
Pro ano seguiremos
con mais carnaval
alegria e simpatia
isto e un festival.

**Hai, hai, hai, hai,**
**hai carnaval**
**os Mirachilis**
**salen a cantar.**

**Guai, guai, guai, guai,**
**do Paraguai**
**volve a casa**
**por carnaval.**

**"LA PANDA GUAI"** – 1998.

## Presentación

Esta é nosa presentación
poñan a forella a furrular
non vaia ser que algún de vostedes
teña algo que ocultar.

Xa volvemos todos a cantar
este ano somos algún mais
temos voces de tenor
soio falta afinación.

*Eiquí estamos os desta Panda tan Guai*
*todos vestidos, feitos un carnaval*
*neste antroido, queremos a clonación*
*pois somos os mellorciños*
*¡¡preguntarllo a os nosos pais!r*

Eiquí vai todo por votación
somos unha panda liberal
non queremos ser faltóns
pois temos moita educación.

Ensaiamos ben estas cancións
e damos-lle un toque de humor
preguntamos que pasou
quen casou, e quen berrou.

*Xa nos veremos o próximo Carnaval*
*xa voltaremos, con outro novo disfraz*
*dennos aplausos, para quentar o local*
*asi o ano que ven, voltaremos a o lugar.*

## A basooira reciclada

*Que bos que somos todiños eiquí*
*que ben que nos cheira o basureiro*
*teremos basoira para reciclar*
*para estercolar e industrializar.*

A Comarca do Morrazo
escolleu o noso pobo
porque temos bos acesos
e queremos coperar e queremos coperar - Al la lelo - Ai la lalo
*ESTRIBILLO*

Moaña non quixo isto
e Cangas dixo que non
pero os deste pobo
non puxemos condicións
non puxemos condicións - Ai la lelo - Ai la lalo
*ESTRIBILLO*

Teremos a plataforma
dividida do mellor
vai todo moi escollido
e movido a ordenador
e movido a ordenador - Ai la lelo - Ai la lalo
*ESTRIBILLO*

Non queremos beneficios
nin tampouco atencións
queremos que o noso pobo
non teña cheiro e ratóns
non teña cheiro e ratóns - Ai la lelo - Ai la lalo
*ESTRIBILLO*




## A Pepedela

Xa tivemos unha boa pepedela
xa puxeron unha pedra no peirao
foi a xente toda moi arregladiña
e mirou de arriba, abaixo ¡isto vaisenos furar!

Xubilados, Mariñeiros, todos foron
e escoitaron o sermón con atención
a o "acabare" a omilía todos xuntos
trocearon a empanada, e empezaron a papar

*Canto barro había alí, non puderon bailar*
*con o Sr. Cuíña, que foi ata o lugar*
*toda a corporación, chocáronse as mans*
*saleunos todo ben, na inauguración.*

A comida que alí había era boa
pois fixeron unha "jran" importación
truxeron a empanada dende fora
e o pulpo que serviron, non era da Illa de Ons

Ata agora ao remate desta letra
non sabemos que pasou coa construcción
non puxeron outra pedra no recinto
e alambraron o relleno, prohibindo o paso a el,

## Polémica no porto

As obras do noso porto
tiveron gran discusión
e o Concello do pobo
parou dicha construcción.

*Non coñecen os planos das obras*
*non dispoñen das súas licencias*
*e por iso parouse as chavolas*
*pois, non saben que queren facer.*

Fixeron un pantalán
na dársena do gran porto
abaneaban pulpeiros
e tiñan que ir un tras outro.

*Non sabía que facer o alcalde*
*non sabía por onde atallar*
*explicouse na radio e na prensa*
*"A Xunta quérenos provocar".*

A cofradía protesta
isto non se vai parar
é unha obra moi grande
para o noso ben estar.

*Non coñecen os planos das obras*
*non dispoñen das suas licencias*
*e por iso parouse as chavolas*
*pois non saben que queren facer.*

Inda faltan por facer
unhas 40 chavolas
que importante vai ser
a orillamar deste pobo.

*Non sabía que facer o alcalde*
*non sabía por onde atalla*
*r explicouse na radio e na prensa*
*"A Xunta quérenos provocar"*

## "OS MULOS" - 1999

### Obras da beiramar

Din que van coller pas festas
as casetas do peirao
polo menos para usalas
un par de veces ó ano.
Eses da Séptima Lista
queren atracar is barcos
pero a Xunta xa lles fixo
dese Porto un bo reparto.
Solamente quedaron
eles e altura fora de alí.
*Esperen sentados*
*un Porto millor*
*pideuno o Platero*
*en plan armador.*
E que acaben esa Lonxa
dun carallo dunha vez
pra poder comprar a carne
donde subastan o peixe.
Porque os carniceiros queren
baixarse do Palomar
según din alí os coxos
non poden ir a mercar.
Mentrastanto o Concello
non faI a Plaza que prometeu.
*Xa lles dixo Lino*
*que lla iba a facer*
*e agora Xosé*
*dille que tamén.*
Ncste novo Presuposto
haber si lles sobran cartos
para arreglar o Cementerio
e non manchar os zapatos.
Porque esas de Castiñeiras
póñense un pouco nerviosas
elas queren que paguemos
un bo piso de baldosas.
Que se acorden que aquilo
e patrimonio municipal.
*Que lles pidan cartos*
*a Felix Xuncal*
*pra quefaga*
*algo antes*
*de marchar.*

### Obras ecoloxicas

Somos os MULOS que non baixamos bandeira
un pouco cansos pero sempre con humor
por carnavales con estilo pelegrín
con esperanza de chegar ata o dous mil.
En este Pobo non está todo arranxado
e nos OS MULOS vámolo a relatar
contando cousas dos que nos están mandando
que acaben logo que chega o carnaval.
As tuberías están todas preparadas
pa que a lorda xa se poida reciclar
que abran as chaves desa gran depuradora
e que poidamos pra alí cagar.
***Tamén querían***
***traernos toda basura***
***pra este Bueu que unha fermosura***
***e matarnos de fedor***
***Manda carallo***
***con eses do Axuntamento***
***traernos ese fermento***
***pra que o cheiremos nós.***
***No interesa***
***pero isto si o fan***
***nos pensamos que e obra***
***de Novas e mais Millán.***
Un Parque de Atraccións nos van facer agora
un Rio Bispo en campaña de eleccións
Ermelo e Udra xa teñen muita demora
e falta Chans que non lle vemos solución.
O que nos venden todo e fume de canas
co de Morousos xa temos un mogollón
o que queremos e obra feita e non macanas
e que se deixen de facer o remolón.
*Señor Millán*
*a merda sigue no Roso*
*e Alonso casi listo*
*pa empezar a traballar*
*Ai Señor Novas*
*pechar ese basurero*
*os de Cangas xa dixeron*
*ese lizo e para vos.*
*Simarrón*
*cando vas a Cataluña*
*no nos metas a pezuña*
*e danos explicacións.*

### O novo patrón

Xa teñen un Patrón Novo
os Populares estes de aquí
pois andaban a deriva
desde que falta o Sr. Sisí.
Marchouse mui aburrido
por rebaixalo a simple edil.
*Por non contar*
*Eles con Nacho*
*na nova lista.*
*Agora os plenos*
*sin o uoceiro*
*faltalle a risa.*
Pois ata dixo
en plan lambón
que Sanamedio iva praCangas
en catro anos no era de Bon.
Cousas de bruxo ten ese home
que nos parece o Mago Antón.
Abeledo e mais Cuíña
que compren eles un CARRO novo
pois ese vello que teñen
chega mui tarde a casi todo.
Enterouse polo Faro
a quen poñían de Xefe novo.
*Era un tio*
*que non se daba*
*con muiuta xente.*
*Agora anda*
*por todos actos*
*constantemente.*
A cambio diso
disque lle fan
un novo Porto, un Porto grande
feito a base de pantaláns.
Un novo Porto, un Porto grande
como o que teñen en Rotterdam.

### Historias de actualidad

E ano de Santa Sede
este novo que empezamos
pois non temos que beber.
Haber como agantamos
a Peseta está mui vella
e como imos facer.
Iremos polos furanchos
cargados de calderilla
porque cambio non habrá.
Collemos moneda nova
mándana os Europeos
e polo cu nos dará.
*Súdalle o bigote a Aznar*
*íso que España va bien*
*por culpa do Pais Vasco*
*e tamén de Pinochet.*
Pouco a pouco no País
todo vaI sendo privado
funcionarios temos mais
todos rascan o carallo.
Jesús Gil en Marbella
roubando muitos millóns
abase de corrupción
agora metenno na cárcel
pero solo catro días
porque din que e o salvador.
Vera e mais Barrionuevo
foron parar o chiquero
mandou Baltasar Garzón.
Pois cos fondos reservados
armaron como soldados
unha banda de matóns.
*E o amigo Bill Clinton*
*farto de tanta mamada*
*tíralle peidos a Irak*
*pa que a xente se olvídara.*
Ten algúns que o apoian
porque e o mandamáis
sempre hai algún culero
como Blair ou Aznar.
O Papa visitou Cuba
pra decirlle a Fidel
que non deixe que os cubanos
vaian dormir sin comer.
Decíalle el os Obispos
da gusto mirar a todos
tan morenos e tan finos
e nos tan blanco e gordos

### Os monumentos

Preguntábase a xente deste Pobo
que carallo nomeu a ese señor
para adicarlle o día das Nosas Letras
ocurréuselle chamarlle Trovador.
Comentaba todo o mundo por ahí
Xan de Cangas era un tolo según din
pra outro ano dediquenllo a Molina
Xoaquín o Bolo e outros que hai por aquí.
*Temos un poli que de celo debe andar*
*que cos cadelos se enlea e lle queren trabar*
*aqueles de Josefiña débenlle pedir a Deus*
*que non se meta en fregados sinon comenlle os collóns.*
Asociación Amigos de Carballeira
donde ides ese Busto colocar
como non sea no Monte Liboreiro
no peirao non o deixan atrancar.
O lado de aquelas pedras tan bonitas
nos pensamos que e o sitio ideal
no medio de Fraga e Palpavirichas
quedaría ese Pedrón fenomenal.
*Ai que reliquia importante temos nos en esta Vila*
*sí os ediles tuueran cataplines mandaban destruila*
*en Pescadoira hai peligro que a Capela está a cair*
*tirade con todo iso para o Paseo seguir.*
Paseaban OS MULOS polo Valado
escuitando o que decía un altavoz
boten na cesta pois e día de festa
xantaremos lumbrigante con arroz.
De primeiro comeron boas centolas
e seguiron con percebe e camarón
despois langosta e ameixa babosa
bo, lenguado ecarne de colofón.
*Na sobremesa comentaban cantafame hai en Sudán*
*a Colombia e Nicaragua arrasounas un furacán.*
*Ai canta fame que desgracia que dolor*
*eles cheos de albariñoe marisco ó por maior*
*Ai canta fame que desgracia que dolor*
*tamén había duas sor e amiga do armador.*



**"OS PENEQUES"** – 1999

## Crónicas dun pobo

Música: Agua del pozo

Teremos a **Bandeira Azul** na Area de Bon,
tamén a Lagos lle darán o galardón,
si o coche queres aparcar
¡na Ruanova halo deixar!.

Con tanto chincho a remollar o longueirón
serache un vran de sensación,
pero esperemos que non leve a maruxía
ese **paseo** tan molón.

*E porfin **Udra** será un **parque** sin igual,*
*¡a ver que fan!.*
*A Montemogos veñen **garzas** a parar*
*¡e a montar!. (Nas ouvellas de Miguel o "Baleo".)*

**"Fiesta jolgorrio"** tivemos na Navidad,
megafonía e pinchadiscos estelar,
tiña a cabina na de Juan
e torturounos sen piedad.

E ata o loro do *veciño* canta xa
os villancicos sen parar,
**¡"manda carallo"** repetía todo o día
o tema **"Feliz Navidad"!.**

*O **alumbrado** do concello non chegou*
*¡ainda ha de vir!.*
*O "Boas Festas" poranno no Carnaval*
*¡do ano dous mil!.*

E un **porquiño** enfermou alá por Bon
cando os amos marcharon de vacacións,
a filla ¡que preocupación!,
pois non comía un favilón.

E como o cocho estaba moi extrañón
e parecía moi tristón,
entón a filla chamou a veterinaria
¡por se che tiña **depresión!.**

*¡Que cousas raras pasan na aldea de Bon!,*
*¡Señor, Señor!.*
*Terás que levar ó porco de **vacacións***
*¡i en avión!.*

Tamén a xente se pregunta onde está
aquel **Progreso** guerrilleiro e pelexón,
parece que traballan máis
cando che están na oposición.

A ver si coa competencia que saleu
se mira máis preocupación,
porque se non serán os de **Santa María**
os que se leven o quiñón.

*Antes había unha sola asociación*
*¡a do **tractor!.***
*Agora hai outra que ten moita devoción:*
*¡a do **mesón!***

**ó Xoan de Cangas** quíxose homenaxear,
un **monolito** no adro foron plantar,
seica a algún non lle gustou
¡por iso lume lle plantou!.

Como a borralla foi moi fácil de limpiar
de **verde** foronno pintar,
e a **plaquiña** que levaba o rueiro
a unha carpeta foi parar.

***ó Sanamedio** lle cantou un **trovador,***
*¡que honor, que honor!,*
*e por política montouse un bo follón,*
*¡vaia por Dios!.*

Todo disposto iba o veciño a denunciar
aquel **cerrado** que lle estaba aestorbar,
ó chegar o *"monicipal"*
saleu a recibilo ó can.

¡Vaia **trabasso** lle meteu o animal!,,
casi o manda po hospital,
estívoche varias semaniñas de baixa
¡e agora denuncian ó can!.

*Este **"monipa"** ten pos chuchos boa man,*
*¿por que será?.*
*xa fai dez anos, pola Banda, de Tarzán,*
*¡a aporrear!.*

Alá en Mourisca poderemos **acampar**
**e ás chabolas** seica as van a derribar,
brisas de Tuia cheirarás
co **sumidoiro** a reventar.

Polas **cunetas** de Beluso baixará
a merda do Parque Industrial,
pero os veciños seguiremos esperando
pois non podemos **conectar.**

*¡E menos mal que van por no transformador*
*un **"pavillón"!,***
*Cuerpos Danone" practicando Decatlón*
*¡con chuva ou sol!.*

## Rianxeira Mix

Música: María Cristina

Tivo a **Lengüinski** un examen moi **oral,**
Na Casa Blanca fixo un **"empeachamento"**
**Anda Clintorix** con estreñimento
e despois dun ano o **vestido** sen lavar.

E como o caso se fixo popular,
para olvidar ese tema da **semente,**
**unha cortina de fume** en Oriente,
e de paso darlle cañita a **Sadam.**

*E todos co Celtiña imos a gossar,*
*e todos co*
*Celtiña imos a flippar,*
*Sí, que sí, que sí,*
*Nin Barcelona nin o Madrid,*
*¡a **Rianxeira** cantiga nacional!.*

Agora anda cagado o **Pinochet,**
**Inmunidade** quería a eminencia,
¡xa lle chegou de tanta prepotencia!,
é Garzón un juezso moi duro de roer.

Tamén se abre de pernas o **Fidel,**
e foi o **Papa** a leerlle os Mandamentos,
¡manda carallo o que cambian os tempos!,
todo alucinado se quedaría o Che.

*Agora os futboleros imos andar mal:*

*O fútbol en aberto uaise acabar.*
*¡Non, que non, que non!;*
*¡queremos libre a emisión!,*
*e para velo non haxa que pagar.*

E nestes tempos de remodelación
Anda Aznar a facer experimentos,
como unha moto **"viaxa po centro"**
e deixou o **Casco** tirado nun rincón.

¡Vaia sorpresas che hai na oposición!,
pois nas primarias **Borrell e conta nova,**
**que tres cabezas** ten o PSOE ahora
e ninguna sabe levar ben o timón.

ESTRIBILLO 1

Adiós peseta, moneda singular,
ahora a **rubia** din que non se valora,
e todo o día coa calculadora,
cando chegue o **Euro** non te vaian timar.

Chegou a moda dos coches sen carné,
Éche un peligro andar na carretera,
porque lle dan o **futingo** a calquera
¡corre que te pilla **o cochiño leré!.**

ESTRIBILLO 2

E outro ano de peregrinación,
a Santiago imos de parrandeo,
e voltarán a te-lo **Xacocheo,**
**Fraga e o clero** xa contan os millóns.

Temos ó **Duque** no espacio exterior,
O astronauta pensou con *fundamento,*
que as pastillas non son alimento,
e con **pata negra flotábase** millor.

ESTRIBILLO 1

## Compostura selvática

Música: Santa Fé

Namorado **Novas** está
do **compost** que sae do **Plan,**
e chama feirantes ós que o critican
di que son uns charlatáns.

Esterco non hai como el,
¡que tomates xa podes ter!,
e se non o crees vente comigo
a **Barcelona** a ver.

*Aai... ¡que contento che anda o Novas*
*co seu programa dos R.S.U.!*
*Aai... polo que nos toca a Beluso*
*moi finamente ¡metelo polo cu!.*

Teñen que facer a inversión
para non perder subvencións,
pero a **Xunta** xoga con eles
e non quería darlle os **millóns.**

Seica de **prazos** andan mal,
e o do Convenio fatal,
que si **Alonso** non se traslada
disque os vai poder denunciar.

*Aai... que a Xunta xoga con Novas*
*e a alcaldía a van a* ***reciclar.***
*Aai... poñen* **vallas** polo *Morrazo,*
*con moita coña o queren putear.*

**Castiñeiras** hai que pechar,
e a **Planta** feita no está,
pero mentras tanto esa **basura**
¿a donde a van a levar?.

Disque a **Mancomunidad**
vai a ter **solidaridad,**
pero Darbo di que en **Varalonga**
!nin se lle ocurra pisar!.

*Aai... Novas quedas co cu ó aire,*
*ós teus* **colegas** *isto lles cheira mal.*
*Aai... que a ningún veciño lle gusta*
*ter a basura que botan os demáis.*

O PP di que isto é
un fracaso medioambiental:
"millor é **SOGAMA** que leva o lixo,
non trae o doutros pacá".

¿Por que te mosqueas **Millán?,**
cambiache a **chaqueta** co Plan,
moito guerreabas naqueles tempos,
agora tes que tragar.

*Aai... ¿qué carallo terá esa planta*
*que ata os* **Albertos** *a queren construir?.*
*Aai... pois solo nos falta que veña a*
*inaugurala*

*ia Marta Chavarríl.*

Embutidos no autobús, **poLa Selva**
van de excursión,
todos lle **prometen** que en Beluso
a Planta cheira millor.

Mentras no Morrazo algún
aproveita pa **Vixiar,**
critica o **"negocio", que a compostaxe**
moito dará que falar.

*Aai... ¡que contento che anda o Novas*
*co seu programa dos R.S.U.!*
*Aai... polo que nos toca a Beluso*
*moi finamente ¡metelo polo cu!.*

************************************************************

## *A conta atrás*

Música: Cachito mío

Navegábache sen rumbo "o *"gaivota"*
e o **Nacho** quiso a nave gobernar,
pero os ventos non lle foron favorables
e **Barreironno** do mapa popular.

E quedou todo volado o **bateeiro:**
Fastidiáronlle unha baza electoral,
pois pedía para Bueu **porto de altura**
e a Xunta contestoulle que "na nai".

*Queremos ter na* ***Praia de Beluso***
*un muelle máis grande e pantalán.*
*-"**Barreirobajera** esa proposta",*
*¡ese tanto se quere apuntar!.*

Disque en Bueu hai un **Museo** excelente
Onde todo está adicado ó noso Mar,
¡debe ser algún museo **transparente!**
porque nigún quisque sabe onde está.

No Concello cavilou algún listillo
inspirado poloafán de **recaudar,**
e mandaron os recibos xa **prescriptos**
para ver se che picaba o personal.

***Aurora e Novas,*** *Novas e Aurora,*
*que xa empezou esa* ***conta atrás,***
*a ese matrimonio chegoulle a hora,*
*nestas* ***eleccións*** *canse divorciar.*

Por fin vamos a estrear a **nova lonxa,**
**o Patrón** todo jabacho anda xa,
e arremete cos que lle estercan o **Porto,**
¡agún porco anda solto polo mar!

Vai a ser Bueu unha vila moi coqueta
co **paseo** rematado por San Xoan,
con **Fachadas** que sonfeas de puñeta
e o **Bispo** vestido de *cardenal.*

*¡Queremos peaxe,* ***peaxe libre!***
*poder ir a Vigo e non pagar,*
*queremos cruza-la Ponte de Rande,*
*non ter que parar para nos clavar.*

Ó roubar a capilla de **San Lourenzo**
**os de Cela** botan chispas cos de Ardán;
tampouco lles vai arriba a **Biblioteca**
¡pois non tocan un ladrillo desde o vran!.

Agora xa che é Bueu unha gran urbe:
Os **semáforos** jodendo ó personal,
cando estás parado non pasa ni un coche,
¡e con verde non te podes ti fiar!.

*¡Queremos peaxe,* ***peaxe libre...***




## *Engraxa a "visagra"*

Música: ¿Que apostamos?

Se o músculo xa non se che pon duro,
e se non se che levanta a moral,
non te quedes sen poder mete-lo turbo,
¡con **MAGRA** mol: firme ti vas a andar!.

Se comentan que xa estás para o arrastro,
A bandeira a media asta sempre está,
si de macho xa non che queda nin o
rastro,
¡a pilila ahora podes **alegrar!**

*¡Xa a pintamos!, ¡xa a pintamos !,*
*¡que sube este ano a fecundación!.*
*¡Xa a pintamos!, ¡xa a pintamos!,*
*Bendita a MAGRA, ¡que revolución!.*
*Isto é un soño,*
*leuántache a mingalla como un campeón*
*¡que ben funciona!,*
*esta* ***pastilla*** *mola un mogollón.*

O invento sentou ben ós **xubilados,**
Daban chimpos e brindaban con
champán,
e as donas que tamén andan no allo,
disque brindan e que **brincan** moito máis.

Pero aquí polo Morrazo as **farmacias**
dinnos que moita demanda non che hai,
será porque comemos moi bo **marisco:**
hai ameixas e polvos de calidad.

*¡Que ben quedamos, que ben quedamos!,*
*botamos dez ou doce todos dun tirón,*
*¡que ben quedamos, que ben quedamos!,*
*facemos a* ***gimnasia*** *sin complicación,*
*¡menudo choio!,*
*engraxa a* ***VISAGRA*** *pa chingar millor,*
*Con unha dosis*
*¡o falo subirás de sopetón!.*

Mais modérate cando chupes do frasco,
Non abuses moito da medicación,
que en vez dun éxito leves un chasco,
¡e todo **teso** te vaias pro caixón!.

Terás que tomala media hora antes,
e aquí non vale a improvisación,
¡que non chegue o momento da estocada
e a pastilla non che faga **reacción!.**

*¡Que empinado, que empalmado!,*
*uainos dar un telele con tanta emoción,*
*¡empitonado, endereitado!,*
*que xa a adrenalina corre a borbotóns,*
*¡uaia* ***portento!,***
*pasar a noite en vela dándolle* ***calor,***
*con este invento*
*¡terás a metralleta nos collóns!.*

## "MIRACHILIS" – 1999.

### Euro-Mision

LA LA, LA LA, LA LA LA LA,
LA LA, LA LA, LA LA LA LA,
LA LA, LA LA, LA LA LA LA,
LA LA, LA LA, LA LA LA LA, LA, LALA.

XA SOMOS EUROPEOS
O EURO XA CHEGOU
TEMOS QUE IR BRANQUEANDO
O QUE NON SE GASTOU.

HAY QUE COMPRAR TERRENOS
ALGUN PISO TAMEN,
E SINOS SOBRAN CARTOS
UN COCHE QUE ANDE BEN.

**NON SEI QUE VOU FACER,**
**NON SEI QUE VOU FACER,**
**TANTA PESETA EN NEGRO**
**DONDE AS VOU METER.**

TAMEN E COMPLICADO,
POS DA TERCEIRA EDAD
PORQUE A GRAN MAIORIA,
NON SABEN NIN SUMAR.

COMO SEMPRE HAi UN PILLO
EN ESTAS SITUACIONS
A CONTA DESTA XENTE
VAN A ENCHER OS ARCONS.

**NON SEI QUE VOU FACER,**
**NON SEI QUE VOU FACER**
**NON SEi CONTAR EN EUROS**
**E TEÑO QUE APRENDER.**

A CARTEIRA QUE TEÑO,
VOU TELA QUE CAMBIAR,
QUE CON TANTA MONEDA
ESTA VAI REVENTAR.

COMO DI MIÑA ABOA
VOLVEMOS PARA ATRAS,
VAMOS A USAR PATACOS
CENTIMOS E REAIS.

**O EURO XA CHEGOU**
**O EURO XA ESTA AQUÍ**
**IRSE FACENDO A IDEA**
**QUE ESTAMOS NO 2000.**

### Caralladas

VAMOS CONTARLLES SEÑORES (BIS)
3 OU 4 CABALLADAS
QUE XA ESTAMOS NO ANTROIDO
E DE ESTA MANEIRA VAMOS A CONTALLAS (BIS)

DICE QUE ESPAÑA VAI BEN (BIS)
SEGUN O SEÑOR AZNAR.
IRA BEN PRA OS EMPRESARIOS
PERO PRA OS OBREROS SIGUE IGUAL DE MAL (BIS)

**AI LALELO, AI LA LA LA LO**
**AI LALELO, AI LA LA LA LO**
**AI LALELO, AI LA LA LA LO**
**AI LALELO, AI LA LA LA LO AI LA LA LELO AI LA LA LA**

JESUS GIL ESTA DE MODA (BIS)
DEDE QUE ENTROU EN PRISION
PERO SOLO ESTUBO UN DIA
LOGO FOI PRA CASA POLA HIPERTENSION (BIS)

O CLINTON SIGUE TOCANDO, (BIS)
SALEULLE A CHUPADA CARA,
A LEWINSKI QUE E MOI FINA
TEN NO SEU VESTIDO UNHA PROBA MOI CLARA (BIS)
(ESTRIBILLO)
E PRA OLVIDAR ESTE TEMA (BIS)
FOINAS PAGAR CON SADAM
TUBO QUE FACELO A PRESA
PORQUE XA LLE VIÑA ENCIMA O RAMADAN. (BIS)

PINOCHET ESTA ASUSTADO (BIS)
POR CULPA DO XUIZ GARZON
SI NON LLE AXUDAN OS LORES
O RESTO DA VIDA PASARIA EN PRISION (BIS)
(ESTRIBILLO)
O VERA E O BARRIONUEVO (BIS)
XA ESTAN FORA DA PRISION.
ELES COMO TEÑEN CARTOS
E AMIGOS CON PESO TOCANLLE OS COLLONS (BIS)
(ESTRIBILLO)

### O expediente

VAMOS CONTARLLES UNHA HISTORIA MOI LOGRADA
QUE HAI ALGUN TEMPO NESTE POBO ACONTECEU,
FOI POR UN COCHE QUE ESTABA MAL APARCADO,
NO APARCAMENTO FRENTE O CONCELLO DE BUEU

O SEÑOR "PEPE" QUE TAMEN E NOSO ALCALDE,
DOULLE PERMISO PRA APARCAR A AQUEL SE? OR,
SUBE TRANQUILO QUE ESTE SITIO E RESEVADO,
NON PASA NADA, "DIOS O FIXERA MELLOR".

E MENTRAS ELES FALANDO ESTABAN ARRIBA,
UN POLICIA QUE PASABA POR ALÍ,
MIROU O COCHE QUE ESTABA NUN RESERVADO
PUSOLLE O CEPO SIN SABER O QUE IBA A VIR.

XA REMATARA A REUNION E O FULANO,
CHEGOU O COCHE E CANDO SE IBA A MARCHAR,
DOU MEDIA VOLTA E FOILLE A DECIR A "PEPE",
QUITAME O CEPO, TI MANDACHEME APARCAR.

O SEÑOR "PEPE" BAIXOU TODO CABREADO,
E DIRIXIUSE O POLICIA CON VALOR,
XA PODES IR QUITANDO O CEPO DESTE COCHE,
DINLLE EU PERMISO PRA APARCAR A ESTE SEÑOR.

O POLICIA CON ORGULLO DIXO A "PEPE"
NON QUITO O CEPO, E SOLO O QUITAREI
SE PAGA A MULTA POR ESTAR MAL APARCADO,
TI ERES ALCALDE, PERO EU CUMPLO COA LEY.

ASI FOI COMO COMENZOU ESTA QUERELLA
MESES E DIAS, NOS DOLÍ TANTO QUE FALAR,
A PEOR PARTE LEVOUNA O POLICIA,
UN MES ENTEIRO SUSPENDIDO E SIN COBRAR.

### Cousas do pobo

*FIXERON UN CENTRO NOVO,*
*PRA "E. S. O. " DISQUE QUE ERA,*
COMO SOMOS GENEROSOS,
QUEDA PRA BELUSO E CELA.

*OS NOSOS CONTRABANDISTAS*
*ECHE UNHA XENTE MOI PILLA,*

**XA NON USAN A BATEA**

QUE O FONDEAN NA ILLA.

**O NOSO POBO, SEÑORES E DE ADMIRALO,**
**O NOSO POBO, NUNCA LLE FALTAN CARALLOS**
*HAI UNS LOCALES NO POBO,*
*QUE NON QUISERA NOMBRARE*
DAS 3 DA MAÑAN EN DIANTE
COBRANCHE SOLO A MITADE.

*ACABARONO MOI LOGO,*
*O PANTALAN QUE FIXERON,*

**O POUQUIÑO DE ACABALO**

OS TORNILLOS LLE ROMPERON.

**(ESTRIBILLO)**

*HAI MOITOS MARISCADORES*
*A CONTA DOS TEMPORALES,*
NA BANDA DO RIO
FIXERON AS NAVIDADES.

*FIXERON MAIS LONGO O MUELLE*
*A BASE DE PEDRA E TERRA,*
PERO NA BANDA DO RIO
CHEGA A PLAYA A CARRETERA.

(ESTRIBILLO)



**"LA PANDA GUAI"** – 1999.

## *Saúdo*

Xa é o 5º ano que estes rapaces
e rapazas que compoñen a
PANDA GUAI saimos ás rúas
para alegrar o carnaval.
Aproveitamos a ocasión para dar
as gracias a todas aquelas
persoas e entidades que
desinteresadamente
confían e colaboran con nós.
Animamos, unha vez máis, ós
que non queren saber nada
desta festa.
Cambien a súa opinión.

## *Espediente X*

Eiquí no noso pobo
Eiquui onde moramos
Hai un expedientazo
Que preto lle contamos
Que preto lle contamos
Istopasou certo día
Alá xunto o axuntamento
Había un todo terreno
E lle puxeron un cepo
Eiquí no noso pobo
Eiquui onde moramos
Hai un expedientazo
Que preto lle contamos
Que preto lle contamos
Saiu a cherif correndo
E asustouse do feito
Mirou ese aparatiño
Mordendo a roda ¡ai que lío!
Estribillo
Quen foi o culpable disto
Que veña a falar conmigo
¡¡Por Deus quitarllo correndo!!
Que este é meu amigo
Estribillo
Nos non podemos facelo
Contestoulle un tal Julito
Isto é unha infracción
E estamos ata os collóns
Estribillo
Isto é un desacato
E vas pagalo caro
Vas quedar sin traballo
Pois saeme do carallo.
Estribillo
Viñeron doutros concellos
Para apoiar "Os do cepo"
E larga foi a historieta
De un tal "Romeo e Julieta"
Estribillo

## *O pecador*

Ai que ver Clinton tivo un desliz
Que vergoña pasou por u tifín
El non puido pensar...
Que acabaría tan mal.
Apareceu unha tal Lewinsky
Para contar o tra-ra-la
E cruzouse no camiño
E na forma de mandar.
As mulleres no creían
O que estaban a escoitar
E con morbo criticaban
Cando iban a mercar.
Ai que ver Clinton tivo un desliz
Que vergoña pasou por u tifín
El non puido pensar...
Que acabaría tan mal.
Editaraon as memorias
E fixeron un cantar
Explicabannos a todos
As formas que hai de amar
As conversas cos letrados
Non tiveron bo final
E a Klinton vimos todos
Sua forma de chorar
Ai que ver Clinton tivo un desliz
Que vergoña pasou por u tifín
El non puido pensar...
Que acabaría tan mal.
A muller do presidente
Apoyouno unha vez máis
E dixo que era un bo home
A pesar do seu "comar"
A nación quedou tontiña
Por dicha promiscuidad
E o pobre presidente
Sufriu gran ansiedade




Ai que ver Clinton tivo un desliz
Que vergoña pasou por u tifín
El non puido pensar...
Que acabaría tan mal.

## *O motor tour*

Ay que ruido hobo esta noite
Todos falaban isto é un descontrol
Os madrileños marchaban tontiños
Como celebran neste pobo o patrón
Non sabemos de quen foi a grat idea
Pois fixeron unha boda de postín
Ese día 25 inolvidable
Susto cadrou co día do gran motín
A o remate da boda dos señoritos
Todos baixaron con chofer e limusín
Os invitados quedaron alucinados
E probaron o moderno balancín
Ay que ruido hobo esta noite
Todos falaban isto é un descontrol
Os madrileños marchaban tontiños
Como celebran neste pobo o patrón
Somos moteros con diplomas caducados
E vimos todos a esta concentración
Todos estamos encantados neste pobo
Temos un jogorio, e un trato especial.
Teñan coidado cando vaian a "cruzare"
E miren ben nas zonas peatonais
Que pode ser que lle atravese unha moto
Pois todos usan bebida de "jarrafón"
Ay que ruido hobo esta noite
Todos falaban isto é un descontrol
Os madrileños marchaban tontiños
Como celebran neste pobo o patrón
A policía avisaba, ter cuidado
Non fagades deste pobo un ciclón
Somos senté mariñeira e tranquiliña
E non nos gusta ter eiquí o gran follón
Polo domingo a senté toda falaba
"isto parese unha jran revolución"
non hai orden nin control neste pobo
e os moteros marcharon con moratóns.
Ay que ruido hobo esta noite
Todos falaban isto é un descontrol
Os madrileños marchaban tontiños
Como celebran neste pobo o patrón




## 7ª Lista

**Música: Paxariños**

Que andan manifestados
eses vellos deportistas
estan que os parte un raio
*non os deixan ir pescar*
*nin tiña nin cordel     bis*
*e menos o trasmallo.*
Berraban os vellos todos en
Beluso contra odecreto que a
Xunta iles puso
a Xunta non deixa nin a Cofradía
si queredes polvo ir a Ferrería.
Armadores patróns motoristas
a pensión non iles de pra vivir
e agora para mais carallo a
bolsa deixolles de subir.
Necesitan ir pescar
pois non iles chega a pensión
a eses da séptima lista
*non lles chega o de baixura*
*pero o de altura             bis*
*tena ven prevista.*
Algún aínda pensa que está en
Pescanova
enchería o saco como en
Terranova
polbo controlado e unha gozada
pero solamente para caldeirada.
E pedímolle os profesionales
as caseas as vedas e a malla
e os peixes que dean a talla
entre todos respeten o mar.
Hai outra séptima lista
como quen non quere a cousa
*porque non e tan sonada*
*salen pola mañán cedo*
*con unhaa bolsiña   bis*
*a facer a chollada.*
Eses paisaniños van facer
cholliños
e non dan abasto polos
rinconciños
e por si acaso moito chollo
houbera
tamén hai chimpín e formigonera.
Nestas listas de mar e de terra
haiche senté de moito traballo
en activo rascando o carallo
e de vellos arriando a pel.

# "OS MULOS" - 2000. Celebran o seu XV aniversario.

## As patadas deste ano

**Música: Agua del pozo**

No ano dous mil Os Mulos
estamos aquí
saudando a todos con respecto e
con humor
catro cosiñas imos decir
non se cabreen por favor.
Dean axuda no tempo de carnaval
pois cada ano está mais mal
pa que o entroido neste pobo non
decaia
e que se anime o persoal.
Todos os que entran no Concello
a gobernar
do mellor que haI
moito prometen antes de eles
entrar
depois nana-a-ai.
Temos os problemas con eses da
educación
os nosos fillos a estudiar fora de
aquí
nos institutos hai follón
e non se cansan de pedir.
Bacharalato Tecnolóxico han
poñer
e os rapaces aprender
sin que se vaian eles ós pobos do
lado
como non debe de ser.
A Plataforma fixo manifestacións
que guai, que guai
ealgúns país pasan moito deses
follóns
mui mal, mui ma-a-al.
E xa non quitan dese muelle o
espaldón
tantas pintadas que se viron por
alí
os vellos van tomar o sol
cando do norte sopla aquí.
Todos xuntiños o socairo a criticar
por que non os deixan ir pescar
e aprobeitan pa chicarlle agua a
chalana
polo peirao a pasear.
E en Beluso non teñen donde
atracar
muelle non hai
aquel proxecto xa llo botaron pa
atrás
seguimos ma-a-al.
Pequeno e o porto pa tanta
embarcación
caixóns e nasas que eles teñen
por alí
coa encarnada hai fedor
e disque cheira a pachulí.
Aquela rampa bota un tufo do
peor
todos a ela van mexar
pa que o verdello non lle medre
de repente
pois teñen medo a escorregar.

## O Xeneral.

**Música: Eva María**

Garzón quere a Pinochet
para xuzgalo en España
coa cara que ten el
foi a dar na Gran Bretaña.
Ali se agachou
i en Chile deixou
recordos de matanza
agora pide indulxencia
o xeneral Pinochet.
As nais están a sufrir
pensando naqueles días
cando non poden durmir
miran as fotografías
i ese criminal
que os fundeu no mar
aínda non ten cadea
mentres as nais sinten pena de
vivir co rencor.
Que van facer, que van facer,
que van facer, co xeneral
Pinochet. Que van facer,
que van facer, que van facer,
non hai xustiza nin lei.
Aznar non quere intervir
e Matutes o defende
ten inversións por alí
e iso é o que atende
en España non
queren esa misión
de facer a xusticia
será a mala conciencia
son tan bos coma el.
Non pode ser, non pode ser,
non pode ser, que Fraga abogue
por el.
Non pode ser, non pode ser,
non pode ser, absolver a
Pinochet.
Querenno deixar marchar
por razóns humanitarias.
¿Qué humanidad pode
ter semellante alimaña?

## Curandeiros

**Música Sr. Doutor**

Estamos en Carnaval
e algo vamoscontar
para decirlle o noso pobo
de quen nos está a mandar.
O PP gañou a aposta
ó PSOE e o BNG
e agora traballan xuntos
o doutor e máis Tomás.
Señor Doutor diga vostede
se o noso alcalde funciona ben
nunca asisteu a un acto cultura
e agora vai a tanto funeral.
Diga vostede se serve para
mandar
ou soio sirve para figurar.
A xente xa está dicindo
o que fixo o bateeiro
como bote catro anos
pon madeira hasta Meiro.
Ándache estiradiño
como bistec empanado
se algún parque fixo o Bloque
este tenno abandonado.
Señor Doutor diga vostede
porqué eses parques da pena ver
hai que rozalos e os *bancos*
coidar
e as lareiras para poder asar.
Diga vostede se algo se fará
ou queda todo tal como está.
Alá **polas navidades**
**que bonito lles** quedou
os pinos e os barriles
por enriba dos tablóns.
Algunha xente decía con
dulzura e con agrado
agora temos aceras
de madeira de encofrado.
Señor Doutor diga vostede
se esa madeira é para devolver,
se foi tomada en aluguer,
ou xa nos *queda toda* para arder.
Dígame vostede se a temos que pagar
e que festa para alí bailar.
Tamén sabemos de outro,
Contratista eche el,
apuntouse a concellal
pa coller choio en Bueu.
A concellala Miluca que
a línea quere gardar
o mombrala deturismo.
¡Cuánto voi a viajar!"
Señor Doutor diga vostede
se o noso alcalde *funciona ben*
*nunca* asisteu a unacto cultural
e agora vai a tanto funeral.
Diga vostede se serve para mandar
Ou soio sirve para figurar.

## A Santa Trinidade

**Música La Casita**

Pa Morrazo mandou Cuíña
un trío que a el lle conviña
para podernos gobernar.
E para foder o Bloque
mandou brigada de choque
e unha praga celestial.
O pai mandouno para Cangas
en Moaña o fillo manda
e o Espíritu Santo en nos.
Miragre gritou a xente
este trío obediente
é a Santa Trinidade.
O PP sempre dicía
que a merda non quería
dos pobos da vecindade.
Porque isto da reciclaxe
e a planta de compostaxe
e unha barbaridade.
A merda hai que empaquetala
para Sogama levala
farán electricidade.
Traerán a empacadora a mesma
que en Vilaboa
non a deixan instalar.
Este Espíritu Santiño
en Cela fíxoche un niño
sen camiño pa pasar.
Os domingos a veciña
facíalle a comídiña
pa subila iba a andar.
Decíalle o patronciño
medio metro a este camiño
para o teu coche era o tal.
E o garaxe que eu teño
e que Aurora puxo empeño
mándamo desprecintar.
Sen embargo outro veciño
qeuixo facer un cholliño
moi cerca de aquel lugar.
E como fora na lista
do Partido Socialista
a obra haina que parar.
Unha boa cacicada
foi deixar desprecintada
o garaxe ilegal.
Tamén outra cacicada
medio metro ancheada
a pista ata o seu portal.

**"OS PENEQUES"** – 2000.

## A "Craba Mecanica"

**Música: Salomé**

Por Beluso abaixo,
un **cheiro** apenetra,
¡os peidos de **Alonso** sonche fuertes de puñeta
E por Sanamedio algún
abre a **alcantarilla.**
conecta a **mangueira** e larga toda a merdiña
E saen os aires desa cañería
e algún **porquiño** quedou picha arriba.
Con semellante perfume
No **Pion** xa botan lume
e polas aceras medra a **selva** tropical.
Cos **derribos** de Mourisca
non se queren mollar,
a **orden** xa iles vai a caducar
E namentras ós vecinos
non iles deixan obrar
pois disque é un **espacio natural**
*Al, ai, ai, e se pasan a pelota,*
*ai, ai, af, e tiro porque me toca,*
*ai, ai, ai, ninguén quere os platos rotos,*
*ai, ai, ai, éche unha cuestión de* **votos.**
O **porto da Praia**
¡menuda faena!,
que *a* Xunta di que o **Proxecto** é de pena.
Alá polas eleccións
moito prometeron
e Cuiña deixa en pelotas a **Barreiro.**
Anda o **cabildo todo rebotado**
pois o conselleiro dalle polo saco.
E queremos un **atraque,**
Deportivo e mais pesqueiro,
que non quede todo en **promesa electoral**
E dinlle os de **Medioambiente:**
¡cuiden o litoral!,
pero a Barreiro iso dalle igual
Tamén da Rede Natura
quérenos apartar,
¡clasesde ecoloxia hai que ile dar!
*Ai, ai, ai, e xa temos* **cura novo,**
*ai, ai ai, ten ás vellas encantadas,*
*ai, ai, ai, que bendice pan de barra,*
*ai, ai, ai, e fai misas a patadas*
Debaixo das portas
pola madrugada
andan os morcegos repartindo a **panfletada.**
¡Que baixo foron cair!,
¡hai que da-la cara!,
que o **anonimato** éche unha cobardada
E pola Achadiza, xa che hai **aceras**
con silvas colgando ¡ai! polas ourellas.
E mira que son **estreitas,**
rematan nas escaleiras
e coas farolas todo o mundo a tropezar
Queremos que continúen
por esa comarcal,
que cheguen hasta Bon, e por Vilar
E queremos **barrendeiro**
anque veña limpar
unha vez á semana nada máis
*Ai, ai, ai, e que pasa* cos **abetos,**
*ai, ai, ai, nos* **barriles** *están tesos,*
*ai, ai, ai, si viñeran a regalos,*
*ai, ai, ai, agantaban hasta o ano*
Na **Festa dos Mozos**
houbo moita tela, os vellos
marchaban asustados para Cela.
Despertou expectación
a Cabra Mecánica,
canta **quinquillada** deitada na carretera
E no auditorio ¡caras de sorpresa!
pois non ile botaron ni unha sola peza.
Pelos largos e **"fumaso",**
cadelos e mais piollos
pola plazoleta ó empeza-lo recital
E no palco aquel "jichiño"
non parou de berrar,
e dalle que te pego con **"follar"**
Mira que ritmo bailongo,
todo mundo a brincar,
o público empezaba a desfilar
Ai, ai, ai, e dicían: "ipo outro ano,
ai, ai, ai, nonvos damos **nin un chavo"!.**
ai, ai, ai, "ie si queredes ter festa,
ai, ai, ai, que nos traían unha orquesta!"

## Sonrisa electoral

Música: Estudiantina portuguesa

¡Vais fichaxe fixeron os da gaivota!,
era Barreiro unha figura popular,
e que sorpresa levaron os militantes
que máis que un líder foi un gancho electoral
E a xogada doulle moi bos resultados, pois a poltrona conquistou en un *pis-pas,*
e rodeado de noveles principiantes
capitanea esa tropa virxinal
***Tomás, Tomás,*** *¿porque te queren tanto?,*
*¡pobre Tomás, que te deixaches embarcar!*
*será mais ben polacara bonita,*
*que pola tua vocación pra governar*
*Aproveitáronse dos teus* **encantos**
*¡que ben saíches no* cartel *electoral!*
*e que sonrisa tiñas de* estreñido
*seica levabas varios días sin cagar.*
Namáis chegado o bateeiro ó gobernó
Outra sorpresa nos estaba a reservar,
¡que comentarios fixo naquela entrevista!
¡hai que ter *`juevos"* para a sí se declarar!
-"Que perdo cartos traballando no concello",
e que -"non teño vocación pra governar"
-"ahora están abandonadas as bateas
e vou a ter que aumentar opersonal"
*Estribillo*
E que -"non sei se agantarei os catro anos",
-"que na política estou verde de verdad,
que non iremos facer muito polo pobo,
porque nas arcas non nos queda nin un real"
Pero a nós isto nos sona a disculpa
que ti nos pos antes siquera de empezar,
como si fora realmente o obxetivo
o de chegar pero non o de traballar
*Estribillo*
E nos parece andas bastante perdido,
o teu traballo solo é de figurar,
e os "tapados" que non queren da-la cara
son os que moven o cotarro por detrás
E nós que temos o piteiro afiado
hai unha duda quenos anda a rondar:
se perdes canos e non estás entusiasmado,
¿por que carallu estás na consistorial?
*Será mais ben pola* cara bonita
*que pola tua vocación pra governar,*
*Tomás, Tomás, ¿porque te queren tanto?*
*¡pobre Tomás, que te deixaches embarcar!*

## Había unha vez un circo

Música : Buscaremos un lugar

Pasaron **nove meses**
os do novo goberno,
a luz non dan mirado.
E din as malas linguas
**Sotelo** desde Cangas
manexa o **tinglado.**
**Bicicletas** en Meiro
non faltou o da **serra**
non lle daba o pulmón.
¡Manoliño, Manoliño,
estás feito un campeón!
*Si buscades un lugar donde non traballar*
*e cobrar sin rascala (bis)*
*métete no* axuntamento,
*talucinarás!*
Anda Novas **dicindo**
que ese **concelleiro** non se
entera de nada
No tema de **urbanismo**
é toda unha lumbrera
fai **prácticas pagadas.**
Tamén o **Ramonciño**
que anda ós **renuncios**
non o pode tragar.
¡Ramonciño, Ramonciño,
disfrutas coma un rapaz!
*Estribillo*
E disque á de **Encino**
**as APAS** do instituto
teñen atravesada.
-"parece que ten lingua"
-"por fin abreu a boca"
-"¡soltou unha patada!"
E por fin se mollaron
e moito berrearon
na manifestación.
¡Tomasiño, Eleniña,
que veñen as eleccións!
*Estribillo*
Ahora **"O Carballeira"**
parece unha **letrilla**
¡vaía carnavalada!
"Un **circo con gaivotas**
todas **amaestradas"**
critica na **portada.**
Tamén algún **ex-Celso**
botou **choromicadas**
cando as eleccións.
¡Ai Celsiño, Ai Celsiño,
estás feito un chorón!
*Estribillo*
Na **"plaza dos horrores"**
Gaivotas e máis ratos
E moitas telarañas.
Cuidado co peixiño
que caen **aerolitos**
por riba das **bancadas.**
E co da **plaza nova**
eloxios e **medallas**
Barreiro se colgou.
**¡Xubilados,** xubilados,
se vos mira o plumón!
*Estribillo*
Xa chegan os **comicios,**
que mitin máis cachondo,
andades inspirados.
Montastes un **kiosko**
**no "Cruce dos Peneques",**
faltaban os helados.
E o buitre **suplente**
pediu cartos po clero
en plenos funeral.
Manoliño, Manoliño,
desbarallas no altar.
*Estribillo*

**"OS PENEQUES"** – 2000.

## A casa da collona

**Música: Fiesta**

Temos **plenos** que son **de risa,**
¡que espectáculo nos dan!,
hai quen chora e hai quen ríe
e hasta quen se tira ó chan

Non calaba o **insumiso**
e mandárono botar,
cando chegou a policía
¡enjruñouse coma un can!

A **oposición** que é fina como un allo
dixo que si el se iba eles tamén
¡Non debe haber
temas máis puxantes que *defender!*

Plenos, que fantásticos,
fantásticos os plenos
Que fantásticos, fantásticos os plenos,
eses plenos que parecen **culebróns**




O discurso por defende-la
**chimenea de Massó**
parecía de Fidel Castro
en pro da Revolución

Tanto falar de chimeneas
excitou o personal
a defensora do **Museo**
molladiña coma un flan

*E* as **bágoas** corrían no concello
casi *chegan hasta* a **unha da mañán**
¡Canta pasión,
todos *embargados pola* emoción!

Festa, que fantástica, fantástica esa festa
Que fantástica, fantástica esa festa,
esa festa, que montou a asociación

E querían **porto de altura,**
foi a súa petición,
e altura si lle puxeron
levantaron o **espaldón**

E pasáronche do proxecto
aumentando as **dimensións,**
**e caladiño** coma un peto
o Barreiro se quedou

*Non podía* ir en contra de Cuiña
e tivo que vir **Afonso** a *denunciar*

*¡¿E* agora que,
*con* esa muralla *que vai* pasar ?!

**Jeta,** /le *botades, lle* botades
moita jeta
lle *botades,lle botades* moita jeta
e ó *pobo non queredes escoitar*

Polo **varadeiro** abaixo
hai "jamelas" cantidá,
amenázache o **perillas**
que nelas se vai cajar

Dinche os da 7a lista
"jalupíns os do PP ",
que non deixan andar ó **polbo**
e non fan máis que joder

*E* ¿por que *non* vixiades esas **nasas?**
que *andan a* cometer as **infraccións**
*¡Mentras algún*
*desde* a cama *polbos* a mogollón!

**Polvo,** que fantástico, fantástico
ese polvo
Que fantástico fantástico ese polvo,
ese polvo que vos "vota" *Don Manuel*

**Encerráronse** no concello
veciños da **Illa de Ons,**
reclamaban a **propiedade**
das dichosas **concesións**

E tamén os do **Instituto**
acamparon no salón, e
enchéronlle de **pancartas**
a fachada e o balcón

Os colonos que *botaban a* **partida**
a ritmo de *pandereta e* de tambor
¡Solo faltou
*unha gaita* e un ambientador!

Cheiro, que fantástico, fantástico
o cheiro
Que fantástico, fantástico o cheiro
o cheiriño que *había no* salón

## Piteiros de Loro

**Música: ¿Qué pasa contigo tío?**

¿Qué pasa aquí neste pobo?
¡aquí que nos vai pasar!:
que moito ***politiquillo***
mangonea por detrás

E os veciños enfrentan
¡iso é o que máis pena da!
O único que lle importa:
¡un ***sillón*** e a ***mamar!***

*E* ***solucións*** *non nos dan*
***ningunha***
*o que fan ben é* ***manipular,***
*e os que sempre saen perdendo*
*son os veciños deste lugar*

*Porque provocan os* ***altercados***
*e o de menos é a verdá,*
*o importante élles señores:*
*senta-lo cu na consistorial*

¿Qué pasa co da ***basura?***
¡co lixo que vai pasar!
Os políticos de turno
estanse a ***aproveitar***

Que si ***SOGAMA ou "tres erres"***
que si ***Beluso ou Aldán***
¿a ver que cristo facedes?
¡iso e un ***jirijai!***

*¿E non virá a* ***empacadora?***
*¡para acabala de completar!*
*que no a poñan en Vilaboa*
*e* ***de rebote*** *veña pacá*

*¡E a ver canto sube o* ***recibo!,***
*que polo lixo hai que pagar,*
*e as* ***axudas comunitarias***
*¿a qué bolsillo irán a parar ?*

¿Qué pasa co ***Plan de Udra?***
¡en Udra que vai pasar!:
hai moito mangoneante
de ***interés particular***

Que si ***Xunta ou concello***
que si ***Bloque ou PP***
¡que carallo nos importa!
¡e que deixen de joder

*¡Menudo* ***show*** *na Casa do pobo,*
*canto teatro hai que aguantar!*
*e o Hipólito e Rivero*
*eran a* ***"acusación popular"***

*Pero a Xunta é quen decide,*
*eles sabíano de antemán,*
*pero montaron* ***bulla*** *no pobo*
*as* ***eleccións*** *querían ganar*

*Namentras os que estaban no*
***estrado***
*que se querían* ***lavar as mans,***
*e que razón ten a* ***Loita Verde***
***la Udra debemos de cuidar!***

*E* ***solucións*** *no-nos dan* ***ninguna***
*o que fan ben é* ***manipular,***
*o importante élles señores:*
*senta-lo cu na consistorial*

## "CHÁMANLLE X" – 2000.

### Presentasion

No ano 2000, os Chámalle X
volvemos de novo a cantar
con xente nova, e algún veterano
¡Qué barriga!

Xa son dez anos, saíndo de festa
¡o corpo vainos rebentar!
Di miña mosa:
¡non che miro o pelo, no carnaval!

Vamos disfrasados
como en tempos pasados
saían os sábados
os nosos pais,
pantalón campana
cuello superxigante
as patillas larjas
¡¡¡Como Travolta no Saturdei Nait!!!

Turistas, moros, monarcas vaqueiros
tamén fumos de capelláns
sempre abarcando
todas as esferas
da sosiedá.

Fumos de cuates, e de mosqueteiros
capullos da "escuela naval"
Desían todas as mosas do pueblo
¡¡Qué juapos van!!

Pero as sinco horas
de estrenar o uniforme
xa estaba deforme
e sen botóns,
lamparóns de viño
salsa da parrillada
¡¡Vaia josada!!
¡¡¡Toda a priva por riba do tras!!!

Somos famosos, en toda a comarca
dende Punta Couso ata Aldán
Ata Jalloso chamounos un ano
pra ir o "luar".

Cando cantamos non
deixamos vivo
ninjún espesimen local
os que pasan da batea ó poleiro
vanse a cajar.

Nós o que queremos
e que nos carnavales
os munisipales
de "Jill Estrit"
deixen disfrutar á xente
a carnavalada
é de carallada
¡¡¡Xúntense cos de "Protesión Sivil"!!!

Finalizamos a presentación
para outro tema tocar
deixando claro que no aniversario
¡Imos rachar!

Bares de Bueu irvos preparando
a todos imos visitar,
agradecemos unha boa fecha
Pro paladar.

Pode que aljún saia
un pouco mal parado
ata escarallado
de tanto rir,
e si se molesta algún do vesindario
sentímolo moito...
¡¡¡OS CHÁMALLE X VOLVEN A SAÍR!!!

### A cansión dos munisipales

Imos botarlle unha copla
os nosos munisipales
que aínda que non o paresa
sonche homes moi normales.

Poñen multas "controladas"
tamén saben saben poñe-lo cepo...
pero ós amos do concello
non lles poñen nada
deben terlle medo,
tanto si aparcan nos pasos,
nos vados ou donde
lles sala dos juevos.

Cando hai barullo na vila
non se lles mira a fasquía,
van polas praias a ollar
se hai movida pola ría.

Controlan o contrabando,
ou a jran pesca furtiva...
e sia lúa está cresida
poden asistir
sen pajar unha chica
a un cursillo variado
de bicos e abrazos
e pornografía.

Si aljún día tes presa
pobre de ti amijiño,
como che toque nun cruse,
un deses homes con pito,

Si enfermo urxente levaras
colleo o lombo rapas ....
pois de alí non saírias
ni en sinco semanas
un mes ou en máis,
ou chama ós da funeraria
que vaia prepárandolle
o funeral.

Non hai domingo sen hostias,
na disco de Paraíso,
eses rapaciños novos,
quedan sen dentes nín piños

E si un tipo que vai solo
daña aljún árbol local...
danlle unha tunda ben boa
despejando un jran número de oficiais,
pero non paran as jrescas
que levan os nenos da disco
ó hospital.

Por outro lado nos plenos
jardanlle a espalda ó alcalde,
como se foran pitbulls,
sen bozal nin correaxe.

Si alguien insulta ó Barreiro
que se prepare a escapar...
pero si os consejales
se meten coa xente
non se moverán,
pois só defende ós amos
¡Que ben entrenados todiños che están! BIS

### A Nova Dictadura

Por fin chega o carnaval
para poderlles contar
o que os nosos gobernantes
están a planificar.

A xente está preocupada
e empezan a dubidar
que mal fixeron o día
que votaron a Tomás.

Como enjañou, a xente o de Aldán
decindo que da Xunta cortos ían a dar
nin chica miramos nin obras van facer
agora no poleiro ninguén os vai mover.

Comezando co alumbrado
que ían a mellorar
aljún poste no barraca
aínda está a esperar.

Tamén na zona de Hermelo
as luces ian a por
as facturas ben pajadas
pero non hai un farol.

Decían, decían, no hora das eleccións
imos facer en Bueu unha jran inversión,
millóns, millós, pra todo imos ter,
todo era mentira pra collar o poder.

Na cultura non traballa
concejal son cultura,
apoie a chimenea
que non cae pois é dura.

Olvídese do urbanismo
e de tirar co pasado
tomos museo bonito
pero aborto no tellado.

Manolo defende a cultura do pobo,
e si che culta moito deixa agora o tau posto,
non serves pro nada, deixa o tau carjo xa!
Pois só pensas nos pisos e en urbanizar.

De aquí a uns meses veciños
vai subir a auga un montón,
por culpa de Tomasito,
é a privatización.

Ir baixando o suministro,
ou cajar nun barreñón,
lavarvos no río Bispo,
con caña de jarrafón.

Facer a comida con viño ou con sifón,
pois a auge da traida, vai custar un riñón,
todo por venderlle amijos á xestión
dun ben que era barato pro toda a poboasión.

Si ides a un pleno amijos,
podedes alucinar,
cos aires de dictador,
que ten o señor Tomás.

Non lle leves a contraria
que un gorda te arrestará,
Aurora ó lado de este,
é hermana da caridad.

Pero sin embarjo, si eres consejal
podes a todo o pobo de Bueu menospreciar,
Santi non sabe as críticas tomar,
e perde os papeles cando as ten que escoitar.

Bueu, Bueu, moito te vas joder
con estes dereitistas que estanche no poder,
eles só pensan no privatisasión,
en comer caldeiradaaaaaaas,
¡¡jambas e camaróns!!

**"CHÁMANLLE X"** – 2000. (Continuación)

## A Euro-matansa

Xa entramos no ano dousmil, e ben pouco que cambiou isto
a moda está en prohibir, e prohibe todo cristo
Dixeron dende Bruxelas: ¡0 porco ahi que defendelo!
¡¡Mata o cocho anestesiado que si non te cae o pelo!!

Dormido, drojado, o porco está ben matado
Ós vesiños non molestas porque o porto está calado
Chamar ó dentista, forense ou anestesista
que con catro "jeringasos" vos deixe a faeniña lista.

Hai que xa fixo un cursillo, deses que rejala a Xunta
"Cómo matar un eurricho sea usar nada con punta"
0 examen foi encanarlle ao parco na juevamenta
un cable que descarjaba corriente de douscuarenta (240W)

¡Mallado, mallado, deixa o cocho fulminado!
¡non prepares a fojeira, xa esta moi chamuscado!
Son Paco "Fedello": ¡manto enchufes no cortello!
¡0 "choíó" da miña vida fun atopalo agora de vello!

A xente de máis escuela, proba coa hipnotisasión
miran cara a cara ó porto con moita consentrasión
0 método ainda que limpo, tamén e moi arriesjado
pois un trucaso co morro podeche deixar fanado

!¡Calado.. Calado que casi está himnotisado!!
Na tele non tardan nada, isto ten que estar chupado¡¡
¡¡Abuela!! ¡¡Abuela!! ¡¡Me caji-na parentela!!
Tiña que dormir o porco, e quedounos sobadiña ela.

Tamén topou solusión, un vello que era cañeiro
nunha pipa de ajuardente sumergiu o parco enteiro
E daquela operasión, sacou o vello tallada
o parco supo a ajuardente, e a caña a tousiñada.

¡¡Enteira, enteira, voume comer a cacheira!!
cosido de alto jrado que asejura a borracheira.
¡¡ Mallada, mallada, que caña de porcallada!!
Coa sanjre en ves de filloas veo faser unha boa queimada.

Hai quen lles colle cariño, e failles toda unha festa
Son parcos de compañia, que ata durmen nunha cesta.
Non falta o adiantado, que monta con ilusión
unha páxina a que chama: Omeucocho.com

Así, así nos Webs ademáis de tetas,
tamén aparecerán trosos de tousiño ou de costilletas
Verás, verás con tanta tontería,
van estar tódolos pobos cheos de siber-carniserías

Cando cheje o San Martiño, deixa a corte rastrexada
non vais estar escondido, un inspector no estrumada
E se vas a usar cuchillo, empuñao con precausión
ilejal e a ferramenta sejún a utilisasión.

E sijo, e sijo, e atende ben que che dijo
se vas a matar un parco non ignores o pelijro
O "Coching" no Estado, xa o teñen catalojado
nunha lista que fixeron con varios deportes arriesjados

"**MIRACHILIS**" - 2000.

## Os politicos

Con isto do novo ano
xa houbo algunha comidilla
entre os ediles de turno
e o xefe da perilla
Están renovando a xente
que pertence ó Concello
quitan os do ladrillo
e ó que ven fala galego
*Xa chegou o antroido*
*fimos a criticar*
*as cousas deste pobo*
*dan moito que falar*
*dan moito que falar*
*dan moito que falar*
*xa chegou o antroido*
*pra nós poder cantar*
Poñer pensión no Concello
esta pensando Barreiro
pa albergar os do ensino
colonos e mariñeiros
Xa non son bastantes as casas
nese complexo da Banda
con buhardillas e xardíns
e de dúas e tres plantas
Estribillo
Os dos bares xa che estudian
afuranchar as bebidas
así non ile irán pechar
pola noite os policías
Estribillo

## Cousas que pasan

Dabanlle a casa aos vellos
o sitio non lles gustou
agora cos do PEPÉ
a lonxa non ile importou
*Xa chegaron aquí os MIRACHILIS*
*como vedes xa somos máis vellos*
*neste entroido do novo milenio*
*sonche cousas do efecto 2000*
Esas bandeiras azules
débelas coidar Tomás
pois as quere para Aldán
ese galeno arruás
da Mancomunidade
ten un reparto ben feito
pa Cangas o hospital
e pa Bueu o basureiro
Estribillo
O Plan Natura en Udra
moito isco debe ter
antes queríao o BLOQUE
agora quéreo o PEPE
Xa nos fixeron na Banda
un aneco de alameda
moito máis grande sería
se quitaran os da madeira

## As eleccions

Este ano hai elecións
falta nos facían xa
pero jódenos un pouco
que as fajan en Carnaval
Van a contarnos mentiras
promesas e trapalladas
nos a seguir traballando
eles de boas papadas
*Boja e boja, e boja rapás*
*que en vez de cinco días*
*catro vas a traballar*
*e vas a traballar*
*e vas a traballar*
*e agora co cambio*
*a ver que tal nos vai*
O sillón desbloquear
pensa Vázquez na Coruña
aliandose co PEPÉ
e non ter ningunha cuña
A sociedade de autores
anda tras a calderilla
inda han querer cobrar
por facer estas letrillas
Estribillo
Telefónica xuntouse
co Banco Bilbao - Vizcaia
que pillo foi Villalonga
xa ten media caldeirada.

**"A PANDA GUAI"** - 2000.

## Presentación

O milenio estrenouse coa paiasos de Fofó
e por iso aproveitamos o ritmo dunha canción
percorremos as aldeas e chegamos ata Bon
e asi todos oides as notás de FA- LA -DO.

*Imos cantar*
*Imos brincar*
*deixanos mamma*
*que isto é o Carnaval*

*Mira rapas*
*dinos mamma*
*ten coidadiño*
*non te vaias a esnafrar.*

Este ano está moi canso o rapás do acordeón
e o da"jaita" contestou que él sentíase maior
esi alguen se mosquea, é que lle falta o bo humor
imos todos moi contentos adicarlles a canción.

*ESTRIBILLO.*

iAi ...! mamá non teñas medo que seremos do mellor
e nos bares beberemos Coca-Cola e máis 'sifón
e as 12 voltaremos pra casiña Uque door!!
Colgaremos os disfaces na silla do comedor.

*ESTRIBILLO.*

As estrofas van saindo a todos do corazón
disfrazados opinamos que non estamos nada mal
e pedimos os presentes que perdonen ún error
este año chegaremos ó programa de Sardá.

## $$ Os millóns $$

Que sorte houbo en Bueu
tocou un xogo de azar
cando baxei a mercar
xa estaba a sorte botada.
Eu non sei porque non puden ir mercar o número da sorte, quen o supera nontronte para ir
a mercar.
*$ Eu si* que iei $ $ eu si que irei $ $eu si que irei $ a celebralo a Brasil.

-Unha excursión que pasou
uns cantos días no pobo.
Seica levou pra Madrid
un bo pellizco do xogo.
Que ben que ile saleu parar eiqui en Bueu, e
asi encher a libreta, todos irán celebralo
botando un kiki en Hawai.
*$ Eu* uoltarei $ $ eu voltarei $ $ eu voltareri$ a celebralo en Bueu.

Ala no alto de Bueu
tamén tocou a quiniela
que listo foi o chaval
de ir correndo a facela.
Non sabía ben, o que iba facer con tanto carto
xunto, pois non estaba afeito
a ter tantos millóns.
$ fimos pensar $ $ fimos pensar$ $ fimos pensar $ dixo a nai do chaval.

Con esta nosa canción
queremos agasallalo
e que o pase moi ben
"jastando" os cartos en Bueu.
Mira ben rapás, non vaias tolear
e pon os pes na terra, regálate un Kit-kat
e marcha para Bombai.
$ imos cobrar $ $ imos cobrar $
$ iimos cobrar $ noventa e tantos millóns.
$ mira rapás $ $ mira rapás $
$ mira rapás $ non uaias a tolear.




## O novo mandamas

Neste pobo houbo un cambio
Xa tivemos elecciósn
Imos facer todo ben
Pregonou o deo PP

Cando eu entrei en Bueu
Quedeime a alucinar
Todo eran lucecitas
"para" adornar o Nadal

Dime o que fisexhes
Escribeo nun papel
Dime con quen falaces
Que eu quero saber.
Non te trabuques Tomás
Mira que vas facer
Serei a sombra que mira
Voltaremos o poder.

Poxeron uns paus na praia
"pa" pasar os peatóns
son redondos e moi feitos
e clavados do mellor.

Opaseo deste pobo
Ten un anaco de máis
Fixeron uns jardincillos
A ver que imos plantar.

Estribillo

A nova escola taller
Leva un ano traballando
Os mestres toman chiquitas
E rematarán pro ano

A cultura deste pobo
"sijenos" indo fatal
non temos moitas axudas
isto é un carnaval.

Estribillo

Quedan ainda no tinteiro
Unhas cousas que nombrar
Como poder ser o caso
Do porto "para" ir pescar.

A capela do paseo
Segue sendo un paredón.
O Museo de Massó
Sigue pechado "para" nos.

Estribillo

## ¡Que lideira!

Non, nós non sabemos que pasou
todos quedamos, abrasados que terror,
menudo follón montaron.

ALA, de pronto un coche apareceu
atropelaba, a todo o que se cruzou,
¿Cantos viños bebería?.

Si, vinde munipas acudir
vinde axiña, ata aquí que has follón,
están algo atolados.

*Que susto levamos, seica eran de Marín*
*A este pobo sempre veñen os fodóns*
*pois non teñen outra cousa que facer*
*que rapaces tan tontiños.*

Non, nos non podemos precisar
a data exacta, do que vamos a contar,
eles eran estranxeiros.

Din, que eran "punkies" de Marín
que pedían, para comer sen traballar
¡¡Ay la madre del cordero !!!

Xa, canso de tanto aturar
un pai do pobo invitounos a marchar
e saiu moi puteado.

**"OS MULOS"** - 2001.

## *Fauna natural*




Este ano salen os Mulos alegrar o carnaval
mercaron máis instrumentos para nos acompañar
pedímoslle ó vecindario discúlpenos por favor
si non entonamos ben a culpa é do director.

E verdad señores, que fatalidad, que fatalidad
hai tipos tan raros nesta comparsa, nesta comparsa.
Vamos cada día de mal a millor, de mal a millor.
Quen máis nos anima é o mulo Gaspar, ese do tambor.

Desde que entrou o pepé neste pobo a gobernar
subíronnos os impostos, pero unha barbaridad.
0 lixo que está polas nubes, tamén a contribución,
suben o alcantarillado, e cobran tamén depuración.

Tiran coa alameda que hai pouco que está, que hai pouco que está.
0 espaldón do muelle xa no o tirarán, ahí quedará.
Porto deportivo non se mirará, non se mirará,
e a Pescadoira o mar tirará, o mar tirará.

Váia follón que armaron, Udra parque natural.
botáronlle a culpa ó Bloque, seica todo fixo mal.
De Ancoradouro a Cabalo, a xente gritaba, non
agora con o pepé, ampliaron o parque a Bon.

En verdad señores, no estaría mal,
no estaría mal Polito e Riveiro fauna natural,
fauna natural. ahora non protestan, parece tabú, parece tabú.
Non será que andan co rabo entre as pernas, e a lengua no cú.

Vamos cada día de mal a millor,de mal a millor,
quen máis nos anima e o mulo Gaspar, ese do tambor.

## *Un dia grande*

Chegou aquí cando menos se esperaba
un Presidente con familia en Bueu
foi unha pena que a tonta non o vira
vaia alegría se ía a levar el.
Este señor que tiña moita morriña
por coñecer o que o abuelo lle contou
que en Santa Cruz tiña un pazo moi bonito
e iso é o que o vento xa levou.
Chegou a Bueu con ganas de mirar
pero Manuel no deixou resollar
chegou a Bueu con **ganas de papar**
pero Fraguiña no deixou nin cagar.
Pois o Alcalde nunca tanto vira
e o protoculo enseguida o rachou
doulle un abrazo e un bico no pescozo
que hasta Fraga as bágoas derramou.
Debía vir polo menos cada ano
e este pobo estaría fenomenal
xardín e pistas todo ben amañado
como apurou nese tempo o persoal.
Chegou a Bueu e limpiaron sin parar
pero agora non fan máis que escarvar
se volve hoxe que non se pode andar
hasta os collóns a lama iva a chegar.
Os gardacostas que moi ben o gardaron
que nin os do Bloque deixaron arrimar
e como fixo o pillín das carpetas
po presidente poder el abrazar.
Os armadores xa lle dixera Fraga
que o da pesca íbano a arranchar
cando a Pampa chegou o noso fillo
que os galegos nos deixaba pescar.
Chegou a Bueu con ganas de mirar
pero Manuel no deixou resollar
chegou a Bueu con ganas de papar
pero Fraguiña no deixou nin cargar.

## *Inocentadas*

0 día dos inocentes
Cuíña nos veu a enterrar
primeira pedra dun chollo
que o polvo vai a asombrar
din Os Mulos e As Lagoas
que do Penedo á Pitis
hai que facer un paseo
e algo pa facer pis.
Na mazán de Massó
aquí non se pode construir
pois según decía Alfaia
que cheiraba a pachulí
como está algo mal
da bronquitis e mais do pipí
agora queren facelo
donde cheira mais que alí.
Cuiña veu a buscar votos
e ós vellos engañar
pensan que e pa eles solos
ese Club Social do Mar
sóbranche cartos de abondo
pos vellos facer bailón
e para bacharelato
non hai nin un patacón.
Estes políticos
saben a quen lamerlle o cú
hai algún que de Sotelo
anda sempre de lulú
como non van votar
os rapaces nos queren nin ver
si os vellos non votaran
andarían a feder.
Manifestábase o pobo
canso de non haber trato
para que a Xunta impartira
en Bueu bacharelato.
Os da porra montan guardia
a Xunta di tururú
polo mancontro Sotelo
asirrou a Rascallú.
Os civiles mandou
que prenderan deter e arrestar
aquela xente que en paz
estábase a manifestar
da cultura que ten
no Faro douno a demostrar
pois no horno das patacas
puxo un cadro a decorar
da cultura que ten
no Faro douno a demostrar
pois como lle dean outro
o cortello irá parar.

## *A corrida*

As cinco da tarde
alá en Castiñeiras
na Plaza de Toros
que alí se montou.
Hasta saleu Mochi
vestido de luces
naquela corrida
que hubo en Bueu.
A edil da peineta
lle gustan os cornos
falando do polbo
non se queda atrás.
E nós opinamos
que están confundidos
botar a corrida
e o polbo dispois.
Er Niño de la Batea
repartía orellas e rabos
a da mantilla decía:
para mí guárdame el nabo.
Aquel santo de barro
practica a sua carreira
a conta dos nosos cartos
pois mandou ó carallo
porque a el non lle gustaba
da alameda o enlousao.
Vermellita de Meiro
como era el día de Reyes
pideu xogetes pos nenos
pero ela non dou un peso
nin tampouco os do poleiro.
Se queres ganar pasta
facturas pasa ó Concello
aunque non faltas traballo
como fixo o Paleiro
que lle van pagar en euros
polos follóns que ten feito.
Er niño de la batea
daba orellas e rabos
a da mantilla pedía
toda chea de alegría:
**para mí guárdame el nabo.**

**"OS MULOS"** - 2001.

## *Todo vai ben*

Desde que entrou Aznar
dice que España vai ben
e os Mulos preguntamos
que nos diga para quen.

Pois súbenos tanto a gasolina
polas nubes butano e gasoil
volverán os barcos a ir a vela
e os coches irán a vapor.

Bó negocio para multinacionales
do petróleo e telecomunicación
como isto siga indo así tan ben
deixarannos a todos sin pantalóns.

En Galicia non hai problemas, según Zapatóns
no millor país do mundo, xa vivimos nos
engañados como chinos, na televisión
pois por algo foi ministro desinformación.

Manifestábase o pobo
Manuel estaba encarnado
heivos mandar a Diz Guedes
que xa vos ten arreado.

E con io destas vacas tolas
moi fodidos están os gandeiros
millor non está o da nosa pesca
e vai mal todo o pais enteiro.

As pensións son as mais baixas do estado
pena da ir a Seguridad Social
autoestradas que non se dan rematado
Fraga di que isto vai fenomenal.

Da tenreira de Galicia, moito presumían
e as xubencas do país, de fora as traían
e cos pensos animales, para tolealas
os gobernantes que temos meten sempre a pata.

**"OS PENEQUES"** - 2001.




## *Siscallo Rosado* (Música: Como baila Carmiña)

Navegan para a **Illa**
ladrillos e cemento,
algún fixo reformas
outros **apartamentos.**

Viñeron os da Xunta
fixeron **inspección,**
algunha **presidenta**
*cajou* nos pantalóns.

E querían que fora
**zona protexida,**
pero esas casiñas
medran día a día

Por culpa da basura
vieira intoxicada,
hubo **Festa do Polvo**
toda politizada.

Papou a **monarquía**
polviño do de **Ons,**
e o señor Cuíña
pasouse co licor.

Que ***balanse*** levaba
polo embarcadeiro,
menudo siscallo
tiña o conselleiro.

Cando veu De La Rua
vaía mariconada,
pintaron o concello
*coma* **Casa Rosada.**

E no salón de plenos
con tanta espectación,
algún dos concelleiros
quedouse sin sillón.

E alá no paseo
inaugura a **pedra,**
un castrón de noite
comeu toda a **herba.**

Ós de **Quitapesares**
veulles que nin pintado,
en menos de dous días
camiño **asfaltado.**

Un pouco achicado
quedou o **comedor,**
con tanto bichicoma
a papar de **mogollón.**

Que dereito andaba,
presumía o **cabo,**
polo pobo adiante
iba **disfrazado.**

No colexio das monxas
montouse un bo cristo,
querían **uniforme**
**para coller prestixio.**

Os pais sin enterarse
e nove a **mangonear,**
**as telas** a un comercio
xa foran a mirar.

Carallo pas monxiñas
**discriminadoras,**
aceptan a uns nenos,
outros quedan fóra.

*"Por fin será este ano"*
decía un **xubilado,**
e nese **local novo**
ligar mentras bailamos.

Como con tanta marcha
algún pode espichar
tamén o **tanatorio**
están a preparar.

O derribo da **lonxa**
foiche moi doado,
prendéronlle lume
choio rematado.

O **chulo** do alcalde
non quería mollarse,
ás APAS do instituto
mandóunas a rascarse.

Na porta do concello
hubo **encadenación**
**e ós Guardia Civiles**
chamou o fantasmón.

E cando acordaron
foron a Santiago,
Fraga non lles fixo
puñetero caso.

Temos en Pescadoira
a **Venecia galega,**
pois cando hai maruxía
inúndanse as bodegas.

Derrúmbase o paseo
pola cimentación,
a **praia** sin area
por culpa do espigón.

E que logo subiron
o precio dos pisos,
porque van facerlles
**porto** deportivo.

As pérgolas do parque
non duraron un ano,
cambiaron o proxecto
que **cartos estragados.**

O **profe** da Coruña
o concurso gañou,
ó outro arquitecto
ninguén o avisou.

Isto parece Bosnia,
todo levantado,
abren un buraco,
tapan o do lado.

E o da **excavadora**
denunciou ó concello
**millóns** hai que pagarlle
despois de tanto tempo.

Os buses de **Sir-Keiro**
van po parque industrial,
despois de tantos anos
xa deixan de **atrancar.**

¿Pecharán **Paraíso?,**
Catuxa chorando,
si quere **licencia**
terá que ir pagando.

**"OS PENEQUES"** - 2001.

## *O fojonero voador*

**Música: Comment ça va**

Temos un cura que é **bilingüe,**
váiselle todo en falar,
empeza o oficio en *jallejo*
acabacho en castelán.
E suprimiu algunha misa,
foi a das nove da mañán,
o sábado vai de **parranda**
e non che quere madrugar.
Xosé Antón,
que enrollados os sermóns,
seica che fala de U2
e tamén dos **Rolling Stones.**
Xosé Antón,
sempre se olvida do reló,
un chiste con cada oración,
tortura a xente sin perdón.
Eche un cura progresista
e os **horarios** xa cambiou,
faiche as misas cando quere
e larga catro dun tirón.
A veces se lle vai a olla,
olvídase de rematar,
alí ni dios se levantaba
pois non **"podían ir en paz'**
Xosé Antón,
sacou os **santos** do caixón
sin o tellado arreglar
quere facer restauración.
Xosé Antón,
a algunha xa **excomulgou,**
cantaba coma un **ruiseñor,**
pa Sanamedio a desterrou.
Para iso do matrimonio
eses **cursillos** xa quitou,
e mándache leer un **libro**
"pa lo del sexo y el amor".
As vellas disque non se enteran
porque che fala a **media vos,**
van a facer unha colecta
para compradle un *altavos.*
Xosé Antón,
está a facer revolución,
había un trasto a estorbar
e librounos da **confesión.**
Xosé Antón,
o **cáliz** é de sensación,
vaia diseño innovador,
seica o viño sabe millor.
Ben se lle nota que é de Cangas
pois non che fai mais que chorar
gústalle muno a peseta,
e pide **cartos** no altar.
Pasa o cesto en cada misa
e unha **cuota** quer cobrar,
a mil duriños por familia
quere a parroquia arruinar.
Xosé Antón,
fíxoche unha **sustitución,**
foi o de Aldán de vacación
e mendigouche no sermón,
Xosé Antón,
seica non perde ocasión,
un **cuadro** alguén **lle** regalou,
e vaia **rifa** che montou.
Andache un pouco **afriaxado**
este novo predicador
pois aló arriba en Sanamedio
pedía un calefactor.
E leva sempre a **gabardina**
por enriba daquel saión
facíalle falta unha **prima**
para que lle dera calor.
E por enriba da sotana
lévache sempre o jabán.
si che tivera unha **criada**
¡ai que calor lle había dar!.
Xosé Antón,
**ternos cura internacional,**
por toda Europa vai rezar,
non che fai mais que viaxar.
Xosé Antón,
que **fojonero** voador,
cando ten oportunidade
marcha sempre de vacacións.

## *Mamasita, ¿tanto rabo?*

**Música: Mamasita (Julio Iglesias)**

Que finos estes ingleses,
nos foden en Xibraltar,
agora co submarino
amenaza nuclear.
Que o leven pa Inglaterra,
queremos durmir en paz.
porque como haxa un fallo
a Peña vai reventar.
¡Temos que largalo!,
¡ó Tirolés!,
¡meterllo na casa
de Tony Blair!.
Non queremos submarino,
levalo onda Carliños,
e sinón onda Camila
que o metan no cusiño.
Tamén co das vacas tolas
polo saco están a dar,
exportan pa toda Europa
o raio da enfermedad.
Fodida queda a cabaña
con tanto pienso animal,
tiñamos pouco en Galicia
agora non queda na.
¡Fóra chuletiñas!,
¡que crus, que crus!,
¡comeremos carne
de avestrus! .
Canta vaca infectada,
toda a xente acojonada,
e os pobres dos gandeiros
que se quedan na estacada.
Si non loitan pola pesca,
¿pa qué a Comunidad?,
e mentras os marroquíes
tallada queren sacar.
¡Espabile comisario!
¡a flota vai naufragar!,
e non vai a ser tan fácil
á xente recolocar.
¡Os nosos barquiños!,
¡sin faenar!,
¡¿e quen ten a culpa?!,
¡a Comunidad!.
A pesca vaise acabando,
o sector arruinado,
as familias mariñeiras
tocadiñas do carallo.
Pero temos unha mina
que queda sin explotar,
esas pulgas fedorentas
que abundan no litoral.
Foi á conserva de Alonso
co bicho a experimentar,
e fixo a aldanesa
paté de pulga de mar.
¡A rica pulguiña!
¡é un manjar!,
¡e os xaponeses!
¡queren comprar!.
Aquí temos o remedio
a flota reconvertida,
mariñeiros de Marruecos
todos a pescar ladillas.
Os yanquis americanos
coa excusa da OTAN,
acércanse hasta Europa
co uranio a experimentar.
E os pobres soldadiños
que van en misión de paz,
veñen todos afectados
hola radioactividad.
¡Con ese uranio!
¡que vai pasar!,
¡as autoridades!
¡lavan as mans!
E as probas máis modernas
fanlle solo ós oficiales,
ó resto da infanteria
un análisis de sangre.
Os xuices alá en Chile
a voltas con Pinochet,
con tanto alarga-lo caso
antes inda vai morren
O vello disque chochea,
que non pode declarar,
pero anda moi dereito
cando sal do tribunal.
¡Que lle metan caña
ó dictador!
¡por tanta xentiña
que asesinou!.
E nos Estados Unidos
os votos non dan contado,
si pasara aquí en España
nos chamaban retrasados.
Carallo pa Marujita
que Dinio foi a pescar,
anda con un instrumento
que casi lle chega ó chan.
Agora coma Sarita
no puro vaise enviciar,
presume da farramenta
que lle colga ó cubán.
¡Ese puro habano!
¡que gusto da!
¡¿que fará con tanto?!
¡chupar, chupar!
Marujita, Marujita,
¿donde metes tanto rabo?,
pa tan gran envergadura
fai falta muito calado.
¡Mamasita, mamasita!

## "OS PENEQUES" - 2001. (Continuación)

### A toronovela

Música: No te vayas de Navarra

Ata aquí no mes de xulio ven a parar,
o extremeño o polbo quería probar,
vaia festa de cornudos veu negociar,
tiña ganas de corrida a concellal.
Estes nosos gobernantes
que negocio mais redondo ían montar,
e querían a corrida
anque logo se tiveran que empeñar.
E a Miluquita
mexaba nas *brajas*
ó da-la noticia.
Miluquita, Miluquita,
camelache á hostelería
coa peineta e a mantilla (bis)
Miluquita, Miluquita,
mira que estabas *juapiña*
*paresías* Marujita (bis)
Miluquita, Miluquita.
Querían monta-la plaza no casco
urbáno, a Estacada allanan sin avisar,
da conserva os favores a reclamar,
polo aro o sindicato non quixo entrar.
Que cultura *jallejiña*
a cultura da peseta popular,
e si a plaza non se enche
un kiliño van a ter que arriar.
Si non hai aforo
este caprichiño
pagámolo todos
Manoliño, Manoliño,
non hai cartos pa cultura
e as arcas tocan fondo (bis)
Manoliño, Manoliño,
pero pa facer touradas
millóns seica hai dabondo (bis)
Manoliño, Manoliño.
A noticia levantou á oposición,
plataforma montouse para a ocasión,
antitouros e tamén antimilitar,
antinorma e sobre todo antinacional.
E pintaron carreteras,
"¡basta xa de animaladas!, ¡touros non!",
desplegaron a pancarta
e do pleno os botou o dictador.
Millán de rodillas
pedíulle a Barreiro
a "libre expresión"
Tomasiño, Tomasiño,
como disfrutas mandando
e o pobo chuleando (bis)
Tomasiño, Tomasiño,
cando non che vai o rollo
ós munipas sisañando (bis)
Tomasiño, Tomasiño.
Alá arriba en Castiñeiras foron montar,
ese ruedo parece a Monumental,
traballaba a Brigada Municipal
e de noite os munipas a vixiar.
E o día do festexo
canto insulto hubo no parque industrial,
afición e guerrilleiros
e os guardias que se lavaban as mans.
E á cordobesa
casi cunha pedra
lle dan na *cabesa.*
Guerrilleiros, guerrilleiros,
iban de ecoloxistas
pero non tiveron pena (bis)
Guerrilleiros, guerrilleiros,
en cortar uns arcolitos
pa atrancar a carretera (bis)
Guerrilleiros, guerrilleiros.
Cando chegan os do traxe multicolor
canta bosta traía aquel furgón,
a guerrilla insultaba sin compasión
e hasta algún dos da cuadrilla se acojonou.
Os toreiros asombrados,
escoltados pola guardia nacional,
os dos postos de sombreiros
na sua vida nunca viran nada igual.
Canto griterío,
*"marchade pra España"*
*"quillos* asesinos"
Reciclados, reciclados,
coas cámaras grabando
e ós toros bloqueando (bis)
Reciclados, reciclados,
con política barata
ós cachorros mangoneando (bis)
Reciclados, reciclados
Aquel palco estaba cheo a rebosar,
presidía Barreiro o mandamás,
polo lado enterados e concellais,
a bancada era toda mui popular.
Manolito de la Sierra,
concelleiro de "tortura popular",
Miluquita de Quintela,
concelleira de "tourismo nacional".
O cabo primera
casi perde a gorra
detrás da barrera
Luisiño, Luisiño,
Carallo como corrías
e a xente se mexaba (bis)
Luisiño, Luisiño,
cando aquel torito
atleta quixo darche a cornada (bis)
Luisiño, Luisiño
A faena parecía de carnaval,
que petardos no arte de torear,
ó novillo no acababan de rematar,
alargaron a tortura do animal.
Ainda o toro revillaba
e os quillos xa lle estaba a cortar
as ourellas e o rabo
e o tractor que so quería enjanchar.

E o respetable
soltoulle unha bronca
a aqueles farsantes
Novilleiros, novilleiros,
que en vez de matadores
parecían carniceiros (bis)
Novilleiros, novilleiros,
teñen que aprender do Mochi
que *pedaso* de toreiro (bis)
Novilleiros, novilleiros
Empezou un directivo a desbarrallar
o marisco non lle debe de gustar,
*"meter un centolo vivo a cociñar*
*iso si que é tortura po animal".*
E quedaron empeñados,
o gandeiro polo saco foilles dar,
perdonaba esa deuda
si po ano o volvían contratar.
E xa prometeron
teremos corrida
no centro do pueblo
Gobernantes, gobernantes,
non fagades mais negocios
cos cartiños dos votantes (bis)
Gobernantes, gobernantes,
se queredes cornos gratis
no concello hai bastantes (bis)
Gobernantes, gobernantes.

### ¡Que bonito é!

Música: Mi cortijo (Manolo Escobar)

Que bonito **parque**
No centro do pueblo,
solo o disfruta
aquel **burro** vello.
Que bonito é, madre (bis)
E unha **pancarta**
puxo O Progreso,
o segundo día
arrancouna o vento.
Que asociación, madre,
que asociación, (bis)
Como traballou.
Os **mozos e mozas**
botáronlle jeta
e politizaron
ó **libro de festas**.
Tamén se fartaron
de agradecimientos
e foi o saúdo
coma un **testamento.**
Que rollistas son madre,
Que rollistas son,
Que rollistas son, madre,
os pequenos **guerrilleiros.**
Polo **cementerio**
hai algunha rata
as flores po centro
salen lle baratas.
Que baratas son madre (bis)
Cambiaron de sitio
esa **Fontenova**
e agora a auga
sale xabonosa.
Que espumosa é, madre
que espumosa é (bis)
parece café.
Esta **noitevella**
foiche mui **Phenosa**,
Mentras a condesa
enche a nosa conta.
Empezou o ano
todo pobo a oscuras
coa radio posta
pa toma-las uvas.
Que penosos son, madre,
que penoso son,
Qu penosos son, madre,
os **apagóns** de Fenosa.
Chegou a Mourisca
o **destroller-Barros**
e os **ilegales**
taparon tellados.
Que listillos son, madre (bis)
Seica non derriban
porque a **licencia**
pa entrar nas parcelas
non lle dou a xueza.
Que pesados, madre,
que pesados son, (bis)
menudos lambóns.
É unha gran **pedra**
caeu no camiño,
atrancoulle a entrada
a aquel **chaboliño**.
O **Plan de Udra**
sigue estancado,
despois dos **comicios**
déronlle po lado.
Que liantes so, madre,
que liantes son,
Que liantes son, madre,
fixéronse cos **votiños**.
Ese vertedeiro
non o dan **sellado**
como chove tanto
vaiselle o aterrado.
Que excus pon, madre (bis)
O alto do monte
conquistou Amena,
anque hubo protestas
puxeron a **antena**.
Que nabo levou, madre,
que nabo levou, (bis)
a asociación.
Familia en Beluso
tiña o **arxentino,**
todos se apuntaban
pa comer marisco.
Solo invitaron
a xiña **Adelaida,**
os de Montemogos
nin unha sola jaiba.
Que organización, madre,
que organización,
Que organización, madre,
que se olvidaron dos **primos**.
Vai pola Morcira
todo embalado,
causa sensación
o futingo de **Pancho.**
Que velocidad, madre (bis)
Fixeron **parada**
pa espera-los buses,
que non te cepillen
ó saír do cruce.
Que calamida, madre,
que calamidad (bis)
que non se mira *na.*
*As vellas po super*
*van acojonadas*
*por esas **pandillas***
*que hai alí sentadas.*
*Coas súas motos*
*fanche macarradas*
*e aquela entrada*
*teñen **oKupada**.*
*Que **cotillas** son, madre,*
*que cotillas son*
*Que cotillas son, madre*
*estas **vellas anticuadas.***

**"CHÁMANLLE X"** - 2001.

## Presentación

Un ano máis
os ChámalleX aquí están,
con janas de festa e criticar.
Porque estamos hasta o carallo
Dos mandamais.
Ay Bueu,
Que jodido estás por D. Tomás
Enjañou a todos o lanjrán
E jovernanos como Franco
De General
ESTRIBILLO
Os do club do mar
Pra poder ir a navejar
Teñen que ter moito coidado
De non se esmajar.
Pois o seu local
Está a pto. de ir a parar,
Cos vecinos de Pescadora
O medio do mar.
Si un rapas
monta un jarito pra bailar,
e non "justa aD . Tomás
mándalle catro ou sinco juardias
a controlar
Pero sí,
amijo do Barreiro eres ti,
non te deberías preocupar
pois tan solo verdes terías a consumi
ESTRIBILLO
Non vos amajar
Por facturas que chejarán
Coa nova suba da auja
Que subirá máis
E a lus fatal
Andanos sempre a fastidiar
Casi oímos as campanadas
Por cadena Díal
Iso sí,
Cando de la Rúa estivo aquí
Estaba todo o pobo a relucir
So faltou que bailaran tangos
A Juardia sivil
Houbo quen,
levou un chal para presumir,
marcando jordura e bo vivir
é moi boa representante
da España Cañí.
No parque industrial
Touros houbo para mirar
Presidía Mlluca Durcal
E Finito Tomás
Ay,ay,ay,ay,ay
Merdá, dé festa nacional
Entre FACHAS, TOUROS e VACAS
Imos TOLEAR.
<u>Por controles no campo de fútbol</u>
<u>TOMAS</u>
<u>Cando alí non habrá ni un difunto</u>
<u>TOMAS</u>
<u>Por cortar as luces das farolas</u>
<u>TOMAS</u>
<u>Pra que a xente se marché pra afora</u>
<u>TOMAS</u>
<u>Por botar verdes cans as manifas</u>
<u>TOMAS</u>
<u>E actuar como en Anos fascistas</u>
<u>TOMAS</u>
<u>Por facer corrid</u>as por "COJONES"
<u>TOMAS</u>
<u>Sabendo sólo de MEJILLONES</u>
Ay, ay, ay ,ay, Tomás
Moita sente está comentar:
"TEMOS EN BUEU NA ALCALDIA
UN DICTADOR MAIS" BIS

## As vacas non son as máis tolas

Naseu en Allariz,
Era raza frixona
E nada máis nacer
Infláronna de hormonas,
Os catro ou cinco días
Na corte non collía
Aquel rumiante gordo comía por dous.
"Pra comprar tercerilla
vendemos as galiñas
ou imos á ruina ... uhhhh i i i i .
ou coler a becerra e dala en adopción"
E foron a vendela á feira de Silleda,
Vendéronlla a unha granxa con cento vinte vacas
E o cegar na "furgalla" uhhhiii
"isto é o Paraíso que ambienta=
Lijar beber, xogar ó subastado,
Pór a feder a veciña do lado
Vou a vivir como Rocío Jurado
Sólo me faltaba Intemet-conexión"
"Agora que estou aquí
vou comer e enjordare
que e o que me gusta a mín,
ia herba que gen sabe!
¡Cajindios, que me dan aquí
pienso de jarrafón.
Vou coller cajarría ou intoxicación!
Vou botar un peidiño
Para aliviar o intestino
ime pesa la cabeza! ... uhhhh!!!!
Comendo desta merda inda vou tolear."
Dalí a uns poucos días cambióuselle a fasquía
E ás catro semanas a vaca espumeaba
Quería un pearsing nos tetos ... uhhhii
A encefalopatía fixo reasión.
"comer, cajar, aquí xa non se dorme
así, asi xa son esponjiforme
o pienso dá uns subidnos enormes
ou vamos para o foxo ou para o "Rebullón"
XUNTAS, XUNTAS, XUNTAS PARA A TUMBAii
TODAS, TODAS, TODAS VACAS TOLASiii
XUNTAS, XUNTAS, XUNTAS PARA A TUMBA
TODAS, TODAS, TODAS IMOS TOLEARRRRRRRR iii

## De la rua el "che"

FaI uns meses,houbo visita
a nosa vila,de altos vuelos.
Era o presi, dos arxentinos,
Que veu mirar como estaba o pueblo.
Limpiaron todas as estradas,
O concello casi o baldean,
A xente estábache alterada
Pois de tangos nin puta idea.
AY MARÍA, AY MARÍA,
QUE VAI VIR O PRESI DA ARXENTINA
PONTE JUAPA, MINA FILLA, ,
UN HOME ASI NON SE VE TODOS DIAS.
SI LLE JUSTAS, TI NON RÍAS,
QUE IJUAL PENSA QUE ERES UN PENDÓN
TAN SOLO BAIXA DESCOTE UN POUQUIÑO
E DILLE "BIENVENIDO SEÑOR"
Ese día a aljarabía
foi ben sonadapor toda a vila.
Ata as monxas non traballaron
e foron aplaudir a visita.
Aquel home estaba gozoso
De probar marisco da ría
Seica que non pestanexaba,
Mentras dejlutaba a comida.
HOUBO TELE, HOUBO RADIO,
HOUBO EDILES CON JAMAS DE TANGOS
E ADORA NOSO POBO,
CHEO DE OBRAS, BACHES, ¡QUE CALVARIO!
DE LA RÚA, SI VIÑERAS
E MIRARAS O NOSO "VIVIR"
PENSARIAS QUE FRANCO ESTA VIVO
E EMPEZOU UNHA JERRA CIVIL.
Cando o presi foi a botarse
Unha duchiña e abreu a villa.
Mandou a dous ou tres botones
Que lle explicaran o que ocurría.
Non quería lavarme en barro,
Nin ter este cheiro a lejía,
Ir falar co cura do pobo,
Bañareime en ajua bendita.
E DO FILLO QUE CONTARVOS,
ERA FEO PERO TINA CARTOS
AS RAPAZAS O MIRALO,
QUERIAN TODAS BOTARLLE-LO LAZO
SI É PRESISO PRA CÁSALO,
UNHA REPRESENTACION FASER,
IMITAMOS OS DE PIMPINELA
OU CHORAMOS COMO EN FALCON CREST
DE LA RUA, VOLVE A VILA,
PERO NON AVISES DA VISITA
PARA PODER DARTE CONTA
COMO VIVE A TUA FAMILIA.
ISO SI TRAE A CARNE
QUE A D'AQUI NON SE PODE TRAJAR
AS VAQUIÑAS POR CULPA DE FRAJA
NO C NXO TODAS VAN ACABAR.

**"CHÁMANLLE X"** - 2001.

## Ata o cu de corridas

MILUCA LA DEL TURISMO DE FEIRA
LA DE LA BATA DEL SERGAS
LA REINA DE LA "PINEIRA'
MILUCAAA LA DEL BORDADO MANTÓN
QUIN TE LAVOU A CABEZA
RESTREJOUNA CON MISTOL.
Entre pinos, motoserras e alcolitos,
Sonaba un móvil: ¡PI-PI-PI!¡PE-PE-PE-PE!
A chamada viña dende Andalucía
Era Miluca prejuntando por "Manué"
-¡OZU Manué por fin que te encontré!
¡un minutito que termino este Jerez!
¡Una corrida hay que montar!, ¡pero una de toros!
¡con "musho ambiente popular! ¡estilo al del NODO!
¡Tengo una plaza pa montar! ¡caballos y todo!
¡La mantilla voy a estrenar! ¡ME MOLA CHUPY GUAY!
En Bueu nunca tal cousa se mirara
Tal atropello, tal abuso do poder
Sepan señores: ¡de touradas non entendemos!
¡nin entendemos nin queremos entender!
Pero a eles iso dáballes igual
Con tal de levar adiante aquel percal
E houbo manifestacións ¡di non as touradas!
Torero = torturador, ¡chi non as touradas!
Mellor a gaita e o tambor, ¡di non as touradas!
Clavar, picar e degollar non son pra disfrutar.
Tomy estivo preparando na alcaldía
0 papel de sanguinario emperador
A Van Damme e a Stallone mirara un día
E o sangue non ile causaba impresión.
Cando o touro estea a punto de espichar
Ou con gestos, veredicto vou dictar
Se indico aplauso e obación, ¡as mans estiradas!
Se indico ourella máis itóns, ¡unha flexionada!
Se mando o touro deqollar, ¡a esquerda afincadai
E ante tanta espectasión ¡levanto o corazón!
A cultura non é "capte" e "banderilla"
A cultura e ter mais sensibilidad
Moito "ruedo" "chicuelina" e mamoneo
E logo son menos "personas" que o meu can
Pero a eles iso dáballes igual
E desidiron darlle "avanti" o ritual.
-¡Que guachi-chuly-chupi--guay!, ¡salí en una foto!
¡Mi cabeza a modo de altar., ¿voy como una moto!
Carmina Ordóñez va a llamar, a pedirme un poco
De fama para chulear, "sarao popular"
Mentras tanto "Manolito de Chipiona"
Empapelaba todo o pobo a discreción.
¡isto vai ser EM PRESIONANTE, CAJINDIOLA!
Vai a enterarse ata o rimo do Zumosol.
Tranquilos vos, que eu fajo a promosión
Promosionando eu son todo un campeón.
E aquel sábado chejou, ¡que viva España!
Sensato foi Buen non entrou ¡e meteulles caña!
Esa "Festa" non é pa nós, ``os fillos da raña"
Esa "festa" e a evocación, do atraso e do borrón.
*"Postureo" se miraba en Castiñeiras*
*coa* empanada de esa estética cañí
con camperas, e no pescoso pañoletas
xa paresía o San Isidro de Madrí
Aljunha con sombreiro cordobés
Metia máis medo que en Cadiz o "Tireless"
LA, LA, LA, LA, LA, LA, LA ¡DI NON AS TOURADAS!
LA, LA, LA, LA, LA, LA, LA, ¡DI NON AS TOURADAS!
LA, LA, LA, LA~ IA-LA, LA ¡DI NON AS TOURADAS!
CLAVAR PICAR E DEGOLLAR
¡NON SON PRA DISFRUTAR!
¡NON SON PRA DISFRUTAR!
VOS NON SODES TAN CIVILIZADOS
COMO LOS ANIMALES
OS METEDES EN PRAZAS QUE SON
COMO TRAMPAS MORTALES
LOGO VINDES CON QUE FAISE 0 MESMO
CUN POLO, CUN PORCO, UNHA VACA OU UN ÑU
SE VOS FIXERAN A VOS 0 MESMO,
¡TOMAR POLO CU!
SE VOS FIXERAN A VOS 0 MESMO,
¡TOMAR POLO CU!

## Cacicadas

Si en Bueu che toca vivir
Non pararás de sufrir,
Cos mandamais que aquí temos,
De vida non imos subir.
Por todo privatizar
Nin os cans de Bueu serán.
Decidiron arrendar,
O líquido pra lavar
Pero nin con temporal
Ajua na villa terás,
E coa factura mensual
Aljún casi lle da mal.
Tamén mandou o Tomás,
A merda privatizar
HaI moitos contenedores
Pero basura ainda haI máis.
Terán que por pra ajuantar
Un ambientador local.
Trasladaron a de Alonso,
Para o jran parque industrial,
E cos escombros sobrantes
En Meiro foron tapar
Un camiño vecinal,
¡¡e non vos manifestar!!
basta Fraja é bo rapas
O lado de Don Tomás .....
HOUBO TRACTORES HOUBO ALJUN COCHE,
HOUBO EMPANADAS, E CROISSANTS,
NAQUELA MOSTRA, ¡¡QUE CHAPUZADA!!
HOUBO DE TODO, ¡ISO QUE SOLO ERA INDUSTRIAL!
E CANDO TODOS XA RECOLLERAN,
CHEJOU 0 ALCALDE MULLER EN MAN,
¡HABÍA TRES JATOS! SOLO FALTABA
QUE UNHA JAVIOTA LLE CAJARA 0 GENTLEMAN.
Quixeron pra urbanizar
Paraíso precintar
Non avisaron os donos
Pero cía prensa local
"Onde iremos majrear
desiame aljun rapas"
As tradisións neste pobo
Non as saben respetar
Primeiro a chimenea
E ajora cerran Hawai
Non pechar ese local
Ou baixa a natalidad
¡¡Ata Manolo Escobar
As brajas fixo enajar!!
VIÑERON OS BRINCOS
TAMÉN JUAN Y JUNIOR
ATA MIJEL RIOS UN ROCK AND ROLL
VEUNOS A `BOTAR
E AJORA SI CERRAN
ESA DISCOTECA
ONDE METEDES
TANTA RAPASADA
QUE Alí CHE AHÍ
XA NON VEN JEANNETTE
NIN ROSIO DURCAL
COMO F01 FAI ANOS
ERAMOS PROXECTOS NA MÁIS¡¡¡
PERO SI QUEREDES
CERRAR 0 TINGLADO
NON BOTAR OS VELLOS
AS DUAS SEMANAS
ALI A BAILAR.



## "OS DO PINSEL" - 2001




### " Introducción "

Música: " O Tren "

VAMOS CANTARLLES MOI DESPACIÑO
TOCANDO, CANTANDO E BEBENDO VIÑO
E ASÍ POUCO A POUCO POLO CAMIÑO
VAMOS OS MAIORES E MÁIS OS NENIÑOS
E ASÍ É SEGURO QUE NADIE NOS VAI PARAAR
SALIMOS PARA DISFRUTAAAAAAAAAAAAAAAAR
OS DO PINSEL VÁMONOS CHAMAR,
PARA CANTAR E CRITICAR
SIN OLVIDARNOS DE
SOPLAAAAAAAAAAAAAAAAAAR
CHUM CHUCUCHUM CHUCUCHUM
CHUCUCHUM......
LA LALALALA.......

### " A nosa T. V. '

Música: " M° Isabel "

Puxeron ó gran hermano
algo coma un culebrón
e quedouse toda España
pegada ó televisión.
Ó principio do programa
todo o mundo era a mirar
se no baño algunha tía
desnuda se iba a duchar.
Nesta nosa españa xa haibo follón
vamos ve-la tele que hai culebrón
Nesta nosa españa xa hai bo follón
vamos ve-la tele que hao culebrón
Chiribiribí porompompóm
chiribiribí porompompóm
Chiribiribí porompompóm
mos ve-la tele que hai culebrón.
Logo empezou o dilema
cunha tal María José
e o seu mozo lle decía
"quen me pon enriba o pé".
Israel e máis a Silvia
metéronse nun follón
pola dieta da modelo
da casa se lles botou.
Nesta nosa españa xa hai bo follón
vamos ve-la tele que hai culebrón
Nesta nosa españa xa hai bo follón
vamos ve-la tele que haiculebrón
Chiribiribí porompompóm
chiribiribí porompompóm
Chiribiribí porompompóm
mos ve-la tele que hai culebrón.
Despois os da competencia
tomen quixeron facer
un gran hermano ambulante
con bus pro poder correr.
Tomen os supervimentes
fracaso en televisión
que hasta comen os gusanos
por falta de provisións.
Nesta nosa españa xa hai bo follón
vamos ve-la tele que hai culebrón
Nesta nosa españa xa hai bo follón
vamos ve-la tele que hai culebrón
Chiribiribí porompompóm
chiribiribí porompompóm
Chiribiribí porompompóm
mos ve-la tele que hai culebrón.

### " Os de alí os de alá "

Música: " 0 Bladí o Bladá "

Polo mes de agosto no pobo de Bueu
unha concellala quíxonos brindar
unha gran corrida ó estilo andaluz
e con peineta ó sevillana foi posar.
Isto da corrida trouxo un bo follón
que os antitaurinos quixeron facer
o día da f esta manifestación
para a corrida os da JET-SET poder joder.
OS DALÍ OS DALÁ DALLES CAÑA
VAMOS TODOS TOREAR
OS DALÍ OS DALÁ DALLES CAÑA
QUE BEN 0 IMOS PASAR.
Ó día seguinte da gran atracción
o señor alcalde no prensa saleu
en vista do éxito vamos facer
o ano que ven corrida no centro de Bueu.
Os veraneantes os que lles gustou
que estaban dispostos a volver pagar
non ver os toreros que están no cartel
pero sí ver ó señor Mochi torear.
OS DALÍ OS DALÁ DALLES CAÑA
VAMOS TODOS TOREAR
OS DALÍ OS DALÁ DALLES CAÑA
QUE BEN 0 IMOS PASAR.
Despois da corrida quixeron facer
a f esta do polvo para degustar
o da nosa ría como vale máis
o de Canarias trouxeron pra cociñar.
0 noso concello en sexualidad
pensamos que ten moito que mellorar
primeiro a corrida e o polvo despois
está mal feito iso non é traballar.
OS DALÍ OS DALÁ DALLES CAÑA
VAMOS TODOS TOREAR
OS DALÍ OS DALÁ DALLES CAÑA
QUE BEN 0 IMOS PASAR.

### " O noso Morrasso "

Música: " A Rianxeira "

Polos f estas que hai en Congas
foi toda provincia enteira (Bis)
para poder ve-la bomba
que actuaron en Rodeira (Bis).
Vamos pra Cangas (BIS)
que a bomba quero mirar
tanto que sea en directo
como que sea en playback.
Iban todos pra Rodeira
cos rapaces polo man-e (Bis)
a mitad deles marcharon
porque era a unha da mañan-e (Bis).
Vamos pro Congas (BIS)
que a bomba quero mirar
tanto que sea en directo
como que sea en playback.
Pro Marín van a traere
un tren para a mercancía (Bis)
e para cruzar o pobo
chega a cola hasta autovía (Bis).
Arranca e para, arranca e para
para chegar hasta Bueu
que se iban formar atascos
iso so sabía eu.
Algo máis de vinte duros
cobran no puente de Rande (Bis)
a como está a carretera
debía de ser de balde (Bis).
É vergonzoso, é vergonzoso
que hasta teñas que pagar
por ir botando no coche
e que te poidas matar

### " O Corrido do pobo "

Música: " Juan Charrasqueado "

Vamos contarlles o que pasa neste pobo
que empacadora hasta nos queren poñer
en Castiñeiras mismo ó lado das casas
disque non cheira pero nadie a quere ter.
En Vilaboa hasta se crucificaban
para que o lixo non llo levaran pralí
se non fai daño e disque non cheira nada
por qué carallo a queren traer praquí.
Aínda porribo para transporta-lo lixo
a vía rápida tamén queren facer
tira-los casas xa non é impedimento
que as carballeiras tamén nos queren joder.
Outro problema que tamén é importante
que todo o pobo hasta se manifestou
xa eran moitos os estudios que tiñamos
nin polo ensino o alcalde se molestou.
E no concello estábanse manifestando
o noso alcalde polo porta aparecen
debía ser que tiña medo das mulleres
que antidisturbios apareceron en Bueu.
0 máis bonito fai cando ven de la Rúa
que a casa rosa tamén quixeron poñer
bailar un tango mismo dionte do concello
pra esas cousas cartas sempre ten que haber.

# *Os festivais de comparsas*

Os festivais de comparsas é un evento que ó longo dous últimos decenios se celebra nalgunhas vilas e pobos para deleitar á concurrencia e para incentiva-la murgas, comparsas ou "chirigotas" (¡que tamén nisto hai influenza das terras gaditanas!).

No noso pobo o BUEU ATLÉTICO BALONMÁN está a organizar, desde fai máis de 20 anos un FESTIVAL DE COMPARSAS a beneficio das Escolas de Balonmán que con máis de 200 nen@s e xoves posue dito clube. Por este festival pasaron tódalas comparsas, charangas e murgas máis representativas da comarca do ultimo cuarto de século que participaban de xeito desinteresado.

As primeiras edicións celebrábanse no desaparecido "Cine Avenida" e nos últimos anos de forma ininterrumpida estanse a celebrar, sempre con grande éxito de público, no Sala Paraiso.









O **Xarángallo Mángallo**, aínda que de Marín, son unha parte moi importante do Entroido de Bueu. Desde 1963 foron visitantes habituais nas rúas do noso pobo chegadas estas festas. Mantiñan estreitas relacións coas Pirilleiras e outras murgas locais como os Mulos.

A súa predilección e respecto por Bueu vese reflectida nalgunha das súas letras, como a que cantaron no Entroido de 1990 que reproducimos nesta páxina.

A simbiose dos Entroidos dos pobos de Bueu e Marín tamén tivo a súa réplica, como xa presentamos cando as comparsas de Bueu ían nun vaporciño a cantar polas rúas marinenses ("Los de antes"-1913) ou xa en coches como "Los Espaciales" (1969) que cantaban:

De XARÁNGALLO MÁNGALLO 1990

## Saludo a Marin

Hay dos pueblos que se quieren
De una forma sin igual
Y mucho más cuando llega
En Febrero el Carnaval.
Estos pueblos que se quieren
Con un cariño sin fin
No creemos sean otros
Mas que BUEU y MARIN

ESTRIBILLO

*Marín y Bueu*
*Como ya sabemos*
*Siempre se llevaron*
*Como amigos buenos*
*Nosotros queremos*
*Que no tenga fin*
*Su gran amistad*
*BUEU y MARIN.*




## A Bueu

Aquí están os do Xarango
cantando un ano máis
celebrando os carnavales
como fixeron meus pais.

Xa son vintesete anos
os que nos vimos a Bueu
e queremos darlle as gracias
hai que ben nos recibeu.

Hai que bonito
é o carnaval
disfrutan vellos e mozos
con humor sin facer mal.

Enche a taza
pra festexar
todos como bos amigos
bebamos pra olvidar.

Musica

Dámoslle un abrazo ós Mulos
e ás Pirilleiras de Bueu
tamén temos bos recordos
de algún que xa morreu.

Alegría compañeiros
e o que debemos ter
porque en este porco mundo
sobra tempo pra morrer.

*Estribillo e música*.

....





**Ano 1968. Famoso partido de rivalidade humorística entre as comparsas de Charángallo Mangállo de Marín e "Los Criticones" de Bueu. Lugar: Campo de San Pedro-Marín.**

# *Os reis do Entroido*

Queremos brindar desde aquí una homenaxe a tódolos que participaron dalgún xeito nos Entroidos de Bueu ó longo do tempo. ¡Gracias a todos por facernos un pouco máis felices! Sabendo que esqueceríamos a moitos poñemos algúns dos que nos parecen máis senlleiros para, con eles, representar os Antonios, Litos, Manueles, Pepes, Carmes, Ánxelos, Xosés Manueis, Marías, Susos, etc. Non queremos esquecer ós poetas, debuxantes, modistas,... que tamén forman parte consustancial co Entroido.



Manduca (Emiliano Rosales)



Pepe Diz



Eladio



Manuel González

Reis do Entroido en Bueu

Reis do Entroido de Bueu



Silvino Dopazo



Chapela



Luís Ríos 1



**Pepe da**

**SILVINO E AS PIRILLEIRAS**

















**OS MULOS**



1985



1986



1987



1988



1993



1997



2000

**OS PENEQUES**




1991




1992




1993



1995



1997



1998



2000

**CHÁMANLLE X**




De esquerda a direita: Beni, Zalo, Pitorro, Ama, Geno, Simpson, Suso, Purro, Punti, Portela, Patuco, Pablo Mens, Nelias, Cereijo, Juli, Jose, Pelón, Villar, Gerard, Castro, Esqui, Diego, Davila, Cristóbal, Dani-L, Cacho, Chiri, Chino, Simón e Breixo.







**AS EXPULSADAS**





**MIRACHILIS**







**LA PANDA GUAI**



1995



1997



1998

# *EntroidoGastronómico*

Outro enfoque do Entroido podería ser, tradicionalmente, coma últimos días dedicados ós praceres da "carne" ata o Domingo de Pascua.
Estes son días dos cocidos, lacoadas, etc. todo elo rematado co bolo do Entroido ou "bica", coa afartacáns, filloas, etc.
Neste labor, e a propósito da promoción do comercio en Bueu, a Asociación de comerciantes da localidade en colaboración con entidades institucionais e comerciais e co lema "Saborea o ENTROIDO no Concello de Bueu" sacou un tríptico como o que sigue:



## CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DO ENTROIDO NO COMERCIO, OS MERCADOS E A HOSTELERÍA NO CONCELLO DE BUEU.

### LACÓN CON GRELOS

*Ingredientes:*
1 lacón
6 chourizos
2 monllos de grelos
6 patacas grandes
Auga

O lacón pode ser curado ou salpreso (que quere decir que se conservou en sal pouco tempo). No primeiro caso hai que deixalo a remollo corenta e oito horas e convén darlle tres cortes para que desalgue doadamente. No segundo caso abonda con lavalo moi ben. Se permaneceu bastante tempo no baño do sal é necesario deixalo a remollo unhas vintecatro horas.

Unha vez que está desalguado métese ó forno ou sobre a prancha, dóurase un pouco, retírase e pásaselle un pano para que expulse tódalas serdas e, sen deixar que enfríe, bótase en auga fervendo e déixase cocer a cachón, unha hora por quilo de lacón ou quizais algo máis.

Unha hora antes do que se pensa que debe estar listo o lacón retírase parte da auga na que está cocendo para outra pota e así botánse as patacas e pouco despois os grelos, enteiros e ben limpos, e un pouco máis tarde os chourizos.

Sérvese nunha fonte, cortado en talladas gordas ou enteiro cos chourizos arredor e noutra as patacas cos grelos.

### COCIDO DO ENTROIDO

*Ingredientes:*
1 anaco de lacón
1 anaco de xamón
1 rabo de porco
1/2 cachucha
1/4 de galiña
1/4 de vitela
6 chourizos
1/4 de touciño entrefebrado
1 repolo
1 quilo de patacas medianas
1/4 quilo garavanzos

A carne de porco déixase en auga desde a véspera para que perda sal.

Nunha pota grande bótase o lacón, o xamón, a cachucha, a vitela, a galiña, e os chourizos. Ponse a ferver e cando leve unha media hora retíranse os chourizos e agréganse os garvanzos nunha bolsa de malla, se é que se queren cocer coa carne. En caso contrario, retírase un pouco de auga e cócense á parte.

Déixase cocer lentamente e a media coza (cousa dunha hora e media) sácase un pouco de caldo, ponse nunha pota e nela cócense as patacas peladas partidas en dous anacos e o repolo despois de que estea ben lempo e cortado.

Unha vez que estea ben cocido vólvense botar nas potas os chourizos para quentalos e sérvese nunha fonte a carne, noutra as patacas e a verdura e nunha terceira os garavanzos escorridos e mesturados co chourizo partido en dous ou catro anacos para que collan substancia.

(Co caldo da coza adóitase facer unha sopa de fideos).

### ORELLAS

*Ingredientes:*
600 grs. de fariña
1 ovo
100 grs. de manteiga de vaca
1 vaso pequeno de leite
vaso pequeno de aceite fritido
1 cullerada pequena de canela
1 limón (a reladura da para)
1/2 vaso pequeno de auga

Mestúranse nun recipiente o ovo, a manteiga, o leite, o aceite, a canela e a reladura do limón e váiselle incorporando ós poucos a fariña ata formar unha masa. Cando empeze a coller consistencia, pásase a mesa de mármore e séguese amasando, incorporándolle o resto da fariña.

Estírase e régase cunha pouca auga e vólvese a amasar novamente, procurando que ligue ben.

Repítese esta operación varias veces ata conseguir unha masa consistente e que non se pegue ó mármore.

Para forma-las orellas, estiramos unha pouca masa co rodo, procurando que quede unha capa moi fina. Cortamos uns rectángulos de masa duns sete por quince centímetros, estirámolos un pouco coas mans para que quede o máis finos posible e frítense en aceite quente, de xeito que douren sen chegaren a queimar. Nada máis botalos na tixola, facémoslles un metido cun garfo nunha das partes para dárlle-la forma de orella.

Se queda algo de pouso convén coa-lo aceite e que sexa este abundante. Temos que procurar que non queza de máis. (a manteiga, a margarina ou unha cunca de nata poden substitui-la manteiga de vaca)

Presèntanse en fonte sobres panos de papel e salferidas con azucre e canela - catro culleradas de azucre por unha de canela-. Nalgunhas partes de Galicia hay o costume de cubrilas con mel.

### FILLOAS DE LEITE

*Ingredientes:*
1/4 litro de leite
1/4 litro de auga
4 ovos
1 culler pequena de canela
Fariña (a que admita)
Sal e azucre
Touciño

Bátense os ovos cun chisco de sal e a canela. Nestúranse co leite e a auga. Pouco a pouco váiselle incorporando a fariña, ata obter unha pasta solta. Déixase repousar un anaco e se ten grumos cóase.

Ponse nunha tixola ó lume, quéntase e frótase cun anaco de touciño. Bótase unha capa delgada de pasta e cando estea dourada por un lado e se desprenda doadamente da tixola dáselle a volta.

Se a tixola non ten graxa dabondo, hai que volvela untar

Salférense con azucre.

### QUEIMADA

*Ingredientes:*
1 litro de augardente
1 limón
150 grs. de azucre

Coloca-lo azucre e dous anacos de para de limón nun recipiente propio de queimada ou nunha tarteira de porcelana ou de ferro. Reservar dúas culleradas de azucre e poñelas no cullerón. Bota-la augardente, poñer unha pouca no cullerón e poñerlle lume, incorporándoo ardendo ó resto da queimada. Darlle algunhas voltas sen toca-lo fondo de máis. Colle-lo azucre do fondo. Escorrerlle a augardente e deixar que arda co mesmo lume. O caramelo formado deste xeito dálle unha cor tostada. Pódese deixar que arda o tempo que se queira, iso vai no gusto de cada un. Canto menos arda máis forte resulta. apágase soprando forte ou cunha tapa.

Hai quen lle incorpora á queimada, xa ó comenzar a facela, unhas rodas rodas e o zume de limón. Outros póñense uns grans de café e apágana con café ou viño tinto.

Os ingredientes que indicamos son os fundamentais. Os outros son variacións que se introducen ó xeito do que fai a queimada.

(para face-lo caramelo podemos reservar un pouco azucre e non mollalo coa augardente. Estando seco dora máis doadamente)

### Conxuro

*Ouchas, coruxas, sapos e bruxas. Demos, trasnos e diaños, espritos das nevoadas veigas.*

*Corvos,pintigas e meigas, feitizos das menciñeiras.Podres cañotas furadas, fogar dos vermes e alimañas. Lume das Santas Compañas, mal de ollo, negros meigallos,cheiro dos mortos, tronos e raios. Oubeo do can, pregón da morte; fuciño do sátiro e pe do coello. Pecadora.*

*Lingua da mala muller casada cun home vello.*

*Averno de Satán e Belcebú, lume dos cadavres ardentes, corpos motilados dos indescentes, peidos dos infernales cús, muxido da mar embravescida.*

*Barriga inútil da muller solteira, falar dos gatos candan a xaneira; guedella porca da cabra mal parida*

*Con este fuelle levantarei as chamas deste lume que asemella a o do Inferno, e fuxirán as bruxas a cabalo das suas escobas, indose bañar na praia das areas gordas. Oide, oíde! os ruxidos que dan as que non poden deixar de queimarse no agoardente quedando así purificadas. E cando este brebaxe baixe po las nosas gorxas, quedaremos libres dos males da nosa ialma e de todo embruxamento.*

*Forzas do ar, terra,mar e lume, a vos fago esta chamada*
*"Si e verdade que tendes mais poder ca humana xente, eiquí e agora, facede cos espritos dos amigos quistan fora, participen con nos desta queimada".*

# Remate do Entroido

Para rematar este repaso polo Entroido na vila de Bueu imos a deixar que o pregón sexa dito coa transcrición (traducida) dun artigo aparecido en El Adelanto o 23 de febreiro de 1913 titulado "Despois do Entroido. TRISTE CORESMA":

*Non é cousa de chorar lúgubres e apesarados porque pasaran as festas do Entroido e entremos en época santa, de meditación, e se queredes de triste melancolía, de amargas reflexións e pesares, acaso de arrepentimentos tardíos.*

*Despois da tempestade ven a calma e xusto é que pasado o temporalazo desfeito que corremos de bromas e folgorio, veña a placidez, a calma chicha, que dea tranquilidade e acougo ó noso espírito e cansado corpo, que non había senón quen resistise, nin ánima que se salvase, se a pronta emenda dos pasados ferros, no viñese...*

*¡Acordádevos que sodes de barro,* ***et pulvis es et pulvis reverteris****!*

*¡Hai que entoa-lo mea culpa, non queda outro remedio, e posta a cinza na fronte, vestido basto saial e cinguido ó cilicio mortificante, que o xaxúo e as disciplinas sexan con nós por pícaros, perversos e mundanos!...*

*¡Oh Chuncho, meu querido Chuncho de tódolos meus pecados! Temos que darlle un adeus ó bailoteo, ó famoso lacón con grelos, á uña de porco e chourizos; un adeus ás filloas, ás empanadillas, ás orellas de frade e os suspiros e bocadiños de monxa, a todas esas graxentas comidas e delicados e saborosos prostres, substituirán o insípido bacallao, e as espinacas, e os tranchos fritos ou cocidos serán con nós.*

*Esto en canto ó alimento material, meu querido Borino, que non pode descoidarse, en canto ó demais, ó verdadeiramente capital, referente a* **salvationen nostrum** *que cada quisque saque a súa lista de pecados ¡que non serán poucos! E se dispoña á emenda de verdade e sen ... cera, porque se hai borróns e manchas grandes e graves hai unha medicina universal, verdadeiro bálsamo, e non de Fierabrás, senón de doces meles, curalotodo infalible, sempre disposta ó esquecemento e ó perdón, e é unha mágoa que non acudamos á fonte tan limpa, tan pura, tan cristalina, que nos deixaría como novos, flamantinos, case descoñecidos... ¡santos!*

*Ánimo pois, amigos meus, e vos que tanto a gozastes e vos divertises polo Entroido xusto é que fagades penitencia por coresma arrepintindose a tempo se gaña o Ceo, acordádevos ademais que* **pulvis es et pulvis reverteris***. Asina: D."*

# Colofón

Non nos foi fácil afronta-la tarefa de dar a coñecer polo miudo o Entroido nunha vila coma Bueu nos últimos 100 anos partindo da tradición oral e de espalladas mostras das letras de murgas e comparsas.

O antroido que pretendemos mostrar vai salpicado de débedas e agarimo a todos aqueles que algunha vez das súas vidas se vestiron con disfraces vascalleiros, ou máis sofisticados, ou que cos seus cantos de amores ou de críticas fixeron máis levadeiro a vida deste pobo.

Mencionar que o uso das linguaxes: castelán, galego normativizado, galego mesturado con castelanísmos ou galego "esperpéntico" no que voluntariamente se transcribe como a fala (con gheada...) está en consonancia do grupo que a canta, da moda e, sobre todo, da época histórica (diferenciandose antes e durante a república, durante a guerra ou dictadura e durante a democracia).

Lembrar, de pasada, os bailes de Antroido organizados polas Sociedades ou Casino así como persoas como Camilo Estévez, na Sociedade de Pescadores, sita no ramal de Pescadoira), ou Andrés Cerviño, na Sociedade de Canteiros, coñecido o lugar como "Las Palomas" (onde o actual bar do Lagar). Tamén, como nos din algunhas Pirilleiras, ó baile da Piricana (na carnicería do cruce de Pazos Fontenla coa rúa Marín-Cangas), así como das festas do Auxilio Social, e un longo etc.

Subliñar que na revista tivemos que renunciar, por supera-lo previsto, a unha análise máis fonda non só das comparsas senón de todo aquilo que é inherente ´´o entroido:

- o entroido e os centros escolares
- manifestacións do entroido
- ditos, expresións, etc.
- vestimentas e costureiras ou xastres
- debuxantes e letristas
- linguaxes empregadas
- condicionantes da celebracións
- o entroido e as clases sociais
- as sociedades recreativas e o entroido
- os bailes de entroido
- e un moi longo etc. que quizais noutro momento presentemos en O Candil.

De tódolos xeitos quixeramos dicir que en todo momento pretendemos ser rigorosos ata respectando as faltas de ortografía, as expresións, etc. das letras das murgas e comparsas. Se nalgún dos casos non ocorreu así é motivado polos erros involuntarios da tipografía, escaneado, transmisión oral, etc.



**ANEXO**

**"OS DA ENCHENTE"**

Xa saíu o carnaval
despois de esperalo tanto
e farémoslle unha festa
o mesmo que calquer santo.

Aqui na nosa terriña
que non somos para levarlle os ovos

e despois de todo iso
coa barriga escoñada.....
iremos a rúa nova ........
a botar unha esfollada....

1. Comparsa infantil de 6 a 12 anos.

Ensaiaba no baixo de Miranda , que era o director, e o seu fillo Paco.
Toñito "da Bicha" tocaba o Bombo.